



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 342
7 de xullo de 2022



CSV: BOPGDSPG-ewA98mgQ-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Rexeitamento da iniciativa

■ 35078 (11/PNC-003215)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que a illa da Creba, en Esteiro-Muros, volva á titularidade pública [134954](#)

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Rexeitamento da iniciativa

■ 35952 (11/PNC-003313)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre a potenciación por parte da Xunta de Galicia das bandas de música populares e a incoación do expediente para declarar o seu patrimonio inmaterial como ben de interese cultural [134954](#)

1.3.6.3. Proposicións non de lei de iniciativa popular

Admisión a trámite, traslado á Xunta Electoral e publicación do acordo

■ 36616 (11/PNL-000007)

Proposición non de lei relacionada coa Orde do 30 de marzo de 2001 pola que se regulan prestacións por desprazamento previstas no artigo 12 do Decreto 42/1998, do 15 de xaneiro [134955](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

■ 36420 (11/PRE-010935)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a demora na concesión de axudas aos concellos para a implantación da recollida separada de biorresiduos, os criterios na distribución dos fondos estatais e as medidas previstas para dar cumprimento aos prazos establecidos na lexislación estatal [134966](#)

I 36425 (11/PRE-010936)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas en relación coa canteira situada nas inmediacións da ferverza do Toxa, no concello de Silleda [134969](#)

I 36430 (11/PRE-010937)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as razóns da prórroga sistemática e sen xustificación de contratos polo Sergas, en contra da excepcionalidade que debe rexer esta práctica, e o coñecemento por parte do Goberno galego da vulneración dos principios de libre concorrència e de competencia que deben rexer a contratación pública e as medidas para corrixir esta situación [134974](#)

I 36452 (11/PRE-010938)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para dotar O Courel dos servizos de telefonía e internet con calidade e a un custo asumible [134976](#)

I 36464 (11/PRE-010939)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a organización e xestión dos servizos de atención primaria [134980](#)

I 36475 (11/PRE-010940)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a tramitación do proxecto dun novo polígono industrial no lugar da Tarroeira, en Pontecesures [134984](#)

I 36481 (11/PRE-010941)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en materia de prevención de incendios forestais correspondente ao exercicio de 2022 [134987](#)

I 36487 (11/PRE-010942)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co arranxo de estrada OU-533 da Rúa á Gudiña e o seu tempo de duración [134991](#)



I 36492 (11/PRE-010943)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e 2 máis**

Sobre a problemática da xestión do servizo de transporte público de Galicia

[134993](#)**I 36499 (11/PRE-010944)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre a incidencia da contaminación das augas no declive da produción marisqueira e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en materia de prevención e control da contaminación e rexeneración de rías e de ríos

[134997](#)**I 36510 (11/PRE-010945)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 2 máis**

Sobre as medidas que levou a cabo a Xunta de Galicia para evitar o peche da conserveira Albo en Celeiro, así como as súas previsións respecto do traslado da conserveira e as medidas previstas para evitar a perda de postos de traballo

[134999](#)**I 36518 (11/PRE-010946)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre a inclusión pola Xunta de Galicia nos orzamentos para o ano 2023 dunha partida suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363 que permita mellorar a mobilidade e a seguridade en Redondela

[135002](#)**I 36523 (11/PRE-010947)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da problemática dos centros educativos de ensino medio no barrio de Novo Mesoiro na Coruña

[135005](#)**I 36531 (11/PRE-010948)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 3 máis**

Sobre os dereitos fundamentais das traballadoras e traballadores da Corporación Radio e Televisión de Galicia

[135010](#)**I 36538 (11/PRE-010949)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as actuacións que vai realizar a Xunta de Galicia para evitar a discriminación e a exclusión das oportunidades das mulleres nas convocatorias e axudas relacionadas coas actividades agrarias

[135013](#)**I 36554 (11/PRE-010950)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non ter adoptado medidas de carácter social para minorar os efectos da crise económica [135017](#)

I 36566 (11/PRE-010951)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións de Portos de Galicia na zona portuaria do concello de Poio en plena tempada turística [135020](#)

I 36568 (11/PRE-010952)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións de Portos de Galicia na zona portuaria do concello de Poio en plena tempada turística [135022](#)

I 36572 (11/PRE-010953)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre o dimensionamento no cadro de persoal dos servizos sanitarios do Hospital do Barbanza e a súa incidencia na calidade asistencial [135024](#)

I 36578 (11/PRE-010954)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas necesarias para garantir o abastecemento de auga potable e non potable para os diversos usos tradicionais na comarca de Lemos [135026](#)

I 36589 (11/PRE-010955)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre como valora a Xunta de Galicia a sentenza en firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se condena a Corporación Radio e Televisión de Galicia por vulnerar a liberdade de expresión e os dereitos fundamentais dun dos seus traballadores [135030](#)

I 36592 (11/PRE-010956)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre a protección ambiental nas zonas núcleo máis extensas da Reserva da Biosfera das Mariñas coruñesas e das Terras do Mandeo [135034](#)

I 36601 (11/PRE-010957)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as razóns que levaron á Xunta de Galicia a recortar a oferta de Bacharelato de Artes no IES O Carril de Vilagarcía, así como as súas previsións de atender a demanda educativa na área do Salnés [135037](#)



1.4.5. Respostas a preguntas

Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

I 36519 - 28574 (11/PRE-010113)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre o desdoblamento do Centro de Saúde da Milagrosa, en Lugo

[135040](#)

I 36583 - 31357 (11/PRE-010325)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre os plans da Consellería de Cultura, Educación e Universidade respecto da modificación ou reordenación da oferta educativa en Chantada

[135044](#)

I 36582 - 31620 (11/PRE-010352)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade respecto da reconversión educativa de Chantada no vindeiro curso

[135046](#)

I 36581 - 33987 (11/PRE-010623)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a valoración do aumento de casos de agresións por odio contra as persoas do colectivo LGTBI e o grao de cumprimento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, no ámbito escolar

[135048](#)

I 36580 - 34895 (11/PRE-010732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para que o lugar de Boa, en Noia, cumpra as condicións de seguridade necesarias

[135051](#)

I 36444 - 35022 (11/PRE-010751)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre os resultados das posibles inspeccións da Xunta no centro Mi Casa, en Pazos de Borbén

[135054](#)

I 36443 - 35024 (11/PRE-010752)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre os resultados das posibles inspeccións da Xunta no centro Mi Casa, en Pazos de Borbén

[135056](#)



1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.6. Corporación Radio e Televisión de Galicia

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 5 de xullo de 2022, en relación coa Memoria de Servizo Público da Corporación Radio e Televisión de Galicia correspondente ao exercicio 2021 (doc. núm. 36548) (TVMS-000003) [135059](#)

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.5. Membros do Consello de Contas

■ 22201 (11/DMCC-000002)

Consello de Contas

Comparecencia de D. Constantino Carreiras Souto e D. Simón Rego Vilar como conselleiros do Consello de Contas [134960](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

■ Sesión plenaria (día 12 de xullo de 2022, ás 10.00 horas) [134961](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 6 de xullo de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 35078 (11/PNC-003215)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que a illa da Creba, en Esteiro-Muros, volva á titularidade pública

BOPG nº 323, do 25.05.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2022

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 5 de xullo de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 35952 (11/PNC-003313)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre a potenciación por parte da Xunta de Galicia das bandas de música populares e a incoación do expediente para declarar o seu patrimonio inmaterial como ben de interese cultural

BOPG nº 332, do 15.06.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2022

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



1.3.6.3. Proposicións non de lei de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de xullo de 2022, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite, traslado á Xunta Electoral e publicación do acordo

- 36616 (11/PNL-000007)

Proposición non de lei relacionada coa Orde do 30 de marzo de 2001 pola que se regulan prestacións por desprazamento previstas no artigo 12 do Decreto 42/1998, do 15 de xaneiro

A Mesa adopta o seguinte acordo:

1º. Admitir a trámite a proposición non de lei de iniciativa popular.

2º. Declarar constituída a comisión promotora, na que figura a persoa que a representará para os efectos de comunicacións.

3º. Notificar este acordo á representación da comisión promotora, á Oficina do Censo Electoral e á Xunta Electoral de Galicia, para os efectos previstos nos artigos 7 e 8 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá do Parlamento de Galicia.

4º. Dispoñer a publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de xullo de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 36420 (11/PRE-010935)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a demora na concesión de axudas aos concellos para a implantación da recollida separada de biorresiduos, os criterios na distribución dos fondos estatais e as medidas previstas para dar cumprimento aos prazos establecidos na lexislación estatal

- 36425 (11/PRE-010936)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas en relación coa canteira situada nas inmediacións da ferverza do Toxa, no concello de Silleda

- 36430 (11/PRE-010937)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as razóns da prórroga sistemática e sen xustificación de contratos polo Sergas, en contra da excepcionalidade que debe rexer esta práctica, e o coñecemento por parte do Goberno galego da vulneración dos principios de libre concorrència e de competencia que deben rexer a contratación pública e as medidas para corrixir esta situación

- 36452 (11/PRE-010938)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para dotar O Courel dos servizos de telefonía e internet con calidade e a un custo asumible

- 36464 (11/PRE-010939)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a organización e xestión dos servizos de atención primaria

- 36475 (11/PRE-010940)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a tramitación do proxecto dun novo polígono industrial no lugar da Tarroeira, en Pontecesures

- 36481 (11/PRE-010941)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en materia de prevención de incendios forestais correspondente ao exercicio de 2022

- 36487 (11/PRE-010942)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co arranxo de estrada OU-533 da Rúa á Gudiña e o seu tempo de duración

- 36492 (11/PRE-010943)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre a problemática da xestión do servizo de transporte público de Galicia



- 36499 (11/PRE-010944)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a incidencia da contaminación das augas no declive da produción marisqueira e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en materia de prevención e control da contaminación e rexeneración de rías e de ríos

- 36510 (11/PRE-010945)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as medidas que levou a cabo a Xunta de Galicia para evitar o peche da conserveira Albo en Celeiro, así como as súas previsións respecto do traslado da conserveira e as medidas previstas para evitar a perda de postos de traballo

- 36518 (11/PRE-010946)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a inclusión pola Xunta de Galicia nos orzamentos para o ano 2023 dunha partida suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363 que permita mellorar a mobilidade e a seguridade en Redondela

- 36523 (11/PRE-010947)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da problemática dos centros educativos de ensino medio no barrio de Novo Mesoiro na Coruña

- 36531 (11/PRE-010948)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre os dereitos fundamentais das traballadoras e traballadores da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 36538 (11/PRE-010949)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que vai realizar a Xunta de Galicia para evitar a discriminación e a exclusión das oportunidades das mulleres nas convocatorias e axudas relacionadas coas actividades agrarias

- 36554 (11/PRE-010950)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non ter adoptado medidas de carácter social para minorar os efectos da crise económica



- 36566 (11/PRE-010951)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións de Portos de Galicia na zona portuaria do concello de Poio en plena tempada turística

- 36568 (11/PRE-010952)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións de Portos de Galicia na zona portuaria do concello de Poio en plena tempada turística

- 36572 (11/PRE-010953)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre o dimensionamento no cadro de persoal dos servizos sanitarios do Hospital do Barbanza e a súa incidencia na calidade asistencial

- 36578 (11/PRE-010954)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas necesarias para garantir o abastecemento de auga potable e non potable para os diversos usos tradicionais na comarca de Lemos

- 36589 (11/PRE-010955)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre como valora a Xunta de Galicia a sentenza en firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se condena a Corporación Radio e Televisión de Galicia por vulnerar a liberdade de expresión e os dereitos fundamentais dun dos seus traballadores

- 36592 (11/PRE-010956)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre a protección ambiental nas zonas núcleo máis extensas da Reserva da Biosfera das Mariñas coruñesas e das Terras do Mandeo

- 36601 (11/PRE-010957)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as razóns que levaron á Xunta de Galicia a recortar a oferta de Bacharelato de Artes no IES O Carril de Vilagarcía, así como as súas previsións de atender a demanda educativa na área do Salnés



1.4.5. Respostas a preguntas

Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 36519 - 28574 (11/PRE-010113)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre o desdoblamento do Centro de Saúde da Milagrosa, en Lugo

- 36583 - 31357 (11/PRE-010325)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre os plans da Consellería de Cultura, Educación e Universidade respecto da modificación ou reordenación da oferta educativa en Chantada

- 36582 - 31620 (11/PRE-010352)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade respecto da reconversión educativa de Chantada no vindeiro curso

- 36581 - 33987 (11/PRE-010623)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a valoración do aumento de casos de agresións por odio contra as persoas do colectivo LGTBI e o grao de cumprimento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, no ámbito escolar

- 36580 - 34895 (11/PRE-010732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para que o lugar de Boa, en Noia, cumpra as condicións de seguridade necesarias

- 36444 - 35022 (11/PRE-010751)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre os resultados das posibles inspeccións da Xunta no centro Mi Casa, en Pazos de Borbén

- 36443 - 35024 (11/PRE-010752)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre os resultados das posibles inspeccións da Xunta no centro Mi Casa, en Pazos de Borbén

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2022

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1.^a



1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.6. Corporación Radio e Televisión de Galicia

Acordo da Mesa do Parlamento, do 5 de xullo de 2022, en relación coa Memoria de Servizo Público da Corporación Radio e Televisión de Galicia correspondente ao exercicio 2021

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 5 de xullo de 2022, tomou coñecemento da Memoria de Servizo Público da Corporación Radio e Televisión de Galicia correspondente ao exercicio 2021 (doc. núm. 36548) (TVMS-000003) e acordou o seu traslado a Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2022

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.5. Membros do Consello de Contas

A Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas , na súa sesión do día 1 de xullo de 2022, adoptou o seguinte acordo:

Comparecencia de candidatos

- 22201 (11/DMCC-000002)

Consello de Contas

Comparecencia de D. Constantino Carreiras Souto e D. Simón Rego Vilar como conselleiros do Consello de Contas

BOPG nº 337, do 28.06.2022

En cumprimento do disposto no artigo 12.6 da Lei do Consello de Contas, compareceron na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas os candidatos seguintes:

— D. Constantino Carreiras Souto

— D. Simón Rego Vilar

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2022

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 12 de xullo de 2022, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 12 de xullo de 2022, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 5 de xullo de 2022, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Elección de candidatos para a cobertura de dúas vacantes de membros do Consello de Contas de Galicia (11/DMCC-000002)

Punto 2. Elección de dous membros do Consello de Administración da Corporación Radio Televisión de Galicia (11/CRTG-000002)

Punto 3. Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2021 (doc. núm. 36188, 11/IVAL-000003)

Punto 4. Comparecencia

4.1 36705 (11/PPP-000093)

Do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición propia, para informar sobre os avances na FP en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 341, do 06.07.2022

Punto 5. Mocións

5.1 36624 (11/MOC-000106)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís

Sobre a política do Goberno galego respecto do uso agrícola ou forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria (Moción a consecuencia da Interpelación doc. núm. 35117, publicada no BOPG núm 323, do 25 de maio de 2022, e debatida na sesión plenaria do 28 de xuño de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 341, do 06.07.2022

5.2 36627 (11/MOC-000107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel

Publicación da iniciativa, BOPG nº 341, do 06.07.2022



5.3 36638 (11/MOC-000108)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 341, do 06.07.2022

Punto 6. Proposicións non de lei

6.1 32338 (11/PNP-002796)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 23.03.2022

6.2 34528 (11/PNP-003045)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dirixirse ao Parlamento Europeo, aos Grupos Parlamentarios nel presentes e á DG Mare para rexeitar as propostas que leven á limitación ou eliminación do emprego de artes de fondo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 318, do 12.05.2022

6.3 35586 (11/PNP-003161)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e seis deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta ao Goberno de España para que teña en conta as peculiaridades que ten Galicia no deseño do novo mapa concesional das liñas de transporte por estrada da súa competencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

6.4 36019 (11/PNP-003209)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego fronte ao aumento dos problemas de saúde mental na mocidade galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

6.5 36278 (11/PNP-003239)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e dous deputados/as máis

Sobre a convocatoria de axudas á vivenda no marco do Bono Alugueiro Novo e a posta en marcha dun plan estratéxico para o acceso á vivenda da mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 338, do 29.06.2022

6.6 36461 (11/PNP-003259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en materia de atención primaria
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 338, do 29.06.2022

Punto 7. Interpelacións

7.1 14766 (11/INT-000862)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa regulación da Tarxeta Básica
Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

7.2 16979 (11/INT-000990)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego respecto da autonomía e suficiencia financeira das entidades locais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

7.3 33780 (11/INT-001721)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis
Sobre o incremento dos prezos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 27.04.2022

Punto 8. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

8.136694 (11/POPX-000073)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas que ten previsto adoptar o Goberno galego para axudar aos colectivos máis necesitados
Publicación da iniciativa, BOPG nº 341, do 06.07.2022

8.2 36697 (11/POPX-000074)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para dar resposta á crise económica e sanitaria que sofre a cidadanía galega
Publicación da iniciativa, BOPG nº 341, do 06.07.2022

Punto 9. Preguntas ao Goberno

9.1 36686 (11/PUP-000265)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis



Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para solucionar a situación de escaseza de socorristas que se dá en todo o territorio galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 341 do 06.07.2022

9.2 36700 (11/PUP-000266)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra

Sobre que medidas vai tomar a Xunta de Galicia como consecuencia da condena á CRTVG por manipulación informativa e falla de pluralidade dos medios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 341, do 06.07.2022

9.3 35680 (11/POP-005147)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre as medidas de protección previstas pola Xunta de Galicia para o espazo natural das Brañas do Deo nos concellos de Aranga, Oza-Cesuras e Curtis

Publicación da iniciativa, BOPG nº 332, do 15.06.2022

9.4 35841 (11/POP-005164)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as inspeccións e o seguimento da prestación do servizo de transporte escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

9.5 35262 (11/POP-005093)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a educación afectivo-sexual nos centros educativos co fin de previr abusos e violencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 325, do 01.06.2022

9.6 31101 (11/POP-004600)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e oito deputados/as máis

Sobre as actuacións do plan Emprega Xuventude

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286, do 02.03.2022

9.7 26569 (11/POP-003727)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis

Sobre as accións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para promover melloras na plataforma Telea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

9.8 35614 (11/POP-005141)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e tres deputados/as máis



Sobre a avaliación por parte do Goberno galego da repercusión do peche de camas, diminución de quirófanos, probas diagnósticas e consultas nas listas de espera na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

Publicación da iniciativa, BOPG nº 332, do 15.06.2022

9.9 36150 (11/POP-005216)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e seis deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento do Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria na provincia de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A Lei estatal de residuos e solos contaminados, Lei 7/2022 establece no seu articulado un novo prazo para a recollida separada dos biorresiduos domésticos, a partir de xullo de 2022, para entidades locais con máis de 5.000 habitantes, e a partir de 2024 para o resto dos municipios; e aos residuos téxtiles, aceites de cociña usados, residuos domésticos perigosos e residuos voluminosos a partir de 2025, por outra banda os residuos de construción e demolición deberán clasificarse por materiais, preferentemente na orixe a partir de 2022, e a demolición deberá ser selectiva a partir de 2024.

Esta lei supón unha das principais pezas legislativas para impulsar a economía circular en España e foi incluída como unha das reformas estruturais do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Para poder cumprir os obxectivos marcados nesta lei o Goberno asignou 992 millóns de euros do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia destinados a apoiar tanto ás administracións públicas como ao sector empresarial. Unha destas liñas de actuación é o Plan de apoio á implementación da normativa de residuos mediante territorialización de fondos á Comunidade Autónoma para paliar o déficit de investimento acumulado en xestión de residuos, nomeadamente as seguintes cantidades:

- 416,25 M€ en 2021
- 175M€ en 2022
- 50 M€ en 2023

Galicia recibiu no ano 2021 un total de 22,79 millóns de euros do Plan de Recuperación, dos orzamentos do MITECO e con cargo ao Plan de Impulso ao Medio Ambiente de Economía Circular e ao Programa de Mellora de Xestión de Residuos Municipais, para financiar estes proxectos de mellora de xestión de



residuos de competencia municipal, con especial atención á recollida separada e tratamento de biorresiduos.

O pasado 7 de xuño o Consello de Ministros, a petición do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), acordou as bases reguladoras para repartir 176,5 millóns de euros ás comunidades e cidades autónomas. Novos fondos, que complementan aos xa transferidos en 2021 e que permitirán implantar novas recollidas separadas, construír e mellorar instalacións de tratamento de preparación para a reutilización e de reciclado. A Galicia segundo o reparto equitativo, que ten en conta o volume de residuos xerados en cada territorio, a súa situación respecto ao cumprimento dos obxectivos comunitarios e a súa densidade de poboación lle corresponden 9.888.077,34 €

As bases reguladoras da convocatoria destas novas axudas apenas inclúen cambios con relación ás bases reguladoras de 2021, co fin de facilitar ás comunidades autónomas a súa tramitación e os fondos serán transferidos tras a próxima Conferencia Sectorial de Medio Ambiente.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista poñemos en valor todo o esforzo que está a facer o Goberno central para cumprir estes obxectivos de reciclaxe que non están a ser tidos en conta polo goberno da Xunta de Galicia que no canto de sumarse a esta estratexia dedícase a obstaculizar a implantación da mesma no noso territorio.

O Goberno galego no mes de decembro do ano 2021 publicou unha convocatoria de axudas aos concellos para a adquisición de colectores marróns de fracción orgánica e poder implantar esta recollida separada dos biorresiduos. Nesta convocatoria establecíase o prazo de un mes para presentar as solicitudes que posteriormente ampliouse ata o mes de marzo.

Pero a pesar de ter finalizado o prazo de presentación de solicitudes no mes de marzo ata a pasada semana o goberno da Xunta non resolveu as mesmas e foi despois de que o Goberno do Estado lle reprochara esta inactividade e a necesidade de repartir estes fondos.

A actitude deste Goberno responde a uns intereses espurios, xa que non se pode conceder aos concellos unhas axudas para a adquisición de colectores marróns semanas antes de que venza o prazo legal para ter que cumprir a implantación dos



mesmos e agora reclamar ao Estado un aumento do prazo legal para esta implantación.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como xustifica este Goberno a demora de 6 meses na concesión de axudas aos concellos para a implantación da recollida separada dos biorresiduos?
2. Que criterios empregou este Goberno no reparto dos fondos estatais para a implantación da recollida separada dos biorresiduos?
3. Como xustifica este Goberno os pésimos datos en materia de reciclaxe e como pretende cumprir os prazos establecidos na lexislación estatal?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/06/2022 08:44:26

Pablo Arangüena Fernández na data 27/06/2022 08:44:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** relativa ás medidas a tomar na canteira situada nas inmediacións da ferverza do Toxa, no concello de Silleda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Silleda, a escasos metros do ría Toxa e da súa Ferverza inseridos na Rede Natura 2000 Sistema Fluvial do Ulla-Deza, está situado nunha antiga canteira un vertedoiro de residuos de construción e demolición.

Entrou en funcionamento en 2002 despois dun investimento por parte da Consellaría de Medio Ambiente de máis de 200.000€ para o seu acondicionamento. Tiña unha capacidade de almacenamento de 395.000 TN ampliábeis a case 500.000 e foi xestionado, inicialmente, pola empresa Explotaciones Mineras de Campomarzo, do Grupo Indeza.

Tratábase dun proxecto de rexeneración dunha antiga canteira no que os residuos vertidos nela debía cumprir os requisitos legais. Estes non poderían ser solúbeis nin combustíbeis nin outro tipo de materiais que en contacto con outros puideran ocasionar danos para a saúde e o medio ambiente. Para cumprir estes requisitos era imprescindible un estrito control na recepción dos residuos para a caracterización dos mesmos, a clasificación, a separación dos impropios e a entrega a xestor autorizados dos mesmos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En 2008 os veciños do lugar presentan alegacións en contra da solicitude de autorización ambiental integrada (AAI) para a legalización da actividade entre outras cousas, por non contar co requisito de impermeabilización que esixe o RD.1481/2001 para este tipo de residuos. En 2010 a Xunta concedeulle a autorización ambiental integrada, facendo pasar por un depósito de residuos inertes un vertedoiro que recibe madeiras, plásticos, cartóns e unha diversidade de rexeites de residuos sen clasificar.

En 2011 produciuse un incendio no vertedoiro, o segundo en catro anos, indica claramente o vertido de residuos impropios susceptíbeis de combustión. Segundo se publicou, o lume fora producido polos responsábeis do roubo de chatarra, material que non debía entrar no vertedoiro. A sanción de 25.000€ imposta en 2017 pola consellaría de Medio Ambiente á concesionaria por depositar residuos que terían que ir a outras zonas para o seu tratamento, indica claramente que non se fixeron as labores de control, separación e xestión dos materiais recibidos.

En 2019 a asociación Galicia Ambiental denunciou ante o Seprona as filtracións de augas lixiviadas do vertedoiro ao seu entorno, a poucos metros do río Toxa e da súa Fervenza. Estes lixiviados, potencialmente contaminantes polo tipo de residuos enterrados no vertedoiro incumprindo a lexislación da Dirección xeral de Minas en canto a restauración de ocios mineiros e uso de materiais non autorizados, así como as da Consellaría de Medio Ambiente posto que en Campomarzo xestionáronse residuos para os que o vertedoiro de inerte non tiña autorización.

O vertedoiro está sen actividade desde 2016, data na que a empresa Explotaciones Mineras de Campomarzo entrou en concurso de acredores. O administrador concursal tiña autorización do xulgado para adoptar as medidas de vixilancia ambiental que lle impoñía o plan de restauración, pero non chegou a adoptar ningunha porque o vertedoiro foi adxudicado en poxa a unha empresa xestora de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

residuos do Carballiño, Building Desarrollo SL. quen posteriormente vendeu o vertedoiro á empresa lalinense, Bander SL.

Sorprendentemente, a Xunta devolve a Fianza da antiga canteira de Campomarzo a Explotaciones Mineras Campomarzo a petición da administración concursal, cando o vertedoiro fora vendido a unha terceira compañía, Bander SL, sen que se realizase ningunha obra de restauración nin se teña presentado un proxecto de uso para o vertedoiro, sancionado por múltiples ilegalidades na xestión de residuos de obra e industriais.

Segundo os artigos 99 e 100 da Lei 7/ 2022, de 8 abril, de residuos e solos contaminados, as comunidades autónomas poderán declarar e delimitar mediante resolución expresa os solos contaminados, debida á presenza de compoñentes de carácter perigosos procedentes das actividades humanas e estarán obrigados a realizar as operacións de descontaminación e recuperación os causantes da contaminación, tanto se son propietarios dos solos como posuidores dos mesmos.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que accións vai realizar a Xunta para garantir a rexeneración da canteira situada nas inmediacións da ferverza do Toxa, no concello de Silleda, a eliminación dos materiais non permitidos e impedir o vertido de lixiviados?

. Por que a Xunta procedeu á devolución do aval á empresa Explotaciones Mineras de Campomarzo sen que se tiveran feito as correspondentes labores de retirada do material contaminante e impropios?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Realizou a Xunta algunha avaliación para determinar a contaminación dos terreos ocupados polo vertedoiro e os circundantes?
- . Quen son os responsábeis dos posíbeis vertidos de lixiviados ao río Toxa?
- . Que medidas pensa adoptar para que se retiren do vertedoiro os residuos improprios, combustibles e contaminantes?
- . Que medidas pensa adoptar para evitar acumulación de auga no vertedoiro e os lixiviados que rematan no Toxa?
- . Que responsabilidades vai esixir?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/06/2022 10:19:12

Alexandra Fernández Gómez na data 27/06/2022 10:19:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 27/06/2022 10:19:25



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Un informe de fiscalización específica do Consello de Contas sobre a execución de contratos no Sergas conclúe que no 59 % dos expedientes fiscalizados (22 de 37) a actividade continuou máis alá da vixencia do contrato e que a Xunta pagou 40 millóns de euros (29 % do total analizado) sen cobertura contractual.

Conclúe o Consello de Contas no seu informe que a prórroga de contratos automática e sen xustificación é unha práctica “sistemática”, “cando esta debe ter carácter excepcional”.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Por que o Sergas está recorrendo sistematicamente á prórroga de contratos cando esta debe ter un carácter excepcional segundo o noso ordenamento xurídico?

2ª) Por que o Sergas non xustifica a prórroga de contratos que practica con carácter xeral?

3ª) É consciente o Goberno de Galicia de que a prórroga sistemática de contratos atenta contra os principios de libre concorrência e de competencia que deben rexer a contratación pública, ademais de encarecer o prezo dos bens e servizos?

4ª) Vai facer algo o Goberno de Galicia para corrixir esta situación?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 27/06/2022 10:39:13

Julio Torrado Quintela na data 27/06/2022 10:39:37





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2022 10:45:12
Nº Rexistro: 36430
Data envío: 27/06/2022 10:45:12.523

Marina Ortega Otero na data 27/06/2022 10:39:49

CSV: BOPGDSPG-ewA98mgQ-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A desvitalización do rural vense producindo sen pausa ao longo do século XX, acelerándose durante o presente, un círculo vicioso de perda de poboación que leva á perda de servizos que á súa vez fai que se pechen negocios e polo tanto se vaia a poboación e isto non se dá roto porque as políticas que se fan carecen de coherencia e non afondan na corrección das causas.

Así, atópamonos cun concello como o de Folgoso do Caurel que xa está por baixo dos 1.000 habitantes censados, e moitos deles non viven habitualmente alí. O colexio de Folgoso alberga pouco máis de 30 crianzas, e o seu futuro pode estar seriamente comprometido dende un punto de vista demográfico e económico, se no futuro non retornan tralos seus estudos.

A maiores podemos dicir que conta cunhas características xeolóxicas, orográficas e paisaxísticas que fan del un óptimo destino turístico, e así o recoñecen en revistas internacionais como o *National Geographic*, actividade que pode axudar a fixar poboación con actividades relacionadas con actividades de natureza, e con outras relacionadas coa atracción e o mantemento de máis poboación no concello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para isto, é fundamental coñecer as circunstancias deste concello, entre as que se encontran as comunicacións por internet, que neste momento son precarias.

O día 25 de maio deste 2022 Movistar deixou sen liña de cobre aos últimos lugares do Caurel, considerando que xa tiña outra alternativa para que os fogares e negocios puideran establecer comunicacións por outras vías, e isto fíxoo coa preceptiva autorización da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

É público que Movistar pretende a desconexión por cable de cobre en toda a península para o 2025, polo tanto se isto non ocorre neste momento sucedería para daquela, pero en ambos casos se a alternativa ao cable fosen as ondas de radio non funcionarían ben no Caurel debido á súa orografía.

Tampouco esta empresa lle facilita a conexión por fibra ao camping de Seoane, o único negocio que non encontra outra alternativa debido á súa localización e que estaba disposto a facerse cargo do custe da instalación sen que Movistar lle facilite o servizo.

Todo isto prexudica seriamente ao tecido socioeconómico do concello, fai perigar a actividade do camping e os postos de traballo que crea, así mesmo repercute negativamente nos diversos negocios que se beneficiarían do gasto realizado polas persoas que pernoctan no camping.

Tamén fai que as persoas maiores que na maioría viven soas e que habitualmente se senten incomunicadas pola mala cobertura deixen de vivir nas súas casas para mudarse a zonas que lles garantan a seguridade nos seus domicilios.

É un dereito das persoas poder acceder ás comunicación telefónicas e de internet segundo recollen numerosos organismos internacionais, ou mesmo as diversas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

normativas, e de feito é un dos requisitos para garantir a vida en igualdade de oportunidades.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Vai o goberno da Xunta instar ao goberno español a que garanta a cobertura móbil e de internet nos fogares e nos negocios do Caurel cunha relación prezo-calidade asumible?

-Vai a Xunta de Galiza poñer a disposición do Concello do Caurel todos os medios para garantir na medida das súas responsabilidades e competencias a mellor cobertura para a conexión telefónica e de internet?

-Danse conta de que o futuro do Caurel pasa por dotar ao concello dunhas comunicacións á altura do século XXI?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 27/06/2022 17:25:58

Daniel Castro García na data 27/06/2022 17:26:06

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/06/2022 17:26:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa as medidas a tomar para evitar o colapso da Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Partido Popular xa non consegue tapar con propaganda a situación dramática da Atención Primaria. Os gravísimos problemas estruturais consecuencia de 13 anos de recortes.

Unha radiografía da situación son os miles de galeg@s que non teñen médico asignado, @s que teñen que agardar semanas para ter unha cita, @s case 200 mil que agardan por unha primeira consulta hospitalaria, 40 mil que agardan por unha intervención cirúrxica, @s miles que lle pecharon os consultorios, @s miles de nen@s sen pediatra; ou @s profesionais exhaust@s

A pandemia xa non vale para tapar a falta de compromiso coa sanidade pública do PP, non vale para tapar a falta de planificación e anticipación, sabían de sobra cantas xubilacións se ían producir, que @s profesionais teñen dereito a baixas, vacacións e días libres.

A responsabilidade da Xunta era planificar e organizar e non o fixo a mantenta e agora pretenden que aceptemos como normal a falta de atención, días de espera para ter unha cita.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Converter en norma as intersubstitucións e as prolongacións de xornada para que unha profesional faga o traballo de 3, 4 os os que fagan falta está claro que non é a alternativa.

O resultado está á vista, as 9 prazas MIR de médico de familia sen cubrir son un síntoma claro do rechazo ás condicións de traballo, da desconsideración, dunha formación cada vez máis deficitaria por falta de titores, falta de tempo, falta de motivación. Ao igual que a desbandada que se produce cada ano cos que rematan a súa formación, que non se queren quedar en Atención Primaria, porque non aceptan traballar sen límite, sin calidade na atención, con risco para a saúde das doentes e de si mesmas.

Esta situación que non vai facer máis que empeorar polos centos de médicos, pediatras enfermeiras, matronas, que se van xubilar nos vindeiros anos.

Fuga de profesionais e drenaxe constante de doentes á sanidade privada, quen poida pagala e o que non quédase tirado.

A realidade é que a continuidade asistencial está seriamente ameazada, nunha situación límite, do nivel asistencial fundamental que é a Atención Primaria, onde se resolven entre o 80 e 90 por cento dos procesos de saúde. É preciso poñer en marcha un cambio de modelo, un plan real que a faga atractiva e deixe de estar secundarizada, desprestixiada, minusvalorada, convertida en despacho de doentes.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a planificación da Xunta de Galiza para garantir que a Atención Primaria sexa o auténtico eixo vertebrador do sistema sanitario?

Cal é a previsión de aumento orzamentario para Atención Primaria?

Por que non elabora un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de redimensionamento e estabilidade do cadro de persoal?

Parécelle casualidade que ano tras ano @s profesionais que rematan o MIR de Familia e Comunitaria, ou Pediatría, non se queden en Atención Primaria?

Que avaliación fai ao respecto?

Que alternativa lles oferta @s galeg@s diante da escaseza de facultativ@s de Medicina de Familia e Comunitaria, pediatras, enfermeiras...?

Por que non incorpora a Atención Primaria categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral: psicoloxía, terapia ocupacional, logopedia, traballo social...?

Non considera preciso a aprobación das carteiras de servizos de cada unha das categorías profesionais presentes en Atención Primaria?

Teñen realizado un censo das prazas de difícil cobertura?

Cales son os incentivos que teñen establecidos para facer atractivas esas prazas?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 27/06/2022 17:53:18

María Montserrat Prado Cores na data 27/06/2022 17:53:21

Olalla Rodil Fernández na data 27/06/2022 17:53:29



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo vén de lanzar o anuncio de apertura a exposición pública da aprobación inicial do proxecto dun novo polígono industrial no lugar de Tarroeira, en Pontecesures, de máis de 300.000 metros cadrados. Sendo sempre unha boa noticia a existencia de iniciativas que pulen polo desenvolvemento económico e a xeración de emprego, resulta imprescindible garantir que este tipo de proxectos contribuirán a traer boas novas e non a complicar a vida dos veciños e veciñas do lugar. Neste sentido, cabe mencionar que existen diversos problemas e opacidades relacionadas con este proxecto.

Por un lado resulta preocupante para o conxunto da veciñanza de Cesures, especialmente para as persoas que viven no entorno do lugar escollido para desenvolver este parque empresarial, a existencia de fluxos de auga tanto superficial como subterránea, que de ser alterados poden provocar problemas de inundacións ou de consecuencias derivadas da alteración destes fluxos. En termos medioambientais a zona ten un elevado interese de protección dalgúns tipos de fauna, dado o valor do lugar.

En termos de funcionamento do futuro polígono industrial, resulta chamativo que sexa de tanto interese proxectar un novo parque empresarial tendo espazos baleiros en chan industrial en contornos de 15 ou 20 quilómetros á redonda, ademáis de existir dúbidas sobre a xestión de residuos e a proxección dunha balsa filtrante como método de tratamento.

A pesares das numerosas e grandes dúbidas existentes, a veciñanza mobilizada e que será afectada pola construción do polígono, tanto pola expropiación forza que poderán sufrir algúns propietarios como pola afectación que terán unha boa parte deles, non ten sido informada nin consultada sobre ningunha das cuestións que son motivo de preocupación. O propio Concello de Pontecesures foi lugar de pregunta por parte do Grupo Socialista Municipal hai varios meses sobre esta proxección, recibindo comentarios vagos e imprecisos sobre as posibilidades que hoxe parecen concretarse e negándose por parte do Alcalde a recibir aos veciños e veciñas posibles afectados. A pesares daquilo o propio Concello e a Xunta de



Galicia utilizan o procedemento simplificado para acelerar o proceder e iniciar coa maior velocidade un proxecto que merece ser optimizado e que necesita de toda a transparencia que hoxe non ten.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que o goberno da Xunta de Galicia tramitou este proxecto con tan pouca transparencia e información?
2. Por que o goberno da Xunta de Galicia non emitiu informe a través de Augas de Galicia da posible afectación da zona?
3. Por que non se deu publicidade abondo ao período de consultas e alegacións antes da resolución firme de medioambiente?
4. A distribución irregular e dispar das parcelas no proxecto do polígono responde a algún interese concreto? Cal?
5. Como valora o goberno da Xunta de Galicia a necesidade de construír un polígono industrial nun terreo de alto valor medioambiental de máis de 300.000 metros cadrados habendo espazos baleiros en polígonos industriais de concellos limítrofes?
6. Considera axeitado o goberno da Xunta de Galicia empregar o procedemento simplificado dado a envergadura do proxecto?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/06/2022 19:54:59





Patricia Otero Rodríguez na data 27/06/2022 19:55:06

Eduardo Ojea Arias na data 27/06/2022 19:55:16



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Eduardo Ojea Arias e Martín Seco García, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Ou mércores 15 de xuño iniciábase un lume en Larouco, municipio pertencente a comarca de Valdeorras as 20,59 horas, concretamente na parroquia de Seadur, que segundo a Consellería do Medio rural afectaba a 120 hectáreas.

Posteriormente, no mesmo municipio o xoves 16 sobre as 07.26 horas outro incendio afectaba a parroquia de Freixido e segundo estimacións publicadas nos xornais afectaba a 140 hectáreas. Lumes que se viron avivados polas altas temperaturas e polo vento.

As chuvias que se rexistraron na noite do sábado 18 na provincia de Ourense axudaron a extinguir de maneira definitiva o incendio forestal que se penetrou tamén no parque natural de O Invernadoiro. Segundo informou a Consellería do Medio Rural, a superficie afectada foi de 5,6 hectáreas de monte na parroquia de Pradoalbar, en Vilariño de Conso. Estes tres incendios forestais súmanse aos extinguidos o 17 de xuño nos municipios ourensáns de Entrimo e Lobios. Ambos calcinaron 0,06 e 2,5 hectáreas, respectivamente, no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés. Os dous, segundo os primeiros indicios, foron provocados por raios.

En relación os incendios acaecidos en Galicia temos que sinalar que aínda tendo os mellores profesionais do país, chegan situacións que poden desbordar ao dispositivo contra Incendios, a intencionalidade sumada ás condicións peculiares de Galicia, con ventos secantes de compoñente nordés como vento preparador de incendios, todos os veráns poñen a proba extrema os servicios de emerxencia implicados.

O cambio climático tamén ten moito que dicir, cunha infraestrutura preventiva orientada a defendernos dos incendios que propaga o vento de nordés, pero en outubro do 2017, a peor vaga desta última década, foi o vento de suroeste o que carbonizou 62.000 ha, activando a situación 2 para toda a provincia de Ourense e parte de Pontevedra, con desaloxos e confinamentos en decenas de núcleos de poboación, e que nos deixou o amargo recordo de persoas veciñas falecidas.



Tendo presente que Galicia é, dende sempre, a Comunidade máis afectada do Estado por incendios forestais tanto en porcentaxe de superficie afectada, número de incendios e tamén número de Grandes Incendios Forestais (GIF >500 ha) está máis que demostrada a necesidade dunha política activa de prevención, dirixida a minimizar o risco para a poboación e os seus bens, con actuacións decididas e encamiñadas a separar o monte dos núcleos e asegurar as vías de comunicación para evitar atoamentos en época estival, que é cando aumentan a poboación dos nosos concellos pola afluencia turística.

As claves para reducir os efectos dos incendios, aínda que complexas, pódense resumirse nunha serie de obxectivos concretos:

- Manter o rural habitado e vivo.
- Unha boa xestión e ordenación forestal.
- Unha política activa de prevención contra incendios.
- Un servizo de prevención contra incendios profesionalizado, único e permanente.
- Unha adecuada asunción de competencias por parte da Xunta de Galicia en materia de prevención e autodefensa.

A Lei 3/2007 de Prevención e Defensa Contra Incendios de Galicia fala na súa exposición de motivos que a planificación preventiva debe ser un elemento estrutural fundamental deste sistema, que sigue unha serie de criterios básicos, control da biomasa en zonas estratéxicas, construción e mantemento de faixas de protección de zonas poboadas, reforzar as infraestruturas de prevención, entre outras que cita dita norma.

O servizo nos últimos anos sufriu un cambio de siglas, no que antes era SPDCIF, Servicio de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais, agora esqueceuse da “Defensa Contra Incendios” e na teoría chámano de “Prevención”, falamos de na teoría, porque na práctica semella xusto ao revés.

A Consellería aproba o PLADIGA -documento de planificación preventiva- xusto antes da época de alto risco e non antes da época de traballos forestais de prevención.



A formación do persoal é unicamente destinada á extinción e cero á prevención.

Non se fai análise e estudos retrospectivos do territorio e dos grandes incendios para aprender dos erros cometidos no pasado, cando os expertos demostran que os GIF son recorrentes e cíclicos, volvendo a sorprendernos sempre nos mesmos lugares e moitas veces nas mesmas épocas.

Tendo máis dun 35 % do persoal contratado unicamente por 6 meses ao ano é inviable acadar uns obxectivos razoables e eficaces na citada “prevención”.

As accións fundamentais que realizaba o SPIF viñan sendo habitualmente o mantemento de puntos de auga e da infraestrutura de defensa e acceso aos montes conveniados, sinaladamente cortalumes e pistas forestais. O aumento incontrolado de vexetación provoca que haxa que potenciar de forma exponencial os traballos sobre o territorio, sobre todo o territorio e non só sobre os montes xestionados pola Administración, resultando necesario dispór dun SPIF permanente, único e profesional, ocupado durante todo o ano nas tarefas de control da biomasa e do establecemento das faixas de seguridade na interfaz urbano-forestal.

Ademais, a afección cada vez máis habitual ao risco da vida das persoas nos incendios forestais medrou de maneira exponencial polo aumento da masa forestal improductiva e a acumulación continuada de combustible altamente inflamable debido ao cambio climático e ás altas temperaturas que xa se están a acadar nunha boa parte de Galicia, especialmente na meridional. Orixinándose cada vez incendios máis potentes e de moi difícil control polo operativo, que requiren dunha política activa de prevención durante todo o ano, e sobre todo dunha planificación anticipada, dun sistema de alerta temperán eficaz, e non, como sempre acaece, baixo a improvisación habitual da Consellería do Medio Rural.

Sendo a planificación, outra das materias suspensas por parte da Consellería, e crendo na necesidade dunha planificación a medio prazo con organizacións e obxectivos concretos, por iso a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é a porcentaxe e o estado actual de execución dos traballos en materia de prevención de incendios forestais correspondente ao exercicio deste 2022?



2. Cantas foron as hectáreas afectadas polos incendios na nosa comunidade no primeiro semestre de 2022? Cantas de superficie rasa e cantas de arborada?
3. Cales van a ser as actuacións que ten previsto levar a Xunta de Galicia a cabo para evitar a erosión do terreo e a perda do solo provocados polos incendios de Larouco? E no resto de municipios que se vexan afectados este verán, sobre todo se sofren algún GIF?
4. En caso afirmativo pensan levalas a cabo antes de que remate o ano?
5. Cal é o número de hectáreas realizadas pola Xunta con data 1 de xuño, en relación ca execución de rozas nas faixas secundarias de xestión de biomasa?
6. No exercicio 2022, cantas brigadas de concellos se constituirán finalmente baixo o convenio coa Consellería?
7. Cal foi o número de brigadas de concellos constituídas nos últimos cinco anos, distribuídas por municipios, anualidades e coas datas de finalización dos traballos das brigadas de forma individualizada?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Eduardo Ojea Arias
Martín Seco García

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/06/2022 09:25:38

Eduardo Ojea Arias na data 28/06/2022 09:25:49

Martín Seco García na data 28/06/2022 09:25:56



Á Mesa do Parlamento

Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A porta natural a Galicia pódese considerar que é polo val do Sil, as outras posibilidades conlevan variacións orográficas importantes. No val do Sil atópase Valdeorras, no oriente ourensá.

Esta comarca leva sendo abandonada por case todas as administracións ao longo do tempo, sobre todo nas comunicacións por estradas ou polo tren. A puxanza económica nestes momentos tan crítica, fai que as infraestruturas sexan cada vez máis necesarias. A A-76 que é a solución que necesita o oriente galego vai con moito atraso. A A-6 permite a mobilidade cara o norte A Coruña, Ferrol..., mais as mercadorías valdeorresas teñen o sur coma referencia, Ourense, Vigo.

Unha posibilidade real para comunicar Valdeorras con Galicia é pola estrada OU-533 da Rúa a A Gudiña, que une coa A-52, podendo ir a Vigo e a Madrid.

Tamén coa chegada do AVE (Alvia) a Ourense, a estación de A Gudiña é a estación de referencia de Valdeorras e Viana. Todo isto fai que esta estrada teña que adaptarse a nova situación de mobilidade por ela. Require un terceiro carril entre Viana do Bolo e A Gudiña, ou calquera solución que deseñen as persoas técnicas.

Isto xa se aprobara no Parlamento no ano 2019, por unha iniciativa do Partido Popular e en febreiro de 2021 a Consellería de Infraestrutura e Mobilidade, solicitou ao Goberno Central fondos de reconstrución para o acondicionamento desa estrada OU-533 no marco do obxectivo estratéxico de mellora das estruturas e comunicacións no ámbito rural e a mellora da accesibilidade.



Estando todos de acordo coa necesidade do arranxo da OU-533 e logo do tempo pasado sen ningunha resposta, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que orzamento se considera necesario por parte da Consellería para a obra?
2. Cando se poderá iniciar a obra de arranxo ou obra nova?
3. Cal é o tempo estimado para resolver o problema?
4. A Xunta de Galicia ten previsto cumprir o acordo acadado vai tres anos na Comisión do Parlamento de Galicia e arranxar con orzamentos propios esa obra que é de competencia autonómica?

Pazo do Parlamento, 28 de xuño do 2022

Asdo.: Eduardo Ojea
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Eduardo Ojea Arias na data 28/06/2022 10:16:32

Patricia Otero Rodríguez na data 28/06/2022 10:16:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre as medidas necesarias para esclarecer, inspeccionar e controlar o cumprimento dos contratos no servizo de transporte público de Galiza ante o mal funcionamento e as queixas continuadas no servizo de transporte público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Segundo o INE, unhas 150.000 persoas desprázanse diariamente entre diferentes concellos galegos, xa sexa por traballo, estudos ou xestións de calquera tipo. A maioría destes desprazamentos son realizados en vehículos particulares, xa que, tal e como sinalan expertas da UDC, o servizo de transporte público non é útil para a maior parte destes desprazamentos, por falta de horarios, itinerarios e paradas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende a instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e da súa execución ou posta en práctica.

Este novo plan de transporte está a deixar unha Galiza peor comunicada e un servizo máis precarizado, con eliminación de horarios, o incumprimento continuado dos mesmos ou a eliminación de itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da sociedade galega.

Isto acontece debido á falta de control e inspección por parte da Xunta de Galiza, que permite que esta precarización do servizo e os incumprimentos que a motivan. Como exemplo disto, atopámonos os continuados atrasos e deficiencias na conexión entre as cidades de Pontevedra e Vigo, pola cal transcorren moitas persoas para desprazarse até o seu lugar de traballo ou estudo.

Hoxe, esas persoas usuarias do servizo público de transporte, ven afectadas as súas vidas ao non poder contar cun servizo de transporte minimamente regular, que lle permita chegar a atender as súas responsabilidades nun período de tempo coñecido, contando cunha pequena marxe de tempo, o cal faría que puidese seguir apostando polo transporte público por estrada para os seus desprazamentos.

As persoas que simplemente non contan cun vehículo privado dependen directamente dos intereses e a acción dunha empresa para chegar en tempo, ou non, ao seu posto de traballo ou ao seu centro de estudos, xa que nin se cumpre nin se controla as condicións establecidas nos contratos de transporte.

É responsabilidade da Xunta de Galiza o fomento do transporte colectivo, tanto polo carácter democratizador do transporte público, así como tamén pola defensa dunha Galiza máis sostible medioambientalmente. Hoxe, coa precarización do servizo e o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incumprimento dos contratos, moita xente continúa a desprazarse no seu propio vehículo por non ter unha alternativa viable para facelo no sistema público de transporte.

Por todo o dito formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. É coñecedora a Xunta de Galiza das diferentes denuncias interpostas ante incumprimentos nos contratos licitados no servizo de transporte público de Galiza?

. Está a velar a Xunta de Galiza polo cumprimento escrupuloso dos contratos licitados no servizo do transporte público de Galiza?

. Cal é compromiso da Xunta de Galiza ante a vulneración dos dereitos de traballadores e usuarios no servizo de transporte público de Galiza?

. Cal é o compromiso da Xunta de Galiza co papel social, democratizador e ambiental que debe cumprir o servizo de transporte público por estrada?

. Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para investigar, inspeccionar e controlar que se cumpran escrupulosamente os contratos licitados e a legalidade vixente no servizo de transporte público de Galiza?

. Cal é a valoración da Xunta de Galiza cando non se están a cumprir os horarios establecidos nas diferentes rutas do transporte público de Galiza?

. Entende o prexuízo que existe nos continuados atrasos e incumprimentos das condicións nas que se debe desenvolver o sistema público de transporte por estrada?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luis Bará Torres

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 28/06/2022 11:45:11

Xosé Luis Bará Torres na data 28/06/2022 11:45:14

Paulo Ríos Santomé na data 28/06/2022 11:45:24



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Os datos de Augas de Galicia reflicten un aumento progresivo dos puntos de vertido nas nosas rías, pasando de 1.296 no ano 2015 a 1.671 en 2021. Ante ese aumento a Xunta alega que os vertidos que incumpren os parámetros van en descenso, pero ademais de que a carga contaminante total aumentaría polo incremento do número de vertidos por moito que o faga máis diluídamente, a fiabilidade desa afirmación é imposible de contrastar dado que eses datos son completamente opacos: na súa memoria anual Augas de Galicia ofrece unhas cifras que non poden ser verificadas por ninguén, aínda que as sospeitas de que eses datos podan estar maquillados vese incrementada polo feito de que ese organismo informou a finais de 2021 de que se produciran 1.648 vertidos nas rías nos nove primeiros meses dese ano, pero xa en 2022 afirma que se produciron 1.671 no conxunto do ano, o cal implicaría que no último trimestre do ano practicamente non tería habido vertidos, algo absurdo.

Por outra banda, a Xunta reconece no ano 2020 (pendentes datos do 2021) 740 vertidos contaminantes nos ríos da demarcación Galicia Costa, que desembocan nas rías, sen estar aínda dispoñibles os datos de 2021, dado que non se publicou aínda a memoria de actividades de Augas de Galicia.

Un estudo realizado por cinco investigadores galegos publicado na revista *Marine Policy* en 2019 sinalaba a existencia dunha "crise oculta" no sector marisqueiro galego, desenvolta na década anterior, que levou a descensos tanto no número de barcos dedicados ao marisqueo como nos desembarques e o valor de venta das distintas especies.

Nos últimos anos esa crise vense agudizando, con mostras destacadas como o enorme declive da ría de Ferrol, onde se pasou en moi pouco tempo de 600 mariscadores a menos de 70 que apenas poden subsistir dada a drástica e dramática caída da produción, mentres a contaminación do río Xuvia é cada vez máis intensa; ou o da ría de Arousa, que levaba a afirmar recentemente ao patrón maior de Cambados que “estase a producir un claro declive da ría”. Unha situación similar reproducécese en maior ou menor medida sobre todo nas Rías Baixas, pero tamén no resto da costa galega.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Considera a Xunta de Galicia que o declive da produción marisqueira en moitas rías de Galicia ten relación coa contaminación das nosas rías?



2ª) Ten a Xunta de Galicia estudos que avalíen o impacto e evolución da contaminación nas nosas rías?

3ª) Ten a Xunta de Galicia estudos que avalíen o impacto e evolución da contaminación nos nosos ríos?

4ª) Vai a Xunta de Galicia levar a cabo actuacións sistemáticas de prevención e control da contaminación e de rexeneración das nosas rías e ríos ademais do denominado plan de control de vertidos?

5ª) Vai a Xunta de Galicia publicar os datos de contaminación nas rías e ríos de Galicia dun xeito transparente e aberto que permita o seu contraste independente e facilite o traballo de investigación sobre a contaminación acuática en Galicia dada a importancia e transcendencia deste fenómeno?

6ª) Como explica a Xunta de Galicia que a finais do ano 2021 informase a un medio de comunicación de que se produciran 1.648 vertidos nas rías nos nove primeiros meses dese ano, pero xa en 2022 informe de que se produciron 1.671 no conxunto do ano 2021?

Pazo do Parlamento, 28 de xuño de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 28/06/2022 16:43:38

Paloma Castro Rey na data 28/06/2022 16:43:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Rosana Pérez Fernández e Carme González Iglesias, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza garanta o mantemento dos postos de traballo da conserveira Albo en Celeiro (Viveiro).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Mariña leva anos sufrindo un desmantelamento constante da súa industria e das súas empresas que está a xerar unha progresiva desertización industrial e que vai diminuindo pouco a pouco o futuro dun territorio que o ten todo para ser pioneiro.

Pese a isto, nos últimos días sufrimos unha nova mala noticia. Nun contexto xa nefasto para a comarca chegou a nova de que a conserveira Albo quere pechar a fábrica de Celeiro en Viveiro e trasladar a todo o seu persoal a Salvaterra, é dicir a máis de 270 quilómetros de distancia e todo isto despois de case cen anos de historia afincada na Mariña.

Pola contra, este suposto traslado esconde detrás 42 despidos, xa que a maioría das traballadoras se atopa nunha idade de difícil reinserción no mercado laboral. Ademais é necesario destacar que a mobilidade xeográfica que formula Albo non constitúe ningún tipo de alternativa para o 90% das traballadoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pese a isto e alén da difícil reinserción laboral, estamos a falar dun plantel extremadamente feminizado polo que este peche supoñería a destrución de emprego feminino, nunha vila ademais que acaba de sufrir un peche industrial importante como foi o de Vestas.

Con todo, é necesario ter en conta que a ausencia de infraestruturas na comarca da Mariña é tamén un dos problemas que levan a que as nosas fábricas e empresas estean a sufrir golpes tan duros como o de Albo e que este factor tamén debe ser tido en conta, como sempre reclama o BNG.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que fixo a Xunta de Galiza para evitar o peche da conserveira Albo en Celeiro?
- Que vai facer a Xunta de Galiza para evitar a perda dos 42 postos de traballo da conserveira Albo en Celeiro?
- Considera a Xunta de Galiza que o traslado da conserveira Albo é positivo?

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**
Rosana Pérez Fernández
Carme González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 28/06/2022 17:36:01

Rosana Pérez Fernández na data 28/06/2022 17:36:04

Daniel Castro García na data 28/06/2022 17:36:15



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Na vila de Redondela a estrada de titularidade autonómica PO-363, Avenida Mendiño, está totalmente abandonada. Unha rúa onde está situado o centro de saúde, os centros escolares, os pavillóns polideportivos e a piscina municipal, polo tanto unha estrada moi transitada pola veciñanza desta vila.

En outubro de 2020 o noso grupo parlamentario xa reivindicaba en Redondela o arranxo desta estrada e despois en marzo do ano pasado levamos á Comisión 2.^a unha proposición non de lei para o arranxo da Avda. Mendiño, iniciativa que o PP votou en contra, argumentando escusas varias. Pasou máis dun ano desta iniciativa parlamentaria e esta estrada segue sen ser arranxada por parte da Xunta de Galicia.

Nas vésperas das eleccións municipais de 2019 o entón alcalde, Javier Bas e a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade Ethel Vázquez anunciaban as inminentes obras de remodelación da estrada PO-363, que segundo o ex-alcalde comezarían en xuño.

O Goberno municipal de Redondela leva máis de dous anos esixindo á Xunta de Galicia o cumprimento dese compromiso que adquiriron en 2019 con toda a veciñanza de Redondela. Este Goberno municipal leva cumprindo todos e cada un dos requisitos esixidos polo Goberno autonómico, incluído a retención de crédito, petición máis que cuestionable se se ten en conta que a Xunta de Galicia non explicaba, se pola súa banda contaba ou non con partida orzamentaria para a súa realización

O 24 de marzo de 2020 tivo entrada a comunicación dirixida a alcaldesa dende a Axencia Galega de Infraestruturas, na que se require a conformidade do Concello de Redondela co texto proposto de convenio para realizar obras para a mellora da seguridade viaria e reordenación da PO-363, treito Redondela - praia de Cesantes por un importe total de 1.594.713,10 €, así como a certificación da retención de crédito correspondente ao cofinanciamento da actuación por parte do Concello.



No que á conformidade do texto do convenio fai referencia, a secretaria municipal advertiu unha serie de cuestións xurídicas que, segundo a Lei de Réxime Xurídico do Sector Público “necesitaban da súa modificación ou incorporación ao texto do convenio” tales como a determinación nas cláusulas do convenio das competencias da Xunta de Galicia e Concello respecto a actuación de que se trata, tendo en conta, sinala o Concello “que neste caso a estrada obxecto de actuación (...) é de titularidade da Xunta de Galicia”.

Doutra banda, faise referencia a que o importe que corresponde ao Concello “correspóndese cos custos dos servizos municipais de abastecemento e saneamento, así como o 50 % do importe do alumeado, nas cláusulas do convenio se engadía a semaforización”. Nese senso, o Concello sinalaba que dita semaforización “non forma parte dos servizos municipais de prestación mínima, polo que debía eliminarse dita referencia”.

Tamén se indicaba que o texto do convenio non proveía a imputación orzamentaria concreta da achega da AXI de acordo co apartado d) do artigo 49 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público.

Todas estas apreciacións foron enviadas á Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, mediante escrito da Alcaldía remitido o 16 de abril de 2020.

Polo tanto, a Administración local sinalaba que non procedía a emisión da retención de crédito da achega do Concello de Redondela, “ata ter o texto definitivo do convenio, xa que ademais podería incluso variar a contía da achega municipal definitiva, ao eliminar os custos correspondentes á rede semaforizada, no seu caso”. Finalmente, o goberno municipal fixo esa retención de crédito que lle solicitaba a administración autonómica para comezar as obras nesta estrada. A día de hoxe esas obras aínda están sen facer.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai a Xunta de Galicia a incluír nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 un orzamento suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363, que permitiría mellorar a mobilidade e seguridade en Redondela?
2. Por que o Goberno galego non incluíu as obras da estrada autonómica PO-363 en Redondela nos orzamentos do 2021?
3. Por que o Goberno galego non incluíu as obras da estrada autonómica PO-363 en Redondela nos orzamentos do 2022?





Pazo do Parlamento, 29 de xuño do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 29/06/2022 10:29:05

Patricia Otero Rodríguez na data 29/06/2022 10:29:12

Eduardo Ojea Arias na data 29/06/2022 10:29:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES A Sardiñeira é un instituto situado no barrio dos Mallos da Coruña. A súa matrícula achégase aos 600 alumnos e alumnas, aínda que se trata dunha cifra altamente fluctuante á vista das continuadas derivas de matrícula tardía e obrigatoria dirixidas cara a este centro educativo pola propia Consellería de Educación.

O IES A Sardiñeira ten adscritos centros de primaria que contan con liñas reducidas de educación primaria: CEIP Rosalía de Castro, CEIP Xosé Cornide, CEIP Wenceslao Fernández Flórez e CPR Karbo.

Consecuentemente, a matrícula que achegan estes colexios en 1º ESO, que conta con 3 liñas, é de entre 45 e 50 alumn@s cada curso, polo que resta entre o 40 e o 50% das prazas sen cubrir.

Esta dispoñibilidade de prazas vacantes en 1º ESO é empregada de forma recorrente, ao longo de todo o curso, pola Administración educativa para matricular alumnado procedente de escolarización tardía, por causa da emigración procedente do estranxeiro, ou derivado doutros centros por causa de comportamentos disruptivos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No seu conxunto, este alumnado, de forma maioritaria, presenta unha casuística moi complexa relativa ás súas circunstancias persoais, familiares, sociais, culturais e académicas.

Por unha banda, en moitas ocasións o equipo directivo e o profesorado se enfrontan a alumnado que presenta un gran desfase curricular, descoñece as linguas oficiais do noso territorio ou incluso outras linguas do currículo escolar ou próximas xeograficamente.

Por outra, estamos ante un perfil de alumnado absentista, vulnerábel, con condutas disruptivas e ningún interese académico provocado polas severas deficiencias académicas.

Esta complexa situación socioeducativa, que non deixou de medrar exponencialmente ao longo dos dous últimos cursos en absoluto se ve compensada co reforzo de profesorado que permita atender de forma máis individualizada este alumnado para favorecer a súa inclusión nin tampouco do cadro de persoal especialista en necesidades educativas; neste sentido, o IES A Sardiñeira só conta con unha orientadora e unha profesora de Pedagogía terapéutica.

Estas circunstancias provocaron no curso agora rematado 2021-2022 un preocupante aumento da conflitividade e dos problemas de convivencia tanto dentro como ás portas do centro, ao que non é allea a contorna social do barrio.

Algúns datos ilustran esta aseveración:

1- O alumnado procedente de escolarización extraordinaria durante o curso 2021-2022 no presente curso duplicouse en relación ao curso anterior.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2- Durante o curso 2021-2022 a comunidade escolar do centro veu confirmando que a convivencia no centro se viu moi afectada pola actitude disruptiva dunha parte importante do alumnado, mesmo presentando condutas gravemente prexudiciais para a convivencia escolar, e cunha moi significativa porcentaxe nos cursos de 1º ESO.

Outra consecuencia desta situación é que unha ratio de alumnado moi baixa está chegando a cursar bacharelato (ao redor dun tercio), coas conseguíntes consecuencias limitadoras que isto provoca á hora de ofertar itinerarios e materias optativas.

Paralelamente a esta situación de deterioro socioeducativo do centro derivada da baixa demanda de matrícula en 1º ESO, estase a producir outra que implicaría acrecentamento do alumnado.

Estamos a nos referir ao interese por matricular no IES A Sardiñeira os seus fillos e fillas familias que residen no barrio do Novo Mesoiro, en cuxo CEIP, de crecente creación, están a cursar a educación infantil e primaria e adscrito ao IES Elviña, que se encontra moi superado e sen prazas de matrícula dispoñíbeis.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como explica o goberno o elevado acrecentamento de matrícula obrigatoria que está a derivar de forma tan concentrada ao IES A Sardiñeira da Coruña?
- É consciente a Xunta do informe de convivencia do curso 2021-2022? Que valoración fai?
- Que medidas prevé implementar o goberno de cara ao curso 2022-2023 para axudar a reducir esta distorsión e colaborar coa comunidade educativa do IES A





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sardiñeira para favorecer o clima de convivencia e, polo tanto, de maior garantía de éxito do proceso de ensino-aprendizaxe?

- É coñecedor o goberno do interese das familias que viven no barrio de Novo Mesoiro en matricular os seus fillos e fillas no IES A Sardiñeira?

- Está a valorar esta demanda?

- Está disposta a Xunta a atender esta petición ampliando a dobre adscrición do CEIP do barrio ao IES Elviña e mais ao IES A Sardiñeira?

- Vai favorecer a Xunta a mobilidade deste alumnado ao IES A Sardiñeira a través dunha nova liña de autobús ou adaptando algunha das dúas existentes?

- Que compromiso de excelencia educativa garante a Xunta para coa veciñanza de Novo Mesoiro?

- Que compromiso de excelencia educativa garante a Xunta para coa comunidade educativa do IES A Sardiñeira?

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 29/06/2022 10:58:18

Daniel Castro García na data 29/06/2022 10:58:22

Mercedes Queixas Zas na data 29/06/2022 10:58:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazo, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a vulneración de dereitos fundamentais das traballadoras e traballadores da CRTVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vén de facerse firme a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) que condenou a Corporación da Radio e Televisión públicas de Galiza (CRTVG) pola vulneración de dereitos fundamentais dun dos seus traballadores ao que sancionou como represalia pola súa participación nas mobilizacións dos Venres Negros.

O fallo xudicial fíxose firme ao desistir a CRTVG de recorrer diante do Tribunal Supremo e supón un feito de enorme relevancia pois a xustiza sinala que se vulnerou o dereito á liberdade de expresión e información do traballador como consecuencia da súa implicación en Defende a galega.

É gravísimo que se condene unha administración ou empresa pública pola vulneración de dereitos laborais pero aínda é máis grave ao se tratar da violación do dereito á liberdade de expresión nun medio de comunicación.

Porén, esta non é a única sentenza xudicial que nos últimos anos condena a CRTVG, súmase a outros fallos relativos á vulneración do dereito á folga do cadro de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoal, das mulleres no caso das folgas feministas do 8 de marzo; por despedimentos improcedentes ou a contratación irregular de traballadoras e traballadores.

Todo isto, alén do incumprimento reiterado e absolutamente consciente por parte da Corporación da Lei 9/2011 de medios audiovisuais públicos de Galiza no relativo á aprobación do Estatuto profesional, a creación do Consello de informativos e a sinatura dos contrato-programa.

Todo durante o mandato nos últimos 13 anos baixo a batuta dun Director Xeral que se mantén no cargo á marxe do disposto na propia lexislación.

Este panorama, desde calquera punto de vista inadmisíbel nun sistema democrático da máxima calidade, urxe medidas contundentes e claras en favor da liberdade nos medios públicos e dos dereitos do seu cadro de persoal.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a violación de dereitos fundamentais pola CRTVG?

. Vai adoptar algunha medida o Goberno galego diante desta situación e para defender os dereitos das traballadoras e traballadores públicos da Corporación?

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/06/2022 12:13:22

Iria Carreira Pazos na data 29/06/2022 12:13:27

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/06/2022 12:13:39

Olalla Rodil Fernández na data 29/06/2022 12:13:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como todos os anos a Valedora do Pobo trae o seu informe de actividade anual ao Parlamento no que se recollen as múltiples queixas que a esa institución chegan. Este ano como moitos anteriores unha parte destas queixas versan sobre as múltiples desigualdades e prexuízos que sofre as mulleres polo mero feito de selo.

Quero sinalar que unha delas refírese a unha denuncia presentada por unha traballadora que querendo incorporarse á actividade agraria, quedou sen a correspondente axuda por non poder xustificar a súa condición de asalariada ao ter o seu contrato suspendido por mor dos riscos para o embarazo, maternidade e riscos para a lactación.

Esta muller solicitou unha axuda para a súa incorporación á actividade agraria, como moza que era, ao abeiro das axudas que dan apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas cofinanciadas polo fondo Europeo de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galiza 2014-2020. Solicitude que lle foi aprobada concedéndolle unha subvención a tanto alzado de 50.000€ tal e como recolle o informe da Valedora.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No momento en que solicita o segundo pago das axudas, o Servizo Territorial de Explotacións Agrarias de Lugo informa de que a persoa beneficiaria incumpre o requisito de ter a condición de agricultora profesional, xa que aínda que está como autónoma na actividade agraria de explotación de gando bovino o seu informe de vida laboral indica que está a traballar a tempo completo por conta allea. Iníciase pois un procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da axuda pendente de pagamento e solicitarlle a devolución ou reintegro da axuda percibida.

Malia que esta muller informou á Consellería de que, dada a súa situación de maternidade que levaba á suspensión de contrato para a protección do seu embarazo, maternidade e lactación, non podía cumprir cos requisitos debido a unha cuestión meramente administrativa que era estar en situación de suspensión de contrato, polo que pedía a prórroga dun ano para a súa incorporación, a Consellería fixo ouvidos xordos e non implementou ningún mecanismo para dar protección e seguridade xurídica a unha muller que non lle podía facer fronte aos requisitos polo mero feito de selo.

Isto en si mesmo é suficientemente grave, porque se non quedou claro, debemos incidir en que isto ao seu marido non lle acontecería ante a súa paternidade, pero máis grave é que a Consellería rexeitara o requirimento da Valedora de incluír a perspectiva de xénero nas bases para a concesión de subvencións para evitar que estas situación se volvan repetir.

Isto demostra unha severa falta de compromiso da Xunta coa igualdade de xénero, e demostra tamén o confinamento da igualdade á secretaría de igualdade e se a situación e a intención non se corrixe moito nos tememos que o Estatuto das mulleres do rural non vai resolver os graves problemas que sufrimos as mulleres no rural.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que mecanismos vai poñer en funcionamento a Xunta para evitar as discriminacións flagrantes que sofren as mulleres no acceso as axudas públicas, nomeadamente no rural?

A Secretaría xeral de igualdade revisará as bases das convocatorias públicas propias ou cofinanciadas por fondos europeos co fin de evitar os sesgos desigualitarios de cara ás mulleres do rural?

Como valora a Xunta a responsabilidade de dar seguridade xurídica a esta persoa que claramente foi discriminada e prexudicada por falta de estrito cumprimento da lei?

Que medidas van tomar de cara as convocatorias do futuro PDR ou ás potenciais prórrogas deste?

Traslada o Sr Conselleiro no Consello Interterritorial do MAPA, en virtude da transversalidade das políticas de igualdade de xénero das que presumen, a necesidade de facer un traballo estatal a prol de garantir os mesmos dereitos para as mulleres e homes que traballan no rural?

Parécelles que o uso de fondos públicos para dar axudas ás persoas emprendedoras merece facerse en escrupulosos termos de igualdade?

Se isto efectivamente fora así, pasarían situacións como esta?

Consideran que esta muller sofre varias discriminacións sumatorias, a de ser muller, a de ser muller no rural, a de ser muller nai,...?

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 29/06/2022 12:51:59

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/06/2022 12:52:02

María del Carmen Aira Díaz na data 29/06/2022 12:52:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as consecuencias sociais da alza de prezos e as medidas que ebe adoptar a Xunta de Galiza para rescatars as persoas con menores ingresos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Lonxe de minorar, a crise económica provocada pola suba dos prezos continúa agravándose. Segundo os últimos datos publicados e á espera de que saian as cifras desagregadas para Galiza, a inflación atinxiu o 10,2% no conxunto do Estado español no mes de xuño, a máis elevada desde 1985.

Se reparamos na inflación subxacente, é dicir, retirando do cálculo o prezo da electricidade e os carburantes, o incremento non é menor situándose no 5,5% en comparativa anual. Un auténtico disparate que empobrece de maneira xeneralizada o conxunto da sociedade pero que golpea con total dureza as capas máis vulnerábeis.

No noso país xa víñamos padecendo un incremento do custe da vida superior á media estatal o que supón un prexuízo aínda maior se temos en conta que as galegas e galegos contamos cuns dos salarios e das pensións máis baixas do estado.

Malia a gravísima situación económica e social derivada desta conxuntura económica, a Xunta de Galiza non adoptou nin unha soa medida no marco das súas competencias para rescatar os sectores sociais e económicos máis prexudicados.

A respecto das políticas sociais, o Goberno galego:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Non incrementou o complemento autonómico das Pensións Non Contributivas que mantén conxelado desde hai máis dunha década.

- Non incrementou as contías das prestacións económicas de carácter autonómico (RISGA e AIS)

- Non modificou a lexislación vixente para facer compatíbel a RISGA e o IMV cos prexuízos que ocasionou para milleiros de persoas beneficiarias

Esta inacción por parte da Xunta de Galiza deixa aos pés dos cabalos a parte máis vulnerábel da sociedade galega nun contexto socioeconómico que non vai mellorar no inmediato.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Por que, no contexto actual dunha profunda crise económica provocada pola inflación desbocada, a Xunta de Galiza aínda non arbitrou nin unha soa medida de carácter social para minorar os efectos sobre a poboación máis vulnerábel?

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 29/06/2022 13:22:01

María Montserrat Prado Cores na data 29/06/2022 13:22:04

Olalla Rodil Fernández na data 29/06/2022 13:22:11



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa escrita**.

A entidade pública de Portos de Galicia, conforme aos artigos 1, 2 e 4 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de portos de Galicia, ten entre os seus obxectivos básicos, a integración dos portos no entorno municipal e social dinamizando a actividade portuaria e cultura do mar, e en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

Os accesos e adecuación do tránsito así como o uso público na zona portuaria supoñen tamén un efecto positivo para o contorno urbano inmediato ao porto, polo que reverten positivamente tanto no ente público de Portos de Galicia como no Concello de Poio.

Actualmente a superficie da explanada anexa ao peirao da Canteira estaba aberta ao público o que permite a ordenación do tráfico permitindo a finalidade de estacionamento libre así como a parada de autobuses.

O Concello consciente do aumento de poboación que se produce no verán iniciou unha solicitude de concesión demanial de terreos en dominio público portuario para a creación de novos espazos de estacionamento. Este trámite foi remitido a inicios do presente ano a Portos de Galicia cos informes urbanísticos pertinentes, sen que a día de hoxe teñan autorización para o inicio das obras que asumirá na súa totalidade o Concello.

Non poder executar este aparcamento fai que non se poida dispoñer de 25 prazas.

Actualmente a tres días de comezar a tempada estival, Portos pecha o acceso á Canteira así como a explanada para acopio de material para unha obra que vai executar Augas de Galicia.

Esta decisión e peche faise nos peores meses do ano e producindo graves prexuízos ao sector, aos establecementos, á veciñanza e visitantes.





Este peche tamén terá graves consecuencias sobre o tráfico na PO308, colapsando o tránsito nese tramo.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Como xustifica este goberno a decisión de acopiar as obras do emisorio en plena tempada estival na turística parroquia de Combarro?

Pazo do Parlamento, 29 de xuño de 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/06/2022 17:21:01

Patricia Otero Rodríguez na data 29/06/2022 17:21:11

Julio Torrado Quintela na data 29/06/2022 17:21:23



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa escrita**.

A entidade pública de Portos de Galicia, conforme aos artigos 1, 2 e 4 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de portos de Galicia, ten entre os seus obxectivos básicos, a integración dos portos no entorno municipal e social dinamizando a actividade portuaria e cultura do mar, e en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

Os accesos e adecuación do tránsito así como o uso público na zona portuaria supoñen tamén un efecto positivo para o contorno urbano inmediato ao porto, polo que reverten positivamente tanto no ente público de Portos de Galicia como no Concello de Poio.

Actualmente a superficie da explanada anexa ao peirao da Canteira estaba aberta ao público o que permite a ordenación do tráfico permitindo a finalidade de estacionamento libre así como a parada de autobuses.

O Concello consciente do aumento de poboación que se produce no verán iniciou unha solicitude de concesión demanial de terreos en dominio público portuario para a creación de novos espazos de estacionamento. Este trámite foi remitido a inicios do presente ano a Portos de Galicia cos informes urbanísticos pertinentes, sen que a día de hoxe teñan autorización para o inicio das obras que asumirá na súa totalidade o Concello.

Non poder executar este aparcamento fai que non se poida dispoñer de 25 prazas.

Actualmente a tres días de comezar a tempada estival, Portos pecha o acceso á Canteira así como a explanada para acopio de material para unha obra que vai executar Augas de Galicia.

Esta decisión e peche faise nos peores meses do ano e producindo graves prexuízos ao sector, aos establecementos, á veciñanza e visitantes.



Este peche tamén terá graves consecuencias sobre o tráfico na PO308, colapsando o tránsito nese tramo.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Como xustifica este goberno a decisión de acopiar as obras do emisario en plena tempada estival na turística parroquia de Combarro?
- 2.^a) Ten previsto este goberno permitir ao concello de Poio a construción do aparcadoiro no paseo as Redeiras?
- 3.^a) Tivo en conta este goberno o prexuízo que esta medida vai causar ao turismo e á veciñanza?

Pazo do Parlamento, 29 de xuño de 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/06/2022 17:21:48

Patricia Otero Rodríguez na data 29/06/2022 17:22:08

Julio Torrado Quintela na data 29/06/2022 17:22:20



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Hospital da Barbanza leva anos sufrindo unha situación de precariedade laboral que se fai insostible e que está a afectar -e aínda o fará máis de non se atopar unha resposta inmediata- a calidade asistencial do servizo, tal e como denunciou moi recentemente o seu persoal facultativo especialista, que reclama a cobertura inmediata e axeitada das diversas incidencias laborais que se presentan neste centro, así como o correcto dimensionamento do seu cadro de persoal.

Nesa denuncia pública poñían de manifesto o déficit de persoal para gardas de presenza, localizadas e segundas localizadas, con servizos nos que o número de facultativos é inferior ao necesario para cumprir a normativa de 48 horas semanais.

Denunciaban ademais, entre outras moitas disfuncións, que persoal especialista con praza fixa ou interinos nese centro está traballando no CHUS sen que a súa vacante sexa cuberta ou que en tres anos o número de internistas do hospital pasase de 14 a 7. A respecto disto, as e os internistas advirten que a grave situación que sofre na actualidade este hospital se vai agravar no verán como consecuencia da cada vez maior falla de facultativos nos centros de saúde.

Hai que lembrar así mesmo que a falla de profesionais médicos provocou xa en maio o peche das consultas de medicina interna, sen data previsible para a súa reapertura a causa desa falla de persoal.

Diante desta situación, o Grupo Socialista entende e fai súas as demandas dos e das profesionais do hospital da Barbanza acerca dun correcto dimensionamento do seu cadro de persoal e da necesaria protocolarización da organización das horas de traballo.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1^a) Considera a Xunta de Galicia que o cadro de persoal do Hospital do Barbanza está correctamente dimensionado?



2ª) Como valora a carga de traballo que está a asumir o persoal facultativo especialista dese hospital?

3ª) Como valora que un facultativo dun servizo teña que realizar 15 gardas ao mes debido á falla de persoal no servizo?

4ª) Considera a Xunta de Galicia que o persoal facultativo do hospital da Barbanza debe gozar do seu período de vacacións?

5ª) Cre que se está a ofrecer unha axeitada calidade asistencial cando as baixas do persoal se cobren de maneira precaria e intermitente con persoal do CHUS?

6ª) Como valora que os e as profesionais de medicina interna no hospital da Barbanza atendan algúns días a 20 doentes cando a ratio recomendada é de 8?

7ª) Como valora que nos servizos unipersoais non se cubran as baixas deixando así sen atención esa especialidade?

Pazo do Parlamento, 30 de xuño de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 30/06/2022 10:35:36

Julio Torrado Quintela na data 30/06/2022 10:35:49

Marina Ortega Otero na data 30/06/2022 10:36:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste 2022 estamos a sufrir unha seca que se arrastra dende o ano pasado e que se vía vir porque os avisos e medicións de reservas de auga así o denotaron.

Na comarca de Lemos a seca é máis acuciante se iso é posible e aínda contando co embalse de Vilasouto que da auga para consumo doméstico e regadío ao Val non é suficiente para garantir o regadío dos cultivos profesionais e das hortas particulares.

A Pobra de Brollón, Pantón, Monforte, Sober, Bóveda, moitos veráns vense na obriga de priorizar os usos da auga, afectando isto ao decurso da vida normal para os habitantes destes concellos que ven como a falta de auga deteriora os campos de deporte, poden ter dificultades para encher as piscinas municipais, regar hortas particulares ou manter as zonas axardinadas.

Parece que o cambio climático garante a existencia de períodos de seca e choivas incontrolables cada vez con máis frecuencia haberá que estar preparados para facerlle fronte a estas eventualidades, en cambio estase perdendo a oportunidade de preparase para facerlles fronte.

Xa non se está a falar de facerlle fronte a poñer en produción a Superficie agraria útil do Val de Lemos para incrementar a produción de cereal que nos poña un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

paso máis preto da soberanía alimentar, estamos a falar da supervivencia dos concellos afectados.

É imprescindible o deseño das medidas necesarias para atender estas emerxencias hídricas e climáticas que comprometen o normal discorrer das vidas das persoas que habitan nos concellos afectados pola escaseza de auga.

Moitos anos no verán concellos desta zona son abastecidos con cisternas de auga recollidas nas zonas de captación do concello de Monforte, sen que haxa suficiente planificación para facerlle fronte a estas eventualidades, dado que as canles polas que discorren estas captacións de auga para rego están en mal estado e sofren importantes perdas de caudal.

Ata o de agora as distintas administracións están pasando a pelota de unhas a outras, o goberno do estado e a confederación hidrográfica di que actuarán a petición da comunidade de regantes do val de lemos, que descoñecemos ata que punto é consciente das súas potencialidades, a Xunta de Galiza inhíbese dado que considera que isto xa non é responsabilidade súa, tal e como informou a Directora do Agader en sede parlamentar.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai o goberno da Xunta a tomar as medidas necesarias para garantir o abastecemento de auga potable e non potable para os diversos usos tradicionais na comarca de Lemos?

Teñen previsto intermediar coa CHMS para que se saneen as infraestruturas de regadío e polo tanto poidan abastecer as súas zonas de influencia para regadíos non profesionais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Teñen un plan que permita afrontar a actual ou futura insuficiencia do embalse de Vilasouto para darlle abastecemento ó regadío profesional e particular?

Teñen algún outro plan para abastecemento de auga potable ós concellos da comarca no caso de escaseza hídrica severa que afecte tamén á auga retida no embalse?

Van facer dende Augas de Galiza algunha planificación a respecto de dotar de suministro público de auga ás parroquias do Val de Lemos, que vaia máis alá de financiar a construción de traídas para o suministro de xeito ocasional e "aleatorio" a algunhas parroquias sen criterio coñecido?

Consideran vostedes que a xestión das augas en canto a subministro e saneamento está sendo adecuada?

Pensan que a nova lei integral da auga vai resolver as necesidades da poboación do interior rural en canto a subministro de auga potable?

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/06/2022 12:08:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 30/06/2022 12:08:05



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Noa Díaz Varela, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de condenar e confirmar o fallo do Xulgado do Social número 1 de Santiago contra a Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) por vulnerar a liberdade de expresión e sancionar a un dos seus traballadores “pola súa participación activa nos Venres Negros”. Na sentenza que xa é firme, non só se anula a sanción imposta contra o traballador Carlos Jiménez senón que recolle a obriga de indemnizar ao locutor con 6.251 euros “por danos e prexuízos por vulneración de dereitos fundamentais”. O alto tribunal considera probado que se abriu expediente sancionador contra o traballador e delegado sindical por participar nas protestas que cada semana protagonizan as traballadoras e traballadores da TVG E Radio Galega contra a manipulación informativa nos medios públicos.

Esta sentenza confirma a denunciada persecución das e dos responsables da CRTVG contra as e os traballadores do medio. Carlos Jiménez, sancionado con 9 días de emprego e soldo viu conculcados os seus dereitos fundamentais e con esta decisión xudicial temos diante de nos a primeira sentenza e a confirmación dun feito tan grave como que existen represalias por defender a imparcialidade informativa e a pluralidade”.

O 2 de marzo, o tribunal deu a razón a unha redactora á que a compañía vulnerara os seus dereitos ao negarlle a posibilidade de ter un horario laboral de 9.45 h a 17.15 h para conciliarlo coas horas de entrada e saída das súas fillas menores do colexio, unha condena esta por vulnerar os dereitos fundamentais dunha traballadora por razón de sexo.

A lista continúa e é por desgraza longa así que ademais da enorme gravidade pola continua vulneración dos dereitos fundamentais das e dos traballadores cómpre lembrar tamén entre outras cuestións que estes procedementos xudiciais representan unha cuantiosa cantidade de diñeiro público polas custas procesuais,



honorarios de avogados e polas contías que debe asumir a Corporación por indemnizacións, salarios atrasados e danos morais. Só ao longo do último ano, de maio de 2021 a maio de 2022, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ten emitido desde finais de maio de 2021 ata hoxe máis dunha ducia de condenas contra a CRTVG por vulneración de dereitos fundamentais, despedimentos improcedentes e contratación irregular de traballadores.

Por outra banda, en novembro de 2021 cumpríronse dez anos desde que este Parlamento aprobou a Lei 9/2011 de medios públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia. O seu incumprimento sistemático nesta década é algo que temos denunciado reiteradamente desde este Grupo Parlamentario, por parte dos sindicatos e moitas e moitos profesionais da CRTVG, así como desde outras entidades como a Federación Europea de Xornalistas. Unha década, na que se seguen sen aplicar preceptos da lei coma a elección do director xeral por $\frac{2}{3}$ do Parlamento ou a creación do Consello de Informativos e do Estatuto Profesional.

Os traballadores e traballadoras cumpriron este venres 18 de marzo duascenas xornadas de protestas do movemento Venres Negros contra a manipulación informativa. A representación legal dos traballadores e traballadoras leva anos denunciando a progresiva deterioración da estrutura territorial da CRTVG, cun baleirado continuo de persoal que non pretende máis que relegar estes centros fundamentais á insignificancia.



A decisión de suprimir as desconexións informativas locais esta temporada privou á cidadanía da posibilidade de recibir en galego a información do que acontece na súa contorna máis inmediata, debilitando ademais unha das principais fortalezas que distinguiu á CRTVG dos seus competidores: a capacidade de atender informativamente todo o país grazas ao despregue territorial que ten a Corporación a través das delegacións que continúan abertas na Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

Asemade, son coñecidos os lamentables episodios protagonizados en distintos espazos da CRTVG arredor da ausencia absoluta da necesaria perspectiva de xénero e a obrigada responsabilidade de velar pola igualdade . A reiteración de contidos machistas, de cosificación das mulleres é inxustificable e o desleixo da dirección arredor da repetición destes episodios e a falta de reacción e polo tanto dun compromiso real por parte da Dirección obriga tamén a esixir responsabilidades ao máis alto nivel.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se condena á Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) por vulnerar a liberdade de expresión e os dereitos fundamentais dun dos seus traballadores?

Pazo do Parlamento, 30 de xuño do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36589
Data envío: 30/06/2022 15:18:26.567

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 30/06/2022 15:16:03

Noa Susana Díaz Varela na data 30/06/2022 15:16:11

Paloma Castro Rey na data 30/06/2022 15:16:24

Pablo Arangüena Fernández na data 30/06/2022 15:16:35

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-ewA98mgQ-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e das Terras do Mandeo foi constituída en 2013 e abarca 17 concellos da provincia da Coruña, cunha superficie de 113.970 hectáreas. Dela, só están teoricamente protexidas as 1.020 hectáreas da ZEC Betanzos-Mandeo, e as 350 da ZEC Costa de Dexo. Se engadimos algún ENIL, en total está teoricamente protexido menos do 2 % da superficie da reserva. Algunhas das citadas áreas coinciden con zonas núcleo da reserva, que son as que segundo a configuración deste tipo de reservas da UNESCO teñen como función principal a conservación, pero que, no caso desta reserva, lonxe de seren conservadas, están sometidas a todo tipo de agresións e carecen de calquera figura de protección. En concreto, as zonas núcleo máis extensas, que son as radicadas en torno ás Brañas do Deo e á Serra da Cova da Serpe, están sendo intensamente eucaliptizadas e tramítanse sobre elas varios proxectos eólicos, carecendo de calquera tipo de protección, do mesmo xeito que o resto da superficie da reserva que non forma parte da Rede Natura 2000, é dicir, máis do 98 %.

En materia eólica, a situación chegou a tal punto que a presión de veciños e plataformas en contra dos 15 parques que se tramitan no territorio da reserva e a súa solicitude de amparo ante a Unesco implicou que o Consello científico do comité español do Programa MaB 2021 solicitase a ese comité a elaboración dun informe conxunto da afección dos proxectos de parques eólicos e instalacións fotovoltaicas a reservas da biosfera de todo o país, é dicir, a situación desta reserva transcendeu a todo o Estado.

Tamén destaca o deterioro das Brañas do Deo, onde se está tramitando un proxecto para plantar máis de 100 hectáreas de eucalipto en plena zona núcleo que, ademais, foi proposta para formar parte da ampliación da Rede Natura 2000 no ano 2011, que leva sendo postergada desde entón e que segundo o acordo do Parlamento de Galicia da Comisión 2ª acadado o 18 de maio de 2021 consonte a unha proposta do Grupo Parlamentario Socialista, xa debería estar finalizada.

Outro exemplo entre moitos da desprotección xeneralizada do medio ambiente dentro da reserva é a avaliación ambiental favorable que –pendente aínda a autorización ambiental integrada– recibiu recentemente unha macrogranxa



avícola radicada na reserva, no concello de Curtis, sen considerar sequera os seus impactos potenciais sobre a Rede Natura 2000. Ou a eucaliptización acelerada en zonas de Aranga nas que segundo o seu plan xeral non se poden plantar eucaliptos, que inclúe, por exemplo, unha extensa plantación desta planta no lugar de Portomoeiro, posterior á moratoria implantada pola Xunta, nunha zona húmida que debería estar conservada e non está nin sequera inventariada por parte da Xunta, ademais de invadir unha zona de mámoas nas que está prohibido realizar ese tipo de plantacións.

Por iso, os deputados e as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno de Galicia que a anomalía que implica a carencia de calquera tipo de réxime ou figura de protección nas zonas núcleo máis extensas da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e das Terras do Mandeo como son as Brañas do Deo e a Serra da Cova da Serpe pode poñer en risco o mantemento da designación da propia reserva da biosfera?

2ª) Considera o Goberno de Galicia que a total desprotección das dúas zonas núcleo máis extensas da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e das Terras do Mandeo é compatible coa definición desas zonas núcleo pola UNESCO como zonas dedicadas especialmente á conservación?

3ª) Vai o Goberno de Galicia implantar algún tipo de réxime ou figura de protección ambiental nas zonas núcleo máis extensas da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e das Terras do Mandeo que son as Brañas do Deo e a Serra da Cova da Serpe?

4ª) Vai o Goberno de Galicia evitar calquera tipo de impacto ambiental e en particular a eucaliptización e a implantación de proxectos eólicos sobre as zonas núcleo máis extensas da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e das Terras do Mandeo que son as Brañas do Deo e a Serra da Cova da Serpe?

5ª) Como avalía o Goberno de Galicia a evolución desde o punto de vista ambiental da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e das Terras do Mandeo case 10 anos despois da súa implantación?

Pazo do Parlamento, 30 de xuño de 2022





Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 30/06/2022 16:52:16

Paloma Castro Rey na data 30/06/2022 16:52:31

Patricia Otero Rodríguez na data 30/06/2022 16:52:43

Eduardo Ojea Arias na data 30/06/2022 16:53:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de que a Xunta rectifique a súa decisión de recorte da vía de Música e Artes Escénicas, da Modalidade do Bacharelato de Artes no IES O Carril de Vilagarcía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Educación vén de anunciar, a través da inspección educativa, o recorte da vía de Música e Artes Escénicas, da Modalidade do Bacharelato de Artes no IES O Carril de Vilagarcía.

Esta decisión conta coa oposición do Claustro de profesorado e o Consello Escolar, que consideran que esta decisión carece de xustificación posíbel, posto que o IES O Carril sempre tivo alumnado interesado nestas ensinanzas e ademais o centro conta con profesorado con dispoñibilidade horaria para continuar con esta oferta.

Este recorte é especialmente grave, xa que o centro é pioneiro neste bacharelato, e o único IES da comarca do Salnés e do Barbanza con oferta educativa nas dúas vías da modalidade de Artes tendo sempre alumnado, recursos (dispón do Auditorio Municipal de Vilagarcía, con prioridade, para calquera actividade ou representación necesaria relacionada con esta vía) e profesorado con dispoñibilidade horaria e traballando no centro desde o curso 2011/12.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o primeiro momento contou -e conta- con alumnado, recursos e profesorado. É referente para a contorna da ría de Arousa, con moita vinculación á cultura musical e escénica. Son centos @s cativ@s, moz@s que actualmente están vinculados en distintos niveis e graos a algunha ensinanza regrada, ou non, deste ámbito. Desde o Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía, ás Escolas Municipais de Música de Vilagarcía, Catoira, Vilanova, Cambados, Illa de Arousa, Valga, pasando por Escolas de Música, Danza e Arte Dramático de Vilagarcía, Cambados, O Grove, Boiro.... e mesmo asociacións de música tradicional ou Bandas e Orquestras

O Partido Popular, na súa folla de ruta de deterioro do ensino público, somete continuamente aos centros públicos á presión dos recortes, tentando cada ano ir diminuindo a súa oferta. É máis que evidente a intención da Xunta de limitar a oferta de materias e estas modalidades. Xa non é que non amplíe a oferta a máis centros e garantir que o alumnado da comarca do Salnés teñan acceso a esta modalidade de bacharelato, senón que pretende recortar a escasa oferta existente.

O BNG súmase ás demandas da comunidade educativa, e por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Por que tomou a Xunta a decisión de recortar a oferta do Bacharelato de Artes no IES O Carril?

. Cal é a xustificación, xa que este centro educativo conta coa demanda, recursos humanos, materiais e de espazos suficientes?

. Por que se empeñan en deteriorar o ensino público?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Coida que o alumnado do Salnés non ten dereito nin sequera a un centro educativo na comarca no que se impartan as dúas liñas de bacharelato de artes, (música e artes escénicas)?

. Vai atender as demandas da comunidade educativa e rectificar e polo tanto manter as dúas modalidades que se viñan impartindo dende o curso 2011/2012, música e Artes escénicas?

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/06/2022 17:31:07

María Montserrat Prado Cores na data 30/06/2022 17:31:10



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 28574**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o desdoblamento do centro de saúde da Milagrosa en Lugo”**, (publicada no BOPG número 267 do 31 de xaneiro de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A construción do Centro Integral de Saúde de Lugo no barrio da Residencia suporá unha relevante mellora para a asistencia sanitaria e a Atención Primaria no Área de Lugo, posto que non só se trata dun novo centro de saúde, senón tamén dun novo Punto de Atención Continuada con máis superficie e novo, ao igual que a nova base medicalizada do 061. O seu desenvolvemento fíxose por suposto en base a un Plan Funcional aprobado que determina as necesidades a cubrir.

En consecuencia desta mudanza na ordenación sanitaria da cidade, aprobouse tamén un plan funcional previsto para o centro de saúde do barrio da Milagrosa trala posta en marcha do CIS e trala propia obra de reforma integral do inmovible da Milagrosa. O contido deste plan funcional é coñecido a través do Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria, publicado na páxina web da Xunta (https://www.xunta.gal/plans-e-actuacions?content=/Portal-Web/Contidos/Actuacions/actuacion_0137.html&langId=gl_ES).





A reforma do centro de saúde da Milagrosa figura na fase 1 do dito Plan aprobado polo Consello da Xunta en outubro de 2021. Na diagnose do Plan priorizouse a necesidade desta reforma xa que este centro de saúde, de 48 anos de antigüidade, ocupa os espazos dun antigo sanatorio nun edificio de 4 plantas con problemas de accesibilidade e de funcionalidade e tamaño nos espazos asistenciais de consultas e salas.

Nese sentido, formulouse un plan funcional que prevé, dentro da reforma integral do centro, situar 6 consultas de medicina de familia, 6 de enfermería, 1 despacho de traballador social, 1 sala de toma de mostras, 1 sala de técnicas, 2 consultas de docencia e 2 salas polivalentes; ademais de espazos como almacén, sala de espera, aseos, zona de admisión, sala de estar do persoal, vestiarios, sala de xuntas, oficios...

Nos orzamentos deste ano 2022 dentro da partida de 4.203.320 para 'Reformas e melloras de centros de saúde' existen 2,6 millóns de euros para licitar as obras de reforma de centros de saúde que figuren na prioridade 1 do Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria adicando a cantidade de 500.000 euros ao Centro de Saúde de A Milagrosa.

A tal efecto, o Diario Oficial de Galicia de 21 de marzo publicou a encomenda que o Sergas fai á Axencia Galega de Infraestruturas para xestionar a redacción do proxecto e a execución das obras, atopándose neste momento en preparación os pregos para licitar a contratación do proxecto arquitectónico.

O novo centro de saúde da Milagrosa defínese en base ao devandito Plan aprobado, o cal non se pode realizar ata que o CIS se atope rematado. Aos responsables de



Atención Primaria da Milagrosa presentáronselles os distintos Plans Funcionais de ambos centros e visitouse con eles as obras do CIS.

Por suposto, a distribución das cotas respectará o dereito de libre elección de persoal médico que asiste a todos os pacientes do Sergas e evidentemente manterase unha comunicación e coordinación fluída co persoal da Milagrosa para determinar os criterios de decisión para trasladarse ó CIS”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2022 10:38:47
Nº Rexistro: 36519
Data envío: 29/06/2022 10:38:47.943

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/06/2022 10:38:37

CSV: BOPGDSPG-ewA98mgQ-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 31357**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e don Manuel Lourenzo Sobral, sobre **“os plans da Consellería de Cultura, Educación e Universidade respecto da modificación ou reordenación da oferta educativa en Chantada”**, (publicada no BOPG número 289 do 9 de marzo de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 31356 e na Comisión 4ª de data 13/05/2022; á que nos remitimos porque serviu para explicar a situación dos centros educativos de Chantada. No debate quedou de manifesto que, como paso previo a calquera decisión, se analiza a situación educativa antes de afrontar cambios na organización de centros para a oferta das ensinanzas de ESO e Bacharelato e de novos ciclos de FP aproveitando a existencia das instalacións educativas e a disposición de profesorado existentes.

O debate pode consultarse, co número de rexistro da iniciativa, na Mediateca da web do Parlamento de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2022 12:13:36
Nº Rexistro: 36583
Data envío: 30/06/2022 12:13:36.686

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/06/2022 12:13:33

CSV: BOPGDSPG-ewA98mgQ-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 31620**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade respecto da reconversión educativa de Chantada no vindeiro curso”**, (publicada no BOPG número 289 do 9 de marzo de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 31356 e na Comisión 4ª de data 13/05/2022; á que nos remitimos porque serviu para explicar a situación dos centros educativos de Chantada. No debate quedou de manifesto que, como paso previo a calquera decisión, se analiza a situación educativa antes de afrontar cambios na organización de centros para a oferta das ensinanzas de ESO e Bacharelato e de novos ciclos de FP aproveitando a existencia das instalacións educativas e a disposición de profesorado existentes.

O debate pode consultarse, co número de rexistro da iniciativa, na Mediateca da web do Parlamento de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2022 12:13:29
Nº Rexistro: 36582
Data envío: 30/06/2022 12:13:29.795

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/06/2022 12:13:26

CSV: BOPGDSPG-ewA98mgQ-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 33987**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do aumento de casos de agresións por odio contra as persoas do colectivo LGTBI e o grao de cumprimento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, no ámbito escolar"**, (publicada no BOPG número 313 do 28 de abril de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 32524 e debatida na Comisión 4ª de data 13/05/2022; á que nos remitimos porque serviu para:

- Unha reflexión conxunta respecto da idea de ser conscientes de que non se pode pretender que os centros educativos teñan a capacidade exclusiva para resolver todos os retos sociais dun mundo cada vez máis complexo e diverso.
- Por de manifesto que, a consellería competente en materia de educación non vai mirar cada outro lado ante os importantes retos sociais e de convivencia que marcan a sociedade actual. Unhas veces asumirá a tarefa de liderar e outras, simplemente, complementará ou apoiará o traballo doutros departamentos e da propia acción do conxunto da sociedade.
- Expresar que a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades está comprometida na loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de





xénero. De feito, impulsáronse medidas que teñen propiciado que os centros educativos de Galicia leven anos traballando de xeito transversal cuestións a igualdade, a coeducación, a non discriminación por identidade sexual, etc.; ata o punto de que o sistema educativo galego destaca pola súa tolerancia

- Tamén se deu conta de que o 96% dos centros educativos de Galicia contan xa cun Plan de Igualdade, no que recollen as medidas de acción positiva para abordar a promoción da igualdade entre mulleres e homes e para sensibilizar, previr e intervir fronte a violencia de xénero e a coñecida como 'LGTBifobia'.

O debate pode consultarse, co número de rexistro da iniciativa, na Mediateca da web do Parlamento de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2022 12:13:22
Nº Rexistro: 36581
Data envío: 30/06/2022 12:13:22.327

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/06/2022 12:13:18

CSV: BOPGDSPG-enwA98mgQ-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 34895**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para que o lugar de Boa en Noia cumpra as condicións de seguridade necesarias”**, (publicada no BOPG número 321 do 20 de maio de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A estrada autonómica AC-550, ao seu paso polo termo municipal de Noia, transcorre polos núcleos urbanos de Orro, Eiroa e Vilanova, así coma polo núcleo rural de Boa. Nos últimos anos o Concello de Noia remitiu diversas solicitudes sobre a posibilidade de habilitar novos pasos de peóns, ben por iniciativa propia ou ben por iniciativa da veciñanza. Estas solicitudes aténdense sempre e cando cumpran os requisitos fixados pola normativa aplicable, neste caso a Orde Circular 1/2008, de Sinalización Horizontal e Limitación de Velocidade en Treitos Urbanos e Pasos de Peóns, na que se establece que só poderán habilitarse pasos de peóns nos treitos urbanos nos que a velocidade de circulación na estrada non sexa superior a 50 km/h; que se cumpran as condicións de visibilidade de parada que se esixen no apartado 3.2. da Norma 3.1. IC para a velocidade de circulación na estrada; que o treito conte con beirarrúas; que sexa restrinxido o aparcamento no lateral da calzada 10 metros antes do paso, en cada un dos sentidos de circulación e que o paso conte con iluminación.

Indicar tamén que a existencia de pasos de peóns non mellora a seguridade viaria. A normativa de aplicación o que pretende é asegurar que a contorna da estrada sexa percibida polo condutor como unha zona de paso habitual de peóns. Nos supostos onde a dita normativa non se cumpre, lonxe de mellorar a seguridade viaria o que se consegue é empeoralala coa sinalización de pasos preferentes.

Deste xeito, nos puntos da estrada AC-550 nos que non se autorizan pasos de peóns é porque non se cumpre coa citada normativa. É máis, existían pasos de peóns instalados con anterioridade á OC 1/2008 con criterios que non se adaptaban á citada normativa e, a medida





que se van detectando, non se volven a pintar.

No que respecta especificamente aos dos puntos da AC-550 indicados nesta pregunta, hai que aclarar que o de Boa, no punto quilométrico 77+290, non é treito urbano e non dispón de beirarrúas en ambas marxes. Ademais, a iluminación non é suficiente.

No caso de Orro, indicar que no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas na Coruña recibíuse un escrito do Concello de Noia, no que remitía a solicitude dos veciños requirindo a sinalización de dous ou tres pasos de peóns á altura do punto quilométrico 70+100 da AC-550. Unha vez analizadas as condicións da estrada neste treito, informóuselle ao Concello que o punto que cumpre cos requirimentos da OC 1/2008 é o punto quilométrico 70+050, á altura da marquesiña. Así mesmo, indicóuselle que, para mellorar as condicións deste paso, é necesario que desde o Concello se realicen unha serie de actuacións encamiñadas a asegurar a seguridade dos usuarios do paso, para que conte cunhas condicións axeitadas de visibilidade e accesibilidade. Así, o Concello debe de realizar os rebaixes das beirarrúas para que o paso de peóns poida ser pintado. A Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Noia están en contacto para que este paso de peóns en Orro se materialice o antes posible”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2022 12:13:13
Nº Rexistro: 36580
Data envío: 30/06/2022 12:13:13.171

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/06/2022 12:13:08

CSV: BOPGDSPG-enwA98mgQ-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 35022**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os resultados das posibles inspeccións da Xunta no centro Mi Casa, en Pazos de Borbén”**, (publicada no BOPG número 324 do 27 de maio de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión abordouse no Pleno do Parlamento de Galicia na sesión do día 15 de xuño de 2022, a través dunha pregunta oral do Grupo Parlamentario do BNG con número de rexistro 35010 e que foi respondida pola conselleira de Política Social. Tamén se tratou este asunto na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego que tivo lugar o día 16 de xuño de 2022, por medio de dúas PNC presentada polos Grupos Parlamentarios do BNG e dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE), con números de rexistro: 35006 e 35021, respectivamente. En canto a esta pregunta escrita, informar de que no curso dos últimos cinco anos realizáronse visitas de inspección ao citado centro. En concreto, a inspección realizada no ano 2017 deu lugar ao inicio dun expediente por incumprimento da normativa coa imposición dunha sanción.

Os expedientes derivados das visitas posteriores están en tramitación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36444
Data envío: 27/06/2022 14:53:26.067

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/06/2022 14:53:23

CSV: BOPGDSPG-ewA98mgQ-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 35024**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os resultados das posibles inspeccións da Xunta no centro Mi Casa, en Pazos de Borbén”**, (publicada no BOPG número 324 do 27 de maio de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión abordouse no Pleno do Parlamento de Galicia na sesión do día 15 de xuño de 2022, a través dunha pregunta oral do Grupo Parlamentario do BNG con número de rexistro 35010 e que foi respondida pola conselleira de Política Social. Tamén se tratou este asunto na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego que tivo lugar o día 16 de xuño de 2022, por medio de dúas PNC presentada polos Grupos Parlamentarios do BNG e dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE), con números de rexistro: 35006 e 35021, respectivamente.

En canto a esta pregunta escrita, informar de que no curso dos últimos cinco anos realizáronse visitas de inspección ao citado centro. En concreto, a inspección realizada no ano 2017 deu lugar ao inicio dun expediente por incumprimento da normativa coa imposición dunha sanción.

Os expedientes derivados das visitas posteriores están en tramitación.

Tras a presentación da denuncia o pasado día 4 de maio, o persoal inspector de servizos sociais realizou unha visita ao centro o día 5 de maio; e na acta redactada requiríuselle á entidade titular a emenda das deficiencias atopadas.





Dentro do prazo concedido ao efecto, a entidade contestou ao requirimento manifestando que tiña emendadas parte das deficiencias e estaban en proceso de emenda o resto.

O pasado día 25 de maio persoal inspector de servizos sociais e persoal inspector de Sanidade efectuaron sendas inspeccións ao centro para comprobar o cumprimento do requirido e os aspectos sanitarios respectivamente.

O expediente aberto con motivo da denuncia presentada continúa a súa tramitación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36443
Data envío: 27/06/2022 14:53:19.598

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/06/2022 14:53:14

CSV: BOPGDSPG-ewA98mgQ-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



MEMORIA DE SERVICIO PÚBLICO 2021





INTRODUCCIÓN	7
CAPÍTULO 1. As relacións laborais na CRTVG	25
1.1. Negociacións coa parte social	25
1.2. Renovación tecnolóxica. Sistema de información de RRHH	28
1.3. Seguridade e saúde laboral	29
1.4. Formación e selección	37
CAPÍTULO 2. Audiencias	41
2.1. Audiencias xerais das canles da CRTVG	43
2.2. Referencia informativa	46
2.3. Referencia para o entretemento	48
2.4. Conclusións	49
CAPÍTULO 3. Os servizos informativos da CRTVG	51
3.1. Informativos da Televisión de Galicia.....	55
3.2. Informativos da Radio Galega.....	58
3.3. #Cultura365.....	59
3.4. 'Galicia en xogo' e os deportes na TVG e na RG	63
CAPÍTULO 4. Os contidos e emisións da CRTVG.....	73
4.1. Programación televisiva	77
4.2. Emisións televisivas	90
4.3. Produción allea	94
4.4. Dobraxa e subtitulación	100
4.5. Programación radiofónica	101
4.6. Contidos dixitais	116
CAPÍTULO 5. Relación co sector audiovisual	125
5.1. Apoio ao sector a través do 6%	125
5.2. Proxectos aprobados no 2021.....	125
5.3. Relación global co sector audiovisual.....	126
5.4. Promoción e presenza exterior das producións galegas.....	127
CAPÍTULO 6. O desenvolvemento tecnolóxico.....	129
6.1. Desenvolvemento e posta en marcha do portal de Informativos G24.gal...	129
6.2. Sistema de realización automática multicámara para un estudio da RG....	130
6.3. Mesturadores de son dos estudos 1, 2 e 5.....	130
6.4. Mesturadores de vídeo dos estudos 1, 2 e 5, e equipamento auxiliar.....	131
6.5. Matriz Platinum IP3.....	131
6.6. Modernización do parque de receptores profesionais de satélite.....	131
6.7. Adquisición e Instalación dunha nova cámara web en Muxía.....	131
6.8. Salas de videoconferencia.....	132
6.9. Implantación novas redes sociais (Twitch).....	132
6.10. Ampliación das cabinas de almacenamento.....	133



CAPÍTULO 7 Canles dixitais	135
7.1. Datos estatísticos	136
7.2. Datos demográficos e xeográficos	137
7.3. Acceso a través de dispositivos	137
7.4. Canles principais de conversión	138
CAPÍTULO 8. Documentación e Arquivo da CRTVG	141
8.1. Obxectivos Arquivo no 2021	141
8.2. Atención externa	147
CAPÍTULO 9. Normalización lingüística	149
9.1. Adaptación a novas necesidades da Corporación	150
9.2. Equipo de asesores lingüistas	150
9.3. Principais cometidos	151
9.4. Colaboracións de normalización lingüística.....	152
CAPÍTULO 10. A Proxección Social da CRTVG	153
10.1. Responsabilidade Social Corporativa. #Accións G.....	153
10.2. Coordinación Creativa	157
10.3. Comunicación e relación co público	158
10.4. Igualdade e inclusión	159
10.5. Accións internacionais	165
10.6. Convenios, colaboracións e relación con FORTA.....	166
10.7. Premios e recoñecementos á CRTVG	168
CAPÍTULO 11. O control sobre a CRTVG	171
11.1. Consello de Administración da CRTVG	171
11.2. Funcionamento do Consello de Administración	174
11.3. Parlamento de Galicia.....	212
11.4. Outros organismos de control	216







INTRODUCCIÓN

O 1 de xaneiro de 2016 nacía a Corporación Radio e Televisión de Galicia, participada ao 100% pola Xunta de Galicia, despois de que o 4 de decembro de 2015 o *Diario Oficial de Galicia* publicara o decreto polo que se extinguía a entidade de dereito público Compañía de Radio-Televisión de Galicia, unificándose as tres entidades instrumentais existentes ata aquel momento (Compañía de Radio-Televisión de Galicia, Radiotelevisión Galicia, S.A. e Televisión de Galicia S.A.).

A creación da Corporación RTVG encádrase no novo marco regulamentario do sector da comunicación audiovisual, que parte da aprobación da Lei 7/2010, de 31 de marzo, xeral de Comunicación Audiovisual, a cal persegue adecuar a prestación do servizo público de comunicación audiovisual ás novas esixencias dun sector e un mercado cada vez máis innovador e que, por outra parte, non resultou alleo á crise económica.

A configuración do ente público aplica o establecido na Lei 9/2011 de Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, na que tamén se establecen os mecanismos de control correspondentes, como os procesos de rendición de contas que, con carácter anual, ten que seguir a CRTVG. Entre elas, a edición e presentación desta Memoria de Servizo Público que é primeiramente trasladada ao Consello de Administración da Corporación.

Por outra banda, o Mandato Marco da Corporación Radio e Televisión de Galicia, publicado no DOG o 29 de decembro de 2015, no seu artigo 7 de “Control polo Parlamento”, explicita que, de conformidade co previsto na Lei 9/2011, o Parlamento de Galicia desenvolverá as funcións de control da Corporación mediante, entre outras medidas, o control da xestión e do cumprimento da función de servizo público a través da Comisión Permanente non legislativa de Control da CRTVG.

A lei prevé a existencia dese Mandato Marco no que o Parlamento de Galicia reflicte os termos e criterios que definen, por un período de nove anos, as liñas básicas para a prestación do servizo que lle cómpre á CRTVG. Deste xeito, ese instrumento contén as indicacións suficientes como para informar da estratexia da Corporación.

O preámbulo dese Mandato Marco sinala como fundamental garantir que o servizo público de comunicación audiovisual de Galicia cubra as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade galega, e contribúa a preservar o pluralismo nos medios de comunicación, así como á normalización da lingua galega, ao reforzamento da identidade de Galicia, á promoción da cultura galega e ao impulso da súa industria audiovisual.



Todo isto coa finalidade de que a entidade prestadora se consolide como un instrumento eficaz de vertebración social, cultural e económica de Galicia, así como de promoción e dinamización da lingua galega.

Con ese obxectivo, a Lei 9/2011 encomenda á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG) a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, sometendo a súa actividade a unha serie de valores que emanan do respecto e da defensa dos principios que informan a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, e dos dereitos e liberdades que neles se recoñecen e garanten.

O Mandato Marco emanado do Parlamento é, polo tanto, a ferramenta estratéxica para a concreción do modelo de radio-televisión de Galicia e, en fin, para o cumprimento dos obxectivos xerais da función de servizo público da Corporación RTVG. A este respecto, merece especial atención o principio de eficiencia na prestación do servizo público da Corporación RTVG, orientado a cumprir coas exixencias de consolidación fiscal e estabilidade orzamentaria.

Á luz de todo o anterior, este Mandato Marco configúrase como o instrumento de orientación estratéxica para desenvolver o servizo público audiovisual de Galicia, adaptándoo aos cambios tecnolóxicos, económicos e de usos sociais que impoñen a evolución da sociedade da información e do coñecemento, as políticas audiovisuais europeas e nacionais, as directivas comunitarias de servizos audiovisuais e a Axenda Dixital 2020.

De conformidade co previsto na Lei 9/2011, o Parlamento de Galicia desenvolve as funcións de control da Corporación RTVG mediante a elección dos membros do Consello de Administración; a elección e, de ser o caso, a revogación do seu director; o coñecemento do informe anual; e o control da xestión e do cumprimento da función de servizo público a través da Comisión Permanente non lexislativa de Control da CRTVG.

Teimando no corpo normativo que rexe a actuación da Corporación, existe un Plan de Actuación xeral da CRTVG 2022-2023, que se atopa publicado no Portal de Transparencia do portal crtvg.gal e que traza as liñas de actuación estratéxicas da Corporación de cara ao futuro, unha vez superada a pandemia da covid-19 que afectou especialmente a actividade corporativa dos anos 2020 e 2021, obxecto desta memoria. O Portal de Transparencia recolle tamén o Informe de Seguimento Anual no que se detalla o grao de cumprimento das medidas, o que reflicte a proxección da actividade da Corporación.

Coa presente memoria preténdese ao tempo dar conta da execución do Mandato Marco da Corporación Radio e Televisión de Galicia, do que os principios inspiradores constitúen unha verdadeira guía da misión de servizo público encomendada á CRTVG.



Panorama dos medios de comunicación

A estratexia operativa dun medio de comunicación público debe definirse pola aliñación entre os retos e os obxectivos principais e pola capacidade de establecer mecanismos de medición fiables, automatizados e constantes que permitan verificar o grao de cumprimento de cada unha das liñas de actuación.

No caso da CRTVG, os catro grandes eixes sobre os que pivotará a estratexia da Corporación nos vindeiros anos céntranse nos aspectos produtivos, a súa misión de tracción dun sector en auxe, na adaptación aos novos modelos de produción e emisión e á correcta xestión de datos que permita establecer unha maior eficiencia na prestación do servizo.

Novos xeitos de producir información e comunicación

A CRTVG debe asumir na súa estratexia que a tecnoloxía actual permite converter calquera usuario en líder de opinión sen necesidade de utilizar os soportes que ata o de agora garantían unha cobertura importante dunha poboación. Os medios do século XX, coñecedores do seu lugar como segundo chanzo entre os acontecementos e a percepción dos mesmos, optaron por modelos de gardabarreiras que acabaron conformando as axendas dos temas que eran abordados por unha sociedade. Porén, a irrupción de xeito tan intenso das tecnoloxías de comunicación interpersonal provocou que os medios de comunicación perderan boa parte destas dúas funcións: a de seren líderes de opinión e a de estableceren axenda de temas a tratar por unha sociedade.

Atopámonos, pois, nun escenario no que calquera cidadán ten a capacidade técnica de espallar a súa mensaxe a través de canles de comunicación interpersonais baseadas nas lóxicas dixitais de internet (que se converteron en medios masivos non por ter vocación de masas, senón por lograr agrupar grandes comunidades de persoas con intereses comúns). Naceu un escenario no que se eliminaron boa parte dos controis profesionais de xestión da información que, se ben sempre foron criticados, a historia demostrou que todos os actores sociais recoñecían a súa transcendencia; e tamén xurdiu un escenario no que o maior grao de gratificación radica na posibilidade de consumir o desexado en cuestión de segundos, sen priorizar variables antes fundamentais, como a veracidade ou a responsabilidade de autoría.

Modelos de xestión da recepción coma o de “curator” -que poderíamos traducir como “recomendación”- permiten que algoritmos localicen elementos parellos aos consumidos por un usuario e formalicen unha proposta de interese, eliminando da ecuación calquera intervención de expertos ou profesionais na información que recibe un usuario.

Ata o de agora, e á falta dunha maior evolución dos mecanismos de intelixencia artificial, a recomendación que fan os sistemas complexos baséase nas teorías de autoafirmación -as máis gratificantes normalmente- e erradicán os elementos que



puideran ser contraditorios co discurso social no que está instalado cada un dos usuarios.

É, polo tanto, unha clara evolución da “espiral do silencio”, pero esta vez, en lugar de ser adoptada polo emisor, é asumida polo receptor, que agora está rodeado de constantes estímulos de recomendación moi axustados aos principios individuais de cada un e pouco estimulantes intelectualmente.

Neste modelo produciuse unha variación dos referenciais da poboación, baseados agora en modelos de gratificación inmediata, afíns e compulsivos fronte aos modelos de gratificación anteriores moito menos inmediatos, máis profesionais e máis estritos na determinación dos contidos que puideran transcender á sociedade. Esta variación de referenciais provocou, de facto, un cambio nos valores de gratificación informativa dos usuarios reducíndose sensiblemente os limiares de percepción de “cidadán informado”, descendendo claramente os niveis de calidade técnica de recepción -a cidadanía asume dun xeito máis natural a baixa calidade técnica das pezas audiovisuais en prol do inmediato ou da afinidade temática-, e reducíndose claramente o anterior apoderamento social que tiñan figuras laborais coma a de xornalista, científico ou experto dunha materia.

Polo tanto, as vellas teorías de usos e gratificacións baseadas nun modelo unidireccional deron paso ás novas teorías da recepción baseadas en modelos pluri-reccionais tecidos a xeito de rede e onde aparecen novos líderes de opinión. Estes líderes son os que se denominan “influencers” e convertéronse en pouco tempo en persoas con miles de seguidores e moi atractivos para o negocio da publicidade.

Neste novo escenario, cunha estrutura de comunicación social moito menos xerárquica e máis reticular, as canles públicas de Galicia, tanto en radio coma en televisión e dixital, deben asumir a modificación producida nas relacións sociais que provocaron unha constante perda de protagonismo dos medios tradicionais en prol de ferramentas moito máis gratificantes para os usuarios demandantes de calquera tipo de información ou de contido de entretemento.

É, polo tanto, un reto fundamental que a CRTVG entre de cheo no novo escenario de modelos de satisfacción da cidadanía que necesariamente pasan pola innovación tecnolóxica e a adopción das novas rutinas de consumo de contidos informativos e de entretemento, pero evidentemente sen renunciar ao seu labor de servizo público.

A tracción de sectores económicos

As relacións na economía do século XXI mudaron sensiblemente. Apareceu un novo elemento que conforma unha relación diferente entre os actores clásicos de calquera modelo económico e comercial: vendedor, fabricante, provedor, acredor, distribuidor e cliente. Esa novidade denomínase “innovación aberta” e permite establecer relacións diferentes ás tradicionais entre as partes.



O sector da comunicación en xeral non se adaptou adecuadamente a este novo modelo de relación económica, baseada na colaboración estratéxica entre os entes interesados. En termos xerais, os medios non incorporaron a interactividade dos usuarios ao relato xornalístico ata a chegada das redes sociais, e as grandes creadoras de contidos de entretemento non se adaptaron aos novos modelos de consumo e de gratificación aos usuarios ata que chegaron as plataformas de distribución baixo demanda e despois dunha crise moi severa provocada pola piratería. Esta falta de adaptación provocou unha concatenación de crises en todos os sectores da industria da comunicación e afectou tanto ás empresas centradas na información xornalística coma ás empresas ocupadas do entretemento e da ficción.

Fenómenos coma Twitter e Facebook alteraron severamente o ecosistema informativo e sistemas coma YouTube ou Netflix transformaron todo o relacionado coa produción e consumo de contidos non informativos, liderando incluso os procesos de comunicación local que antes eran exclusivos dos medios de proximidade. Porén, a irrupción de novas empresas con mentalidade dixital non afectou exclusivamente ao sector da comunicación, senón que tamén transformou de xeito severo outros ecosistemas, coma o da educación ou o da loxística.

Ata o de agora, os medios de comunicación públicos, na súa maioría tractores do tecido produtivo dunha determinada rexión, logran incorporar formatos ou tendencias innovadoras a través de empresas do sector capaces de trasladar modelos exitosos ou experimentais doutros países.

Porén, na actualidade, non é suficiente que esta relación de provedor-cliente se manteña e cómpre establecer mecanismos de colaboración de innovación aberta, como a compra pública de innovación ou as agrupacións estratéxicas para a innovación e lograr así avanzar na transformación dixital e poder manter o rol de importancia que calquera medio de comunicación público debe ter nunha sociedade.

A adaptación aos novos modelos económicos e de produción

Na economía que se establece no século XXI, baseada nas novas posibilidades tecnolóxicas, ráchanse as lóxicas tradicionais de emisor-receptor, tanto a informativa como a de entretemento, o que supón un reto importante para a CRTVG.

No consumo de información, aparecen modelos novos de produción, de distribución e de consumo de noticias. O primeiro gran cambio radica na aparición do usuario capaz de comunicar coas mesmas posibilidades de difusión que as grandes corporacións, dun xeito moito máis barato e con criterios non profesionais.

Na medida que apareceron empresas que ofrecían ferramentas de difusión tan potentes coma os grandes servidores dos medios de comunicación tradicionais, os usuarios foron adquirindo a capacidade de trasladar as súas mensaxes a un número importante de persoas, sen estar limitados nin pola distancia xeográfica nin por límites temporais.



Produciuse así un fenómeno descoñecido na comunicación de masas, xa que se transformaron as estruturas de difusión, antes en mans das empresas profesionais de comunicación, e agora en mans das empresas tecnolóxicas e dos propios usuarios.

Estas novas posibilidades permitiron establecer un novo marco económico no que as empresas de comunicación comezaron a entrar nunha deriva de redución de valorización mercantil, acompañado dun continuo proceso de redución de ingresos.

O proceso de adaptación económica aos novos modelos económicos establécese a través da transformación dixital das empresas, tanto de capital público coma privado. O modelo máis estandarizado no sector de comunicación, pero non de xeito exclusivo, é o que se basea na transformación cultural, a transformación organizativa, a transformación do traballo das persoas e a transformación tecnolóxica. Un modelo de transformación, que no caso das empresas de comunicación xira ao redor dun novo eixe central do modelo económico: o usuario individual, en lugar do denominado “masa” no século pasado e referido a unha comunidade aparentemente uniforme.

Este cambio de foco central é o que provocou a principal diferenza entre as novas empresas de comunicación xurdidas ao carón da TIC e as empresas que tradicionalmente se dedicaron a este sector, independentemente do soporte.

Resultado da provisión de servizo público de comunicación audiovisual

Contorno da xestión no 2021

O 2021 foi un ano de grande incerteza e desafíos para as empresas de Entretenemento e Medios (E&M). As forzas que estaban operando na transformación global -dixitalización, globalización, disrupción, cambio de hábitos de consumo e demografía- víronse amplificadas coa problemática sanitaria da pandemia.

Un contorno en permanente estado de cambio

A transformación actual da industria está profundamente aliñada cos cambios que xerou a pandemia no comportamento do consumidor. Algúns deles perdurarán e aceleraranse. En paralelo e superpostos a estes cambios, os continuos avances en tecnoloxía e na produción e distribución de contidos están creando novos retos e incidindo na complexa relación entre consumidores e provedores, entre creadores e produtores, entre produtores e distribuidores, entre anunciantes e editores, entre gobernos e empresas e entre as grandes plataformas globais e todos os anteriores.



Tendencias comúns

A pesar da profunda transformación que estamos vivindo, persisten unha serie de tendencias en común. En primeiro lugar, resulta un vector estratéxico ir ao encontro dos consumidores no lugar onde estean. Isto implica ir ao seu encontro *online*, nos seus dispositivos móbiles, na casa, no momento e lugar que eles elixan. En segundo lugar, nesta época de cambio non se pode concluír que as tendencias actuais continuarán indefinidamente no futuro.

En perspectiva

Cara ao 2022, as perspectivas para o sector de E&M, aínda que incorporan desafíos, seguen sendo positivas. A extraordinaria adopción do dixital proporcionará un forte impulso ao crecemento global destas industrias durante os próximos anos.

Algúns rasgos característicos do sector de entretemento e medios.

- **Grandes cambios. Visión disruptiva.** O motor de cambio máis significativo é a migración ao consumo dixital. Co confinamento domiciliario e o peche dos locais presenciais, o uso dos servizos dixitais disparouse.
- **Cambios no sector: o acceso a Internet dispárase, a publicidade mantense e o gasto recupérase.** Un dos efectos característicos da pandemia é o incremento da demanda de produtos, experiencias e servizos *online*. O acceso a Internet e aos datos convertéronse nun salvavidas para o sector, cun aumento moi significativo.
- **Cambio xeracional: os creadores e a xente nova marcan as tendencias.** Os consumidores máis novos están pouco interesados nos medios tradicionais. Pola contra, as plataformas que se focalizaron nas audiencias máis novas experimentaron un gran crecemento. Esta situación proxecta o seu efecto nunha dobre tendencia nos cambios de relevancia: dos consumidores adultos aos consumidores máis novos, que son quen de marcar as tendencias, e dos produtores aos creadores, que cada vez obteñen un maior beneficio pola súa capacidade de captar a atención das audiencias.
- **Cambios no modelo de negocio: *streaming*.** Os cambios no comportamento dos consumidores impulsaron profundas transformacións nos modelos de negocio das empresas de E&M. A principal delas é o interese polo *streaming* experimentado no 2020/21, que colocou a industria nunha nova senda de crecemento.
- **Cambio de localización: centrados nos consumidores alí onde estean.** Unha das tendencias máis claras e evidentes é que os actores da industria, tanto grandes como pequenos, comprenderon a importancia de desenvolver unha oferta de contidos centrada nos consumidores alí onde estean e no momento que o desexen.



En relación co servizo público de comunicación audiovisual PSM (Public Service Media), as tendencias dos medios audiovisuais públicos diante dos feitos que caracterizan a sociedade dixital están focalizadas, entre outros, nos aspectos seguintes: xestionar a transformación dixital e remarcar o valor público; xestión do valor público para os cidadáns e a sociedade; xornalismo de valor público; o servizo audiovisual público necesario na era de internet.

Audiencias

A Corporación dispón de oito canles polas que emite programación: dúas canles de Televisión Dixital Terrestre TVG e TVG2, dúas canles de televisión vía satélite para o exterior, América e Europa; xunto a catro canles de radio, a Radio Galega convencional e tres canles de música, dúas delas exclusivamente dedicadas á música galega. A TVG acadou unha cota de audiencia media do 10,1% no conxunto do día ao longo do 2021. No horario de maior consumo do día *prime time* esta aumenta ata o 10,6%.

En posición comparativa coas canles autonómicas que integran a FORTA, a TVG acada a terceira posición no conxunto do día, e tamén no *prime time*. A canle pública galega preséntase como unha das máis dinámicas do grupo, xa que acada no conxunto do día 1,7 puntos de cota máis que a media da FORTA (8,4%). No *prime time* a TVG acada 1,8 puntos máis que a media da FORTA (8,8%), o grupo CRTVG (TVG e G2) obtivo unha cota de pantalla do 10,8%.

A Radio Galega acadou no ámbito galego 164.000 oíntes diarios de luns a venres, o que supón unha cota de consumo do 17,4% e 152.000 diarios de luns a domingo, segundo datos referidos ao 2021, o que supón unha cota do 18,1%. Ao respecto de Radio Galega Música, segundo datos do EGM (ano móbil febreiro/novembro 2021), acadou unha audiencia de 57.000 oíntes/día de luns a venres.

Ambas emisoras de radio contaron cunha audiencia conxunta de 221.000 oíntes de luns a venres no ano 2021, segundo datos do ano móbil febreiro/novembro 2021. De luns a domingo, segundo a mesma fonte, o conxunto de emisoras de Radio Galega acadaron unha audiencia de 201.000 oíntes.

En relación ás canles dixitais, crtvg.gal acaba o ano con 4,2 millóns de usuarios únicos, 12,5 millóns de sesións e 31,5 millóns de páxinas. Ás apostas dixitais existentes sumáronse G24.gal (outubro 2021); RadioGalegaPodcast.gal (outubro 2021), a canle do contido nativo de audio (podcast) da Radio Galega, e #DigochoEu, a canle educativa dos contidos do proxecto #DigochoEu (maio 2021). Todos os proxectos dixitais da Corporación RTVG amosan un total de 4,5 millóns de usuarios únicos e 13,4 millóns de sesións.



En Twitter, @crtvg rematou o ano con 116.000 seguidores, @tvgalicia con 63.200, @radiogalega con 25.700 seguidores e @g24noticias con 16.500 seguidores, é dicir, cun incremento do 2%, do 14%, do 12% e do 46%, respectivamente. En Facebook, CRTVG, TVG, RG e G24noticias finalizan o ano cun incremento respecto a 2020 do 2%, 2%, 2% e 26%, respectivamente, é dicir, con 54.100, 120.000, 15.200 e 60.400, respectivamente. Destaca a iniciativa por contido propio elaborado especialmente para redes como Instagram, con incrementos para TVG dun 60%, para G24noticias do 60% e para RG do 68%. Tamén as canles de TikTok e Twitch avaliaron a estratexia dixital para achegar os contidos nativos a audiencias máis novas, amosando 160.000 seguidores en TikTok, 16.000 espectadores únicos e 24.000 visualizacións en Twitch. Os vídeos co cancelo #DígochoEu superou 46 millóns de reproducións en TikTok, dos cales 3,3 millóns son do #ApuntamentoLusófono.

Cabe destacar tamén que hai vídeos que superan o millón de visualizacións e que todos os vídeos acaban superando as 10.000 reproducións e conseguen ser virais. Deste xeito, TikTok consolídase como a conta con máis seguidores de todas as redes da Corporación. Por outra banda, YouTube rematou o ano con 74.000 subscritores, é dicir, cun incremento do 37%.

O consumo de *streaming* rematou o ano cunha media de 10.324 usuarios únicos, e con máximos de 93.989 usuarios únicos nas emisións dixitais da Televisión de Galicia. A Radio Galega rematou o 2021 con 6.533 usuarios únicos de media, o que supón un incremento do 18% respecto ao ano anterior e con máximos de 11.816 usuarios únicos. As canles dedicadas a eventos, especialmente deportivos, na fin de semana, remataron o ano cunha media de 3.363 usuarios únicos, con máximos de 58.401, é dicir, cun incremento do 24% para a media de usuarios únicos anuais e un incremento do 27% de usuarios únicos máximos.

E neste ano, '#DígochoEu' consolidouse como o proxecto nativo dixital con máis repercusión en todas as redes sociais dos públicos máis novos.

Resultado da liquidación orzamentaria

Para atender os compromisos de gasto asociados á xestión do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, a Corporación RTVG xestionou un orzamento definitivo no 2021 por importe de 110,4 millóns de euros. A liquidación orzamentaria da CRTVG correspondente ao exercicio 2021 acada un resultado orzamentario en posición de superávit por importe de 2.817.076 euros.



Euros

DOTACIONES E RECURSOS CONSOLIDADOS 2021	ORZAMENTO INICIAL 2021	ORZAMENTO DEFINITIVO 2021	ORZAMENTO EXECUTADO 2021	RESULTADO ORZAMENT. 2021
DOTACIONES				
Compras	36.197.187	39.279.318	39.195.193	84.125
Servizos Exteriores	15.580.000	14.099.000	13.758.897	340.103
Tributos	154.000	154.000	127.886	26.114
Gastos de Personal	52.843.813	49.861.682	49.797.084	64.598
Outros Gastos de Xestión	21.000	21.000	18.377	2.623
Gastos Financeiros	71.000	71.000	45.042	25.958
Perdas Prod. do Activo non Cte. e G. Excep.	0	1.000	300	700
Perdas por Deterioros e Outras Dot.	0	380.000	376.700	3.300
Inmobilizacións Intanxibles	2.847.000	3.507.000	3.499.152	7.848
Inmobilizacións Materiais	2.637.000	2.977.000	2.961.077	15.923
TOTAL DOTACIONES	110.351.000	110.351.000	109.779.708	571.292
RECURSOS				
Ingresos Publicitarios Netos	6.125.000	6.125.000	6.263.290	138.290
Outras Vendas	651.000	651.000	638.506	(12.494)
Outros Ingresos Xestión	95.522	95.522	534.028	438.506
Ingresos Financeiros	1.000	1.000	85.731	84.731
Benef. Prod. do Activo non Cte e l. Excep.	0	0	36.163	36.163
Inmobilizacións Materiais (Vtas e devol.)	0	0	0	0
Achegas Patrimonial	103.228.478	103.228.478	103.228.478	0
Subvencións de Capital	250.000	250.000	250.000	0
Remanentes de Capital	0	0	1.560.588	1.560.588
TOTAL RECURSOS	110.351.000	110.351.000	112.596.784	2.245.784
RESULTADO ORZAMENTARIO 2021	0	0	2.817.076	2.817.076

A conciliación cos valores de balance a través do estado demostrativo das variacións de remanente de tesourería é a seguinte:

Euros

CONCEPTOS	2021	2020	VARIACIÓN
DEREITOS PENDENTES DE COBRO	43.584.800	25.955.358	17.629.442
Créditos Concedidos a l/p	0	0	0
Credito Facenda P ^a L/P	38.610.694	20.342.000	18.268.694
Fianzas e depósitos const. l/p	9.098	10.874	(1.776)
Créditos concedidos c/p	49.098	596.152	(547.054)
Debedores por operacións tráfico	4.668.150	4.779.545	(111.395)
Investimentos financeiros c/p	4.800	4.800	0
Axustes periodificación	192.569	187.669	4.900
Anticipos sobre compras	50.391	34.318	16.073
OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO	(51.778.987)	(34.119.135)	(17.659.852)
Provisións responsabilidades	(1.993.480)	(1.899.223)	(94.257)
Débedas a L/P	(37.703.114)	(19.377.689)	(18.325.425)
Acredores por operacións tráfico	(12.010.134)	(12.789.562)	779.428
Outras débedas a c/p	(72.259)	(52.661)	(19.598)
TESOURARÍA	26.433.601	20.366.062	6.067.539
(=) REMANENTE TESOURARÍA	18.239.414	12.202.285	6.037.129
Variación neta incluídos remanentes por incorporacións orzamentarias			(3.220.053)
(=) RESULTADO ORZAMENTARIO 2021			2.817.076



En clave de xestión, traballouse en incentivar unha xestión eficiente dos recursos dotando a xestión dun maior sentido empresarial. Establecer unha administración cunha maior capacidade de xestión estratéxica, en orde a mellorar as capacidades de adaptación ao cambio, esixiu completar os procedementos convencionais de cálculo e proxección ao futuro, mellorar a función de predición de análise especulativa-selectiva e as análises de percepción subxectiva.

A xerencia orzamentaria desenvolvida no ano 2021 estivo centrada, entre outros aspectos, en acompañar a administración financeira e a orzamentaria. A provisión do servizo público de comunicación audiovisual está comprometida coa transformación dixital e a competitividade a cubrir nunha secuencia sucesiva de transformación cultural, transformación orgánica, transformación profesional e transformación tecnolóxica.

Histórico de resultados orzamentarios

Coa finalidade de presentar unha completa información sobre a execución orzamentaria que facilite a comprensión dos valores do exercicio 2021, a continuación recóllese o cadro de resultados orzamentarios consolidados da Corporación RTVG, S.A. referidos ao período 1985/2021:

Millóns de euros


CONCEPTOS	ORZAMENTO	RESULTADO	RESULTADO ACUMULADO	CONCEPTOS	ORZAMENTO	RESULTADO	RESULTADO ACUMULADO
EXERCICIO 1985		(0,7)	(0,7)	EXERCICIO 2005	125,1	19,9	(55,5)
EXERCICIO 1986	20,5	(1,8)	(2,5)	EXERCICIO 2006	139,7	4,5	(51,0)
EXERCICIO 1987	27,4	(1,4)	(3,9)	EXERCICIO 2007	133,8	3,7	(47,3)
EXERCICIO 1988	35,3	(7,5)	(11,4)	EXERCICIO 2008	142,1	(3,7)	(51,0)
EXERCICIO 1989	41,0	(14,0)	(25,4)	SUMA 1985-2008		(51,0)	(51,0)
EXERCICIO 1990	66,6	(3,8)	(29,2)	EXERCICIO 2009	146,9	2,0	(49,0)
EXERCICIO 1991	72,2	(11,0)	(40,2)	EXERCICIO 2010	145,4	21,6	(27,4)
EXERCICIO 1992	64,1	(9,4)	(49,6)	EXERCICIO 2011	121,5	0,4	(27,0)
EXERCICIO 1993	62,0	(2,3)	(51,9)	EXERCICIO 2012	114,4	0,3	(26,7)
EXERCICIO 1994	68,1	(2,7)	(54,6)	EXERCICIO 2013	104,0	0,3	(26,4)
EXERCICIO 1995	71,6	0,7	(53,9)	EXERCICIO 2014	107,8	0,3	(26,1)
EXERCICIO 1996	76,0	2,4	(51,5)	EXERCICIO 2015	103,6	0,8	(25,3)
EXERCICIO 1997	81,0	(0,1)	(51,6)	EXERCICIO 2016	104,1	3,7	(21,6)
EXERCICIO 1998	87,3	(2,5)	(54,1)	EXERCICIO 2017	107,2	1,6	(20,0)
EXERCICIO 1999	100,9	5,5	(48,6)	EXERCICIO 2018	106,9	2,2	(17,8)
EXERCICIO 2000	101,0	10,6	(38,0)	EXERCICIO 2019	109,2	1,7	(16,1)
EXERCICIO 2001	99,9	1,7	(36,3)	EXERCICIO 2020	111,2	1,8	(14,3)
EXERCICIO 2002	105,5	(21,9)	(58,2)	EXERCICIO 2021	110,4	2,8	(11,5)
EXERCICIO 2003	108,1	(9,6)	(67,8)	SUMA 2009-2021		39,5	(11,5)
EXERCICIO 2004	118,0	(7,6)	(75,4)	TOTAIS EUROS		(11,5)	(11,5)

Fonte: Contas anuais auditadas.



A representación gráfica do histórico de “*resultados orzamentarios*” combinados coa variable “*orzamento do exercicio*” é a seguinte:

Histórico de resultados orzamentarios 1985-2021



A liquidación orzamentaria da CRTVG correspondente ao exercicio 2021 presenta unha posición cun resultado orzamentario positivo de 2.817.076 euros. As posicións no período 2009-2021 (a.i) acadaron unha sistemática posición do resultado orzamentario con superávit. Deste xeito estase a sanear a acumulación histórica de déficits de tesourería negativos non presupostados, os cales evolucionan desde <-51,0> millóns de euros en 2008 ata <-11,5> en 2021. No período 2009-2021 (a.i) executouse unha xestión centrada na redución do déficit histórico. En total, no período sanéanse 39,5 millóns de euros, o cal representa unha porcentaxe do 77%.



Xestión das persoas

O traballo desenvolvido na área de Recursos Humanos está enfocado en establecer un continuo progreso na execución operativa dun programa de benestar laboral cuxos eixes básicos son os seguintes: estabilidade no emprego, clima laboral, coidado do ámbito de traballo, implantación de instrumentos de teletraballo, recoñecemento e participación dos traballadores/as, comunicación corporativa efectiva e formación continua.

Un proxecto laboral comprometido coa estabilidade no emprego

A oferta pública de emprego pon de manifesto o compromiso profesional da dirección de Goberno Corporativo coa xestión laboral. En idéntico sentido, e pola acumulación de propostas dos axentes implicados (Comisión de Control da CRTVG no Parlamento de Galicia, Consello de Administración e representantes dos traballadores/as), todas elas de sentido converxente, cara a procurar contornos de estabilidade no emprego ao conxunto dos traballadores/as con prestación de servizos prolongada no tempo impulsouse a citada oferta. A Corporación é consciente de que este asunto ten unha relevancia social de primeira orde no obxectivo de mellorar en clave de gobernanza, estabilidade social, recoñecemento ao conxunto dos traballadores/as e mesmo na eficiente provisión do servizo público de comunicación audiovisual.

En definitiva, o obxectivo final da OPE foi o de abrir un escenario de oportunidade para o conxunto do persoal da Corporación cara a conseguir unha completa estabilidade no emprego mediante vínculos de natureza fixa para o conxunto de prazas do cadro. Neste sentido, a oferta inclúe, a decembro de 2021, por unha banda, 31 prazas que permiten cubrir as xubilacións ocorridas durante o ano 2020 e que normativamente se define como taxa de reposición e, pola outra, 212 prazas máis que se corresponden coas ocupadas a data 30 de setembro por persoal con sentenza firme de indefinidade. En total, 243 prazas.

Esta actuación a favor da estabilidade no emprego do cadro de persoal da CRTVG que proxecta un efecto positivo de redución drástica da temporalidade culmina coa publicación o 30.12.2021 no *Diario Oficial de Galicia* da Resolución do 24.12.2021 da Dirección Xeral da CRTVG pola que se aproba e se dá publicidade á oferta de emprego público cun alcance de 243 prazas.


Ao fío do exposto, a execución do “novo proxecto laboral” está asociado aos principios (5) que informan a xestión da Corporación: valor estratéxico; orientación á competitividade e eficiencia; sostibilidade económica; legalidade e seguridade xurídica; consenso e diálogo en coresponsabilidade.




Estado da cuestión laboral

Unha análise retrospectiva pon de manifesto que no ano 2009 a CRTVG tiña un número medio de traballadores/as de 996 e un cadro de persoal de 769 prazas. Isto evidencia que o cadro de persoal non representaba axeitadamente o número de efectivos e a diferenza existente entre ambas proxectaba unha característica problemática laboral asociada á contratación indefinida. A maiores, o perímetro de risco laboral (principalmente referido aos servizos de novas externalizadas que conformaban o esquema das actuais delegacións territoriais da Corporación, os cales finalmente se fixeron propios) ascendía aprox. a 160, ata completar o seu número total de aproximadamente 1.156 efectivos.

A xestión levada a cabo no eido dos recursos humanos supuxo cuantitativamente pasar dun cadro de 769 prazas e 996 traballadores/as e un perímetro de risco laboral que completaba o seu número en aprox. 1.156 efectivos, cara a evolucionar, no 2021, a un cadro composto por 820 prazas e 892 traballadores/as de media coa conseguinte estabilización dos custos de persoal e a drástica redución da temporalidade na contratación.



Fonte: Contas anuais auditadas.



Fonte: Contas anuais auditadas.

Cómpre salientar tamén a progresiva redución da contratación temporal implantada na xestión desde o ano 2010 (a temporalidade no 2009 superaba o 40%). A distribución do promedio dos traballadores no exercicio 2021, por tipo de vinculación contractual é a seguinte: fixos e indefinidos 80,38%; relevos 5,49%; interinidade 4,94%; obra 1,57%; prácticas 3,36%; e directivos 4,26%.



En síntese, unha análise inmediata do número de traballadores/as medios no período obxecto de observación 2009-2021 pon de manifesto que as medidas de mellora da xestión laboral executadas proxectaron o seu efecto en clave de estabilidade e calidade no emprego, diminución da temporalidade, sostibilidade e mesmo coherencia dos custos de explotación.

Os resultados propiciaron así contornos axeitados en clave de eficiencia, sen perder de vista presupostos de benestar laboral baseado no diálogo e negociación cos axentes sociais.

Os datos do exercicio 2021 poñen de manifesto que o número medio de traballadores/ano se estabilizou nun valor de 892 traballadores. A desagregación por natureza do vínculo é a seguinte:

- Cadro directivo: 38.
- Persoal de cadro: i) fixos: 503; ii) relevistas: 49, iii) indefinidos en praza vacante: 203; iv) interinos en praza vacante: 7; e v) 11 interinos que ocupan prazas reservadas.
- Persoal de longa duración: i) indefinidos sentenza firme: 1; ii) indefinidos sentenza non firme: 10; iii) obras ou servizos determinados: 14; e vi) contratos en prácticas: 30.
- Substitucións (motivadas principalmente por incapacidades temporais): 26.

As resolucións xudiciais que declaran a existencia de relacións laborais indefinidas determinan, na práctica totalidade dos casos, que a data da primeira vinculación contractual dos traballadores/as é anterior ao ano 2009.

Tributación indirecta

Na última década, a provisión do servizo público de comunicación audiovisual desenvolveuse nun contorno complexo e cambiante onde a problemática do IVE insiste un ano máis, de xeito crítico e recorrente, en proxectar un efecto de inestabilidade sobre a xestión orzamentaria da Corporación e, en consecuencia, sobre o conxunto da actividade de provisión do servizo público.

A AEAT foi adoptando diversos criterios cambiantes en función das modificacións legislativas que se foron aprobando, promovidas coa pretensión de clarificar a tributación do IVE e establecer un contorno estable. A pesar disto, a AEAT interpretou sempre a normativa en sentido contrario ao que se pretendía, en contra dos intereses dos contribuíntes e tratando de maximizar a súa recadación.

Neste contexto, a situación financeira e a evolución da tesourería da Corporación viuse afectada polas continuas e cuantiosas inspeccións de IVE. Por este motivo a CRTVG formalizou un convenio de colaboración co Accionista Único (Xunta de Galicia) en 2019, ampliado en 2020 e 2021 por dúas addendas ata un



montante total de 40,0 millóns de euros, que dá cobertura ao risco e compensa o debilitamento financeiro.

Á data de emisión deste documento as controversias abertas coa AEAT son as seguintes:

- Problemática IVE repercutido (xan.2017-mai.2017).
Nesta inspección de IVE, a AEAT aplicou o criterio de “Contraprestación de servizos sobre o IVE repercutido”, considerando que a achega patrimonial do socio único está suxeita ao IVE do 21%. O 14.11.2017 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación, supoñendo para a CRTVG a suspensión da devolución das liquidacións mensuais de IVE presentadas no período xan.2017-mai.2017. Este acordo foi recorrido o 04.11.2020 perante o Tribunal Económico Administrativo Central.
- Problemática IVE repercutido (Año 2016 e xuñ.2017-out.2017).
No 2020, a AEAT inicia unha inspección para todos os períodos non prescritos. No caso destes períodos, volve de novo ao criterio de contraprestación de servizos, aplicando o 21% de IVE repercutido sobre as achegas da Xunta de Galicia. O 23.02.2021 a AEAT emitiu dous Acordos de Liquidación, que foron recorridos o 03.12.2021 perante o Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia.
- Problemática IVE soportado (nov.2017-dec.2018).
Nesta inspección de IVE, a AEAT aplicou o criterio “Actividade dual sobre o IVE soportado”, considerando que a CRTVG exerce 2 actividades: “comercial” (publicidade e programas con alta audiencia, con dereito a dedución do IVE) e “non comercial” (programas con baixa audiencia, sen dereito a dedución do IVE). O 06.03.2019 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación, que foi recorrido o 21.06.2021 perante o Tribunal Económico Administrativo Central.
- Problemática IVE soportado (xan.2019-dec.2020).
A inspección do 2020, comentada anteriormente, tamén actúa sobre estoutro período, volve de novo ao criterio da “actividade dual”. Neste caso a pretensión foi a de restrinxir a deducibilidade do IVE soportado, aplicando a prorrata financeira. O 23.06.2021 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación, que foi recorrido o 22.07.2021 perante a Dependencia Rexional da AEAT para a súa elevación ao Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia.
- Problemática IVE soportado (xan.2021-dec.2021).
No 2022, a AEAT inicia unha nova inspección, ao igual que no caso anterior, polo criterio da “actividade dual”. Do mesmo xeito pretende restrinxir a deducibilidade do IVE soportado, aplicando a prorrata financeira. Cando se emita o acordo recorrerase no Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia.



Prospectiva

O orzamento consolidado de explotación e capital da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. para 2022 é de 121,6 millóns de euros. Este orzamento está financiado mediante a percepción das compensacións polo cumprimento da misión de servizo público (94,2%) e por ingresos comerciais derivados da participación no mercado da publicidade e outros (5,8%). A achega patrimonial ten por obxecto equilibrar os custos nos que se incorre como consecuencia da especial carga de servizo público da programación de televisión, radio e medios dixitais.

A CRTVG está a executar unha dirección de Goberno Corporativo e unha xerencia orzamentaria que se desenvolve cun profundo sentido empresarial no marco do sector público. Por iso, e como resultado dun exercicio de prospectiva, este permite avanzar as tendencias a futuro máis relevantes, entre outras, as seguintes:

Consciente de que os cambios tecnolóxicos se multiplican a ritmo acelerado e en curtos períodos de tempo, a consideración das variables de anticipación e adaptación son o eixo do progreso. O concepto de vantaxes competitivas a longo prazo desaparece.

A organización e os equipos deben estar nun estado permanente de aprender, de experimentar, de identificar tendencias de progreso, de competir e de avanzar.

Unha Corporación áxil, flexible, social, innovadora, próxima, curiosa, asentada nunha cultura de progreso e nunha estratexia dinámica é a clave do progreso competitivo. En clave de gobernanza, unha Corporación aliñada coas esixencias normativas e os modelos de gobernanza de referencia en Europa.





1. AS RELACIÓNS LABORAIS NA CRTVG

Ao respecto da política socio-laboral da CRTVG durante o ano 2021, podemos salientar os seguintes aspectos:

1.1 Negociacións coa parte social

Unha das principais características nas relacións laborais da CRTVG baséase na interlocución entre a parte social e a empresa, existindo na actualidade diferentes foros de negociación abertos, relativos a aspectos diversos relacionados coa actividade habitual da empresa e outras cuestións organizativas e técnicas.

O obxectivo da apertura destas comisións de negociación parte da vontade de chegar a acordos beneficiosos para a empresa e os traballadores, así como obter a perspectiva e análise dos representantes dos traballadores/as. Neste caso, debemos mencionar as xuntanzas dos diferentes comités e os principais temas abordados nos mesmos ao longo do 2021.

Comité Intercentros

Este comité ten competencia naqueles asuntos que afecten máis dun centro de traballo (artigo 114 do Convenio Colectivo). Está formado polos 21 representantes dos traballadores/as electos. No ano 2021 realizáronse 26 xuntanzas. Delas, podemos destacar as seguintes cuestións, entre outras derivadas da actividade diaria:

- Negociación do próximo proceso de selección e estabilización do emprego na CRTVG.
- Xestión dos diferentes escenarios laborais por mor da pandemia da covid-19.
- Xestión do cadro de persoal e materia de contratacións.

Comisión Paritaria

Segundo o disposto no artigo 11 do Convenio Colectivo da CRTVG, a comisión paritaria ten como principal función a interpretación do disposto no convenio. Neste senso, no 2021 produciuse unha xuntanza na que se analizaron diferentes cuestións que, ben por cambios normativos ou de aplicacións, suscitaron dúbidas. En todas as xuntanzas procúrase conseguir unha interpretación acorde ao espírito da norma do Convenio, ao beneficio dos traballadores/as e á lexislación vixente.

Comisión de Listaxes de Contratación

Ao longo de 2021 mantivéronse 3 reunións da Comisión de Listaxes de Contratación, nas que se trataron temas tales como a contratación en prácticas e os contratos de revezamento froito das xubilacións parciais, así como outros asuntos probas de ampliación de listaxes de contratación.



Comité de Seguridade e Saúde

O Comité de Seguridade e Saúde Laboral asume as competencias que a Lei de Prevención de Riscos Laborais establece no seu artigo 39. Trátase dun órgano colexiado e paritario composto por todos os delegados de prevención e en igual número por representantes da empresa. Os delegados de prevención son nomeados polos sindicatos atendendo á súa representación.

Durante o ano 2021, por mor da crise sanitaria, converteuse nun órgano con intensa actividade de carácter preventivo. Producíronse un total de 14 xuntanzas, nas que se levaron a cabo diferentes análises, protocolos e avaliacións das diferentes actividades nestas materias que afectan os traballadores da CRTVG. Especialmente, levouse un control de todo o relacionado coas medidas de prevención para facer fronte á covid-19: procedemento de actuación fronte a casos con síntomas, evitar a concentración de persoal, flexibilidade ou redución horaria para conciliacións, equipos de prevención, establecemento de teletraballo ou quendas de presenza física nos centros de traballo, etc.

Comisión de Igualdade

No ano 2021 a Comisión de Igualdade reuniuse en 14 ocasións. Estas xuntanzas versaron sobre as diferentes propostas de cara á elaboración dun Plan de Igualdade empresarial para a Corporación. Neste exercicio incorporouse unha asesora externa especialista en Igualdade de cara a axilizar a adaptación ás novas normativas que xurdiron nos últimos meses.

Comisión de Formación

A comisión paritaria de Programación e Seguimento da Formación está integrada por un membro de cada sindicato e o mesmo número de representantes da empresa. Esta comisión reúnese polo menos unha vez cada trimestre. No ano 2021 nas diferentes xuntanzas da Comisión de Formación, 5 en total, tratáronse as seguintes formacións:

- Desenvolvemento de accións de formación de carácter xeral para todos os traballadores da CRTVG.
- Desenvolvemento de accións de formación específica de carácter voluntario ou obrigatorio, dirixida a determinadas categorías laborais. A formación obrigatoria resulta necesaria para a adaptación ás modificacións operadas no posto de traballo.
- Así mesmo, no seo da Comisión de Formación informouse das prácticas non laborais realizadas na CRTVG, as de carácter formativo (FCT, FP dual e prácticas académicas externas dos estudos universitarios) e as complementarias á formación prácticas para estudantes ou titulados sen experiencia).



Outras xuntanzas coa representación sindical

En 2021 houbo 4 convocatorias de folga xeral que afectaron a CRTVG: a do 8 de marzo, 18 de xuño, 28 de outubro e 30 de novembro. Debido a que a CRTVG ten consideración de servizo mínimo esencial recoñecido no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG núm. 116, do 20 de xuño), previamente a estas convocatorias de folga, mantivéronse reunións cos representantes sindicais de cara á fixación dos efectivos para o cumprimento destes servizos mínimos.

A Comisión de Plan de Pensións tivo dúas xuntanzas no ano 2021, na que se abordou o proceso de internalización de funcións por parte da Entidade Xestora do Plan e do Fondo de Pensións. Aprobáronse as contas anuais e o informe de xestión do fondo. Tamén existiron outras xuntanzas coa representación sindical para tratar cuestións externas ás comisións e comités constituídos.

Ao longo do ano realizáronse 69 xuntanzas formais dos comités ou comisións para informar e negociar coas seccións sindicais diferentes puntos de interese para os traballadores da CRTVG. Esta vontade negociadora de ambas partes móstrase a prol da paz social e para fomentar o diálogo entre os diferentes axentes sociais corporativos.

Os procedementos de información cos representantes dos traballadores son as propias comisións e comités, ademais das vías habituais de comunicación interna como as notas, intranet, onde se comparten documentos, e os correos electrónicos. Estas xuntanzas son preavisadas con polo menos 48 horas de antelación, a non ser que sexan de urxencia. Como continuación ao acontecido en 2020, por motivo da crise sanitaria, as xuntanzas seguiron en formato *online*.

A representación sindical é informada de xeito puntual de materias como contratación, conciliacións, chamamentos de listaxes, xubilacións, materias de seguridade e saúde e eventos especiais, entre outras cuestións. Os traballadores poden acceder por diferentes vías a comunicados e novas a través da intranet da empresa, onde se publicitan algunhas medidas e acordos en diferentes materias que atinxen aos traballadores.

O Convenio Colectivo propio da CRTVG, vixente desde o ano 2015, marca os prazos de preaviso aos representantes dos traballadores de diferentes situacións administrativas, así como os casos nos que unha modificación substancial das condicións de traballo debe ser negociada coa representación sindical e preavisada cun prazo mínimo aos traballadores/as.

Toda a normativa nesta materia recóllese no Convenio Colectivo e, de non facer referencia no mesmo, remítese á lexislación xeral vixente sobre a materia.



1.2. Renovación tecnolóxica – Sistema de información de Recursos Humanos:

Entre os anos 2018 e 2021 avanzouse na implantación do proceso de renovación das ferramentas informáticas en materia de xestión de RR.HH co obxectivo da unificación e consolidación de aplicacións e datos nunha aplicación integral de recursos humanos coas seguintes funcionalidades:

- Organigrama e xestión do cadro de persoal
- Xestión do persoal
- Xestión das listas de contratación temporais
- Xestión da formación
- Xestión do tempo
- Portal do empregado e do responsable
- Definición de procedementos
- Xestión da nómina
- Cadro de mando e xeración de informes
- Xestión da prevención
- Convocatorias de OPE e promoción interna
-

Estas funcionalidades asumirían as tarefas que estaban a realizar outras aplicacións, de xeito que a solución substituiría determinadas aplicacións e se integraría con outras. Finalmente, alcanzárase unha unificación e consolidación de datos residentes en varias aplicacións.

O proxecto estivo dividido en 4 fases:

Fase I: organigrama, cadro de mando económico, simulacións e orzamentos.

Fase II: xestión do tempo, procedementos e situacións administrativas.

Fase III: formación e PRL.

Fase IV: nómina, cadro de persoal e listaxes de contratación.

Pódese afirmar que se logrou o principal obxectivo do mencionado expediente: conseguir traballar coa filosofía do dato único nun sistema integral coas evidentes vantaxes na explotación do dato que isto supón. Desde a implantación da nova ferramenta atópanse en funcionamento as seguintes utilidades e/ou módulos: i) organigrama; ii) expedientes administrativos e histórico de situacións administrativas; iii) cadro de persoal; iv) xestión do tempo; v) formación; vi) prevención de riscos laborais; vii) portal do empregado e responsable; e viii) cadros de mando.

Como sucede con calquera ferramenta informática, requírese normalmente de personalizacións que, como é habitual, xorden despois da súa posta en funcionamento, pois é cando se observan e detectan novas posibilidades de automatizar e mellorar procesos. Isto é o que se pretende co novo prego licitado no exercicio 2020, que ten como obxectivo principal realizar adaptacións, melloras e funcionalidades complementarias no sistema de información integral implantado.



Así, o obxecto do novo proxecto consiste na mellora, homoxeneización, evolución e personalización do Sistema de Información Integral de Recursos Humanos.

Formou parte tamén do mesmo durante 2021 a creación de novos cadros de mando para continuar na senda de avance na explotación dos datos dunha forma áxil e sinxela. Tamén se establecen os mecanismos de integración bidireccionais necesarios con outras aplicacións da CRTVG, xa sexan internas ou externas. Neste punto débese realizar mención especial á integración con ferramentas externas, como o CIXTEC, ou internas, como as aplicacións informáticas utilizadas noutras áreas da Corporación.

En definitiva, pretendeuse dar cumprimento á liña estratéxica contida no Plan Xeral de Actuación da Corporación incrementando o rendemento operacional dos recursos, ferramentas, instrumentos e procedementos dispoñibles dedicados á xestión do capital humano e da propia organización. Así mesmo, incorporaranse funcionalidades que permitirán realizar análises e estudos prospectivos da evolución do cadro de persoal.

1.3 Seguridade e Saúde Laboral:

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. estivo dende a súa orixe moi implicada na protección das súas traballadoras e traballadores e na prevención dos riscos que lles poderían afectar. Simplemente cabe indicar que o Comité de Seguridade e Saúde Laboral, antigamente Comité de Seguridade e Hixiene, foi constituído hai máis de vinte e cinco anos.

Como servizo público de comunicación audiovisual, a Corporación é unha organización complexa que dispón dunha multiplicidade de lugares de traballo, cunha localización xeográfica dispersa e cun elevado número de traballadores, pertencentes a colectivos diferenciados, tanto na actividade desenvolvida coma no réxime legal aplicable á súa relación contractual. A complexidade da CRTVG e o seu carácter de servizo público, desde o punto de vista da seguridade e a saúde laboral, evidéncianse tamén na multiplicidade de factores de risco presentes nos seus centros de traballo.

Obxectivos

A Corporación RTVG deseñou, ao longo do tempo, diversas e variadas accións co obxectivo de aumentar a sensibilidade e a participación de todos os niveis da empresa no ámbito da seguridade e a saúde empezando pola Dirección Xeral, que promulga unha política particular para unha cuestión fundamental no transcurso do día a día da empresa.

Entre as actividades que se realizan para protexer o persoal cabe destacar o deseño, aplicación e coordinación dos plans e programas de actuación preventiva, a avaliación dos factores de risco que poidan afectar a seguridade e saúde do persoal da Corporación RTVG; a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas axeitadas e a vixilancia da súa eficacia; o seguimento das accións



preventivas; a información e formación dos traballadores e traballadoras da Corporación RTVG; a prestación dos primeiros auxilios; os manuais de autoprotección; a vixilancia da saúde do persoal da Corporación RTVG en relación cos riscos derivados do traballo; o rexistro e as estatísticas de accidentes de traballo; a xestión da documentación que se xere relacionada coa prevención de riscos laborais; o fomento dunha cultura preventiva e a promoción da prevención; así como calquera outra función que poida ser encomendada e asumida en función da lexislación en materia de prevención de riscos laborais vixente e da política de seguridade e saúde da Corporación RTVG.

Seguridade e a saúde laboral

Tendo en conta todo o anterior, dentro das posibilidades de organización preventiva que recolle a lexislación de aplicación, a Corporación conta cun servizo de prevención propio. A seguridade e a saúde laboral dos traballadores, no exercicio da súa actividade profesional, son prioritarias sobre calquera outras nas actividades que como servizo público desenvolve a CRTVG.

Querendo chegar máis alá das esixencias legais vixentes, deseñáronse diversas accións co obxectivo de aumentar a sensibilidade e a participación da Corporación RTVG como servizo público no ámbito da seguridade e da saúde laboral. Os traballadores teñen á súa disposición todos os medios necesarios de protección para desenvolver o seu traballo, sendo a empresa a responsable de proporcionar tal protección.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define a saúde como un estado de completo benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de afeccións ou enfermidades. O “Traballo” pode definirse como toda actividade de transformación da natureza, para satisfacer as necesidades humanas. O “Perigo” é aquela fonte ou situación con capacidade de producir dano en termos de lesións, danos á propiedade, danos ao medio ambiente ou unha combinación deles. O “Risco Laboral” consiste na posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo que é unha combinación da frecuencia e a probabilidade e das consecuencias que poderían derivarse da materialización dun perigo (LPRL, art.4º), entendendo por perigo aquel factor ou situación con capacidade de producir dano en termos de lesións, danos á propiedade, danos ao medio ambiente ou unha combinación deles.

Polo tanto, a política da Corporación neste ámbito proxéctase en dous niveis:

- Un xenérico, constituído por determinadas accións de promoción da saúde, así como o control e redución do impacto da actividade no medio ambiente - en canto atenden a reducir e evitar danos nel.
- Un específico, obxecto agora deste epígrafe en particular.



Neste nivel específico, o vector determinante é a prevención. Prevención é, segundo o Art. 4 Lei 31/1995-LPRL, o conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade da empresa con fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo.

Do devandito séguese que a política de prevención se proxecta en varias dimensións conectadas entre si:

- A adopción dun marco de referencias normativas e de orde teórica que, en especial no primeiro caso, veñen dadas polo marco xurídico, aínda que poden ampliarse como efecto da iniciativa da empresa ou do diálogo entre esta e o seu persoal.
- A identificación en consecuencia dos riscos para a saúde e a seguridade e a súa avaliación.
- A adopción de medidas correctoras e de mellora por ampliación da prevención.
- O desenvolvemento destas.
- O seu seguimento, control e eventual axuste.

A Corporación RTVG é unha empresa comprometida na prevención dos riscos que poden afectar a seguridade e a saúde do seu persoal. No actual Convenio Colectivo, na medida que concreta e amplía as obrigas de orde normativa que ao respecto a atinxen, reflíctese ese compromiso expresado como produto do diálogo social. É así que dar conta dese compromiso esixe glosar o disposto nese documento, en particular no seu Capítulo XV, que contén desde o Art. 96 ao Art.106, no que se expresa a regulación referente á seguridade e saúde laboral. Nel especificácase:

-A protección da saúde e a seguridade como obxectivo prioritario para as dúas partes asinantes.

-Un compromiso de asunción dos dereitos e obrigas ao respecto que, con carácter recíproco, se derivan do marco normativo vixente xeral de aplicación, de xeito especial en materia de prevención, particularmente: a LPRL, o Real decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, a Lei 54/2003, de 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais e o Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais, así como doutras normas que se poidan ditar durante a vixencia do Convenio Colectivo, do disposto nel e da toma en consideración das normas e recomendacións da OIT e da UE.

-A planificación anual das actuacións en materia de seguridade e saúde laboral, así como a inclusión nelas dos correspondentes estudos e proxectos, a execución de medidas de prevención, control e inspección e os programas precisos de formación do persoal.



-O compromiso por parte da empresa de incluír nos pregos das licitacións unha cláusula determinando que as empresas adxudicatarias se comprometan ao estrito cumprimento da normativa laboral xeral e do convenio colectivo que lles sexa de aplicación, en particular, en materia de prevención, saúde e seguridade laborais; mesmo, sendo a Corporación competente, aplicando a normativa propia para satisfacer ese criterio, e fixando que o incumprimento poderá dar lugar á rescisión da relación contractual. Ese compromiso fai explícita a necesaria observancia do Art. 42 do Estatuto dos Traballadores en caso de subcontratacións.

-O establecemento dunha serie de criterios sobre organización dos servizos e órganos encargados da prevención e, en xeral, de velar pola saúde e seguridade laborais.

-Un servizo de prevención propio, de seguridade e saúde laboral, coas especialidades de seguridade, ergonomía e psico-socioloxía, sen prexuízo de que as disciplinas de hixiene e vixilancia da saúde son atendidas por un servizo alleo.

-Un Comité de Seguridade e Saúde, coas competencias e facultades que a LPRL establece no seu Art. 39, como órgano colexiado e paritario composto por todos/as os/as delegados/as de prevención, nomeados/as polos sindicatos atendendo á súa representación, e, en igual número, por representantes da empresa. O articulado relativo a este órgano fixa a periodicidade das reunións e o dereito de convocatoria, as proporcións e maiorías para os acordos.

Finalmente, o Convenio Colectivo desprega no capítulo e artigos referidos unha serie de determinacións sobre cuestións varias relacionadas coa prevención de riscos en eventualidades ou para colectivos singulares:

-En canto aos equipos de protección individual -EPI- e a roupa de traballo, a preferencia por medidas de seguridade colectivas sobre as individuais; o fornecemento destas, por conta e con cargo á empresa, en función das características dos postos atinxidos e dos resultados das avaliacións de riscos que se realicen, a todos/as os/as traballadores/as que o precisen.

-Relativamente ao traballo nocturno sublíñase que a empresa prestará especial atención en materia de prevención de riscos laborais ás persoas que o desenvolvan.

O servizo de prevención, como instancia axente da empresa neste ámbito, desenvolve no nivel técnico de deseño e execución a política, programas e medidas correspondentes. A súa función concrétase así en:

- ✓ A avaliación dos riscos que poidan afectar a seguridade e saúde do persoal.
- ✓ A determinación das prioridades na adopción de medidas preventivas.
- ✓ O deseño, coordinación, vixilancia e seguimento dos plans, programas e medidas.
- ✓ A supervisión e control técnicos da homologación e funcionamento dos equipos e dispositivos de seguridade.



- ✓ A disposición dos medios de prevención e o fornecemento nos termos en que cumpra dos EPI ao persoal.
- ✓ A elaboración dos manuais de autoprotección.
- ✓ En xeral, o fomento dunha cultura preventiva e a promoción desta; en particular a información e formación do persoal, incluíndo expresamente o adestramento específico que poida ser preciso no uso de equipos e dispositivos de seguridade.
- ✓ A vixilancia da saúde do persoal en relación cos riscos laborais.
- ✓ A prestación de primeiros auxilios dentro das instalacións da empresa.
- ✓ A xestión técnica dos servizos externos contratados en materia de seguridade e saúde a efectos de estudos, avaliacións, deseño e implantación de medidas, fornecemento de equipos e dispositivos, etc.
- ✓ O exercicio no nivel técnico da representación e participación da empresa no Comité de Seguridade e Saúde.
- ✓ A xestión da documentación xerada en relación coa prevención de riscos laborais.
- ✓ O rexistro dos accidentes de traballo e a xeración das estatísticas correspondentes.

Desde o punto de vista do seu emprazamento orgánico na empresa e dos recursos de que dispón, debe dicirse do servizo de prevención que constitúe unha unidade operativa dentro da estrutura organizativa da Corporación RTVG. Fai parte da dirección de Recursos Humanos. Polo tanto, o persoal que o integra ten unha dedicación íntegra e exclusiva ao desempeño das funcións do servizo de prevención. Artículase en dous ámbitos dados polas disciplinas de seguridade e mais ergonomía e psico-socioloxía. O servizo conta coas instalacións e medios materiais precisos para desenvolver de xeito eficaz esas funcións.

Conta como instancia coordinada co servizo médico, xestionado por acordo cun servizo de prevención alleo. O servizo médico está acreditado pola Consellería de Sanidade e incluído así no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia. Como apoio complementario dispón dun servizo de prevención alleo.

A conxunción de medios, singularmente a especialización técnico-profesional do persoal do servizo de prevención propio e alleo, garante a debida interdisciplinabilidade no desenvolvemento de tales funcións, particularmente en relación coas relativas ao deseño preventivo dos postos de traballo, a identificación e avaliación de riscos, o plan de prevención e os plans de formación derivados.



Un balance xeral en materia de seguridade e saúde laboral leva a concluír, tomando como referencia 2021, que a política de prevención presenta un alto grao de relevancia na dinámica da empresa e que esa relevancia está ademais formalmente recoñecida no vixente Convenio Colectivo. Así, en virtude del, e excedendo os termos do marco normativo legal de aplicación común, a participación do persoal no marco do diálogo social no seu impulso, deseño e control está garantida cun igualmente alto nivel de responsabilidade e capacidade. O seu nivel de desenvolvemento efectivo en canto establecemento de medidas e disposición de recursos técnicos e humanos é altamente satisfactorio, permitindo cualificar a Corporación RTVG como un medio laboral san e seguro.

Como foi aludido, a política específica descrita da Corporación no ámbito da seguridade e a saúde proxéctase no sentido da promoción da saúde integral, mediante algunhas actuacións singulares de índole sanitaria, converxendo tamén nese sentido as medidas humanizadoras da dedicación laboral de carácter xeral e de conciliación en particular. O marco global desas políticas e medidas é a responsabilidade social corporativa, e nel as de orde preventiva conectan así nalgunhas dimensións concretas coas de protección do medio ambiente.

En calquera caso, o exercicio 2021 estivo marcado en materia de seguridade e saúde laboral pola resposta en clave de prevención do contaxio á crise xerada pola Covid-19. Esa resposta determinou unha serie de actuacións específicas. As medidas adoptadas, desenvolvendo as indicacións das autoridades sanitarias ou ampliándoas en sintonía coas súas recomendacións, tiveron como finalidade conxugar a preservación do servizo público que presta a Corporación, aínda máis imprescindible en situacións excepcionais para a sociedade coma esta, e a garantía da saúde de todo o persoal da organización.

O inicio da súa implantación cabe fixalo no mes febreiro de 2020, cando se divulga a primeira información aos/ás traballadores/as sobre a Covid-19 por parte da empresa. Desde esa data dispuxéronse un conxunto de medidas preventivas, algunhas delas de carácter temporal, con repercusións evidentes de índole organizativa e produtiva, que cabe recapitular:

- Constituíse unha Comisión de Seguimento, dedicándose catro dos seus membros a un control e seguimento intensivo e continuo deste asunto.
- Instaláronse cámaras térmicas, carteis informativos e sinalizacións horizontais e verticais para regular a distancia interpersoal e a circulación nos espazos. Igualmente instaláronse, en numerosos puntos claves da circulación xeral nas instalacións e nos accesos a despachos e dependencias, dispensadores de elementos desinfectantes: xel, outros fluídos e panos desbotables.
- Estableceuse, así mesmo, ampliando os sistemas e prácticas ordinarias de ventilación, un sistema de ventilación obrigatoria, supervisada e controlada, coa apertura de ventás e de portas interiores e exteriores.
- Aumentouse a intensidade e o carácter exhaustivo da limpeza das instalacións e dependencias xeneralizando a súa desinfección.



- A partir do mes de abril de 2020 fíxose obrigatorio o uso de máscara por parte a todo o persoal que acceda ás instalacións da Corporación, e para determinados colectivos profesionais tamén se fixo obrigatorio o uso de máscaras FFP2. Desde o 16 de xuño de 2021, ampliouse a obriga de utilización de máscaras FFP2 para todo o persoal. Neste sentido, hai que ter en conta que no exercicio 2021 a empresa fixo entrega de máis de 105.000 unidades desta modalidade de EPI.
- No ámbito especificamente produtivo mantivéronse ao longo de 2021 as diversas medidas implantadas desde un primeiro momento entre as que cómpre destacar:
- A limitación das reunións presenciais e a determinación da capacidade máxima nas salas de uso compartido.
- A suspensión ou, alternativamente, redución drástica da presenza física de convidados/as e colaboradores/as de televisión e radio, que, no seu caso, só acceden ás instalacións sen acompañantes.
- O reforzo das precaucións hixiénicas nos servizos de maquillaxe, dotando a cada presentador/a dun neceser persoal cos seus útiles e utilizando elementos dun só uso para as persoas convidadas.
- A dotación aos equipos que traballan no exterior de pértegas para os micrófonos, e a de espumas de micrófono e fundas de protección destas - especificamente deseñadas e producidas fabricadas a tal efecto- de uso individual exclusivo a cada xornalista e locutor/a.
- En 2020 encargouse un estudo técnico que incluíu a análise sistemática da superficie, volume, ocupación e peche dos espazos; das dinámicas de circulación, medidas de control de acceso, necesidades de uso para manter a continuidade do servizo, etc. Trazando unha cartografía exhaustiva das instalacións, estableceuse a partir desa análise unha serie de medidas e plans de xestión do uso do espazo, ocupación, circulación de persoas dentro dos edificios e control. Definíronse así as pautas e protocolos debidos, e dotouse a sinalización precisa a respecto destes e a suma dos elementos necesarios para garantir a seguridade e a saúde dos/as traballadores/as; unhas medidas que tiveron continuidade en 2021.

Durante 2021 nos protocolos e medidas inicialmente adoptados fóronse integrando as adaptacións necesarias en virtude da evolución da normativa e das medidas indicadas polas autoridades sanitarias, entre as que está o mantemento e actualización da “Avaliación de Risco Biolóxico por Exposición ao Coronavirus”. Esas adaptacións contemplan desde o estudo da situación dos postos de traballo á proposta de solución en cada caso relativamente á súa distribución espacial e ás medidas de protección necesarias.

Ademais de todas as medidas adoptadas para conter a covid-19, no ano 2021 procedeuse á implantación do novo Sistema de Xestión de Seguridade e Saúde. Actualizáronse e revisáronse os Plans de Emerxencia das delegacións de Lugo,



Ourense, Vigo e A Coruña e tamén se revisou e actualizou o “Manual de Auto protección do centro de traballo de San Marcos”, e procedeuse a unha revisión das planimetrías de ditas delegacións e do centro de San Marcos. Procedeuse a realizar a revisión da Avaliación de Riscos do centro de traballo de San Marcos e das delegacións de Lugo, Ourense, Vigo e A Coruña, así como a establecer o Plan de Acción correspondente a cada centro.

Vixilancia da saúde

Dentro da preocupación pola saúde dos seus traballadores, xa no 2011 a CRTVG acreditou o seu servizo médico fronte á Consellería de Sanidade, que o inclúe no rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia. No ano 2015, dito servizo médico, despois das adaptacións e cos medios solicitados postos á súa disposición, foi adscrito ao programa galego de vacinacións, converténdose así en punto de vacinación da Comunidade Autónoma.

No ano 2021 leváronse a cabo 426 recoñecementos médicos correspondentes á vixilancia da saúde, dos que 213 foron realizados a mulleres e os outros 213 a homes. Administráronse un total de 143 vacinas da Gripe.

Analizados os datos, pode indicarse que tanto a saúde xeral como laboral da empresa non presenta alteracións relevantes que requiran intervencións colectivas específicas.

As alteracións individuais detectadas foron postas en coñecemento dos traballadores afectados pola médica do traballo, entregándolles nos seus informes individuais as recomendacións personalizadas requiridas en función da patoloxía detectada.

Comité de Seguridade e Saúde Laboral

Durante o transcurso do ano tiveron lugar 14 reunións do Comité de Seguridade e Saúde Laboral, co fin de mellorar a protección e a saúde dos traballadores, tendo en conta que é un obxectivo básico e prioritario das partes asinantes do vixente Convenio Colectivo.

Accidentabilidade laboral

Na CRTVG, o SSSL encárgase da seguridade, a hixiene, a ergonomía e a psico-socioloxía no traballo e do recoñecemento, avaliación e control dos factores de risco provocados no lugar de traballo que poidan ocasionar accidentes ou enfermidades, alterar a saúde, o benestar ou crear algún malestar significativo entre as traballadoras e traballadores.

Durante o ano 2021, no servizo público de comunicación audiovisual galego, debe indicarse que se computaron 18 accidentes de traballo, dos que 12 deron lugar a baixas, sendo 2 destes ‘in itinere’. Todos os procesos derivados foron cualificados



como leves, non se producindo, pois, ao longo do exercicio ningún grave nin moi grave; como tampouco se produciu outra continxencia ningunha de calquera outro tipo neste ámbito. Os accidentes sen baixa foron 6, afectando a 3 homes e 3 mulleres, e os accidentes con baixa foron 12, afectando a 8 homes e 4 mulleres.

1.4 Formación e selección

Formación

A actividade da CRTVG en materia de formación continua en 2021 articulouse, como vén sendo práctica habitual, nun plan de carácter ordinario onde se recollen os contidos demandados polas diferentes Áreas, Departamentos ou Servizos e canalizados tamén pola súa representación legal, definindo así o carácter participativo deste.

A formación impartida no ano 2021 foi destinada aos diversos colectivos profesionais da Corporación, no marco da formación continua establecido polo capítulo XIII do Convenio Colectivo, o emanado do Estatuto dos Traballadores (art. 23), o deber de planificación do departamento de Recursos Humanos de formar ao persoal (art. 69.1.d) e mais polo deber dos traballadores de manter actualizada a formación e cualificación (art. 54.8).

No ano 2021 continúaase baixo a situación de crise sanitaria provocada pola covid-19, considerándose xa a teleformación como unha modalidade alternativa válida.

Os principais datos da formación de 2021 foron os seguintes:

- Número de cursos: 23
- Número de accións formativas: 106
- Número de categorías formadas: 34
- Número de alumnos/as: 435
- Número de asistentes: 911
- Número de horas impartidas: 481,65
- Número de horas lectivas: 7670,80

Selección

En 2021 convocáronse dez probas de selección para a realización de contratos en prácticas nas seguintes categorías:

- Axudante de realización (marzo)
- Titulado/a superior en informática (abril)
- Operador-montador de vídeo (abril)
- Titulado/a superior en ADE (abril)
- Titulado/a superior en enxeñería informática (maio)
- Reporteiro/a gráfico (maio)
- Locutor/a de radio (xuño)



- Redactor/a (xullo)
- Especialista de montaxe (xullo)
- Técnico/a electrónico/a (novembro)

Bolseiros/as

A CRTVG, como referente do sector audiovisual en Galicia, é un destino preferido para a realización das prácticas educativas en todas as súas modalidades. Asumindo a súa responsabilidade de servizo público, a CRTVG proporciónalles aos bolseiros un marco de primeira clase para a realización das prácticas en empresas, obrigatorias no caso da Formación Profesional e optativas no caso da Universidade, podendo ser, neste caso, curriculares ou extracurriculares, dependendo de se forman ou non parte do Plan de Estudos. Todas as prácticas están reguladas por convenios subscritos cos centros de procedencia e cumprindo coa lexislación vixente.

Cando inicia as prácticas, o bolseiro recibe un Manual de Acollida no que se expoñen, de forma detallada, os aspectos básicos para o seguimento da bolsa, así como os dereitos e deberes tanto do alumno como da CRTVG. Así mesmo, será informado tamén en normas básicas en materia de seguridade e saúde laboral.

As procedencias das modalidades das prácticas non laborais na CRTVG son:

1.- Módulo Profesional de formación en centros de traballo dos ciclos de FP

O obxectivo desta modalidade de prácticas é o de completar as competencias profesionais propias de cada titulación, adquiridas no centro educativo, e facilitar a inserción laboral. As actividades formativas, sempre supervisadas, desenvólvense nas instalacións da empresa, sen que isto implique ningunha relación laboral.

A duración do período de prácticas nos ciclos formativos de grao medio e grao superior é, como regra xeral, de 400 horas. O alumnado debe cursar ciclos relacionados coas actividades e requisitos das categorías laborais existentes nos medios públicos e proceder de centros do sistema educativo de Galicia.

Ciclos de procedencia:

- Marketing e publicidade
- Producción de audiovisuais e espectáculos
- Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos
- Son para audiovisuais e espectáculos

Centros de procedencia de FCT:

- CIPF a Farixa (Ourense)
- CIPF As Mercedes (Lugo)
- CIPF Imaxe e Son (A Coruña)
- CPR O Raio Verde (Santiago)
- EISV Marcote (Vigo)
- IES Audiovisual (Vigo)



2.- Universidade

Os obxectivos das prácticas externas son o de permitir que os estudantes/as apliquen e complementen os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecer a adquisición de competencias que os preparen para o exercicio de actividades profesionais, facilitar coa obtención dunha experiencia práctica a súa inserción no mercado laboral e fomentar a súa capacidade de emprendemento. Estas prácticas poden ser curriculares, prácticas conducentes á elaboración dos traballos fin de máster ou extracurriculares. A duración das prácticas para os estudos de grao é de 300 horas e para estudos de máster de 150 horas.

Graos de procedencia dos bolseiros en 2021:

- Comunicación audiovisual
- Xornalismo
- Xornalismo e Comunicación audiovisual

Facultades de procedencia dos alumnos:

- CC. da Comunicación (UDC)
- CC. da Comunicación (USC)
- CC. Sociais e da Comunicación (UVIGO)
- Carlos III (Madrid)

3.- Prácticas para titulados/as sen experiencia

As prácticas desta modalidade fixéronse a través dos Programas da Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), que están dirixidos a:

- Titulados/as das tres universidades públicas galegas
- Titulados/as procedentes de centros de formación profesional a través dun programa de bolsas coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Estes programas favorecen a incorporación do alumnado recén titulado ao mercado laboral e complementan a súa formación teórica previa cunha estadía práctica na empresa.

As titulacións de procedencia desta modalidade son as seguintes:

- Administración e Dirección de Empresas
- Comunicación Audiovisual
- Humanidades
- Relacións Laborais
- Sistemas de Telecomunicacións e Informáticos
- Xornalismo

No que se refire ás prácticas de Máster dirixidas a titulados/as procedentes das Universidades galegas, as titulacións foron as seguintes:

- Comunicación audiovisual
- Xornalismo





2. AUDIENCIAS 2021

A medición audimétrica fundaméntase nun coñecemento fondo da socioloxía do consumidor, atendendo a pautas de comportamento condicionadas pola natureza do usuario. Porén, a xestión da data permite avanzar no coñecemento dos usuarios, logrando combinar toda a experiencia da análise sociolóxica coa información achegada polos usuarios na súa actividade diaria.

Para unha correcta adaptación dos medios á sociedade cómpre incorporar á xestión diaria a información proporcionada por elementos como: a xeolocalización; os graos de impulsividade no consumo de contidos informativos ou de entretemento; os graos de satisfacción na busca de contidos específicos; a medición das escollas cualitativas nos procesos de recepción (elección de idioma, contorno de consumo; uso dos dispositivo de referencia para a recepción, consumo colectivo ou individual...); o grao de interactividade do usuario (actividade de espallamento das mensaxes, definición de líderes de opinión sobre cada tema, tempos de resposta ante estímulos informativos...).

Esa información, que debe ser recollida e xestionada a través das posibilidades técnicas que xa existen no mercado, xerará, ademais, un amplo coñecemento da sociedade na que centra a súa actividade unha empresa de comunicación. Máis alá das pautas de comportamento mediático, é imprescindible comprender os comportamentos sociais co obxectivo de lograr unha maior anticipación na oferta e, por suposto, mellorar as ratios de satisfacción que cada usuario pretende acadar cando inicia un proceso de consumo de mensaxes informativas ou de contidos de entretemento. Por iso, a CRTVG debe converterse nunha das principais ferramentas de análise sociolóxica de Galicia, especialmente en todo o que se refire á capacidade de absorción de información, ao ocio e ao entretemento.

Neste panorama, a TVG consolídase como un medio de comunicación audiovisual e dixital de referencia para a cidadanía galega. Nese sentido, a Televisión de Galicia chega ao 99,1% dos fogares galegos e, no 2021, máis de 689.000 persoas contactaron diariamente co medio ao longo dun día. Iso supón que un 26,3% dos espectadores consumiron nalgún momento do día os contidos emitidos pola TVG a través do televisor por calquera das súas canles. No ano 2021 a TVG fixo un importante esforzo para aumentar a cobertura das súas canles, mellorando o número de operadores que distribúen o sinal da CRTVG en América e en Europa.

No espazo radiofónico, os datos tamén avalan a importancia que lle outorga a poboación galega. Cada día, a Radio Galega e Radio Galega Música achegan contidos informativos e de entretemento a máis de 200.000 persoas, segundo o Estudo Xeral de Medios, converténdose habitualmente na canle de referencia nos momentos de maior tensión informativa en Galicia (203.000 contando con Son



Galicia Radio, que suma 2.000 ao ano, de luns a venres a audiencia medra a 223.000, dos que 2.000 son de novo de Son Galicia Radio).

En 2021, a CRTVG mantivo a súa aposta polos contidos nativos dixitais, liderados polo proxecto #DígochoEu, e a busca de públicos máis novos a través das redes sociais. En plataformas dixitais lanzou RadioGalegaPodcast.gal e G24.gal, a mediados de outubro, como parte da súa estratexia de diversificación dos contidos, en función das temáticas e do propio consumo dos seus espectadores. Deste xeito, RadioGalegaPodcast.gal pretende converterse na plataforma de audio de entretemento da Radio Galega e G24.gal na canle de información tanto da RG como da TVG. Polo tanto, a aposta dixital está concibida con catro plataformas: a de audio de entretemento, a de información de audio e vídeo, a de entretemento de vídeo (futura OTT) e a de contidos interactivos, infantís e xuvenís (PETISGO).

O proceso de transición non resulta sinxelo en canto aos datos de audiencia por varios motivos. En primeiro lugar, as formas de medición están a mudar e Google foi o primeiro en facer cambios coa introdución de Google Tag Manager. Google Tag Manager está orientado á medición publicitaria e, desaparecen, entre outras métricas, as páxinas vistas, como se comprobará neste informe nas novas webs creadas este ano.

Por outra banda, a perda do medidor único (ComScore) durante 2020 fai que non exista unha métrica comparativa co resto das canles autonómicas no eido dixital, incluído YouTube. E, por último, o novo ecosistema audiovisual está en continuo cambio, tamén nas métricas, e require de novas formas de traballo para dar resposta ás estratexias marcadas pola Corporación RTVG.

Por todos os cambios que están xurdindo, a Corporación desenvolveu un Data Lake, en marzo de 2021, co obxectivo de medir “audiencias 360°”. Porén, a falta do despregue do SDK necesario na web principal imposibilita a mesma. O resto de servizos onde está despregado son RadioGalegaPodcast e #DígochoEu.


Por todo o exposto, esta memoria propón unha nova estética, tipo *dashboard*, coas métricas máis importantes para analizar a evolución da estratexia dixital da Corporación e posibilitar as futuras decisións da mesma; así como a achega de novas formas de medición incorporadas no Data Lake da CRTVG e que xorden como adaptación dos cambios do actual ecosistema audiovisual.



2.1 Audiencias xerais das canles de CRTVG


Neste capítulo analízanse as audiencias de televisión e radio, agrupadas polos tres grandes grupos de análise: as audiencias xerais, os informativos e o entretemento. Todos os datos utilizan como fonte Kantar Media, EXM e os datos internos da CRTVG. A TVG é a primeira canle pública e a terceira canle máis vista en Galicia, cunha cota de *share* do 10,1% no conxunto do ano.

Gráfico 1. Audiencia en Galicia da TVG e a competencia. Ano 2021 (cota de pantalla). Fonte: Kantar Media




Se se analiza a evolución dos últimos cinco anos, obsérvase como TVG está mantendo a senda de estabilización iniciada no ano 2014 e que lle permitiu consolidar a súa presenza no espazo televisivo galego.

Gráfico 2. Evolución audiencia TVG e competencia (cota de pantalla). Fonte: Kantar Media



Esta tendencia de estabilidade é tamén habitual en boa parte do resto das televisións autonómicas, cun crecemento reducido pero constante.

Gráfico 3. Evolución da audiencia das televisións autonómicas (cota de pantalla). Fonte: Kantar Media



Un 26,3% dos galegos maiores de 4 anos contactan diariamente con TVG, o que a converte nunha das televisións autonómicas con maior impacto en España. No caso da TVG, está máis de tres puntos por riba da media de contactos das canles autonómicas, que se sitúa nun 22,9%.


Gráfico 4. Evolución da audiencia das televisións autonómicas por media de contactos diarios sobre o total de poboación (datos en porcentaxes). Fonte: Kantar Media

	Ano 2009	Ano 2010	Ano 2011	Ano 2012	Ano 2013	Ano 2014	Ano 2015	Ano 2016	Ano 2017	Ano 2018	Ano 2019	Ano 2020	Ano 2021
TVG	42,9	36,8	35,2	34,4	32,2	31,8	30	30,9	29,3	26,5	25,1	27,6	26,3
C.SUR	47,2	42,2	37,5	38,1	36,8	33,3	29,2	26,8	26,2	24,2	22,7	24,6	22,9
TV3	43	40,8	38,9	40,5	38,3	34,9	31,5	29,1	28,2	27,7	27	26,9	24,6
ETB2	48,6	40,5	36,4	37,5	36,3	34,5	31,1	29	28,7	27,3	25,9	29,1	28
TELEMA-DRID	38,5	32	28,5	26,2	22	22,2	21,5	22,3	20,9	19,4	18,2	19,8	18,5
C9	40,6	33,7	30,6	28,6	23,5								
A PUNT										1,9	9,7	12,9	13,4
TVCAN	42,2	36,9	34,8	32,9	29,9	29	24,5	22,1	22,5	20,5	18,5	22,2	24,1
CMM	39,5	33,6	30	28,9	26,3	25	24,6	24,3	23,7	20,6	19,8	21,8	20,2
ARAGON TV	40,3	40,7	40,2	38,7	38,7	36,5	34,3	32,3	31,3	30,1	30,1	32,7	31
GRUPO FORTA	44,3	39,3	37,1	36	32,2	27,5	25,4	24,6	24,1	22,8	22,6	24,5	22,9




Na radio, a audiencia xeral das emisoras da CRTVG tivo un importante crecemento para o tramo de luns a venres. No 2021 tanto Radio Galega como Radio Galega Música aumentaron o número de oíntes, acadando a cota acumulada de 234.000 persoas que as seguen diariamente, o mellor dato desde 2014. A tendencia que existe no ano 2021 é á estabilización, con 221.000 oíntes, que é o 2º mellor dato histórico.

Gráfico 5. Evolución da audiencia acumulada de luns a venres 2008-2021 en miles de persoas. Fonte: EXM



No período de luns a domingo tamén é importante a subida tanto da Radio Galega como de Radio Galega Música. No 2021 acadouse a cota acumulada de 206.000 oíntes, o mellor dato desde o 2013. De novo o ano 2021 reflicte estabilidade e co 2º mellor dato histórico.

Gráfico 6. Evolución da audiencia acumulada de luns a domingo 2008-2021 en miles de persoas. Fonte: EXM




2.2 Referencia informativa

A TVG é referencia informativa televisiva para a poboación galega, sendo líder historicamente na franxa do mediodía.

O liderado na cota de pantalla dos programas informativos en Galicia por parte da TVG demostra unha preferencia clara por parte dos galegos.

Os programas informativos da TVG -‘Bos días’, ‘Galicia noticias’, ‘Telexornal mediodía’, ‘Telexornal serán’, tanto de luns a venres como nas fins de semana- lideran cunha cota media do 14,5% no 2021, segundo o medidor oficial de TV en ámbito España Kantar Media.

Gráfico 7. Evolución da audiencia da TVG e competencia. Cota de pantalla da información xeral diaria. Fonte: Kantar Media




TVG, líder no tramo informativo do mediodía

A TVG logrou ser líder de audiencia no tramo informativo do mediodía de luns a domingo entre as 13.30 e as 15.30, no que se emite o programa Galicia Noticias, Telexornal 1 e Deportes. Esa é unha das franxas de maior consumo televisivo en Galicia. Neste tramo horario, a TVG logra acadar un 19,2% da cota de pantalla, seguido de Antena 3 cun 16,1%.

No resto das canles, Telecinco logrou acadar unha cota de pantalla do 14,2%, seguida de La Sexta cun 9,9% e de La1, cun 6,5%.




Gráfico 8.



Na Radio Galega tamén se aprecia unha estabilización na tendencia de crecemento de audiencia dos programas informativos iniciada hai catro anos. O ano 2021 obtivo o segundo mellor dato de audiencia dos últimos sete anos nos tramos informativos. O maior índice de audiencia acumulada céntrase na franxa da mañá (06.00h- 14.00h), na que se oferta a maior carga informativa radiofónica do día e onde se produce tamén o maior consumo radiofónico, cunha maior competencia.


Gráfico 9. Audiencia acumulada dos programas informativos de luns a venres da Radio Galega (Miles de oíntes). Fonte: EXM



2.3 Referencia para o entretemento


A maior aposta polo entretemento da TVG concéntrase no horario de *prime time*, desde as 20.30h. ata as 24h. Nesa franxa, os programas de entretemento da TVG acadan unha media de 10,6 puntos de *share*, 1 décima máis que o mesmo período de hai un ano.

Gráfico 10. Evolución da audiencia do prime time (cota de pantalla). Fonte: Kantar Media



Na radio, tamén se consolida a tendencia de crecemento nos programas de entretemento, tanto nos tramos de tarde como de noite, logrando os terceiros mellores datos de audiencia dos últimos 23 anos. Unha vez máis, os datos máis sorprendentes prodúcense na madrugada, onde se alcanzan picos de 33.000 oíntes.

Gráfico 11. Audiencia acumulada dos programas de entretemento de luns a venres da Radio Galega (En miles de oíntes). Fonte: EXM



2.4 Conclusións

As canles da CRTVG son a referencia informativa galega. A franxa do mediodía segue sendo unha preferencia para a poboación galega, na que media unha cota do 19,2% no conxunto do ano. No caso da Radio Galega, consolídase a tendencia de maior consumo, especialmente nos programas de entretemento, e no referido ao dixital, a información tamén segue sendo un dos eixes principais na comunicación a través de redes e da nova canle temática G24.gal.

O entretemento que propón a TVG segue a ser referencia nos medios públicos de Galicia, se ben estase a producir un desprazamento da audiencia que consome entretemento no *prime time* cara ao último tramo das tardes. A TVG consolida o grupo de cabeza que lidera o entretemento televisivo en aberto, xunto a Telecinco e Antena3. No ano 2021 produciuse un incremento importante do consumo televisivo e a TVG segue sendo referencia para Galicia e a segunda máis vista das televisións autonómicas.

De media, máis de 689.000 galegos consomen diariamente TVG, o que supón que o 26,3% dos galegos ven TVG cada día (29,1% se falamos das canles de TV da CRTVG). A estes datos cómpre sumarlle que máis de 200.000 galegos e galegas escollen cada día a radio pública como medio de comunicación radiofónico de referencia e que a canle dixital da CRTVG, a crtvg.gal, logrou no ano 2021 12.511.162 de visitas e 4.191.459 usuarios únicos.





3. OS SERVIZOS INFORMATIVOS DA CRTVG

A consolidación do modelo multimedia

O exercicio 2021 supuxo a consolidación do modelo multimedia na redacción de Informativos da Corporación Radio e Televisión de Galicia. Nomeadamente, as temporadas 2020/2021 e 2021/2022 derivaron na constitución completa dunha Mesa Central que capitaliza a día de hoxe as estratexias informativas así como a xestión dos recursos destinados ás mesmas. A través dun único órgano de dirección operativa, toda a proxección informativa da Corporación pasa por esta Mesa Central dunha redacción que camiñou cara aos seguintes obxectivos en 2021:

Operatividade da Mesa Central as 24 horas de luns a domingo. Marcáronse reunións para a Mesa de Medios e Áreas sobre a previsión de contidos da madrugada e do día seguinte. Marcáronse tamén dúas reunións para a Mesa de Formatos TVG. O venres estableceuse ademais unha reunión específica para toda a área informativa da fin de semana, que conta cos responsables de Deportes de TVG e RG. Na fin de semana marcáronse tamén reunións multimedia. En todas elas participan os máximos responsables editoriais dos formatos televisión, radio e web, coordinados pola Dirección da Área de Informativos.

Cobertura dixital como competencia obrigatoria de toda a redacción de Informativos. Formación sobre o novo CMS (Content Management System ou Sistema de Xestión de Contidos) para os xornalistas da Corporación, que teñan entre as súas competencias a edición básica e publicación de contidos informativos na web G24.gal, así como nas canles dixitais que estime en cada momento a Área de Informativos.

Novas dinámicas de interacción coas delegacións. Marcouse a partir de outubro unha reunión semanal entre a Dirección e os/as responsables das delegacións de TVG e RG, inicialmente por separado e posteriormente de forma unificada. Un dos obxectivos principais desta nova temporada no que respecta ás delegacións foi a optimización na xestión das fontes, cuestión imprescindible para garantir a calidade no servizo informativo de proximidade.

Coberturas multimedia en San Marcos e nas delegacións da CRTVG. Camiñouse cara a unha dinámica laboral verdadeiramente multimedia tanto nas súas coberturas xornalísticas como na organización das mesas.

A dinámica web como referencia para toda a Corporación. Elaborouse e aplicouse un informe polo miúdo desde a Mesa Central, en colaboración cos responsables da transformación dixital da CRTVG, para examinar as dinámicas de traballo do conxunto da Área de Informativos. Auditouse a consecución da sinerxía multimedia entre os tres formatos da Corporación, sendo sempre prioritaria a organización do traballo en base á publicación dixital dos contidos (Digital First). Tras o resultado do informe, actualizáronse os obxectivos da Área de Informativos relativos á funcionalidade da Mesa Central na temporada 2022/2023.



A CRTVG actúa como unha gran plataforma xeradora de contidos. Iso implica que a redacción ten que estar aberta ao intercambio constante de información e ideas, con equipos que conflúen nun obxectivo común. A nova ponte de mando sitúase, como se indica, nunha Mesa Central que permite axilizar os tempos de resposta. Os hábitos de consumo mudaron, a audiencia busca información na pantalla de televisión ou no aparato de radio, pero tamén noutros soportes.

A reorganización da redacción cara a un modelo horizontal, con equipos que entenden a importancia de traballar para múltiples plataformas, mellora sensiblemente a capacidade de resposta. Os novos perfís profesionais e a orientación do traballo cara aos diferentes soportes esixe tamén unha revisión en tempo real do impacto que as mensaxes/emisións teñen nos receptores. O novo modelo de redacción, axustado ás necesidades e esixencias de cada momento, obriga a ter equipos capacitados para contar as historias en situacións nas que hai que actuar con inmediatez sen que se vexa minguada a calidade.

[A creación do portal informativo g24.gal](#)

Os medios públicos galegos estrearon en outubro de 2021 o novo portal dixital de información G24.gal, cunha web que naceu para reforzar toda a oferta informativa da Corporación de Radio e Televisión de Galicia.

O novo G24.gal preséntase nunha web clasificada en seccións:

- Política
- Economía
- Sociedade
- Deportes
- Cultura
- O Tempo

Cun deseño gráfico e unha usabilidade dirixidos a mellorar a navegación desde calquera dispositivo, G24.gal ofrece toda a información emitida pola redacción de Informativos do centro de San Marcos e as cinco delegacións, catro en Galicia e a de Madrid, e con especial atención tamén a Portugal, que conta cunha sección específica en portada. Aloxa tamén a área de directos da TVG, tanto de noticias de alcance e actualidade política como das retransmisións deportivas, reordenando todo este tráfico de xeito máis operativo.

A web crtvg.gal segue a ser a referencia para o entretemento, os contidos á carta e as canles de directo non informativas (programas, Enserie.gal, a canle Xabarán, información corporativa e ligazón á Radio Galega). Esta web terá tamén a súa evolución na vindeira plataforma OTT, de forma que se complete a renovación dos soportes dixitais da CRTVG, tanto de información como de entretemento. A CRTVG traballou neste novo desenvolvemento co obxectivo de alcanzar e fidelizar as novas audiencias e posicionarse como o medio dixital de referencia da información en galego, moi especialmente polo seu potencial como canle de directos, do que acontece en Galicia, en tempo real.



A estratexia de dixitalización da CRTVG supón a posta en marcha de novas plataformas coma esta, que se suma ás creadas noutros eidos da Corporación: a futura OTT como contedor de entretemento da Galega; o portal radiogalegapodcast.gal, estreado a finais de 2021 para recoller todos os podcasts da emisora, así como outros nativos dixitais, ou a plataforma PETISGO, que dará cobertura no eido educativo aos rapaces de entre 6 e 16 anos a través dos seus dispositivos móbiles e que a Corporación desenvolve en colaboración con AMTEGA, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. Ademais, hai que sumar a xestión global de toda a comunidade coa que se dialoga nas redes sociais, cuestión da que se informa tamén nesta memoria.

Coordinación da área de Tempo Real e novos formatos

Durante 2021, a área de Tempo Real dos servizos informativos estivo moi centrada en informar a sociedade galega sobre a evolución da pandemia da covid-19, producindo vídeos explicativos e informacións apoiadas por gráficos interactivos e mapas de incidencia do virus.

Ademais, entre as accións destinadas a fornecer a oferta informativa dixital, a principios de ano creouse a conta de TikTok @menosdunminuto, que edita vídeos expresamente concibidos para esta plataforma. A día de hoxe, os vídeos de #menosdunminuto contan con 1,6 millóns de reproducións en TikTok. Estes mesmos vídeos en formato curto publícanse tamén na conta de Instagram de @g24noticias, na que tamén se inclúen noticias en formato story. Así mesmo, tamén se aproveitou a canle de YouTube para lanzar vídeos informativos ao longo do ano.

Nova web e máis canles para '#DígochoEu'

O proxecto '#DígochoEu', que naceu orixinalmente nos Servizos Informativos en xaneiro de 2020, é xa un proxecto transversal de toda a Corporación que alcanzou ao longo da súa traxectoria en 2021 numerosos fitos na súa relación coa audiencia. #DígochoEu pode verse na web crtvg.gal en g24.gal, así como nas contas de Instagram (@digochoeu.tvg), Twitter (g24noticias), Facebook (g24noticias), YouTube (youtube.com/tvg) e TikTok (tiktok.com/@digochoeu) e no Telexornal da TVG. E desde maio de 2021 en Twitch (twitch.tv/crtvg.).

En maio de 2021 creouse a conta de Twitch da @crtvg que foi estreada cun encontro virtual con centros educativos galegos, entre os que a sona de '#DígochoEu' non para de medrar. Nesta canle de Twitch comezaron a emitirse dous espazos semanais: 'O reto do #DígochoEu', concurso sobre galego coa participación de xente coñecida, e o '#ApuntamentoLusófono', un encontro semanal entre a presentadora do espazo e un actor e *influencer* portugués.



O crecemento do espazo fixo que se creara unha web propia: digochoeu.gal, que recolle os vídeos diarios e tamén os emitidos na canle de Twitch, así como material para o profesorado que usa #DigochoEu como ferramenta didáctica nas aulas. A web estreouse con case 600 vídeos. Nesta expansión do proxecto destaca o éxito da conta de TikTok, actualmente a que máis seguidores ten de todas as contas corporativas da CRTVG, con preto de 170.000. Ao longo do ano, houbo varios vídeos de TikTok do '#DigochoEu' que se fixeron virais non só en Galicia, senón tamén fóra. Actualmente, as visualizacións dos vídeos co cancelo #DigochoEu superan os 46 millóns e as do cancelo #ApuntamentoLusófono outros 3,3 millóns, polo que a cifra total se achega aos 50 millóns de visualizacións entre as dúas temáticas.

Precisamente para celebrar os seus 150.000 seguidores en TikTok, '#DigochoEu', anunciou a creación do Premio #DigochoEu, concurso de vídeos aberto a todos os centros escolares de Galicia, de educación primaria e secundaria, ou calquera de fóra de Galicia que imparta lingua galega e que se decidirá no mes de maio de 2022.

Ao longo do 2021 '#DigochoEu' desenvolveu xa unha intensa actividade no eido escolar, visitando unha ducia de colexios durante 2021 no marco do programa '21 días co galego e +', programa impulsado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística. O equipo do espazo visitou os centros para explicarlle ao alumnado como se elaboran os vídeos do '#DigochoEu'.

En setembro de 2021, o espazo estreou tamén a súa propia conta de Instagram, fóra do paraugas dos servizos informativos, conta que actualmente ten 32.300 seguidores. E a finais de ano, involucrouse na campaña do grupo galego Tanxugueiras no seu camiño como posibles candidatas a representar a España en Eurovisión 2022. Ese especial seguimento desembocou meses despois nos programas especiais sobre o Benidorm Fest (#TanxuFesta) e o Festival de Eurovisión, xa no 2022.

A grande acollida do público á presentadora do #DigochoEu levouna a participar en varios programas especiais da TVG no 2021, así como a presentar tamén o espazo 'Grandes cachadas' da primeira canle.



3.1 Informativos de Televisión de Galicia

A programación informativa de Televisión de Galicia confeccionouse no exercicio 2021 en base ás seguintes premisas:

- **Creación de grandes bloques informativos** centrados nos contidos de proximidade e de interese social, nun formato que fideliza as audiencias.
- **O informativo ‘Bos días’ adquire un gran formato, estendéndose ademais aos sete días da semana.** De luns a venres emitíuse entre as 08:00 e as 10:45. Os sábados, de 09:00 a 10:00. E os domingos, de 10:30 a 11:00. O seu relato informativo vértase a partir dos grandes temas da axenda do día, a actualidade máis próxima e os puntos de directo repartidos pola Comunidade.
- **‘A revista’, de luns a venres, comezará ás 11:30 e rematará ás 13:45, integrando a sección de ‘A bóla extra’** en emisión simultánea coa Radio Galega. O novo formato de ‘A revista’ prioriza o contido informativo social.
- **O bloque informativo de mediodía, líder de audiencia, consolida formatos e os horarios que se estenderon durante a pandemia:** ‘Galicia noticias’ e ‘Telexornal mediodía’, que chega ata o limiar das 15:30 no que se dará paso a Deportes.
- **Nunha aposta decidida pola actualidade comarcal, o ‘Galicia noticias’ esténdese ás fins de semana, con senllas emisións sábado e domingo** de aproximadamente unha hora previas ao ‘Telexornal mediodía’.
- Na estratexia de apostar pola información en directo, **a fin de semana non só incorpora un ‘Bos días’ diario, senón tamén un ‘Galicia noticias’,** que é o espazo de referencia da actualidade comarcal.
- **Este gran bloque informativo das fins de semana refórzase cos programas especializados ‘Labranza’ e ‘Vivir o mar’,** pegados aos informativos centrais.
- **Destacada aposta polos espazos de análise informativa, con varios formatos destinados á interpretación da actualidade:** ‘Conexión Galicia’ (con xornalistas referentes da prensa galega en Madrid), ‘O debate da G2’ (para abordar os asuntos clave da actualidade co centro do debate en Galicia), ‘A crónica’ (en emisión simultánea coa Radio Galega) e ‘Café sen gotas’ (faladoiro realizado desde o Parlamento de Galicia).
- **A estratexia informativa da TVG sobre os contidos culturais mantense esta temporada coa oferta diaria do programa ‘ZigZag’ de luns a domingo.** Na fin de semana ofrecerase unha edición do programa na primeira canle.



Novo formato informativo, 'No foco', para 2022

Televisión de Galicia propuxo na temporada 2021/2022 o programa '**No foco**', con estrea prevista finalmente para principios de 2022. Trátase dun espazo que nace coa vocación de informar en profundidade os espectadores, sobre asuntos de actualidade, especialmente de carácter social, un novo espazo de reportaxes de fondo para a análise das **claves da actualidade** cun enfoque rigoroso e especializado.

En 'No foco' teñen cabida asuntos dos distintos eidos que normalmente non poden ser tratados en profundidade nos espazos diarios e está elaborado pola **redacción de Informativos** da TVG, con achegas de todas as súas áreas temáticas. O coidado do relato e da linguaxe audiovisual informativa é tamén un dos cometidos prioritarios desta nova proposta informativa, que se ofrece o **sábado á sobremesa**, tras o 'Telexornal mediodía', cunha duración de 20 minutos.

3.1.1 Unha programación consolidada en todas as franxas

Franxa matinal

Cada mañá, de luns a domingo, o espazo 'Bos días' segue a manter o seu formato e enfoque, cunha duración de 180 minutos de luns a venres (de 08.00 a 11.00 h.) e de 30 minutos de sábado a domingo. Emítense en directo e primando a información xeral e a de servizo público, con entrevistas en plató e seguimento de toda a actualidade das primeiras horas da xornada.

Franxa do mediodía

Na franxa de mediodía emítense o bloque informativo que acada a mellor resposta da audiencia. Está composto por 'A revista', 'Galicia noticias' e o 'Telexornal mediodía', tres formatos diferenciados e, ao mesmo tempo, complementarios que se estenden ao longo de tres horas en directo desde as 12.30 h., co inicio de 'A revista', ata ás 15.30 h. co remate do primeiro Telexornal do día, logo das noticias dos deportes. Este bloque fixo un ano máis a televisión pública galega líder absoluta a esas horas do día entre as canles xeralistas. Os tres espazos comparten esforzos e recursos, e traballan de xeito coordinado, especialmente no que se refire a medios técnicos como os equipos de directos en exteriores, isto é, as coñecidas como "mochilas" e as unidades transportables, tanto propias coma alleas, primando sempre a atención e o seguimento dos asuntos que son noticia en Galicia no momento da emisión.

O magazine 'A revista' outorga prioridade aos contidos de carácter social, lúdico e cultural, e a contidos achegados polos equipos de directo que se despregan cada día por toda Galicia para aproximar ao espectador a voz e as imaxes en vivo dos seus protagonistas. A inmediatez é un dos principais sinais de identidade deste programa, que tamén inclúe unha ou varias entrevistas en directo no plató, e



seccións fixas con persoal da propia CRTVG ou colaboradores externos, que se van renovando cada temporada: medicina, nutrición, deporte, moda, asuntos xurídicos, o máis visto nas redes e mundo animal.

Ao remate de “A revista”, de luns a venres emítese o 'Galicia noticias' entre as 13.45 e as 14.20 h. aproximadamente. Con estrutura e enfoque de informativo, este espazo, centrado exclusivamente na actualidade galega, fai especial incidencia nas cuestións sociais, nos problemas cotiáns dos cidadáns na contorna onde viven e contadas de primeira man.

Isto é, búscase a testemuña directa, case sempre en primeira persoa, dos protagonistas das novas, o que fai que amplos sectores da poboación se sintan dalgún xeito reflectidos na pantalla da TVG. O groso da súa estrutura son vídeos duns dous minutos de duración con moitas declaracións obtidas sobre o terreo polos reporteiros do programa.

A estrutura do 'Telexornal mediodía' está organizada en bloques temáticos, e conta tamén con varios bloques de noticias máis breves, cun formato específico, música de fondo e lendas que permitan ao espectador identificar inmediatamente o que está vendo. Neste tempo de información prima o directo, con sinais do que está pasando en tempo real e aumentando o número de conexións cando a actualidade da xornada así o require, como foi o caso deste ano 2021 de tanta presión informativa.

A información meteorolóxica é primordial nos informativos da Galega. Cada mañá, o departamento de Informativos celebra unha reunión cos redactores/as do departamento de información meteorolóxica para decidir conxuntamente o tratamento que merece o tema ese día e as localizacións idóneas ao longo da xornada para facer as noticias e adxudicar os puntos de directos. En días especialmente complicados neste eido, o espazo 'O Tempo', que adoita ir na franxa final do informativo, gaña presenza e arroupa o resto de vídeos desta temática.

No que respecta aos Deportes, a partir das 15.15 h., os espectadores teñen toda a información de interese, centrada sobre todo nos equipos de elite do deporte galego, pero sen descoidar en ningún caso as referencias a deportes considerados minoritarios, ou as competicións nacionais e internacionais das principais especialidades deportivas, en especial o fútbol, como deporte/espectáculo máis seguido pola audiencia. Desta cuestión dáse información detallada máis adiante neste mesmo capítulo.

Cada día, pola G2, reemítese este telexornal, ás 15.30 h., con intérprete de lingua de signos (LSE), para que sexa accesible á comunidade de persoas xordas de Galicia. Este informativo queda tamén dispoñible no portal web para favorecer esa accesibilidade á información.



Franxa do serán

O 'Telexornal serán' arranca ás 20.30 h., e ten como vocación dar conta da última hora e tamén dos grandes temas do día con amplitude e dun xeito máis repousado que na edición do mediodía.

Ao longo de 2021, a TVG emitiu tamén este informativo con intérprete en lingua de signos (LSE) a través da segunda canle (G2, ás 21.45 horas, de luns a venres, festivos incluídos), como se explica no capítulo correspondente á Responsabilidade Social Corporativa dos medios públicos.

3.2 Informativos da Radio Galega

Radio Galega consolidou en 2021 unha profunda transformación iniciada no ano 2018, para incrementar a información de proximidade, os contidos especializados e o entretemento de calidade.

O espazo 'Galicia por diante' seguiu abrindo as mañás radiofónicas cun relato informativo de luns a venres no que se integra o espazo híbrido 'A bóla extra', que emite tamén a TVG. Así mesmo, a emisora mantén senllas edicións de 'A crónica' ás 14:00 h. e ás 20:00 h.

O entretemento e a información volveron confluír en dous dos grandes espazos máis apoiados pola audiencia no último curso: 'A tarde' e o 'Pensando en ti', que segue superando os seus propios rexistros, e liderando de forma imparable nas madrugadas galegas. Tamén na fin de semana, a vocación de servizo público volveu definir unha programación informativa, complementada pola ampla oferta deportiva nos sábados e domingos.

A información deportiva foi protagonista todo o ano tras o apoio da audiencia aos consolidados 'Galicia en goles', 'Zona mixta' e 'Ao contraataque'. Da mesma forma, o 'Diario cultural' seguiu ofrecendo en tres edicións diarias un profundo repaso polas diferentes expresións culturais e artísticas do país.

Con estes argumentos, a Radio Galega consolidou en 2021 a súa primeira posición respecto ás outras emisoras da comunidade autónoma en share e en consumo medio por oínte. Desde o inicio da crise sanitaria, a emisora pública confirmouse como a gran referencia informativa, emitindo a totalidade de comparecencias e declaracións institucionais, e como a gran referencia do debate público, escoitando todas as voces dunha sociedade que protagoniza un momento clave na historia.



Unha programación consolidada

O amplo protagonismo informativo da covid-19 no ano 2021 mantivo o relato nun carácter bastante monográfico, en liña co realizado no exercicio 2020.

- O **programa informativo 'Galicia por diante'**, de luns a venres, mantivo o formato de oito horas, pero alterou o seu habitual espazo de magazine (entre as 09:30 e as 14:00) por unha prolongación do relato estritamente informativo.
- A **primeira edición do informativo 'A crónica'**, de luns a venres, recuperou os seus 45 minutos habituais, volvendo así á normalidade tras ampliarse ata 120 durante o 2020.
- A **segunda edición do informativo 'A crónica'**, de luns a venres, mantivo o formato de tres horas. Mantivo tamén as entrevistas con expertos; con protagonistas sociais, políticos e económicos da pandemia; comparecencias de prensa e faladoiros.
- Os **informativos da fin de semana** retomaron tamén a normalidade dos seus horarios (de 08:00 h. a 09:00 h. e de 14:00 h. a 15:00 h. sábados e domingos), tras cubrir durante meses unha programación especial de oito horas diarias de forma ininterrompida (de 08:00 h. a 16:00 h. sábados e domingos).

Transformación multicanal da Radio Galega

No 2021 completouse a transformación dixital na emisión da Radio Galega e traballouse no proxecto de construción do novo estudio multimedia da emisora, con data de estrea prevista nos primeiros meses de 2022.

Este novo espazo fará posible a emisión simultánea por RG, G2 e plataformas dixitais audiovisuais de formatos como 'Galicia por Diante', 'A bóla extra', 'A crónica' ou 'Pensando en ti', así como a experimentación de novos formatos híbridos en programas especiais informativos.

3.3 #Cultura365

A aposta pola información especializada en cultura da Corporación tradúcese na estratexia #Cultura365, con programación cultural os 365 días do ano nos distintos soportes da CRTVG. Con isto, a CRTVG potencia a súa estratexia de posicionamento no núcleo da cultura galega, liña na que leva anos traballando e lanzando novas iniciativas e proxectos, e coa que cumpre coa súa obriga de difundir a diversidade e pluralismo cultural.



Na TVG, esta estratexia plásmase transversalmente en todos os seus contidos e nomeadamente na programación especializada que se emite habitualmente, tanto no eido dos informativos como no do entretemento, do que se dá conta en detalle no capítulo 4 desta memoria. Así, pódense citar programas consolidados como 'ZigZag', que se emite os sete días da semana e que os sábados e domingos se trasladou desde a G2 á primeira canle, e o máis específico 'Clac', sobre cine, estreado en maio de 2021. 'Clac', de periodicidade semanal, emítase na G2 e componse da emisión dunha película galega que se ve complementada por un coloquio previo con membros do equipo da cinta seleccionada, duns 30 minutos.

A estratexia segue na Radio Galega, con 100 minutos ao día dedicados integramente a manifestacións culturais en galego dentro dos espazos de máxima audiencia da canle e en redes a través da plataforma específica de cultura: diariocultural.gal, ademais da creación no ano 2021 da propia conta de Instagram do programa 'ZigZag' e do 'Diario cultural'. Para levar a cabo todo este proxecto, a CRTVG conta nesta etapa, e por primeira vez na historia da canle, cunha Coordinación Cultural que abrangue toda a Corporación.

A estratexia comunicativa da cultura intenta tamén captar a atención e satisfacer os intereses de todos os públicos, en especial dos máis novos, con espazos creados e feitos, especificamente, por menores de 35 anos como o 'Diario cultural Zeta' e tamén coa atención das redes cunha linguaxe próxima ao seu público. Cultura de novos creadores e novos públicos que tamén deben ter un sitio nas canles públicas fortalecendo e divulgando a carreira dos artistas emerxentes.

O ano 2021 foi para a cultura un período aínda marcado polo azoute da pandemia da COVID-19. Nos primeiros meses do ano e nas diferentes ondas posteriores da pandemia, as restricións sanitarias afectaron duramente os eventos culturais, que en ocasións había que suspender e noutras celebrar con ocupacións moi reducidas. Os cambios de datas e cancelacións eran continuos nas axendas do sector. A CRTVG tentou neste tempo de especial dureza tender a man ao mundo cultural, axudando no posible nos múltiples cambios que se sucedían nos eventos, ofrecendo información actualizada e continua ata a súa celebración, xa que as axendas mudaban inesperadamente, creando unha grande incerteza para público e artistas.

Os contidos dos programas culturais adaptáronse a maior ou menor programación da cultura presencial, mantendo sempre as súas duracións, incluso nos momentos de escasa actividade pública, nos que se abordou a información desde outros puntos de vista para apoio dos creadores.

Cando a situación sanitaria o permitiu, recuperouse tamén a presenza de programas e reporteiros en exteriores, ao mesmo tempo que os festivais e actos tamén se ían recuperando lentamente.



O 2021 foi tamén o Ano das Letras de Xela Arias, o Ano das Artes de Domingo de Andrade, ou o centenario de Emilia Pardo Bazán, entre outras efemérides que contaron con especial atención nas múltiples programacións que se artellaron sobre eles.

‘Diario cultural’ da Radio Galega

A Radio Galega lanzou un proxecto analóxico-dixital na temporada 18-19 para ampliar a programación cultural a través da marca ‘Diario cultural’, que continuou en 2021 despois de acadar os mellores datos de audiencia desde o seu nacemento. Logo dunha breve pausa na emisión no 2020 debida ao confinamento e ao cese da actividade cultural, o ‘Diario cultural’ regresou pese ao descenso drástico da actividade cultural no comezo da pandemia. No 2021 a situación sanitaria viviu diversos altibaixos, marcando duras restricións para as programacións culturais durante longos períodos de baixas ocupacións, adiamentos e cancelacións. O ‘Diario cultural’ converteuse en todo ese tempo nun dos poucos altofalantes diarios e de masas da cultura en Galicia.

O novo ‘Diario cultural’ e a súa canle dixital -diariocultural.gal- forman parte da estratexia da Corporación en materia de cultura que se enmarca no proxecto #Cultura365. Na Radio Galega emítense cen minutos diarios de programación especializada en cultura de luns a venres, e consolídase a emisión en directo a fin de semana con outros cen minutos.

De luns a venres

L-V 10:30 – 11:00

L-V 14:45 – 15:00

L-V 17:30 – 18:00

Fin de semana

S 14:30 – 15:00

D 14:30 – 15:00

O formato que asumiu o ‘Diario cultural’ na Radio Galega complementábase no eido dixital coa apertura dunha canle propia. Cun deseño concibido en orixe para dispositivos móbiles, diariocultural.gal ofrece os podcasts de todas as edicións do ‘Diario cultural’, que tamén poden descargarse en iTunes e Ivoox. Tamén contén espazos especializados en música galega a través da categoría ‘Voces expertas’, con ventás semanais de rock, pop, indie, música tradicional e folk, e música clásica.

O programa conta con dúas edicións tamén na fin de semana, dirixidas aos máis novos, ‘Diario cultural Zeta’. Cunha duración de media hora, emítense os sábados e domingos, con presenza de convidados, colaboradores, prescritesores e *influencers* en distintas especialidades. É un programa elaborado e pensado por e para menores de 35 anos e que conta con colaboradores expertos que forman parte da cultura galega e con destacados currículos nas súas especialidades, pese á súa



xuventude, nás áreas das artes plásticas, a literatura, a música, o audiovisual e as artes escénicas. O 'Diario cultural Zeta' ten o seu espazo propio na web diariocultural.gal, con todos os destacados de cada programa e as colaboracións de todos os expertos.

Ademais, no 2021, 'Diario cultural' estreou conta de Instagram, @diarioculturalrg, en que se colgan os temas máis destacados do programa, así como contidos creados polos seus colaboradores, un total de 16 especialistas en distintas materias, como poesía, arte, banda deseñada, narrativa, audiovisual, música, cine, arqueoloxía, historia, teatro, ciencia ou literatura infantil e xuvenil. Ao longo do ano, o programa puido recuperar, cando a situación sanitaria o permitiu, a saída dos estudos da Radio Galega para vivir in situ eventos e feiras culturais como o Festival de Cine de Cans (Pontevedra), o Festival de Cine Internacional de Ourense (OUFF), o festival Curtocircuíto en Santiago de Compostela, e xa en novembro a feira Culturgal desde Pontevedra. Conta tamén cun reporteiro para realizar habitualmente conexións ou poder desprazarse a locais de ensaio, eventos, festivais, etc.

Ademais das entrevistas, reportaxes, programas especiais e conexións, o 'Diario cultural' conta cun nutrido grupo de colaboradores expertos en diferentes sectores da arte e as letras. Todos son persoeiros ben coñecidos que, semana tras semana, analizan para os oíntes a actualidade e os temas de interese cultural. As súas seccións poden consultarse na páxina web do programa unha vez emitidas. Este equipo de colaboradores atende eidos como a música clásica, a poesía, a narrativa, as artes escénicas, o sector audiovisual, a literatura infantoxuvenil, as artes plásticas, a música tradicional, o patrimonio ou a banda deseñada.

'ZigZag' diario e fin de semana

O 'ZigZag' é uns dos programas culturais decanos da CRTVG e que non atopa réplica noutra canle autonómica en canto a duración nin periodicidade. Ao longo do 2021, e malia as restricións aínda vixentes, o 'ZigZag' seguiu sendo o espazo de presentación e de debate sobre literatura, música, teatro, cine, banda deseñada, danza, pintura... todas as artes tiveron cabida no formato que dá voz tanto a artistas consagrados como aos emerxentes. O espazo acompañou os distintos sectores na súa recuperación paulatina da pandemia, con novos retos debidos aos continuos cambios de ocupacións e moitos adiamentos inesperados de actos. A necesidade de información cultural era aínda máis necesaria nesas circunstancias tan especiais. Polo plató do 'ZigZag' pasaron máis de 250 artistas de todas as disciplinas, e emitíronse máis de 700 reportaxes sobre a cultura galega elaboradas polo equipo do programa.

Toda a estratexia de cultura reúnese cada ano tamén ao redor do personaxe homenaxeado no Día das Letras Galegas. No 2021 a proposta incluíu a emisión de documentais, programas monográficos, o Concerto das Letras, pezas con fragmentos da obra da escritora, algunhas delas na súa propia voz, e cinema destacado con selo galego.



No apartado de apoio e promoción da música, amais das canles musicais da Radio Galega, os peches musicais dos telexornais de máxima audiencia e as entrevistas e presentacións tanto na Radio Galega como no 'ZigZag', é preciso destacar neste 2021 a retransmisión de eventos ou colaboracións como o ciclo 'Galicia Emerxe', iniciativa de Agadic na que colabora a CRTVG, composta de 50 concertos de destacados artistas e grupos galegos. Os concertos emitíronse no marco das 'Noites Temáticas' da G2 e tamén na primeira canle, os sábados á mañá.

Tamén destaca no eido da música tradicional a emisión dun programa especial sobre o Festival Intercéltico de Lorient desde Bretaña. A emisión destes contidos amplifícase no eido dixital e a cidadanía pode acceder a eles, a demanda, na páxina web da Corporación e nas canles dixitais culturais específicas da CRTVG.

O 2021, a consecuencia da COVID, caracterizouse por ser un ano de menor presenza da música nos escenarios, por momentos moi limitada, pero foi tamén un ano de gran aproveitamento dos artistas para crear. Nese tempo de nacemento de discos acompañouse diversas bandas e grupos divulgar o seu traballo que, avanzados os meses, puideron ir xa trasladando a eventos presenciais. Ese seguimento da cultura fóra da presencialidade foi unha das grandes características e necesidades culturais do 2021 en todas as artes á que os programas culturais atenderon mentres as restricións obrigaban e o sector o precisou.

No apartado audiovisual, o 2021 recuperou os festivais co avance do ano. O 'Zigzag' acudiu a todos os festivais galegos como os de Cans, S(8), Play-Doc, OUFF ou o Carballo Interplay, e seguiu a presenza das producións galegas noutros festivais españois, estreas, galas de premios e numerosas rodaxes feitas en Galicia. Os premios de cine Goya de 2021 foron celebrados en liña, non foi así co Festival de San Sebastián, ao que o 'Zigzag' acudiu, igual que ao Festival de Cine de Xixón ou á estrea en Madrid do filme 'Cuñados'.

Desde a Radio Galega tamén se informou de todos estes eventos audiovisuais con amplo seguimento no 'Diario cultural' e no programa especializado en cine 'Sala 5'. Ademais o 'Diario cultural' realizou un monográfico en Ourense sobre o OUFF.

3.4. 'Galicia en xogo' e os deportes na TVG e na RG

Cómpre lembrar que a CRTVG é, desde hai anos, unha referencia social en materia de retransmisións deportivas. As múltiples canles da Corporación (televisivas, radiofónicas e dixitais) ofrecen cada día e moi especialmente nas fins de semana unha cobertura do deporte galego que non ten equiparación en ningunha canle da autonómica. No 2021, o ano no que se retomaron a maior parte das competicións deportivas, a Televisión de Galicia fixo un total de 327 retransmisións. De todas elas, un 53% correspondeu a deportes distintos ao fútbol. Máis da metade,



por tanto, foron retransmisións de baloncesto, fútbol sala, balonmán, hóckey, atletismo, voleibol, traíñas e un longo etcétera de disciplinas deportivas ofrecidas tanto na súa modalidade masculina como feminina.

3.4.1 Nova estratexia: 'Galicia en xogo'

A CRTVG, en todas as súas canles, é unha clara referencia para o deporte galego de competición. A Televisión de Galicia e a Radio Galega, e nomeadamente programas coñecidos por todos como 'En xogo' ou 'Galicia en goles', son marcas capitais no día a día do noso deporte, auténticas referencias audiovisuais para o seguimento dos deportistas galegos.

No ano 2021 deseñouse unha nova estratexia ao redor dos deportes na CRTVG que xa comezou a súa implementación, e terá o seu desenvolvemento nos anos vindeiros. Da fusión entre das marcas referentes 'Galicia en goles' e 'En xogo' xorde a estratexia 'Galicia en xogo', un proxecto con tres áreas fundamentais de cobertura: o deporte do país, a igualdade, e o estilo de vida.

- En primeiro lugar: o deporte do país. As disciplinas locais con forte seguimento que mesturan a práctica deportiva coa tradición e o propio idioma. Falamos da billarda, da chave, das traíneiras, do fútbol gaélico, das carreiras populares ou da vela.
- En segundo lugar, a igualdade, unha premisa fundamental tamén no terreo deportivo, porque a igualdade vai moito máis alá da mera retransmisión de modalidades masculinas e femininas. Este proxecto unificará baixo o mesmo paraugas de marca todos os contidos que aposten polos mellores valores do deporte.
- E, en terceiro lugar, a outra área de cobertura: o estilo de vida. A TVG e a Radio Galega narran cada día historias que exceden o estritamente deportivo: describen a vida e os valores de persoas vinculadas ao mundo da competición. Poñer no mellor dos escaparates esas vidas e eses valores é agora un obxectivo prioritario que terá a súa expresión de forma inmediata a través das canles televisivas, radiofónicas e dixitais.

Para levar a cabo este proxecto, a CRTVG comezou no 2021 un proceso de negociación e adquisición de dereitos televisivos sobre deportes minoritarios e deporte autóctono co que poder garantir unha estabilidade e continuidade na súa cobertura. 'Galicia en xogo' será por tanto un denominador común para todos estes contidos en televisión, radio e web. Trátase dunha estratexia que multiplicará a experiencia do usuario especializado, ao tempo que facilitará que estes mesmos contidos cheguen a un público máis amplo cada día. E para iso aplicaranse os mellores estándares de calidade, profundidade e extensión, propios dun ambicioso proxecto multiplataforma destas características.



3.4.2 Deporte na Televisión de Galicia

A CRTVG destina gran parte da programación da fin de semana da G2 e do portal web a dar difusión ao maior número posible de disciplinas deportivas con presenza galega. Cun marcado perfil deportivo, a canle pública realiza un despregamento de equipos e medios sen comparación en ningún outro ente autonómico, nunha aposta da CRTVG polo deporte masculino, feminino e de canteira en Galicia; pola proximidade coa audiencia, polo fomento do deporte base e, sobre todo, por dar visibilidade a prácticas minoritarias que promovan en Galicia unha verdadeira cultura do deporte.

No 2021 a prioridade foi a posta en marcha desta nova estratexia ao tempo que se deu cobertura de todos os eventos posibles con protagonismo galego dos que se puido acceder aos seus dereitos, a través de retransmisións en directo, emisións en diferido, reportaxes ou imaxes do día a día tanto nas canles televisivas TVG e G2 como na web crtvg.gal e a Radio Galega.

Foi o 2021 un ano no que a CRTVG estivo moi presente en eventos internacionais, como o Campionato do Mundo de Motocrós MXGP, sendo a única canle a nivel español que se fixo cos dereitos para dar toda a competición. Tamén se adquiriron os dereitos da Copa América de fútbol e das primeiras ligas de Francia e Portugal, así como do All Ireland, o campeonato de fútbol gaélico en Irlanda. Ao longo do ano, a Televisión de Galicia desenvolveu un grande esforzo que fixo posible a retransmisión de 323 eventos deportivos, dos cales 174 foron con medios de produción propios.

Este é o esquema da programación deportiva:

- De luns a venres, TVG:

- 'Bos días': titulares de deportes e un bloque de información deportiva a partir das 09.45 h. de entre sete e oito minutos, ampliada a entre oito e dez nos días seguintes á competición de Liga.
- 'Telexornal mediodía': dous titulares ás 14.25 h., e un bloque de entre dez e doce minutos ás 15.15 h.
- 'Telexornal serán': un bloque de entre sete e dez minutos ás 21.35 h., na franxa de máxima audiencia dentro do Telexornal.

- Fin de semana, TVG:

- 'Bos días': bloque de información deportiva de entre cinco e sete minutos no último treito do informativo matinal dos sábados, que comeza ás 09.30 h.
- 'Telexornal mediodía': tres titulares ás 14.25 h. e un pase logo de información deportiva ás 14.55 h., de entre dez ou doce minutos de media, que se prolonga ata os 15 ou 20 minutos os domingos.
- 'Telexornal serán': tres titulares e un bloque longo de 21.30 h. a 21.45 h., aproximadamente.



- Fin de semana, G2:

- **Sábados:** franxa dedicada a retransmisións deportivas dunhas cinco horas e media de duración, entre as 16.30 e as 22.00 h., logo da redifusión do 'Telexornal mediodía' e de 'O tempo' e ata a redifusión do 'Telexornal serán'. A segunda canle ofrece en directo partidos de fútbol da primeira división francesa e portuguesa, de Segunda División B e Terceira División, encontros da Liga LEB de baloncesto, Asobal, Liga nacional de fútbol sala, hóckey, balonmán e outras disciplinas tanto masculinas como femininas. Ofrécense tamén reportaxes de temática deportiva en espazos como 'Deporte extra' ou programas específicos dedicados ao motor, o ciclismo, etc. Ademais, na franxa nocturna, logo do programa 'A xornada en xogo' cos resumos do día de Primeira e Segunda, entre as 00.30 e as 07.00 h. repíntense partidos do día ou emítense en diferido outros encontros gravados. Tamén se inclúen na programación partidos históricos emitidos nos 36 anos de vida da TVG. En total, durante a xornada do sábado ofrécense doce horas de programación deportiva, das cales seis poden ser en directo.
- **Domingos:** durante a temporada, a franxa de 11.00 a 15.30 h. dedícase ás retransmisións de encontros e outras citas de diferentes disciplinas deportivas, como acontece na xornada do sábado. Tras a redifusión do 'Telexornal mediodía' e de 'O tempo', a partir das 16.30 h. comeza 'A liga das cidades', coa retransmisión de fútbol galego de Segunda División B e Terceira, de produción propia ou allea. Ao rematar as retransmisións e conexións en directo e ata as 22.00 h., emítense resumos da xornada, programas como 'Montañas de aventura' ou 'Deporte extra'.

Durante a temporada de Liga, entre as 22.30 h. e as 00.20 h., ofrécese o programa 'En xogo' de resumo da xornada, con especial atención aos partidos de Primeira e Segunda División, e mais os equipos galegos de Primeira RFEF, Segunda División B e Terceira. Desde as 00.20 h. e ata as 07.00 h., redifúndense programas e transmisións da fin de semana. En total, durante a xornada do domingo, ofrécense 17 horas de programación deportiva, das cales ata 9 horas e media poden ser en directo. De xeito extraordinario, de luns a venres, a G2 pode emitir tamén competicións en directo de calquera deporte.

Durante 2021 a TVG realizou un total de 323 retransmisións de todo tipo de deportes. Máis da metade, 174, foron de produción propia e tamen se fixeron conexións con outras disciplinas coa modalidade 4G. Hai que destacar, como citamos previamente, a retransmisión íntegra do Campionato do Mundo de Motocrós MXGP nun total de 19 probas, sendo a TVG a única canle que o retransmitiu en directo en Galicia.



No eido internacional, cómpre salientar, á marxe das citadas adquisicións dos dereitos de emisión da Copa América fútbol (que logo serían adquiridos tamén por outras canles de FORTA), e as primeiras ligas de fútbol de Francia e Portugal, a presenza da TVG na Vendeé Globe, a Volta ao Mundo en Vela en solitario, ademais do seguimento de toda a regata en distintos programas resumo.

Fútbol na TVG

Primeira División e Segunda División

A TVG non ten os dereitos para a emisión dos partidos destas categorías. En todo caso, fíxose cos dereitos dos resumos tanto de Primeira coma de Segunda División e dos resumos da Copa do Rei, para utilizar nos distintos espazos informativos como 'En xogo'. Neste espazo, emítense reportaxes de xogadores históricos galegos lembrando cos propios protagonistas os eventos destacados nestes 36 anos de historia da TVG. Saliéntase tamén á emisión no 2021 do partido da Copa do Rei entre o Girona FC e o CD Lugo.

Segunda División B - Grupo Primeiro

A Televisión de Galicia emite partidos dos 6 equipos galegos na temporada 20/21 na categoría: R.C. Deportivo, S.D. Compostela, Pontevedra C.F., Coruxo F.C., R.C. Celta B e Rácing Club de Ferrol. Ao longo do ano ofrecéronse en directo 104 encontros, dos que 99 foron emitidos con medios propios de produción.

Terceira División - Grupo Primeiro (integramente galego)

Ao longo de 2021 realizáronse 22 retransmisións e numerosas conexións cos campos nos que a infraestrutura técnica o permite. Durante este ano fíxose en moitas xornadas un Carrusel de Terceira, no que a través da web da CRTVG e de conexións co espazo 'A liga das cidades' se informaba do que acontecía en tres, catro ou cinco campos de Terceira simultaneamente. O espazo 'A liga das cidades' inclúe unha retransmisión, con unidade móbil, que adoita ser de Segunda División B, e varias conexións en directo cos campos en que se xogan partidos de Segunda División B e de Terceira División. Ademais, os encontros producidos pola CRTVG emítense tamén a través da web, que conta con catro canles.

A TVG está empregando a tecnoloxía 4G para facer conexións e retransmisións de eventos de diferentes modalidades deportivas. Ata final de 2021, a CRTVG operou con esta tecnoloxía en máis de 100 campos nos que competían equipos ou representantes galegos. Sempre que sexa posible, a TVG continuará cos espazos informativos que se emiten os domingos pola noite coa maioría das imaxes desta categoría, con reportaxes, resultados e clasificacións, coma no caso de 'En xogo', de case dúas horas de duración, que se emite os domingos en directo (22.30 h. a 00.20 h.), e no que se analiza a xornada futbolística e doutros deportes.



Outras coberturas deportivas na TVG

Baloncesto

Durante 2021, a Televisión de Galicia emitiu os resumos dos partidos en que competiu o Monbus Obradoiro, equipo galego da Liga ACB, ao non ter os dereitos de retransmisión dos partidos de dita competición. En canto á Liga LEB Ouro, en 2021 a canle autonómica emitiu 29 encontros disputados por algúns dos tres equipos galegos da categoría: Leite Rio Breogán, Club Ourense Baloncesto e Leyma Basquet Coruña. Así mesmo, a TVG emitiu a Copa Galicia de baloncesto.

Fútbol sala e balonmán

No ano 2021 a Televisión de Galicia retransmitiu 51 partidos de fútbol sala e balonmán, masculinos e femininos. A CRTVG tamén retransmitiu un partido da selección española absoluta, partido valedeiro para a clasificación do Europeo.

Traíñeiras

A CRTVG presta especial atención ás retransmisións das competicións de traíñeiras. Neste 2021 atendeu as probas da Liga ACT, a Euskotren feminina, o Campionato de España ou a Bandeira da Concha. Así, ao longo da temporada, ofreceu 24 probas, 6 de produción propia, na categoría masculina e a liga feminina contou con 17 producións.

Outros deportes

En 2021, Televisión de Galicia ofreceu probas de diferentes especialidades deportivas con presenza de deportistas ou clubs galegos, compartindo custos con outras canles autonómicas. Nesta liña, retransmitíronse probas do Campionato de España de Cros, varios partidos de voleibol, masculino e feminino, e de rugby. Así mesmo, foi emitida a Volta Ciclista a España feminina, en total catro etapas que percorreron todas elas por estradas galegas.

Mención especial merece a retransmisión dos últimos treitos do rally Terra da Auga, do rally de Ourense e do rally de Ferrol, en directo e con medios propios da CRTVG, e un seguimento ao Campionato de España de Rallys, ademais dun programa en directo, mensual, dedicado especificamente ao mundo do motor.

O deporte nos informativos e outros espazos

Entre os obxectivos prioritarios marcados para 2021 salientaba o mantemento da capacidade negociadora de adquisición de dereitos, así como dos recursos humanos e técnicos que permitiran a continuidade da cobertura dos espazos deportivos nos distintos telexornais, para promocionar o deporte practicado por galegos ou en Galicia.



Ademais destes espazos, a grella da G2 inclúe espazos de actualidade deportiva dirixida aos amantes dos deportes de aventura como o programa 'Montañas de aventura', que en inverno se chama 'A neve', ou de piragüismo, producido pola Federación Galega de Piragüismo. Ademais, realizáronse varios programas monográficos coa presenza de deportistas no estudio, como foi o caso do resumo anual do motor, e outro programa sobre o rally Dakar.

Os espazos 'Deporte extra', con reportaxes que van dos tres aos dez minutos de media, dan eco a todo tipo de deportes, sempre que o permitan as condicións técnicas e os custos de produción. Esgrima, ximnasia rítmica, vela ou atletismo son algunhas das modalidades deportivas que se abordaron nestas emisións.

3.4.3 Deporte na Radio Galega

Durante o 2021, a Radio Galega emitiu a diario os programas deportivos 'Zona mixta' e 'Ao contraataque', ademais de ofrecer amplas seccións de temática deportiva nos informativos 'Galicia por diante' e 'A crónica'. Na fin de semana, o 'Galicia en goles' retransmitiu todos os eventos nos que participaron os principais equipos galegos, ademais de ofrecer os espazos especializados 'Gas a fondo', dedicado ao motor, e 'Galicia en Toquio', sobre os Xogos Olímpicos.

Zona mixta

En 'Zona mixta' emítese de luns a venres ás 15 horas. É un programa de actualidade deportiva de corte desenfadado no que se combinan as novas do día con entrevistas máis en profundidade.

Ao contraataque

'Ao contraataque', en emisión de domingo a xoves ás 23 horas, é o programa deportivo das noites da galega, herdeiro de 'Galicia deportiva' e 'Caneando'. 'Ao contraataque' analiza a xornada deportiva a e actualízade dos equipos e deportistas galegos. Cando é posible, o equipo do programa desprázase ás sedes dos principais clubs galegos para facer desde alí o programa en directo.

No mes de marzo, por exemplo, o programa viaxou a Vigo para entrevistar a administradora única de GES Industrial, S.L., grupo ao que pertence o R.C. Celta de Vigo. En xuño, o espazo regresou á sede do club vigués para entrevistar o actual presidente. No mes de outubro acudiu ao Pazo de Lugo para visitar o novo xogador do Leite Rio Breogán, e que meses despois acabou sendo a sensación da Liga ACB de baloncesto.



Galicia en goles

'Galicia en goles', o programa decano da Radio Galega e líder de audiencia en varios tramos da fin de semana, retransmitiu todos os partidos disputados polos equipos de fútbol profesional R.C Celta e CD Lugo, así como os dos clubs galegos que competiron na antiga Segunda B e desde setembro na nova Primeira RFEF.

No baloncesto, no primeiro semestre do ano retransmitíronse os encontros do Monbus Obradoiro e na nova temporada, desde setembro, incorporouse o ascendido Leite Rio Breogán. No mes de xuño seguíronse, nos partidos na casa e fóra, os encontros de ascenso disputados polo Leite Rio Breogán e polo Club Leyma Basquet Coruña, ao igual que a fase de permanencia do Club Ourense Baloncesto.

'Galicia en goles' contou os catro títulos do Pescados Rubén Burela, equipo feminino de fútbol sala que conquistou Liga, Copa, Supercopa e a Champions, torneo europeo que se disputou en Lugo. Tamén retransmitiu desde A Coruña o título de campión de Copa do Rei do Liceo. Nas fins de semana, o programa fíxose eco dos eventos deportivos nos que compiten os nosos equipos nas categorías elite de balonmán, fútbol sala, hóckey a patíns, rugby, voleibol, tenis de mesa... e tamén con espazos dedicados ao deporte autóctono, coas disciplinas de billarda e chave.

Gas a fondo

O espazo temático 'Gas a fondo' seguiu durante o 2021 as probas nas que competiron os galegos, con atención especial ao Mundial de Motocrós, ao campionato europeo de rallys e ao Mundial.

Galicia en Toquio

'Galicia en Toquio' estivo en antena ata o mes de agosto de 2021, cando remataron os Xogos Olímpicos programados en principio para o 2020 e que finalmente se disputaron este ano. Durante os oito meses en antena, o programa seguiu cada semana a preparación dos deportistas galegos. Tras a cita de agosto, seguiu a cobertura cos Xogos Paralímpicos con especial atención aos 16 atletas galegos da representación española.

Cobertura dos Xogos Olímpicos 2021

Do 23 de xullo ao 8 de agosto, a RG deu unha ampla cobertura aos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de Toquio. 'Zona mixta' e 'Ao contraataque' ofreceron amplos resumos e retransmisións de todas as probas disputadas polos deportistas galegos, con locutores presentes nas vilas dos sete deportistas galegos que subiron ao podio, onde houbo celebracións especiais.







4. OS CONTIDOS E EMISIÓNS DA CRTVG

O ano 2021 estivo marcado por segundo exercicio na Área de Contidos da CRTVG pola influencia da pandemia da covid-19 tanto na produción de contidos propios ou na produción delegada como polo esforzo por interpretar permanentemente a evolución cambiante do estado de ánimo do público galego. Nas liñas xerais da política de contidos acentuouse a evolución cara aos contidos dixitais tanto na produción e mesmo adquisición de produto como nas emisións. O impacto da covid foi remitindo ao longo do ano, o que facilitou melloras na produción de programas e na participación do público. Estas liñas xerais foron as seguintes:

- A **proximidade** no conxunto da oferta televisiva, radiofónica e dixital da CRTVG. Este é un dos grandes puntos fortes que fan os medios públicos galegos únicos e irrepetibles. É por iso que o **94,6% dos contidos emitidos por TVG son producidos en Galicia** pola combinación dun nivel de produción propia interna que ronda o 50% e unha alta participación do sector audiovisual galego a través da produción propia externa. Na G2 continuou a tendencia ascendente neste indicador e chegou no ano 2021 a un 75,4% de contido galego en toda a súa oferta, o que significa 11 puntos máis que en 2019 e 24 puntos máis que en 2018. No ámbito radiofónico, a Radio Galega, Son Galicia Radio e a canle de música infantil Radio Picariña chegan ao 100% das horas de emisión producidas en Galicia, mentres que en Radio Galega Música, que emite co obxectivo de combinar produción galega coas músicas de sona estatal e mundial, a oferta de contidos galegos está nun 30%.
- O mandato e a vocación de **servizo público** para ofrecer á cidadanía contidos de alto interese cultural, divulgativo, de calidade, representativo da identidade galega e atendendo a principios editoriais recollidos na normativa interna da CRTVG e na lexislación sobre os medios públicos galegos, sen esquecer que o servizo público para selo debe chegar á audiencia. Dentro deste apartado salientamos unha vez máis a programación infantil, que en 2021 incrementou gradualmente a súa oferta nas canles dixitais e rematou o ano tendo a disposición da infancia e a rapazada máis de 2.000 episodios e pezas diferentes de contido audiovisual en galego para consumo baixo demanda.
- Todo isto nun réxime de **competencia** acentuada diante das canles xeralistas de ámbito estatal e plataformas de *streaming*, cable e consumo baixo demanda, escenario no que os medios públicos galegos necesariamente deben ter visibilidade e ser fáciles de atopar. Neste ano 2021, a maiores do crecemento do consumo nas plataformas de vídeo baixo demanda, foron notorios un certo declive de determinada tipoloxía de programas de televisión sobre a vida privada dos famosos e o auxe constante das telenovelas turcas.



- A proximidade e inmediatez que debe ter unha canle como a TVG queda reflectida na forte compoñente de **programación en directo**, que fai os contidos únicos e diferentes das ofertas da poderosa competencia. A maior parte da programación diaria é efectivamente en directo, asemellándose ao que xa é unha constante na Radio Galega. Tamén é en directo a TVG, parcial ou totalmente, no *prime time*, e o mesmo acontece coas madrugadas da G2 nos días de semana.
- Avance cara a unha **oferta dixital plena**, á espera de que se completen os procedementos para dispor dunha plataforma básica de contidos ou servizo “Over-The-Top” (OTT). Nela poderase acceder de maneira ampla e amigable para o usuario á oferta de contidos da CRTVG en directo ou baixo demanda. Mentres se van dando pasos, o ano 2021 tivo moitas novidades, tanto nas canles dixitais infantís, como se indica máis abaixo, como no lanzamento da nova **plataforma de podcast** ou consumo baixo demanda **da Radio Galega** con deseño “mobile first”; o inicio da **emisión interrompida de TVG Europa por YouTube**, acción na que a CRTVG foi pioneira en España e que abre novas posibilidades de chegar a distintos soportes tecnolóxicos; a apertura dunha **canle da CRTVG na nova rede social Twitch** de contidos en directo, e o **perfil da TVG na rede social xuvenil Tiktok**; a **estrea de series de ficción en dixital** antes que en lineal ('Método criminal', 'A lei de Santos'), e o acceso ao **audio en directo de eventos de música** clásica, bandas e corais a través de radiogalega.gal e a aplicación móbil CRTVG.
- Séguense a ofrecer uns contidos **participativos** onde a **interacción** co público en múltiples formatos e soportes audiovisuais, radiofónicos e dixitais é un factor diferencial, que se adapta ás tendencias mediáticas actuais. As redes sociais vinculadas aos programas son instrumentos fundamentais para conseguilo, pero tamén debemos considerar a participación *in situ* nos programas como protagonistas ou como público, as chamadas telefónicas, mensaxería en directo e convocatorias como os concursos da Canción do Verán e do Nadal. Como novidade, en 2021 tense incorporado nalgún programa de televisión en directo a fórmula da **votación en tempo real dos espectadores** co seu móbil a través dun software que se activa cun código QR exhibido na pantalla.
- **Concepción 360°** da programación facendo uso todo o posible das sinerxías entre televisión e radio autonómicas e entre ambas cos medios dixitais. Continúanse abordando programas híbridos televisión-radio nos que a CRTVG é pioneira e que en 2021 permitiron avanzar cara á posta en activo en 2022 dun **estudio multimedia con cámaras robotizadas** e un sistema de **realización automática**. Tamén neste epígrafe se enmarcan experiencias piloto e algunhas de éxito e aproveitando as novas canles de emisión como as app ou na Radio Galega a plataforma Radioplayer, ou a activación de móbiles por código QR como se acaba de sinalar no punto anterior.



- A **innovación** segue a ser un eixo de referencia en todo tipo de proxectos como o que se reflicte nos dous puntos anteriores (interacción do público mediante código QR en pantalla e programa infantil en directo por YouTube) e outros de diversa índole, como a coprodución coa TPA asturiana dun programa musical nun tren en marcha e que foi estreado no comezo de 2022, ou series de microespazos para redes sociais. O obxectivo, sempre, explorar vías que poidan ter desenvolvemento importante no futuro e sen perder a audiencia habitual dos medios da Corporación chegar a outros públicos que habitualmente non son seguidores.
- Atención á presenza da CRTVG e dos contidos galegos e/ou en galego nun segmento que xa é de grande importancia, as **plataformas multinacionais de vídeo baixo demanda**. A través de diversas aproximacións e coa colaboración de produtoras galegas, o obxectivo é contribuír a facer un oco a Galicia na globalidade desas grandes compañías, mediante fórmulas de colaboración ou participación.
- Reforzamento das **canles dixitais infantís**. En 2021 adquiríronse por primeira vez dereitos de contidos infantís e xuvenís unicamente para dixital co obxectivo de levar a maior oferta posible a través das tres canles existentes: a sección Xabarín da web corporativa da CRTVG, a aplicación móbil (app) Xabarín TV e a canle Xabarín TV da app da CRTVG. Con estas incorporacións de contidos quedan a disposición do público novo máis de 50 títulos e 2.200 episodios en galego para consumo baixo demanda. A iso únense as 1.100 cancións infantís en galego dispoñibles na canle de audio Radio Picariña. Nesta mesma liña de avance dixital a CRTVG adquiriu o primeiro contido audiovisual de entretemento dixital puro, como foi a serie de programas 'Merendas cos Bolechas' emitido en directo e de xeito interactivo por YouTube para o público máis novo no tempo do Nadal.
- Xestión eficiente do orzamento da CRTVG para acadar o maior alcance e calidade dos contidos baixo unha necesaria **contención de custos**. Unha axeitada utilización dos recursos propios internos da CRTVG, sexan humanos, técnicos ou de arquivo, e de contratación no sector audiovisual galego son a chave na obtención de contidos, ao que se suma a estratexia prudente de redifusión de contidos seguindo liñas contemporáneas da programación de canles de televisión.
- A política de **alianzas** e colaboración con outros medios non para de medrar e cada vez é máis acaída cando se precisa abordar proxectos que a CRTVG por si soa non podería asumir e que son necesarios para afrontar a actual competencia.
Trabállase en varios eixos para incorporar socios e fomentar relacións culturais afíns, como as seguintes:



- Co Principado de **Asturias** en proxectos coa súa TV autonómica TPA, que deu lugar a un novo proxecto innovador, o programa de irmandade 'O tren que me leva', no que un tren musical percorre o camiño entre as dúas comunidades con moitas historias ao seu redor e que foi emitido simultaneamente nos dous territorios na véspera de Reis de 2022.
 - Con outras televisións **autonómicas** e demais medios en España, sobre todo a través da Federación de Organismos de Radio e Televisión Autonómicos (FORTA). A través deste vínculo materializouse, entre outras cousas, a participación de varias canles autonómicas na nova serie 'Operación Marea Negra', que chegará á pantalla en 2022.
 - O recurso ás **plataformas globais** de vídeos baixo demanda (Netflix, Amazon, HBO...), como se indicou nun punto anterior.
- **Adaptación á pandemia.** Tal como sucedera en 2020, o traballo e a produción dependente da Dirección de Contidos da CRTVG mantivo un labor de adaptación constante aos requirimentos de seguridade relacionados coa pandemia, desde as reunións virtuais á estanquidade dos equipos de traballo, redución de ocupacións, uso de máscaras nos centros de traballo e mesmo nos platós diante de cámara nos casos que corresponden, etcétera. Ao mesmo tempo, o carácter prescritor dos programas dos medios públicos galegos contribuíron a informar e concienciar a poboación da evolución da pandemia e das medidas de seguridade. Todo isto sen esquecer a permanente adaptación da oferta dos contidos á interpretación dos estados de ánimo da poboación, que foron mudando en función das circunstancias que marcaba a covid-19.
 - Televisión de Galicia, fiel á súa determinación de dar visibilidade e prestixio aos contidos “made in Galicia”, continúa participando activamente nos certames e premios internacionais, como o Celtic Media e o Prix CIRCUM, e anima o sector audiovisual a implicarse nestes foros que propician o *networking* e as oportunidades de colaboración. Froito de máis de oito anos de constancia e empeño en afinar a selección das nosas candidaturas, a TVG leva colleitados xa importantes premios e mencións de honra que representan para todo o sector unha posta en valor da nosa identidade cultural e da calidade das nosas producións no mercado internacional. Dáse información detallada dos premios recibidos no 2021 no capítulo 10 desta memoria.



4.1 Programación televisiva

O ano 2021 foi un ano de transición para a sociedade galega e tamén para a televisión, a cabalo entre o confinamento e a relaxación das medidas máis prohibitivas. A TVG estivo moi atenta á actualidade e, sobre todo, a escoitar os espectadores, as súas emocións e os seus sentimentos, así como os seus intereses culturais, solidarios ou de achegamento aos principais eventos que acontecen en Galicia.

De aí que no ano 2021 a TVG fixo especial esforzo nos seguintes aspectos:

- Naceu '**Clac**', un programa de cine galego que na súa curta vida xa tivo unha candidatura a mellor programa nos Premios Mestre Mateo.
- Emisión de **50 concertos dentro do marco de 'Galicia emerxe'**. Nun ano no que ver e escoitar música en directo foi complicado, a CRTVG emitiu recitais gravados na Cidade da Cultura de grupos tan variados como Xoel López, Tanxugueiras, Boyanka Kostova ou Uxía, entre outros.
- Nun ano no que os grandes eventos non puideron celebrarse, a TVG prestou especial atención á **celebración das Letras Galegas**, coa posta en marcha dun formato novo e orixinal, vertebrado na construción dun mural dedicado a Xela Arias, e a estrea dunha película recoñecida internacionalmente, 'O que arde'.
- Ao fío da **actualidade**, a TVG abriu a comezos do 2021 as portas do pazo de Meirás, nun programa divulgativo e cultural emitido no *prime time*.
- Para celebrar o **Día de Galicia**, a Televisión de Galicia percorreu A Ribeira Sacra polo aire, polos sendeiros e pola auga nun programa especial no que a puxo ao descuberto. Tamén entrou na Catedral de Santiago cun dron para amosar os segredos da Capela Maior.
- Co obxectivo de aproveitar eficientemente os medios, persoal e estrutura da Televisión de Galicia, apostouse tamén por formatos de produción propia baseados na divulgación e coa meta de entreter e emocionar. '**Eventos G**' e '**Grandes cachadas**' son formatos de produción propia interna que foron quen de pelexar na dura batalla das audiencias nun horario de máximo consumo televisivo.
- Emisión dun **concurso cultural e divulgativo no access prime time**, un espazo importado das televisións autonómicas que ás poucas semanas se consolidou na súa franxa xerando unha gran fidelidade na audiencia: 'Atrápame se podes'.
- Posta en marcha de **formatos orixinais enfocados a buscar a emoción** no espectador, e que foron acollidos con éxito pola audiencia: '48 horas para o si' é un bo exemplo disto.



- Séguese apostando por formatos xa marca da canle e que mesturan a emoción e o entretemento, coa **concienciación, a divulgación e a difusión do patrimonio**, como é o caso de 'Desmontando Galicia', 'Galicia bonita' e 'Cos pés na terra'.
- Probar na pantalla convencional **formatos importados de novas canles** como Twitch. Os sábados á mañá a G2 empezou a emitir o '#DígochoEu - Apuntamento lusófono'.
- Busca de **novos formatos de ficción** ante o actual panorama, no que a oferta das plataformas cambiou a maneira de consumir series. A TVG puxo en marcha unha comedia costumista baseada na TVG e na súa programación, 'Método criminal', así como unha secuela da exitosa serie 'Serramoura', e buscou alianzas con outras canles como no caso de 'Auga seca'.

4.1.1 Contidos culturais e de servizo público

A promoción da cultura e a identidade galega é un dos elementos principais do labor de servizo público que desenvolve a CRTVG a través dos seus contidos. Tamén hai outros con alta compoñente de servizo público como todo o que ten que ver co patrimonio, a protección das minorías e a superación das discriminacións e desigualdades na sociedade e, en xeral, a defensa dos dereitos humanos. Esta é unha relación de programas producidos ou emitidos en 2021 que se poden inscribir dentro destas características.

. CLAC

O novo programa de cinema da canle pública, co audiovisual galego como protagonista absoluto. Cunha periodicidade semanal, 'Clac' emítense na G2 ás 23:00 horas. Realizado no estudio 5 de San Marcos, en cada edición desenvólvese un coloquio con membros do equipo da película seleccionada, duns 30 minutos, e despois da conversa emítense a película. Despois dun ano en emisión, por 'Clac' pasaron os creadores e intérpretes de filmes como 'O que arde', 'Dhogs', 'Sempre Xonxa', 'A esmorga' ou 'O descoñecido', entre outros.

. PROGRAMAS ESPECIAIS CO GALLO DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

A CRTVG contribuíu durante todo o ano e especialmente no mes de maio do 2021 a divulgar a figura e obra da poeta elixida para celebrar a festa das Letras de Galicia, cunha proposta que incluíu a emisión de documentais, programas monográficos, pezas con fragmentos da obra da escritora, algunhas delas na súa propia voz, e cinema destacado con selo galego.

- Pezas diarias baixo o título '**Xela Arias, onde canta a poeta**', contido cedido pola Real Academia Galega que toma o nome do poema que comeza co verso 'Onde cantan os poetas', da obra 'Intempériome'. Estas 30 pezas, de



- entre 1 e 3 minutos, combinan voces da RAG e do mundo da literatura, os medios e o audiovisual con persoas non coñecidas de distintas profesións.
- Serie '**Xela Arias, os mares da palabra**', seis minidocumentais producidos pola RAG, que exploran a traxectoria da autora e como foi unha das primeiras persoas que gañaron a vida na incipiente industria editorial galega dos anos 80.
 - Documental '**Vencerse é cousa de se tratar**', arredor da creación dun mural coa imaxe da escritora na súa localidade natal e coa participación de estudantes de Educación Secundaria reflexionando sobre as súas achegas, así como cunha reflexión sobre a súa pegada na música galega.
 - O 17 de maio, Televisión de Galicia debullou a vida e obra de Xela Arias no tempo dun '**Especial Zigzag**'.
 - Na faixa do *prime time*, a TVG estreou a premiada longametraxe '**O que arde**', unha das producións máis importantes dos últimos anos do panorama galego e a película na nosa lingua máis vista en cines da historia, por riba da icónica 'Sempre Xonxa' (1989).
 - E na **G2, tamén programación especial** dedicada a Xela Arias coa emisión do **Concerto das Letras**, celebrado na véspera en Vigo e organizado polo Consello da Cultura Galega. O concerto, desde o Auditorio do Mar, inclúe unha peza especial que funde a poesía de Xela cunha montaxe visual.

. GALICIA EMERXE

A CRTVG ofreceu ao longo do 2021, a través das súas canles de televisión, radio e Internet, 50 concertos de destacados artistas e grupos galegos. No exercicio da súa misión como servizo público, e co afán de apoiar o sector musical e de contribuír a visibilizar o seu traballo, a Corporación asinou un convenio coa Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) para difundir o ciclo 'Galicia Emerxe'. Mercedes Peón, Xael López, Boyanka Kostova, A Banda da Loba, Sés, Luar na Lubre, Wöyza, Budiño, Rodrigo Romani, Novedades Carminha, Triángulo de Amor Bizarro, Susana Seivane, Uxía, Eladio y los Seres Queridos e De Vacas son algúns do medio cento de artistas que participaron nesta serie de recitais de 40 minutos de duración que se emitiu nas 'Noites temáticas' da G2. Os espectadores tamén tiveron a oportunidade de ver estes concertos na primeira canle, os sábados á mañá.

. DENTRO DO PAZO DE MEIRÁS

'Dentro do Pazo de Meiras' componse, por unha parte, do documental 'Os segredos de Meirás', un programa de 50 minutos que afonda na importancia deste espazo histórico dende diferentes focos: que se agocha tras os muros de Meirás? Despois da sentenza e da entrega da chave do inmovible aos galegos, queremos poñer en valor por que é importante o edificio, pero tamén o seu contido. Esas torres son de por si un tesouro arquitectónico con todas as pegadas da historia, pero tamén unha sorte de elementos que sempre foron unha incógnita. Que obras de arte hai en Meirás? Teñen valor? Como está distribuído? Por primeira vez se amosan con detalle espazos como cociñas, aseos ou zonas de xogos. O inventario amosa case 700 obxectos, mobles ou obras de arte. E, por outra parte, o documental 'As cartas



de Emilia e Benito', que recolle a correspondencia amorosa que mantiñan dúas das figuras máis destacadas da literatura do século XX: Emilia Pardo Bazán e Benito Pérez Galdós.

. DESCUBRINDO A RIBEIRA SACRA

O programa especial 'Descubriendo a Ribeira Sacra' é unha viaxe pola zona onde máis medrou a demanda turística nos últimos anos. A través de múltiples experiencias, afonda na vida que se desenvolve ao longo das catro estacións do ano nesta paraxe natural. Na voz de máis de 50 dos habitantes dos 21 concellos que conforman A Ribeira Sacra, os espectadores coñecen como é a vida nesta zona e como cambia ao longo do ano, ademais de como afrontan o aumento da demanda turística ao chegar o verán. As adegas e as viñas enchen a pantalla cun papel fundamental no programa, incluíndo, por primeira vez na televisión, gravacións de como agroma unha vide desde marzo ata xullo. E co emprego de dron, cámara go-pro e diferentes medios técnicos, amosa a variedade e potencialidade do territorio, a través de imaxes nunca vistas das paisaxes impresionantes da Ribeira Sacra.

. OS SEGREDOS DA CAPELA MAIOR

Documental sobre o conxunto de reformas da capela maior da Catedral de Santiago que tiveron lugar durante estes últimos anos. A Fundación Catedral leva realizadas, a través do Plan Director e desde a súa constitución en 2008, preto de 100 intervencións principais. Por primeira vez na súa historia de case un milenio, pódense contemplar todas as fachadas e torres da Catedral de Santiago coa cor orixinal da pedra, libres da capa agrisada que as murchaba. Pero quedaba pendente algo fundamental: a restauración da capela maior e o cruceiro, o centro mesmo da Catedral. O documental 'Os segredos da capela maior' revela a grandiosidade dun dos conxuntos máis importantes de Occidente, agochado durante séculos baixo densas capas de humidade e po que ocultaban o seu fulgor de prata e ouro.

. #DÍGOCHO EU-APUNTAMENTO LUSÓFONO

'#ApuntamentoLusófono' é unha conversa semanal en directo e pola canle da TVG na plataforma dixital Twitch entre a presentadora galega e un actor e influencer portugués na que ela trata de aprender portugués e el galego. Con esta colaboración, a TVG estreita lazos con Portugal e achega de xeito lúdico as semellanzas e diferenzas das dúas linguas ao público máis novo.

. ZIGZAG

'ZigZag' recolle a cultura de Galicia nun espazo que se emite de luns a venres pola G2 e sábados e domingos pola TVG. Música, cine, libros, tendencias, teatro, unha sección para cada día da semana e un bloque inicial onde se recolle toda a actualidade conforman o programa. Completan estes 25 minutos diarios de información cultural unha entrevista cunha personalidade para tratar en profundidade algúns dos temas da actualidade. Un equipo de especialistas do programa percorre



Galicia co obxectivo de dar cobertura ás actividades culturais que se desenvolven en calquera vila ou cidade galega.

. AS NOITES TEMÁTICAS NA G2:

Nunha aposta pola calidade e unha oferta diferenciada, a segunda canle da TVG continuou durante o 2021 con 'As noites temáticas', que dotaron dunha nova personalidade á G2 durante esta temporada en horario de máxima audiencia. Os espectadores identificarán claramente cada día da semana cunha temática diferente. O luns, a noite da lembranza; o martes, a noite da descuberta; o mércores, a noite da música; o xoves, a noite da cultura; e o venres, a noite do cine.

.XABARÍN CLUB

Programa contedor de series para público novo, de produción galega e de produción allea dobrada ao galego. Un dos programas sobranceiros foi 'Aquelandando con chispa', espazo xuvenil de divulgación científica e feito en Galicia con apoio do FECYT, a Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía.

. EN FEMININO SINGULAR

Unha serie de programas de servizo público cos que a CRTVG quere contribuír á sensibilización da sociedade en xeral e das mulleres, en particular, sobre a necesidade de aponderarse para romper os vestixios da desigualdade existente entre xéneros e fomentar este aponderamento como escudo fronte á violencia de xénero. En cada entrega dedicada a un sector profesional, catro mulleres visibilizan as súas experiencias e traxectorias vitais que as levaron a erixirse como referentes nos seus ámbitos. Son historias que mostran que é posible o desenvolvemento integral da muller, servindo de estímulo para outras mulleres.

. UN PAÍS EN 360

Programa gravado con cámaras 360, que utiliza a tecnoloxía para achegarlles aos espectadores o patrimonio natural e monumental galego e descobre Galicia de forma inmersiva, porque o público está no centro da acción. Como apoio, este programa inclúe unha serie de vídeos en diferentes formatos de realidade inmersiva que se emiten en YouTube e que se poden consumir de maneira interactiva con axuda dunhas lentes. Na nova temporada de 2021, coincidindo co Ano Santo Xacobeo, o programa percorreu todos os camiños de Santiago.

. DESMONTANDO GALICIA

Con este programa, TVG fai unha proposta innovadora, nun programa de alta calidade que descobre os segredos das grandes infraestruturas e do patrimonio natural, urbanístico e cultural desde o punto de vista do entretemento. Fuxindo da acumulación de datos, e cunha atractiva narrativa de imaxe integrada dixitalmente, o programa emprega as tecnoloxías visuais máis actuais e mantén o espectador pendente das historias que se desenvolven en cada capítulo. En cada entrega fórmulanse interrogantes que son despexadas da man de técnicos, especialistas e



profesionais vinculados estreitamente a cada tema a tratar. Ademais, o programa axudará a entender os xeitos de vida da nosa terra e a súa evolución sen límites espaciais e temporais grazas ás integracións 3D.

.PROGRAMAS RELIXIOSOS

- Santa Misa en directo, cada domingo na primeira canle.
- 'Polo camiño da fe', programa semanal con reportaxes de temática relixiosa relacionada coa Igrexa Católica.
- 'Nacer de novo', a cita semanal dos seguidores da Igrexa Evanxélica.

4.1.3 Programas de entretemento con contido divulgativo

. ATRÁPAME SE PODES

Concurso de preguntas e respostas que se emite de sábado a mércores ás 22.00 h e convida o espectador a xogar desde a casa, dando aos concursantes a posibilidade de gañar importantes premios, xa que cada día se pon en xogo o bote acumulado ao longo dos programas anteriores, un bote que se irá incrementando diariamente en 200 €. 'Atrápame se podes' ten a estrutura dun *quiz-show* clásico: un presentador e cinco concursantes que compiten durante cada programa, en catro fases. En Nadal emtiuse unha edición especial con presentadores e caras famosas da TVG como concursantes.

. GALICIA BONITA

Programa de reformas que percorre a xeografía galega na procura dos *feísmos* máis comúns, para poñerlles remedio xunto cos veciños e o seu "equipo de arranxos". A idea xeral é sinxela, un presentador/a viaxa en busca daquelas situacións das que falamos e conta a historia do personaxe e do problema dando unha volta polo lugar. Despois, ponse en contacto o protagonista co "equipo de arranxos", volvendo ao lugar dos feitos para valorar as posibles solucións e ver as necesidades. Finalmente o equipo, xunto co protagonista, póñense mans á obra.

. FACENDO AS AMÉRICAS

Durante moitas décadas, a emigración galega protagonizou moitas rupturas de familias, desaparición de vilas completas e separación das raíces daquelas persoas que, buscando mellor fortuna, se embarcaban rumbo ás 'Américas'. Ás veces os emigrantes acadaron o éxito que moitos dos seus compatriotas non lograrían alcanzar xamais no seu país de orixe. Eses son os protagonistas do programa, os emigrantes que de verdade conseguiron 'facer as Américas', que son visitados e entrevistados nos seus lugares de residencia ou traballo e amosan as súas vidas ao público galego.

. IMOS DE FEIRA



Programa que percorre os mercados ambulantes galegos máis destacados. Ademais de descubrir numerosas anécdotas sobre a vida dos feirantes, 'Imos de Feira' ofrece diversión e premios en cada edición na que visitan as vilas de Galicia nos días de feira. Vese como se montan os expositores, coñeceranse os feirantes, os negocios e os veciños de cada vila. Pero a cousa non quedará aí, xa que os dous presentadores buscan en cada vila dous aspirantes a concursantes, que loiten por conseguir neste día de feira ata 300 euros de premio.

. COME A COMARCA

Concurso gastronómico que pon en valor a comida tradicional. En cada programa, o equipo trasládase a unha comarca onde ten que preparar tres pratos e enfrontarse aos cociñeiros locais.

. COS PÉS NA TERRA

Os novos capítulos do programa falan unha vez máis de homes e mulleres que optan por vivir da terra e da vida que nela agroma. Todos eles decidíronse por un xeito de vivir, a un ritmo e cun estilo distintos dos da cidade. Falamos de bos profesionais, de persoas que non tomaron a súa decisión á lixeira ou por puro romanticismo. Son agricultores, gandeiros, artesáns, madeiristas, hostaleiros... con bos argumentos para crer que hai futuro no campo.

. QUE CASAS!

A TVG entra nas casas máis fascinantes, singulares e orixinais de Galicia da man dos seus propietarios/as. Nos novos capítulos o programa visita vivendas espectaculares e coñece un pouco máis o xeito de viviren os galegos e galegas. Ademais de amosar elementos de patrimonio, arquitectónicos, decorativos ou mesmo as contornas urbanas ou naturais das propias casas, coméntanse hábitos de vida, costumes e afeccións.

. QUE NOS PILLE REBOLANDO:

Este magazine comparte ao vivo as grandes celebracións galegas, gozando coa música e coa gastronomía galega e agasallando os espectadores con concursos, entre outros contidos. Cada fin de semana aborda algún evento de actualidade e o lugar en que se celebraría se non houbera as limitacións pola covid-19. A isto únese un punto de directo na localización principal do evento e conexións extra desde outros lugares e eventos importantes da axenda do día. Feiras, romarías, artesanía e tradicións son os protagonistas do espazo.

.QUEN ANDA AÍ?

Magazine diario da primeira canle, de 150 minutos, nas tardes de luns a venres. O programa, en directo desde o plató, comezou como un programa de variedades e soubo reconvertirse durante o confinamento e con moita axilidade en



programa de divulgación e información sobre a covid-19, con entrevistas a expertos e autoridades, converténdose nun referente nas tardes de Galicia. Tivo durante dous meses, de maio e xuño de 2021, unha edición especial nos sábados tarde.

.FUN POLO AIRE

Programa de 80 minutos de duración para as tardes de luns a venres nun formato magazine de rúa composto de directos e reportaxes. Deu conta a partir do 14 de marzo de todo o que aconteceu en Galicia provocado pola situación sanitaria.

. ESTACHE BO

Programa gastronómico emitido ao redor das 11 horas da mañá e ás 20 h do serán no que cada día nos aprenden unha receita de cociña de xeito sinxelo, e ao finalizar amosa a ficha cos ingredientes para facela. Conta tamén con reportaxes nos lugares onde se producen os ingredientes e a visita dunha simpática veciña.

. SABADEANDO

Programa en directo dos sábados á tarde que achega aos espectadores as mellores festas, sorpresas e historias do máis curiosas. A metade do espazo realízase en plató e a outra en exteriores con tres reporteiras. O formato estruturase ao redor de actuacións musicais e de baile, tradicional e moderno; xogos e miniconcursos con celebridades, que permiten a interacción cos espectadores; humor a través de convidados cómicos, vídeos virais e sketches guionizados e realizados por actores ao vivo no estudio; documentos audiovisuais de arquivo que tocan a fibra máis morriñenta dos televidentes, e, por suposto, amósase o sentir da rúa mediante enquisas, reportaxes e conexións en directo.

4.1.4 Programas de *prime time* orientados a entreter

. BAMBOLEO

Programa do *prime time* dos sábados, con presenza de público próxima ás 200 persoas antes da pandemia, e diferentes actuacións con artistas das máis variadas procedencias. Son algo máis de dúas horas de programa, con enxeñosas seccións: ‘Agora ou nunca’ ofrece unha última oportunidade para que sobresaian artistas descoñecidos en televisión; ‘Dirty dancing’ propón un baile interxeracional, con exhibición de bailes de salón; ‘Ghaliñeiro’ son vídeos divertidos extraídos da rede; ‘A ITV do Amor’ é un test para parellas de namorados que pensan casar ou ir vivir xuntos; ‘Falabarato’ achega bromas con cámaras ocultas; e ‘Faino ti’ convértese nunha divertida proposta de intercambio de tarefas para parellas consolidadas.



. MALICIA NOTICIAS:

Espazo en clave de humor no *prime time* da TVG que analiza as noticias, a actualidade nas redes, os eventos e o panorama televisivo dende unha perspectiva humorística, dándolle unha volta ao acontecido no día, ao que se fala na rúa, o que lles interesa aos galegos, o deporte, as festas, a gastronomía, o rural... centrándose no eido máis social e divertido.

. A MIÑA FAMILIA POLA TÚA. SEGUNDA TEMPORADA

Programa de entretemento no que dous membros de dúas familias con estilos de vida radicalmente opostos intercambian o seu fogar durante unha semana de convivencia. Neste espazo, un éxito mundial adaptado a máis de 20 países, cada novo membro deberá afacerse ao estilo de vida e á rutina diaria da súa nova familia. Ao final da semana, as dúas familias enfrontaranse nun acareo para expoñer as súas diferenzas no seu modo de organizar a vivenda e os seus hábitos familiares.

. A LIGA DOS CANTANTES EXTRAORDINARIOS:

Dun xeito divertido e dirixido a toda a familia, este concurso busca a mellor voz entre os cantantes das principais orquestras. Así, 'A Liga dos Cantantes Extraordinarios' ofrece unha oportunidade para divertirse en familia con grandes cancións, ben cantadas e executadas, cunha posta en escena espléndida e que xoga co enfrontamento xeracional dos diferentes estilos musicais.

. CASAMOS:

'Casamos, A Historia de Amor de...' é un programa de 60 minutos de duración aproximada destinado ao horario de máxima audiencia de TVG. Nesta edición, superados os 200 capítulos e máis de 10 temporadas, o programa segue a descubrir historias de amor que acabarán en voda. Nos días de nervios antes da voda, aparece unha dificultade engadida: estamos vivindo unha época difícil para as celebracións familiares por mor da pandemia. Así, durante o ano 2021 vemos como as parellas participantes narran a súa historia de amor entre máscaras, xeles antisépticos e distancias de seguridade. Ningún obstáculo impide que as dúas familias e amigos celebren o amor das parellas protagonistas. As celebracións son menos multitudinarias e os locais son máis pequenos, pero a esencia das historias é a mesma.

. COUSAS DA CASA

'Cousas da Casa' é un entretido *docu-show* con pinceladas de *reality* onde unha *coach* especializada na organización e a orde entra nos fogares máis desordenados de Galicia para poñer patas arriba as súas vidas e súas casas, ordenando o caos. O entretemento, o humor e a sorpresa tamén son ingredientes chave do formato.



. EU QUERO

Percorrido polos mellores produtos gastronómicos de Galicia. Onde se pescan as troitas máis xeitosas? Son os nosos chocos os mellores do mundo? Por que o salmón ten tanta sona na Estrada? Será a festa do pan de Carral a máis divertida de todas? Sabemos os galegos cantar e pasalo ben con todos estes produtos? Son tan só algunhas das múltiples preguntas que reciben resposta en ‘Eu quero...’, que se presenta como unha apaixonante viaxe por toda Galicia na procura das mulleres e dos homes que fan dos nosos emblemas da cociña unha auténtica festa rachada. Despois de descubrir as orixes de cada produto, as reporteiras amosan como cocíñalos do xeito máis divertido e axeitado e acoden ás festas dedicadas a cada un deles para cantar e bailar con todos os veciños. Ademais, hai oco para as actuacións tradicionais dos grupos folclóricos máis senlleiros.

. OS MELLORES DA CLASE

Neste programa dous personaxes famosos volven ao colexio cada semana, pero non o fan sós, senón acompañados de 6 compañeiros de clase que os axudan a enfrontarse a 5 probas relacionadas coas materias da clase: historia, matemáticas, música, educación física e ciencias naturais. Trátase dun espectáculo cheo de diversión, curiosidades, anécdotas e mitos da infancia que lembra como era Galicia cando eles eran uns mozos. Repasaremos a “historia” descubriendo os erros en diferentes noticias da súa época de estudantes. Dous profesores valoran e puntúan os famosos en cada proba ata que cheguen ao exame final, onde teñen que contestar preguntas nunha mariola xigante para chegar ao final.

.COMANDO G

Programa no que cinco persoas famosas e cun longo percorrido profesional, cada unha no seu xénero, coñecidas e admiradas por público de distintas xeracións, se enfrontan cada semana aos retos que os sacarán da súa zona de confort e que, en moitas ocasións, os levarán ao límite. Cada semana farán un exercicio creativo e humorístico de inmersión na realidade galega, xa que durante unha xornada comparten a vida dun cidadán anónimo, poñéndose na súa pel e compartindo os seus labores habituais, desde pasar unha noite e converterse nun máis do equipo de limpeza que recolle o lixo en Vigo ata erguerse ás 6 da mañá para ir mariscar. Un xurado tamén composto de celebridades elixirá un gañador final do programa, que recibirá un cheque para destinar á ONG ou causa benéfica da súa elección.

. 48 HORAS PARA O SI

‘48 horas para o si’ é unha divertida proposta de entretemento sobre todo para o público máis romántico. A diferenza doutros programas de amor e enlaces, neste formato un dos membros da parella xoga o todo polo todo, xa que debe preparar en 48 horas unha petición de man e unha voda sorpresa. Pero para chegar a isto, un deles debe conseguir o ansiado ‘si, quero’. Emoción, amor, nervios, sorpresas e divertimento son os ingredientes principais deste novo formato. O declarante vivirá estes dous días nunha autocaravana, onde, co apoio dun ‘cómplice’, leva a cabo todos os preparativos dunha voda perfecta.



.LUAR:

O espazo de entretemento e música da noite dos venres non parou nin no confinamento, e seguiu emitíndose en directo aínda que sen público e reducindo por veces o seu repertorio musical, con todas as necesarias medidas anticovid para entreter os galegos nas noites do confinamento. 'Luar' converteuse nese intre da pandemia no único escenario laboral de artistas, cantantes ou orquestras. Coa relaxación das medidas sanitarias, o programa recuperou vistosidade e amosou un ano máis que é posible ser veterano e renovarse permanentemente gozando da aceptación do público.

.LAND ROBER TUNAI SHOW:

O espazo de humor, líder na noite dos xoves, tampouco parou no confinamento para entreter os galegos, optando cando foi preciso por renunciar á forza do directo antes que renunciar á calor do público no estudio, e que mantivo uns índices de audiencia sempre destacados.

4.1.5 Producción propia de entretemento

. GRANDES CACHADAS

Espazo de *prime time* composto fundamentalmente de material de arquivo editado de modo dinámico, xunto con gravacións de continuidade en estudio, e que en cada entrega segue un eixo temático para ofrecer un entretido programa combinando con actuacións musicais afíns á mesma temática. Entre outros temas, recóllense as máis emotivas historias de amor contadas nas cámaras da TVG por un feixe de artistas de renome, os ambientes do verán galego, as cancións pegadizas, os duetos, as lembranzas de artistas ou o programa informativo de éxito 'Galicia noticias'.

. EVENTOS G

Nova temporada deste programa de gran formato concibido para o *prime time* e producido no estudio 5 de San Marcos, cun gran despregamento artístico e musical xunto con outros elementos que contribúen ao espectáculo. Entre outros temas, emitíronse programas dedicados á figura do gaitero, da pandeireta, da festa tradicional, da vaca galega, da evolución sentimental de parellas protagonistas do programa 'Casamos', das orquestras galegas ou da música dos anos setenta e a música de Juan Pardo.

. ESPECIAIS 'QUE VEÑEN OS REIS' E ESPECIAL 'LUAR REIS MAGOS'

Televisión de Galicia ofreceu unha programación especial na véspera do día de Reis, cun programa no mesmo estudio no que xa pola noite se emitiu o programa



‘Luar’. O espazo da tarde contou con conexións en directo coas principais localidades galegas, mentres que pola noite, por primeira vez, ‘Luar’ cambiou de día para converter en toda unha festa a chegada dos magos de Oriente.

4.1.6 Contidos de ficción, Series G

. AUGASECA. SEGUNDA TEMPORADA

Este *thriller* policial sobre o tráfico de armas e as súas conexións co mundo empresarial está realizado en coprodución coa RTP e foi rodado entre Vigo e Lisboa. A primeira entrega da serie compúxose de seis capítulos de 50 minutos de duración, e foi emitida tamén pola plataforma HBO. É a primeira serie en galego que accedeu ao exclusivo Mipcom de Cannes e acadou o prestixioso Torque do Celtic Media Festival á mellor longametraxe. Na segunda temporada, tamén dispoñible en HBO, mantense a trama, cargada de xiros e sorpresas. ‘Auga seca’ supón unha nova colaboración entre a TVG e a RTP, canles que manteñen lazos estreitos, despois de coproducir tamén as series ‘Vidago Palace’ e ‘Verão M’ e programas como ‘Camiños de irmandade’ e especiais de ‘Aquí Galicia’ e ‘Aquí Portugal’.

. A LEI DE SANTOS. SEGUNDA TEMPORADA

Serie concibida como secuela de ‘Serramoura’ despois do prolongado éxito desta. Composta por sete episodios de 70 minutos, nesta *spin-off* os espectadores ven como, despois da súa marcha da vila madeireira de ‘Serramoura’, Mario Piñeiro, alias Santos, volve á súa vila natal, Viladesantos, o lugar onde medrou e onde ten amigos, inimigos e familia. O regreso do fillo pródigo esperta as suspicacias de moita xente da vila. A súa chegada a Viladesantos coincide coa misteriosa morte dun dos seus veciños.

. MÉTODO CRIMINAL

Serie de ficción semanal para o *prime time*. Damián Canosa medrou vendo as series da TVG, ten o número 73 do Club Xabarín, aprendeu de memoria todos os diálogos de Miro Pereira e descubriu antes ca ninguén quen era o asasino de Mónica Triáns. Pero a ficción que o marcou de por vida foi “Matalobos”. Fan incondicional do actor Luís Iglesia, idolatra o personaxe de Carmelo. Cousa curiosa posto que non pode ser máis distinto ca el. Afable, apoucado, miñaxoia, alérxico á violencia... Dedícase en corpo e alma ao negocio da familia. Ao negocio legal: Tanatorio Canosa e Fillos. No tanatorio é feliz porque pode sacarlle partido a esa empatía brutal que toda persoa á que se lle acaba de morrer un ser querido agradece. É tan feliz que ata é quen de esquecer que o tanatorio é unha tapadeira que emprega o seu pai pra lavar cartos. Porén, a Damián non lle queda outra que facerse co negocio da familia, o ilegal: o narcotráfico. Pero non sabe. Só pode facer unha cousa: aceptar o cargo de xefe do clan e conseguir facerse respectar. Ten que buscar axuda rápido de alguén que poida ensinarlle a ser un líder temido,



respectado. Alguén como... Carmelo Matalobos. O problema é que non existe, é un personaxe de ficción. Terá que conformarse con Luís Iglesia, o actor que lle deu vida, pero ten que convencelo para que o axude. Que iso vai ser outro cantar.

. O ÚLTIMO SHOW

Miguel Ángel está convencido de que a personaxe que o converteu nunha celebridade nos anos 90, Marianico el Corto, está morto. Agora só desexa facer unha película surrealista como as do seu admirado Luis Buñuel. Película impulsada por Aragón TV e emitida por diversas canles autonómicas asociadas a FORTA, así como por HBO.

. 3 CAMIÑOS

Serie de 8 episodios que narra a vida de cinco amigos de diferentes nacionalidades unidos polo Camiño de Santiago ao longo de tres épocas distintas, o ano 2000, o 2006 e o 2021, mesturando drama e comedia. O paso do tempo vai desmontando os seus soños, tecendo e destecendo parellas e amizades e transformando a personalidade dos cinco. Tres anos diferentes, tres camiños, tres etapas da vida, moitos problemas, tensións e conflitos do mundo ordinario que se xogan no taboleiro espiritual e material do Camiño de Santiago. Na serie participa de maneira maioritaria Amazon Prime Video e tamén a RTP portuguesa xunto coa CRTVG.

4.1.7 Grandes eventos

A TVG tamén retransmitiu no 2021 grandes eventos de Galicia, como foron:

. Fogos do Apóstolo

Os medios públicos abriron as portas deste grande espectáculo a toda Galicia, nunha retransmisión especial que se puido seguir tamén a través da web crtvg.gal. Con motivo da situación sanitaria, os fogos mantivéronse na liña do anterior ano, con pequenas tiradas simultáneas desde cinco puntos da capital. O programa desprazouse tamén en directo a varios lugares estratéxicos de Compostela para ofrecer unhas vistas espectaculares do evento pirotécnico e o ambiente. A música tivo un papel principal no programa, cunha coidada selección de pezas moi representativas da cultura galega, en versións feitas con aires de *big band*.

- . Ofrenda Nacional do Apóstolo, do 25 de xullo
- . Gala 25 de xullo
- . Gala Fin de Ano
- . Badaladas Fin de Ano
- . Premios Castelao
- . Medallas de Galicia



4.2 Emisións televisivas


2021 foi un ano de consolidación da calidade das emisións nas canles da CRTVG. Tras o paso a HD quedaban pequenos reaxustes técnicos que se levaron a cabo en 2021 e que permiten emitir con parámetros mellorados que son percibidos polos espectadores. Tamén se efectuaron cambios na localización da “mosca”, o G que aparece en pantalla na emisión, que ata xaneiro de 2021 aparecía na marxe superior dereita e agora aparece abaixo á dereita. Este cambio favoreceu outros reaxustes do *branding* e dos cancelos dos diferentes programas. Así, unificouse o deseño e a estética de pantalla coa maioría das canles que emiten en España.

4.2.1 Televisión de Galicia


TVG é a canle principal que combina diferentes contidos para ofrecer información, entretemento e programas de servizo público. Atende os gustos dunha audiencia variada sen esquecer os principios que rexen a actuación da Corporación. Avanzouse en inmediatez porque gran parte da programación é en directo dende as 08.00 h. da mañá, cando empeza o informativo ‘Bos días’, ata pasadas as 22.30 h. da noite, cando remata a emisión de ‘Malicia noticias’. Os xoves e venres esas horas esténdense porque toda a emisión do *prime time* é directo ata ben entrada a madrugada con ‘Land Rober Tunai Show’ e ‘Luar’. Os sábados tamén gran parte da emisión da tarde é de programación en directo co programa ‘Sabadeando’.

Durante 2021 TVG emitiu 3.954 horas de contidos de produción propia interna. Outras 3.736 foron programas de produción externa. Moi lonxe, con 445 horas, sitúase a produción allea. Por tipo de programa destacan os espazos informativos. Seguen en número de horas os contidos de entretemento, *talk shows*, series, musicais e concursos.

TVG - horas/tipo produción



TVG - horas/mes




4.2.2 G2, a segunda canle

A segunda canle está orientada a ofrecer unha programación alternativa a TVG. Nos últimos anos camiñou cara a unha especialización cultural sen esquecer o público infantil e xuvenil nin a programación deportiva, sobre todo nas fins de semana. Durante 2021 houbo diferentes eventos deportivos tamén de luns a venres.


A novidade de 2021 foi o espazo faladoiro ‘Os debates da G2’, que desde outubro e de martes a venres supuxo máis programación en directo na G2, neste programa de produción propia. E os luns continúa na grella o debate ‘Conexión Galicia’. De feito, tamén na segunda canle, o maior número de horas de emisión foi cuberto con programas de Producción Propia Interna, un total de 4.050 horas.

A segunda posición, que tradicionalmente nesta canle estaba ocupada por espazos de produción allea, foi en 2021 para espazos de produción externa, con 2.336 horas. En último lugar situouse a produción allea, con espazos de animación e cine fundamentalmente, e que ocupou 2.083 horas emitidas. O maior número de horas de emisión na G2 foi para as series, seguido de espazos de animación e os deportes, dos que se informa no capítulo 3 desta memoria.

G2 - horas/tipo produción



G2 - horas/mes



4.2.3 Canles internacionais

Desde a súa creación, a CRTVG ten presente que un dos seus obxectivos é atender os galegos do exterior e mantelos informados do que acontece en Galicia, e tamén para que en Galicia se poida ter información da actuación e vida dos galegos na diáspora. As canles internacionais teñen un importante seguimento en países como Argentina e Uruguai, onde residen moitos emigrantes galegos e os seus descendentes.

TVG América e TVG Europa serven para que esta audiencia poida seguir conectada coa realidade galega e poidan entreterse coas propostas en galego, como o fan os galegos que seguen a Televisión de Galicia desde a propia comunidade.

Para adaptarnos a América, replícase a programación no horario de *prime time*. E emítense un programa, 'Lembrando a Galicia', especialmente elaborado para as canles internacionais.

Un ano máis, TVG mantén os seus clientes internacionais, que son plataformas de cable que difunden o sinal nos países do exterior. Esta prestación de servizo público proporciona ademais uns ingresos que axudan a custear o transporte do sinal de televisión e tamén de radio a través do satélite Hispasat.

Actualmente en Europa a canle Galicia TV Europa distribúese a través do satélite Astra, que, ademais do posible acceso aberto, serve de alimentador a diferentes distribuidoras en varios países:

- En Portugal: Meo e Nos Comunicações (nacida da fusión de Zoom T e Cabovisão).
- En Suíza: Thema Tv, Telegeneve en Xenebra, e Cablecom-Digicom en Zuri-ch.
- En Francia: Thema TV e NC Numericable.



A oferta para Europa é basicamente a mesma que para a canle TVG, agás os produtos que non teñen dereitos de emisión fóra do territorio galego.

En América, a canle Galicia TVG América distribúese a través do satélite Hispasat en aberto. O satélite tamén presta servizo a diferentes plataformas:

- En Arxentina e Uruguai: Cablevisión, Equital, Teledifusora San Miguel Arcángel, Ver TV, Red Intercable, Telemás, Motecablevideo, Tractoral, Riselco, Cable Plus, Teledifusora e Paralelo 52 TV.
- En México: a través da plataforma Sky e de Cablevisión.
- En Panamá: a través de Cable Onda, Cable Onda Wireless e Sky Panamá.
- En Centroamérica: a través de Sky chega a Costa Rica, O Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua e República Dominicana.

O sinal de TVG pode recibirse en liña en todo o mundo a través do dominio www.crtvg.gal en Internet.

4.2.4 Plataformas de TV de pago en España

As principais plataformas de televisión de pago en España distribúen o sinal de TVG na súa oferta. Actualmente está presente en Movistar, Vodafone-Ono, Orange e R-Euskaltel. Estas plataformas ofertan a canle principal TVG e tamén a G2 dentro do territorio galego. Fóra de Galicia pode verse TVG Europa.

A información actualizada de onde e como se poden sintonizar as canles de CRTVG é a seguinte:

Movistar:

- TVG no dial 9.
- G2 no dial 10

Estas canles só poden sintonizarse en territorio galego.

- TVG Europa no dial 151. Sintonízase en Galicia e fóra de Galicia.

Vodafone-Ono:

- TVG no 7.
- G2 no 8.

Estas canles só poden sintonizarse en territorio galego.

- TVG Europa no 901. Pode sintonizarse dentro e fóra de Galicia.



R-Euskaltel:

R Cable:

- TVG no dial 110
- G2 no dial 118

Euskaltel:

- Galicia TV Europa no dial 987

Telecable:

- Galicia TV Europa no dial 151

Racctel + (Cataluña)

- Galicia TV Europa no dial 122.

Virgin Telco (España):

- Galicia TV Europa no dial 122

Orange:

En territorio galego emite:

- TVG no 7.
- G2 no 170

Estas canles só poden sintonizarse en territorio galego.

- TVG Europa no 83. Pode sintonizarse dentro e fóra de Galicia.

4.3 Producción allea


As horas de emisión de Producción Allea no cómputo global das grellas mantiveron unha liña de continuidade cun lixeiro ascenso do 4% ao 5,47% da grella da TVG motivado pola incorporación puntual dalgúns contidos coma as series 'Better together', 'Bonanza' ou 'Chegar á casa'. Na achega á grella da G2 a porcentaxe da Producción Allea mantén un peso significativo, aínda que experimentou un lixeiro descenso de 3 puntos en relación á porcentaxe do 2020, situándose por baixo do 25% das horas emitidas. Esta diferenza vén determinada polo reaxuste dalgunhas das franxas destinadas a animación, cubertas agora por contidos de produción propia, como o espazo '#DígochoEu' ou o programa 'Apuntamento lusófono.'

En horas/ano, a produción allea representa 445 horas na TVG e 2.083 horas na G2, o que mantén no global unha liña de continuidade no papel complementario que este tipo de produción cumpre na construción da grella de programación, ao ofrecer unha maior diversidade de contidos, de diferentes nacionalidades e xéneros, e sempre baixo a premisa da calidade e a súa adecuación ás demandas do público.



Son contidos adquiridos no mercado internacional e elaborados orixinalmente noutras linguas que, grazas á dobraxe e a subtitulación ao galego, se fan accesibles ao noso público, como é o caso do cine, as series, a animación e os documentais.


Na TVG as longametraxes cinematográficas son os principais contidos de produción allea, salvo algunha excepción como poden ser as adquisicións puntuais de documentais de actualidade ou algunha serie de sobremesa utilizada para construír a grella do verán (como foi o caso da serie turca ‘Better together’, por exemplo). As longametraxes de produción allea encádranse nos espazos dedicados ao cine: principalmente as estreas de cine, re-runs e títulos de librería que corresponden a acordos maioritariamente conxuntos con FORTA con distintos distribuidores como Warner, A Contracorriente, Miramax, Sherlock, Motion, Flins, etc.



No caso da G2, o 66 % dos dereitos de produción allea adquiridos corresponden a series de animación infantil e xuvenil que alimentan as distintas franxas de programación do Xabarín Club. Despois, por orde de peso na grella, atopáanse as series destinadas ao oco das tardes da G2 de luns a venres dedicado ao western e representadas por ‘Bonanza’ e ‘O Virxiniano’. Ademais, cabe citar as redifusións gratuítas nos 30 días seguintes das longametraxes nos slots dedicados ao cine nas noites da G2, excepcionalmente algunha serie xuvenil como ‘Miracle tunes’ e por último algúns documentais que forman parte das noites temáticas desta canle, das que xa se informou en páxinas anteriores.

Como se reflicte na gráfica inferior, a distribución do contido de produción allea na canle G2 é a seguinte: 1.379 horas de animación, 264 longametraxes e 336 horas de series.





Desde o Servizo de Contidos obsérvase a evolución do mercado audiovisual, os cambios motivados pola transformación dixital e o seu impacto nos hábitos de consumo e nas estratexias de programación. Conscientes de que se trata dun sector en continua evolución, trátase de manter unha oferta equilibrada de contidos acordes ao espírito da TVG como canle pública, seleccionando aqueles produtos en sintonía coa demanda dos espectadores, pero tamén adaptando a oferta ás tendencias do momento e procurando o achegamento aos novos públicos, sempre dentro dos límites marcados polas dispoñibilidades orzamentarias.

Neste sentido, o ano pasado adquiríronse por primeira vez contidos infantís e xuvenís unicamente para canles dixitais co obxectivo de levar a maior oferta posible á mocidade galega a través da web e da app Xabarín. Pecháronse así acordos de animación con distribuidores como Planeta, Luk, Mediatoon e Motion, que incorporaron un amplo catálogo de series de animación á oferta dixital con máis de 50 títulos e máis de 2.200 episodios.

O obxectivo é repensar a oferta infantil e xuvenil no novo contexto dixital e traballar no deseño dunha estratexia para relicenciar e poñer en valor o amplo catálogo de contidos que foron dobrados ao galego ao longo da nosa historia, e recuperar series de prestixio e calidade para poñelas a disposición do público máis mozo na futura OTT en que se está a traballar. E, por suposto, isto sen perder de vista a tradicional oferta lineal, onde a TVG xa foi incorporando novidosos contidos dixitais que, facendo un camiño inverso, chegaron desde internet á nosa pantalla: é o caso dos espazos mencionados anteriormente '#DígochoEu' e 'Apuntamento lusófono'.

Iniciouse desta maneira unha nova era onde cobran especial importancia as condicións de posta a disposición dos contidos no mundo dixital, que é onde o público obxectivo consome principalmente estes contidos. E, no caso das series ou o cine, a CRTVG traballa máis alá das condicións habituais de compra (redifusións gratuítas nos 30 días seguintes á primeira emisión ou a conversión de pases en función da audiencia media da canle) na constante adaptación e flexibilidade dos acordos ás novas necesidades. É necesario adecuarse aos novos escenarios dunha



maneira efectiva para garantir a visibilidade dos contidos e manter o equilibrio orzamentario.

Por outra parte, a CRTVG continúa a participar activamente en foros como CIRCOM ou o Celtic Media, onde atopa excelentes sinerxías coas televisións internacionais europeas que posibilitan, entre outras cousas, acordos de cesión de contidos que alimentan algúns slots das noites temáticas da G2.

4.3.1 Cine

Durante o ano 2021, a CRTVG emitiu un total de 416 sesións cinematográficas con 178 filmes diferentes.

- 217 pases difundíronse na TVG.
- 199 pases emitíronse na G2.

Cine na TVG

A programación de cine da primeira canle (217 pases) elaborouse basicamente cos títulos do contrato Warner, pero en menor proporción (40 %) que en anos anteriores, posto que durante no 2021 se contou con filmes doutras once distribuidoras, tanto de empresas independentes coma filiais de majors (Comercial tv, A Contracorriente, DeAPlaneta, NBC/Universal, Motion, Paramount, MGM International, Aurum, Caramel, Vercine, Lionsgate).

Durante 2020 e 2021, a TVG mercou 12 pequenos paquetes de filmes, seleccionados polo miúdo. Ademais, a programación completouse con algún título cedido por CIRCOM e tamén cos fondos de cinema galego da TVG. Os contratos de Video Mercury (de 2019 e de 2021) serviron para manter a programación da sesión en versión orixinal subtitulada ao galego (VOSG) da noite dos sábados (52 pases), que no 2021 cumpriu 31 anos de emisión ininterrompida. Na antedita sesión para cinéfilos, os espectadores puideron ver diferentes ciclos, entre eles un dedicado ao mestre Dino Risi, outro que foi froito dunha escolla de películas rodadas en inglés en España e un, moi extenso, que difundiu os clásicos do cinema italiano: primeiras obras de cineastas como Vittorio De Sica, Fellini, Zurlini, Visconti ou Bolognini. 178 filmes diferentes.

No *prime time* da TVG emitíronse tres filmes galegos ('O que arde', 'Quen a ferro mata' e 'Trote'). O número total de emisións de películas galegas na primeira canle foi de 14. As restantes emisións da TVG foron difundidas na franxa do late-night.

- O share medio do cinema da primeira canle da TVG durante o ano 2021 foi dun 3,6%.
- O share medio do cinema emitido na sesión de VOSG nas madrugadas do sábado ao domingo foi do 3,8%.



Entre as estreas internacionais destacamos 'A liga da xustiza', 'Os arquivos dos Pentágono' e 'O outro gardacostas', as tres en primeira difusión en aberto. Tamén filmes ben coñecidos dobrados ao galego por primeira vez como 'Memorias de África', 'O tren das tres e dez' (versión de 2007), 'Misión imposible: protocolo pantasma', 'Billy Elliot', 'Eu Daniel Blake', 'Cadea perpetua', 'Fuga de Alcatraz', 'A milla verde', 'O val da vinganza', 'Hachiko sempre ao teu lado', 'Flashdance', 'O pacificador' ou 'A illa das cabezas cortadas'. Entre as estreas de cinema galego (na TVG e na G2) podemos citar, ademais das anteriormente mencionadas, 'Dhogs', 'A praia dos afogados', 'Trinta lumes', 'Longa noite', 'Migas de pan' e 'Sol e lúa', que se estrearon na G2.

Cine na G2

A programación cinematográfica da G2 fíxose, coma todos os anos, coa redifusión dos filmes emitidos na primeira canle nunha grella completada con producións galegas de estrea e reestrea. Así, na G2 difundíronse 199 sesións cinematográficas, todas na franxa do segundo *prime time* ou na franxa do late night. Do total das 199 emisións, 43 corresponderon a producións galegas.

Desde maio, as grellas da G2 completáronse coas distintas longametraxes e tv movies galegas participadas pola TVG, precedidas por unha entrevista cos autores dentro do novo programa contedor 'Clac', na noite dos venres. No programa estreáronse filmes como 'Dhogs', 'A praia dos afogados', 'Trinta lumes', 'Longa noite', ou 'Sol e lúa'. O share medio da programación cinematográfica da G2 estivo preto de 1,0% de share.

Foi na semana das Letras Galegas 2021 cando se estreou o novo programa de cine 'Clac', que ten como protagonista absoluto o audiovisual galego. A relación das longametraxes emitidas no ano 2021 vinculadas a este espazo foron 'A esmorga', 'Dhogs', 'As altas presións', 'León e Olvido', 'Retornos', 'A praia dos afogados', 'Trinta lumes', 'Trote', 'Sol e lúa', 'O que arde', 'A condesa rebelde', 'Os fenómenos', '18 comidas', 'A estación violenta', 'Un conto para Olivia', 'A Casa da luz', 'Inevitable', 'Longa noite', 'Sicixia', 'Outro máis', 'Os mortos van á présa' e 'Eroski Paraíso'.

4.3.2 Series

Neste 2021, mantívose a emisión da serie 'Bonanza', un clásico do Oeste nas tardes de luns a venres, e para alimentar este mesmo oco da grella no verán recontratouse outro título emblemático de western: a serie 'O virxiniano'. Adquiriuse ademais unha nova relicenza de 'Bonanza' con 60 episodios máis coa intención de ofrecerlle ao espectador un maior atractivo, porque son episodios que se dobran por primeira vez ao galego. Ademais, mercáronse tamén os dereitos de emisión da serie 'Chegar á casa', coproducida entre Galicia e Portugal e que trata a historia dunha muller que regresa á súa terra natal, en Portugal, tras o fracaso do seu matrimonio. Consta de 8 episodios e ten como protagonistas actores galegos.



4.3.3 Programación infantil

A programación infantil iniciou en 2021 unha evolución cara ao mundo dixital, aínda que tamén mantivo toda a súa oferta de alto nivel na canle G2. Como xa se indicou, compráronse por primeira vez dereitos de contidos infantís e xuvenís só para as canles dixitais da CRTVG, a web corporativa, a app Xabarín TV e a canle Xabarín na app corporativa. En total ofértanse xa nestas canles máis de 50 títulos e 2.200 episodios. A isto hai que engadir as 1.100 cancións dispoñibles na canle dixital de audio, Radio Picariña, con música en galego para os máis pequenos. Daquela xa non se traballa na contratación de produto para emitir na grella da G2, senón que pasan a ser especialmente importantes os dereitos de posta a disposición de contidos en redes dixitais por un tempo determinado.

A franxa infantil, por outra parte, segue a ocupar unha parte significativa da programación da segunda canle, se ben experimentou un reaxuste horario en función da transformación dixital que determina hábitos de consumo moi diferentes na poboación á que se dirixe.

Mantívoase a estrutura en tres slots principais, compatibles cos horarios escolares (mañá, mediodía e media tarde) e nutriuse dunha gran variedade de títulos de animación de distintas procedencias. A G2 ofrece preto de 5 horas de animación diarias de luns a venres repartidas nestes tres bloques diferenciados, e durante as fins de semana concentra a oferta destinada á rapazada no horario matinal. Esta programación continúa representando un importante volume de horas, de arredor de 1.400 horas anuais.

Durante o curso escolar no ano 2021 deuse continuidade á franxa educativa dos sábados pola mañá, que arrancara motivada pola crise da Covid con contidos de corte máis didáctico e divulgativo ('O sabedoiro', 'Aquelando', 'Metexenios' e 'Xeoclip', por exemplo) e á volta do verán foron reemprazados polos populares contidos nativos dixitais '#Dígocho eu' e 'Apuntamento lusofono'. En paralelo deseñouse unha estratexia para ampliar o catálogo de contidos infantís e xuvenís da web da CRTVG, para facer accesible ás novas xeracións unha ampla e variada oferta de títulos en galego a golpe dun único clic. Máis de 50 títulos e 1.000 horas de contido, onde destacan títulos de produción propia como 'Os Bolechas', 'Tutú' ou 'Aquelando', series emblemáticas de animación e, por último, novidasas series live action como 'Verán M' ou 'Miracle tunes'.

As series de animación alimentan principalmente esta oferta de programación infantil, que se complementa coas producións de selo galego, salientando 'A pita cega', 'Os Bolechas', 'Os Bolechas no cole', 'Braulio Tuber', 'As aventuras de Minchi' ou 'Tutú'.

Cómpre reafirmar que todos estes contidos están accesibles nas canles infantís dixitais da CRTVG, sexa a web da CRTVG como a través das aplicacións móbiles, coa intención de garantir a posta a disposición da maior e mellor oferta de contidos posible.



4.4 Dobraxe e subtitulación

Entre as accións do servizo público da CRTVG figuran a dobraxe e a subtitulación, que contribúen a facer accesibles os contidos e as producións do mercado internacional, elaboradas noutras linguas, nunha versión netamente galega e adaptada á nosa lingua.

Ademais, todos os contidos que se dobran á lingua galega veñen acompañados dos correspondentes ficheiros .stl de subtitulado, axeitados para o público con discapacidades auditivas.

4.4.1 Dobraxe

O ano 2021 correspondeu ao segundo exercicio do concurso de dobraxe convocado no ano 2019. Neste concurso resultaron adxudicatorios do servizo sete estudos de dobraxe. O balance foi de 331 horas de contidos audiovisuais, que incluían tamén os insertos de dobraxe para remasterizar algunhas longametraxes de librería.

4.4.2 Subtitulación

Durante 2021 emitíronse un total de 3.531 horas de programación subtitulada. 1.811 foron de programas subtitulados na primeira canle, TVG. Outras 1.720 horas de emisión subtitulada corresponden á segunda canle, a G2.

Un exercicio máis, hai que salientar o incremento de subtitulación na primeira canle. Case 200 horas de programación subtitulada máis que no ano 2020. O incremento é significativo porque a grella de TVG está deseñada con programación en directo practicamente dende as 08.00 da mañá ata as 22.30 h. da noite de luns a mércores. Os xoves e venres eses directos chegan ata ben entrada a madrugada.

A CRTVG ten opción de subtítulos na maioría da súa oferta de entretemento. O espazo informativo de luns a venres 'Galicia noticias' subtitula a súa emisión en directo.

En base á información do programado no ano 2021 en TVG, obsérvase que o maior número de horas con subtítulos se corresponde con series, seguido de diferentes programas de entretemento e documentais. Na segunda canle, a G2, son as series de animación as que copan o maior número de horas subtituladas. A continuación, as series de ficción na emisión da mañá e en terceiro lugar as longametraxes que se programan nas noites e madrugadas.



4.5 Programación radiofónica

A Radio Galega retomou en 2021 a súa estratexia de programación previa á pandemia da covid-19, que provocara cambios nas estruturas dos informativos e programas, así como nas dinámicas de traballo e a organización dos contidos radiofónicos. A emisora pública centrou os esforzos en desenvolver o servizo público informativo no contexto da pandemia da covid-19 con 24 horas de programación en directo e o obxectivo de informar, formar e entreter, e con espazos abertos á participación dos oíntes que trasladaron durante meses as súas consultas e inquiredanzas en numerosos espazos da programación.

A RG pechou a temporada 2020-2021 con rexistros históricos de audiencia. Con ese apoio por parte da audiencia galega, histórico nos seus 35 anos de traxectoria, a CRTVG puxo en marcha unha programación baseada no protagonismo arredor de todo o que acontece en Galicia e aos galegos. A participación da audiencia foi un valor fundamental para facer unha radio entre todos e para todos, con máxima atención ás novas tendencias que conectan a Radio Galega cos públicos máis novos, nativos dixitais e multicanle.

A volta á normalidade veu da man da recuperación da produción de programas en exteriores, especialmente os programas monográficos de curta duración. Tamén se retomou a saída dos estudos dos grandes programas da grella de programación, como foi o caso do 'Galicia por diante' dende o Hospital Universitario da Coruña.

Os proxectos de entretemento non puideron retomarse debido ás medidas de contención da covid-19 dentro da Corporación, que acoutaron a presenza de persoas alleas ao cadro de persoal nas súas instalacións para protexer a continuidade das emisións e garantir a saúde dos seus profesionais. Isto impediu volver activar o proxecto 'Medio bolo', con concertos breves gravados con teléfonos móbiles para a emisión por Facebook Live, ou a gravación de concertos en salas.

Por canto á creación de contidos dixitais, cómpre salientar que en outubro de 2021 se lanzou a nova plataforma RadioGalegaPodcast.gal, unha nova experiencia dixital de deseño *mobile first* coa que a radio pública se adapta aos novos modelos de consumo da audiencia, para gozar dos audios específicos a calquera hora e contar coa experiencia de compartilos e valoralos na comunidade virtual de cada usuario. Cunha oferta crecente de contidos, este proxecto naceu con vontade de ser o xerme da produción nativa dixital da Radio Galega. É unha aposta polo concepto do audio, un paso máis alá do percorrido radiofónico da historia dos medios públicos que, deste xeito, se sitúan nos novos espazos nos que se atopa a audiencia, con contidos especializados e enfocados a públicos nichos, con características moi determinadas. Está dispoñible ademais nas plataformas Spotify e iTunes.

Todas as canles da Radio Galega -Radio Galega, Radio Galega Música, Son Galicia Radio e Radio Picariña- continuaron a emisión no agregador de radios dixitais 'Radioplayer España', logo da entrada en decembro de 2019. A radio pública de



Galicia pode escoitarse a través desta proposta de radio dixital que se está implementando no conxunto de Europa, con especial importancia na súa incorporación aos vehículos, un dos principais lugares de escoita da radio. Así mesmo, este ano puxéronse a disposición da audiencia os podcast dos seus programas a través desta plataforma.

No que atinxe ao apartado técnico, desenvolveuse no 2021 o proxecto de deseño estético e técnico do futuro estudio multimedia da Radio Galega, preparado para a emisión de radio visual a través dun sistema de realización automática a partir dos impulsos de voz dos locutores. O deseño pretende atender as características dun plató de televisión, sen perder sempre a súa identidade de estudio de radio e estrearse a principios de 2022. O deseño contempla un set para a realización de programas de radio convencionais ou de programas nativos dixitais pola vía do *podcast* ou do *video-podcast*. Así mesmo, atende as necesidades para a celebración de concertos en directo ou gravados e incorpora un espazo para a presenza física de público.

Dende o punto de vista da produción, ao longo do ano consolidáronse novas fórmulas de traballo que se activaron por primeira vez debido ás necesidades suscitadas pola pandemia da covid-19. Entre outras accións, destaca a produción e emisión de programas en directo a través de liñas RDSI, Quantums e Ips instaladas nos domicilios dos xornalistas. Así mesmo, implementouse en todos os ámbitos -informativos, programas e deportes- o uso da aplicación HQ para traballadores/as e colaboradores/as, que permite a emisión en directo, e gravación, de contidos radiofónicos con calidade de son de estudio. Esta mesma aplicación usouse con colaboradores habituais dos programas e informativos da emisora.

Por canto á programación, o 'Galicia por diante' emitíuse entre as 06:00 e as 14:00 combinando a información e o entretemento. O tramo de 06:00 a 09:30 é puramente informativo, presentado por primeira vez por unha muller desde o inicio da temporada 21-22, mentres que a parte que abrangue de 09:30 a 14:00 h. convértese nun programa informativo que combina información e entretemento. O humor ten a súa propia sección por medio de 'A Bóla Extra', que se emite de 12:04 a 13:00 h. en Radio Galega e de 12:04 a 12:30 h. en simultáneo por Televisión de Galicia de luns a venres.

O programa 'A tarde' afondou na estratexia de dar cobertura total ao territorio galego con puntos de directo por toda a xeografía, de luns a venres de 16:00 a 20:00. En consecuencia, a Radio Galega ofreceu á audiencia información, entretemento e espazos de participación con persoas expertas en consumo, medicina, dereito, maternidade e seguridade viaria. A configuración do programa complétase con cinco puntos de directo en toda a xeografía galega.

O apartado informativo deu continuidade ao formato do espazo 'A crónica' en dúas edicións. A primeira emitíuse ás 14:00, con corenta e cinco minutos de información, e a segunda ás 20:00, cun formato híbrido que combina a información pura e o magazine. Nesta edición, emitíuse información de 20:00 a 20:30, deportes de 20:30



a 21:00, a partir das 21:00 unha hora de programación especializada en cine -'Sala 5'-, viaxes -'Lambóns de viaxe'-, ciencia -'Efervescencia'- e tecnoloxía -'Lambóns dixitais'-. Finalmente, a última hora de programa consiste nun faladoiro político dunha hora, do cal a metade foi emitido pola segunda canle de Televisión de Galicia.

Da aposta pola información especializada en cultura xa se deu conta no capítulo 3, no epígrafe adicado á estratexia #Cultura365 e ao programa 'Diario cultural' da Radio Galega que, con cen minutos de emisión cada día de luns a venres, conta con tres edicións -mañá, mediodía e tarde- co obxecto de alcanzar a maior audiencia posible.

A Radio Galega incrementou o seu liderado na madrugada co programa 'Pensando en ti', cunha duración de cinco horas, entre as 01:00 e as 06:00, de luns a domingo. Co obxecto de proxectar este programa baseado na participación da audiencia, o programa emítese en simultáneo na Radio Galega e na segunda canle da Televisión de Galicia cada madrugada.

A programación especializada da Radio Galega estivo liderada polos programas 'Ferrado e medio' e 'Mar de Ardora', sábados e domingos ás 07:00, respectivamente. Continuaron os programas 'Arredor de nós', 'Lambóns dixitais', 'Sala 5', e 'Efervescencia'. A Radio Galega refrendou a aposta polo humor con 'A bóla extra' de luns a venres de 12:00 a 13:00, dentro do programa 'Galicia por diante'.

No apartado deportivo, consolidáronse as novas marcas vencelladas ao histórico 'Galicia en goles': 'Zona mixta' e 'Ao contraataque'. O primeiro programa, centrado na información e análise do mundo deportivo, emitíuse de luns a venres entre as 15:00 e as 16:00; o segundo, realizouse na franxa nocturna, entre as 23:00 e as 00:00, de domingo a xoves. O 'Galicia en goles' mantivo programación os venres de 21:00 a 00:00, e os sábados e domingos, a partir das 15:00.

A Radio Galega reforzou a súa aposta polo deporte da canastra e transmitiu en directo todos os partidos xogados polo Monbus Obradoiro na temporada 20-21 e os partidos do C.B Breogán e Monbus Obradoiro na temporada 21-22. Así mesmo, a emisora pública continuou co proxecto 'Convivir deportivo', programa que fai foco na realidade social do deporte a partir da visita a clubs, persoas destacadas do panorama deportivo galego e escolas deportivas.

A interacción coa audiencia é unha ferramenta esencial para a creación de comunidades dixitais activas, interesadas e fieis aos contidos da Radio Galega. Pola vía convencional, esta interacción desenvolveuse por medio do teléfono, con chamadas ou mensaxes de WhatsApp. Neste senso, a Radio Galega ampliou en 2020 liñas abertas para solicitar participación a través desta aplicación móbil para os programas 'Galicia por diante', 'A Tarde' e 'Pensando en ti'. Así mesmo, a Radio Galega dialogou cos seus públicos a través das redes sociais Facebook e Twitter, e dende 2019 coa creación do perfil corporativo en Instagram.



No que atinxe ás audiencias, o grupo de emisoras de Radio Galega remata 2021 acadando un novo rexistro histórico de audiencia: 256.000 oíntes de luns a venres, segundo os datos da terceira onda do Estudo Xeral de Medios do 2021, o que reforza a RG como primeira emisora pública de Galicia.

A Radio Galega é a emisora de radio que máis sobe en audiencia, ata alcanzar os 184.000 oíntes de luns a venres; isto supón, segundo os datos do EXM recollidos no informe da consultora de referencia Barlovento, que a Radio Galega “é a emisora xeralista que máis crece” en toda España, e faino nun contexto de baixada do consumo da radio xeralista. Radio Galega Música acada os 70.000 oíntes de luns a venres e tamén se posiciona entre as 25 temáticas con máis audiencia de España, e Son Galicia Radio, emisora dixital integramente de música en galego, entra por primeira vez na clasificación, con 2.000 oíntes no conxunto da semana.

4.5.1 Programación xeral

Galicia por diante

O programa ‘Galicia por diante’ emitíuse de luns a venres de 06:00 h. a 14:00 h., cun tramo informativo dende primeira hora ata as 09:30, e outro tramo definido como programa informativo ata as 14:00. Este magazine informativo deu continuidade á estrutura deseñada na temporada 18-19. O programa arranca cunha presentación de contidos coral para logo facer conexións con seis puntos do territorio galego para coñecer os temas de actualidade social. Deste xeito, o ‘Galicia por diante’ combina información, entretemento, humor e microespazos temáticos.

As seccións temáticas abranguen as seguintes áreas: deportes, sexo, saúde, arte, ciencia e historia. Así mesmo, cada día conta cun bloque de humor dunha hora de duración -de mediodía ás 13:00 h.-. A última hora do programa volve a adquirir ton informativo cunha entrevista de actualidade en profundidade, avance deportivo e o ‘miolo’ do día co desenvolvemento dun tema de interese público e as súas voces protagonistas. ‘Galicia por diante’ conta con perfís en Facebook, Twitter e Instagram, que se empregan a diario para divulgar os contidos presentados no directo e dialogar coas audiencias ou mesmo poñer en marcha concursos.

A Tarde

‘A tarde’ emítese en horario de 16.00h ás 20.00h con espazos de información, entretemento, actualidade e servizo público a través de entrevistas, reportaxes e emisións en exteriores. Cada tarde, este programa conecta con cinco puntos de directo en todo o territorio galego para tratar temas de interese para a sociedade galega dende o punto de vista social e de ocio. Por canto as colaboracións, cada día da semana ofrécese un espazo de consulta a expertos especializados en consumo, seguridade vial, conciliación familiar, medicina e dereito. Así mesmo, desenvólvense microespazos sobre as novidades do mar e o agro galegos. ‘A tarde’ é un programa



con especial relevancia social en internet e as redes sociais, especialmente Facebook.

Galicia por diante Fin de Semana

Na fin de semana, o 'Galicia por diante fin de semana' consolidou en 2021 o forte seguimento de audiencia xa rexistrado dende o seu nacemento. O programa segue a estrutura da semana, é dicir, conta cun primeiro tramo informativo sábado e domingo de 08:00 a 09:00 -exposto noutro apartado deste informe- a un tramo de magazine puro de 09:00 a 12:00. A estrutura do programa baséase nunha entrada de exposición de avances de temas e unha entrevista de actualidade. Ambos os dous días realízase unha entrevista en profundidade ás once da mañá e reportaxes de temas de actualidade. Os contidos deste programa compoñen a cabeceira da páxina web da Radio Galega na fin de semana.

Diario cultural

Como se explicou en páxinas anteriores neste informe, 'Diario cultural' continuou en 2021 despois de acadar os mellores datos de audiencia desde o seu nacemento. Logo dunha pausa na emisión debida á intensidade informativa relacionada coa pandemia, converteuse nun dos poucos altofalantes de cultura en Galicia durante os meses finais do estado de alarma e os posteriores. O novo 'Diario cultural' e a súa canle dixital -diariocultural.gal- forman parte da estratexia da Corporación en materia de cultura que se enmarca no proxecto #Cultura365 e supón cen minutos diarios de programación especializada en cultura de luns a venres, cunha emisión en directo tamén na fin de semana con outros cen minutos.

O formato complementouse coa apertura dunha canle dixital propia: diariocultural.gal que ofrece os *podcasts* de todas as edicións do espazo, accesibles tamén en iTunes e Ivoox.

Convivir

No apartado da sociedade, a radio pública emitiu o programa 'Convivir' de luns a venres en horario de 00:00 a 01:00, baixo o paraugas do 'Pensando en ti'. Esta programa trata todos os ámbitos informativos que afectan a sociedade, dende os servizos sociais, a medicina, a investigación e as enfermidades ata a natureza, a ecoloxía, a educación e as historias de superación persoal.

Os sábados ás 13:00 emítense unha edición singular denominada 'Convivir deportivo', na que se tratan monográficos sobre o deporte dende a súa vertente social. Neste ámbito dedicáronse programas a figuras relevantes no mundo do deporte galego, clubs históricos ou escolas deportivas de concellos.



Pensando en ti

‘Pensando en ti’ de luns a venres e ‘Pensando en ti fin de semana’ nos sábados e domingos, foron líderes da noite radiofónica en Galicia en 2021. O programa ten unha duración de seis horas, de 00:00 a 06:00 -coa incorporación do programa ‘Convivir’ á medianoite- e céntrase na interacción coa audiencia, que participa para relatar as súas vivencias a partir dos temas propostos. Trátase dun programa que se vale de canles de comunicación coas redes sociais para propiciar a participación da audiencia, moi fiel nesta franxa da programación.

Ademais, este programa emítese de luns a venres pola G2, o que permite unha relación directa coa audiencia durante toda a madrugada, tanto para os públicos radiofónicos como televisivos. Tanto é así que a súa emisión pasou á primeira canle da Televisión de Galicia cando comezou a erupción do volcán da illa da Palma.

4.5.2 Programas temáticos

A grella de programas temáticos da radio pública de Galicia está conformada polos seguintes espazos:

- **‘Arredor de Nós’** é un programa especializado en historia.
- **‘Efervescencia’** ocúpase de achegar a ciencia ao público xeral, desde o humor e con voces autorizadas e reportaxes sobre descubrimentos científicos de toda índole. O programa conta coa colaboración da USC e o financiamento da FECYT (Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía).
- **‘Lambóns dixitais’** é un programa de novas tecnoloxías que vive a súa segunda temporada en antena e conta cun espazo adicado ás novas tecnoloxías aplicadas á accesibilidade.
- **‘Sala 5’** é un espazo dedicado ao mundo do cine e o audiovisual.
- **‘Mar de ardora’** é un programa especializado na actualidade do mar que vive a súa segunda temporada en antena.
- **‘Ferrado e medio’** é un programa especializado na actualidade do agro que vive a súa segunda temporada en antena.



4.5.3 Emisión simultánea RG-TVG

No marco da innovación e creatividade dixital, a Radio Galega deu continuidade ao proxecto de emisión en simultáneo por Televisión de Galicia dos programas 'Pensando en ti', 'A bóla extra' e 'A crónica' na súa sección de faladoiro. Trátase dunha iniciativa de radio televisada ben recibida e apoiada pola audiencia que se mantivo durante toda a pandemia e continuou co regreso á normalidade.

Esta aposta pola radio televisada para certos formatos radiofónicos a través da primeira e segunda canle lévase a cabo grazas ao uso de cámaras robotizadas no Estudio 2 da Radio Galega para o lanzamento de imaxes HD. O obxectivo é avanzar na mellora dos estándares deste tipo de emisións co deseño dun estudio multimedia para radio visual.

4.5.4 Radio Galega Música

Radio Galega Música pechou a temporada 20-21 cos mellores datos de audiencia da súa historia a partir dunha estratexia de radio fórmula melódica en todas as franxas horarias e con listaxes de reprodución rotatoria de menos de cincocentas cancións, coa renovación continua das novidades musicais.

Nun ecosistema de radio musical atomizado coa repetición de fórmulas clónicas, Radio Galega Música seguiu apostando na temporada 21-22 por unha radio musical feita dende Galicia para a cidadanía galega, na que a música galega se amalgame con naturalidade con temas doutras linguas.

A programación articulouse en grandes bloques musicais que acompañaron a audiencia nas distintas actividades e ocupacións da súa xornada. As horas laborais do día, é dicir, dende as 07:00 ata as 20:00, apóstase pola radiofórmula sen locutor. Isto, xunto coa ausencia de publicidade, facilita que Radio Galega Música sexa a opción elixida polos establecementos comerciais como fío musical.

Dende as 07:00 ata as 09:00 h. preséntase a fórmula espertador con ritmos e estilos axeitados para o arranque do día. Dende as 09:00 ata as 14:00 h. prográmase música para o traballo coa vontade de convertérmonos en banda sonora das actividades laborais. A hora de xantar e as primeiras horas da tarde continúan a mesma tónica cunha selección melódica uniforme, con temas de corte máis relaxado e cadencioso.

No tramo de 18:00 a 22:00 h. préstase atención á audiencia que escoita Radio Galega Música no coche coa fórmula 'RGM na túa volta á casa', unha selección musical tranquila, sen estridencias e con calidez. A partir das 22:00 h. emitiuse o programa diario Estudio 3, de música rock, e ás 23:00 os programas musicais de autor dunha hora de duración 'Raizame', 'O Lobo urbano', 'Ondas indies', 'Cara B' e 'Notas de Jazz'.



Na fin de semana emitíronse os programas de produción propia 'Fondos reservados', sobre grandes éxitos da música dos anos 70, 'Lume na palleira', especializado en música folk, 'Concerto popular', coa músicas das bandas galegas, e 'Allegro moderatto', de música clásica.

Así mesmo, emitíuse os domingos de 15:00 a 17:00 h. o programa de músicas do mundo 'Tres peixes voando'. Ademais, lanzouse o programa 'Consellería do ritmo', os domingos ás 22:00.

Radio Galega Música programa preto dun 30% de música galega, entendida esta como aquela que está composta en lingua galega pero tamén a realizada por grupos musicais galegos noutros idiomas. As horas de maior atención (horas puntas e medias horas) alcánzanse sempre con música en lingua galega dentro do formato radiofórmula,

A radio de autor creativa e orixinal que atende as tendencias e necesidades dun público máis especializado e esixente, que pide unha proposta máis alá da radiofórmula, tradúcese nos seguintes títulos:

- ✓ 'Estudio 3'. Actualidade de bandas galegas de rock no exterior e de grupos de fóra con actuacións previstas en Galicia.
- ✓ 'O Lobo urbano'. Rock.
- ✓ 'Notas de Jazz'. Jazz.
- ✓ 'Ondas Indies'. Indie.
- ✓ 'Cara B'. Grandes anécdotas da música.
- ✓ 'Raizame'. Músicas do mundo e listaxe World Music Charts Europe.
- ✓ 'Tres peixes voando'. Música galega combinada con músicas do mundo.
- ✓ 'Fondos reservados'. Éxitos musicais do século XX.
- ✓ 'Lume na Palleira'. Música tradicional e folk galego.
- ✓ 'Concerto popular'. Concertos de bandas de música de Galicia.
- ✓ 'Allegro moderatto'. Música clásica da Real Filharmonía de Galicia e a Orquestra Sinfónica de Galicia.
- ✓ 'Consellería do ritmo'. Música pop e rock galega.

Estes programas son espazos de prescrición musical, en tanto que os profesionais que os realizan son expertos en distintos xéneros musicais. Estes espazos acollen o tratamento de temas en profundidade, entrevistas, presentacións, voces de protagonistas, recomendacións e tendencias.

4.5.5 Radio Picariña

A primeira canle dixital de música infantil e xuvenil da historia da Radio Galega, lanzada en xuño de 2018, foi sometida a unha mellora técnica en 2021 co obxecto de que a listaxe de reprodución se inicie sempre en temas musicais



diferentes, para evitar a repetición indesexada na escoita.

Para acceder aos contidos de 'Radio Picariña', os usuarios deben empregar a ligazón www.crtvg.es/infantil. As cancións están ordenadas de forma alfabética por título, pero dende 2021 a reprodución iníciase en puntos diferentes da listaxe. Na información que se mostra ao usuario inclúese o título da canción, o álbum ao que pertence e os autores da mesma. Radio Picariña convértese, deste xeito, nunha radio musical ideal para gozar dela nos centros educativos, garderías, etc., xa que tamén permite a escoita de todos os temas de xeito consecutivo. Tamén é posible escoitala a través da aplicación Radioplayer España.

4.5.6 Estratexia dixital

Radio Galega Podcast

Radio Galega Podcast é a nova experiencia dixital da canle pública galega, lanzada en outubro de 2021 para reforzar o papel da Radio Galega dentro da estratexia dixital global da Corporación Radio Televisión de Galicia e para seguir a senda das novas audiencias, novas e especializadas. Trátase dunha plataforma de deseño *mobile first* coa que a radio pública se adapta aos novos modelos de consumo da audiencia, para gozar dos audios específicos a calquera hora e contar coa experiencia de compartilos e valoralos na comunidade virtual de cada usuario.

Os contidos principais de RadioGalegaPodcast.gal categorízanse baixo os títulos:

- **'Música'**: con 'Cara B', 'Galicia emerxe', 'Consellería do ritmo', 'Tres peixes voando', 'Lume na palleira', 'Ondas indies', 'Estudio 3. Desclasificados', 'Notas de Jazz' e 'Hey ho, let's go'.
- **'Sociedade'**: con *podcasts* como 'O Poigrama'.
- **'Ciencia'**: con 'Enfermeira saturada' e 'Corazón contento', sobre saúde, e 'DeborahCiencia', sobre ciencia.
- **'Historia'**: con espazos como 'Efeméridas', 'Arredor de nós' e 'Próxima estación'.
- **'Cultura e lingua'**, con *podcasts* como 'O Barroquista', 'Galicia para neofalantes', 'Zeta', do equipo do 'Diario cultural Zeta', 'Lambóns de viaxe' ou 'Superando a ficción'.
- **'Igualdade'**, con programas como 'Consellos con sexo', e os nativos dixitais 'Moito ollo!' e 'Morra o conto'.



- ‘Humor’, co programa ‘Como que non?’.

A plataforma acolleu numerosos programas nativos dixitais, é dicir, *podcasts* feitos por e para o medio dixital, á marxe dos patróns horarios propios da radio e coa vontade de alcanzar públicos niño con diferentes gustos. A páxina web está estruturada por temáticas, adaptada aos novos consumos e á creación de comunidades dixitais. O seu deseño é ‘responsive’ e ‘first mobile’, en tanto que todos os estudos de consumo sinalan que a audiencia escoita podcast prioritariamente a través do teléfono móbil.

O ‘player’ é nativo e permite a posibilidade de avances de trinta segundos e retrocesos de dez segundo e o buscador é intelixente. Os podcasts pódense descargar e compartir por redes sociais. Así mesmo, inclúe acceso aos directos de Radio Galega, Radio Galega Música, Son Galicia Radio e Radio Picariña. Por canto ao resto de plataformas, está integrada de xeito automático coa plataforma Ivoox e tamén nas plataformas Spotify, Apple Podcast e iTunes. Isto está vencellado a un sistema de medición de audiencia 360°.

Radiogalega.gal

A páxina web da Radio Galega modificou a súa estrutura en 2021 debido ao lanzamento da canle de noticias G24.gal, que aglutina toda a información producida por todos os medios e redaccións da Corporación Radio Televisión de Galicia. O lanzamento deste novo proxecto de elevada relevancia para o ecosistema de medios informativos de Galicia desencadeou modificacións en espazos web como radiogalega.gal. Dende setembro de 2021, esta páxina non inclúe os contidos producidos polos servizos informativos e de deportes da Radio Galega, que agora forman parte de G24.gal.

Deste xeito, radiogalega.gal é a páxina na que se publican os contidos destacados dos programas informativos e de entretemento da Radio Galega. Así mesmo, inclúe o directo a todas as canles de Radio Galega -Radio Galega, Radio Galega Música, Son Galicia Radio e Radio Picariña- e os directos de *streaming*, con audio ou audio e imaxe, dos programas que se emiten baixo esta fórmula, como ‘A bóla extra’, ‘A crónica’ e ‘Pensando en ti’. Por outra banda, a páxina web inclúe o servizo á carta de todos os programas informativos, programas deportivos, programas de entretemento e informativos puros que emite a Radio Galega. Este espazo pasou a recibir o nome ‘Á Carta’, co obxecto de diferenciarse de forma clara do proxecto Radio Galega Podcast.

Diariocultural.gal

A canle dixital diariocultural.gal consolidouse como web de referencia da información cultural en Galicia. No último ano incrementou o número de usuarios únicos un 67%, mentres que as páxinas vistas incrementaron un 58%. En 2021, a canle dixital do ‘Diario cultural’ afrontou o reto de ser web de referencia do ámbito



cultural galego no momento de recuperación da actividade cultural en Galicia tras a pandemia da Covid-19. Ademais, diariocultural.gal habilitou a lapela 'Letras Galegas 2021', cunha intensa campaña divulgativa arredor do Día das Letras Galegas 2021, en que se homenaxeou á autora Xela Arias.

4.5.7 Estudio multimedia

O proxecto principal no marco da conversión dixital da Radio Galega na temporada 21-22 é a posta en marcha do estudio multimedia no Estudio 5 dos estudos centrais. Durante o ano 2021 acometéronse os traballos de deseño estético, profesional e técnico do espazo que acubillará parte da produción convencional da Radio Galega en FM e que acollerá todos os proxectos de innovación. Este estudio multimedia fortalecerá a converxencia definitiva entre radio, televisión e internet. Os programas da Radio Galega poderán ser emitidos en directo ou diferido por Televisión de Galicia ou calquera das canles dixitais da CRTVG con calidade *broadcast*. As imaxes captadas tamén serán usadas para ilustrar os contidos nas canles web e redes sociais.

As novas instalacións estarán preparadas para a emisión ou gravación de concertos e para acoller público. O estudio multimedia permitirá afondar na creatividade e investigación de novos formatos que combinen o audio e a imaxe. É un estudio de futuro, preparado para atender as novas tendencias de distribución de contidos de entretemento (como Twitch) e con deseño dinámico e fluído para a súa adaptación ás continuas novidades do mercado mediático. Prevese que o estudio entre en funcionamento en marzo de 2022.

4.5.8 Programas exteriores de Radio Galega

Na programación da radio pública de Galicia cómpre destacar a presenza en directo en exteriores dos distintos programas que conforman a grella. Esta pedra angular da programación da emisora pública debeu suspenderse durante a pandemia da covid-19, pero na primavera de 2021 iniciouse unha reactivación de forma lenta e segura. A listaxe de programas que se realizaron en exteriores en 2021 aínda está lonxe de achegarse ás cifras dos anos previos á pandemia. Con todo, retomouse a planificación das saídas deste xeito:

- 12/03 | Galicia por diante | Complejo Hospitalario A Coruña (CHUAC)
- 28/04 | Galicia por diante | Hospital Universitario Lucus Augusti Lugo (HULA)
- 01/09 | Diario cultural | Festival de Cans, O Porriño
- 24/09 | Efervescencia | Vigo
- 20/09 | Ferrado e medio | Ordes



- 22/09 | Mar de ardora | Carnota
- 27/09 | Diario cultural | Festival OUFF, Ourense
- 28-30/09 | Foro A Toxa | Illa da Toxa
- 04/09 | Ferrado e medio | Sober
- 05/10 | Diario cultural | Festival Curtocircuíto, Santiago de Compostela
- 21/10 | Mar de ardora | Ponteceso
- 23/11 | Galicia por diante Fin de Semana | Cidade da Cultura, Santiago
- 25/10 | Mar de ardora | Camelle
- 29/10 | Mar de ardora | O Freixo, Serra de Outes
- 03/11 | Mar de ardora | Laxe
- 05/11 | A tarde | Ourense
- 10/11 | Ferrado e medio | Antas de Ulla
- 18/11 | Ferrado e medio | Chantada
- 20/11 | Galicia por diante | Cidade da Cultura, Santiago de Compostela
- 24/11 | Mar de ardora | Coristanco
- 25/11 | Mar de ardora | Celeiro
- 26/11 | Diario cultural | Culturgal, Pontevedra
- 25/12 | Mar de ardora | Muxía

O programa 'Convivir deportivo' gravouse integramente en exteriores en 2021, cunha planificación moi coidada e atenta ás restricións pola situación sanitaria derivada da pandemia da covid-19. Como en anos anteriores, dedicou edicións a clubs, deportes minoritarios e figuras relevantes do deporte galego.

En outubro de 2021, radiogalega.gal e a aplicación móbil CRTVG comezaron a ofrecer o directo de programas en exteriores como 'Convivir deportivo', con carácter previo á súa emisión en FM:

- 20/01 | Becerreá | Club fútbol Becerreá
- 02/02 | Coirós | Actividade deportiva xeral
- 18/02 | Crecente | Actividade deportiva xeral
- 19/02 | O Vicedo | Actividade deportiva xeral
- 24/02 | Cedeira | Actividade deportiva xeral



- 05/03 | Vilariño de Conso | Actividade deportiva xeral
- 10/03 | Abadín | Sociedade Deportiva Abadín
- 17/03 | Nogueira de Ramuín | Trail
- 18/03 | Castro Caldelas | Circuito Mundial de Montaña
- 26/03 | Guntín | Actividade deportiva xeral
- 15/04 | Quiroga | Actividade deportiva xeral
- 23/04 | Folgoso do Courel | Montañismo
- 30/04 | Nigrán | Actividade deportiva xeral
- 04/05 | Cerdedo-Cotobade | Actividade deportiva xeral
- 12/05 | Aranga | Actividade deportiva xeral
- 04/06 | Rubiá | Espeleoloxía
- 10/06 | Santa Comba | Taewondo, fútbol sala feminino e natación
- 17/06 | Oza Cesuras | Homenaxe a Julio Díaz
- 13/07 | Guitiriz | Fútbol sala
- 14/09 | Toques | Actividade deportiva xeral
- 21/09 | Vigo | Homenaxe a Paco Amoedo
- 01/10 | Vilardevós | Homenaxe a Rodríguez Vaz
- 06/10 | O Incio | Fútbol
- 08/10 | Verín | Verín Club de Fútbol
- 18/10 | Boimorto | Homenaxe a Ánxeles Barreiro
- 21/10 | Ponteceso | Liga da Costa – Fútbol praia Ramiro Amarelle
- 28/10 | Guitiriz | Actividade deportiva xeral
- 03/11 | Laxe | Fútbol
- 09/11 | Vigo | Homenaxe Guillermo Touza
- 11/11 | Poio | Homenaxe Fernando Castro Santos
- 19/11 | Mesía | Actividade deportiva xeral
- 22/11 | Cartelle | Actividade deportiva xeral
- 25/11 | A Coruña | Deporte feminino
- 30/11 | A Coruña | Educa iudo
- 02/12 | Vila de Cruces | Club de loita keltoi
- 14/12 | Vedra | Club Olímpico Triatlón San Mamede



4.5.9 Festivais retransmitidos en directo por Radio Galega Música

En 2021 a Radio Galega non retransmitiu festivais debido á suspensión dos mesmos por parte dos entes organizadores.

4.5.10 Gravacións de eventos de música clásica, bandas e corais

A RG retomou en 2021 a gravación de eventos de música clásica, bandas e corais, para incorporar ao arquivo histórico que a emisora pública vén construíndo desde a súa fundación. Como novidade, en outubro de 2021, radiogalega.gal e a aplicación móbil CRTVG ofreceron o acceso ao audio en directo de eventos de música clásica, bandas e corais en directo. É unha nova vía de produción e explotación dixital para os contidos do Arquivo Sonoro da Radio Galega, por medio da adquisición do equipo Peplink. A primeira experiencia foi o 23 de outubro coa emisión en directo do trinta aniversario do Festival de Corais de Verín. Esta iniciativa inclúese na estratexia dixital posta en marcha na temporada 2021-2022 para as orquestras de música clásica, bandas e corais. A continuación inclúese a relación do total de gravacións de eventos de música clásica, bandas e corais rexistrados no 2021:

Xaneiro de 2021:

- 5.1.2021: Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. Santiago.
- 8.1.2021: Alba Barreiro, arpa. Auditorio Martin Códax. Vigo.
- 12.1.2021: Anca Smeu, violín, Estudio 5. San Marcos.
- 14.1.2021: Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. Santiago.
- 15.1.2021: Orquestra Sinfónica de Galicia. Coliseum. A Coruña.
- 20.1.2021: Gravación de "Pangea". Abraham Cupeiro e RFG. Audit. de Galicia. Santiago.
- 21.1.2021: Gravación de "Pangea". Abraham Cupeiro e RFG. Audit. de Galicia. Santiago.
- 22.1.2021: Orquestra Sinfónica de Galicia. Coliseum. A Coruña.
- 28.1.2021: Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. Santiago.
- 29.1.2021: Orquestra Sinfónica de Galicia. Coliseum. A Coruña.

Febreiro de 2021:

- 8.2.2021: Ars Combinatoria. Mosteiro dos Mercedarios. Sarria.
- 11.2.2021: Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. Santiago.
- 12.2.2021: Orquestra Sinfónica de Galicia. Coliseum. A Coruña.
- 18.2.2021: Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. Santiago.
- 19.2.2021: Orquestra Sinfónica de Galicia. Coliseum. A Coruña.



25.2.2021: Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. Santiago.

26.2.2021: Orquestra Sinfónica de Galicia. Coliseum. A Coruña.

Marzo de 2021:

7.3.2021: Alfredo Susavila Quartet. Auditorio Municipal. Rianxo.

9.3.2021: Trío Rosalía. Auditorio Carmen Estévez. Vilalba.

11.3.2021 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. Santiago.

12.3.2021: Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. A Coruña.

16.3.2021: Concerto da Sociedade Filharmónica de A Coruña. Teatro Rosalía.

18.3.2021: Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. Santiago.

19.3.2021: Orquestra Sinfónica de Galicia. Coliseum. A Coruña.

22.3.2021: Trío Rosalía. Auditorio Carmen Estévez. Vilalba.

25.3.2021: Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. Santiago.

26.3.2021: Orquestra Sinfónica de Galicia. Coliseum. A Coruña.

31.3.2021: Orquestra Gaos. Centro Ágora. A Coruña.

Abril de 2021:

4.4.2021: Orquestra Xoven da Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. A Coruña.

8.4.2021: Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. Santiago.

9.4.2021: Orquestra Sinfónica de Galicia. Coliseum. A Coruña.

16.4.2021: Orquestra Sinfónica de Galicia. Coliseum. A Coruña.

20.4.2021: Cuarteto Schubert. Teatro Rosalía. A Coruña.

22.4.2021: Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. Santiago.

23.4.2021: Orquestra Sinfónica de Galicia. Coliseum. A Coruña.

28.4.2021: “O gran Beethoven”, programa didáctico. Real Filharmonía de Galicia.
Auditorio de Galicia. Santiago.

29.4.2021: “O gran Beethoven”, programa didáctico. Real Filharmonía de Galicia.
Auditorio de Galicia. Santiago.

30.4.2021: Orquestra Sinfónica de Galicia. Coliseum. A Coruña.

Maio de 2021:

2.5.2021: Camerata OSG. Sala de Exposicións de Palexco. A Coruña.



Agosto de 2021:

26.8.2021: Concerto órgano. Igrexa das Ánimas. Santiago.

Outubro de 2021:

19.10.2021: Orquestra Cámara Galega. Teatro Rosalía de Castro. A Coruña.

23.10.2021: Certame corais de Verín.

23.10.2021: Orquestra Clásica de Vigo. Vigo

30.10.2021: Concerto Joaquín Pixán. Teatro Rosalía de Castro. A Coruña.

Novembro de 2021:

08.11.2021: Orquestra Cámara Galega. Teatro Afundación. Vigo.

27.11.2021: Orquestra Cámara Galega. Liceo de Ourense.

Decembro de 2021:

08.12.2021: Grupo Cámara de Valadares.

19.12.2021: Orquestra de Cámara Galega. Sada.

28.12.2021: Orquestra de Cámara Galega. Vigo.

4.6 Contidos dixitais

O servizo de Extensión Audiovisual, creado no 2019, encárgase de xerar e difundir os contidos desta área a través das diversas canles dixitais da CRTVG. Ademais disto, da publicación para a promoción do contidos de entretemento da Televisión de Galicia, neste departamento tamén se xeran contidos propios que buscan captar a atención do público máis novo a través da utilización de novas linguaxes. Por outra banda, desde este servizo lévase un control global da presenza da Corporación no ámbito dixital.

Pertencente á Área de Contidos, desde Extensión Audiovisual mantense un contacto constante co resto de departamentos e áreas que teñen certos labores de dixitais. A coordinación coa Área de Informativos e, sobre todo, coas áreas de Innovación e Negocio e Proxección Social son fundamentais para levar a cabo unha estratexia conxunta e coherente da xeración de contidos para difundir a través das recentes canles de comunicación da Corporación.



4.6.1 Liñas estratéxicas

As liñas estratéxicas en materia dixital son as seguintes:

- Atraer as novas xeracións, que cada vez consomen menos produto audiovisual a través dos medios tradicionais. A intención é que o contido da TVG chegue a eles a través doutras canles da Corporación, que coñezan o que se emite na televisión pública galega a través doutros medios. Para iso, adaptámonos ás súas linguaxes e achegámoslles os produtos que poden ter maior interese para eles.
- Introducir a cultura e a lingua galegas en ámbitos nos que está menos presente e posicionar así ambas as dúas cousas na rede. Colaborar así na diferenciación da cultura propia no mundo globalizado de Internet e intentar, deste xeito, que o galego teña maior visibilidade na Rede.
- Prestar servizos á comunidade educativa.
- Aumentar con custos moderados o valor engadido do patrimonio audiovisual preexistente na CRTVG dándolle outra vida a nivel dixital.
- Situar a CRTVG como pioneira en proxectos de contidos dixitais, creando novos produtos dirixidos de xeito específico para estes grupos que teñen un consumo menor en lineal.

Actualmente, este servizo dálle continuidade a todo aquilo que antes só quedaba no soporte tradicional, crea contido diferenciador adaptando as linguaxes ás diferentes redes sociais e ten un total control dos contidos ao manter unha comunicación directa e continua con todos os subministradores de produtos audiovisuais da CRTVG. Ademais, tamén alimenta a páxina web e xestiona directamente as redes sociais. Esta mellora na comunicación entre os creadores principais e os difusores de contido a través das canles paralelas de CRTVG conseguiu unha mellora na adaptación das linguaxes para as diferentes redes, así como a coordinación das estratexias de comunicación, o que consegue unha maior repercusión.

O principal obxectivo quedou consolidado no 2020: informar a comunidade na Rede de aquilo que está na grella da televisión liñal e darlles unha segunda vida aos contidos da televisión no dixital. Logo de que a pandemia condicionase por completo a maneira de consumo audiovisual da audiencia, os contidos da CRTVG tiveron a presenza necesaria no seu labor de servizo público. Xa no 2021, estas tarefas mantivéronse e continuaron o seu bo camiño.

A audiencia na páxina web e a conversa social xerada nas redes sociais conseguiu -e consegue- que a vida dos programas, dos documentais, da ficción se estenda no tempo e non quede só nas horas de emisión en televisión. Ademais, o redescubrimento do noso catálogo na web e o seguimento activo das nosas redes sociais durante o 2020 creou certa fidelidade da audiencia, que seguiu sendo palpable durante 2021. A experiencia de usuario da comunidade da CRTVG mellora grazas á presenza destes contidos na Rede, xa que poden acceder a eles en calquera momento e informarse sobre el a través das redes sociais, descubrindo así contidos que poden ser do seu interese a través doutras canles que non son a televisión.



Por outra banda, xa con estes anteriores obxectivos instaurados nos fluxos de traballo do departamento, neste 2021 puido traballarse máis en profundidade na outra liña estratéxica: ter presenza noutras redes, mellorar a presenza nas que xa estamos e ofertar contidos extra producidos única e exclusivamente para dixital.

A liña de traballo na estratexia dixital de contidos non pasa só pola difusión dos contidos non-informativos da TVG, senón tamén de todo o posto en marcha polos demais departamentos cos que se traballa de xeito sinérxico.

Estas sinerxías fixeron posibles a consolidación do espazo lingüístico ‘#DígochoEu’ e todos os contidos paralelos que derivaron del; a actualización constante da oferta completa, de arquivo e actual, do portal de ficción galega EnSerie.gal; o crecemento de proxectos como #cultura365; o posicionamento do espazo ‘En xogo’ nas redes, ou a presenza da Radio Galega noutras plataformas.

4.6.2 Dinamización da web e das redes sociais

A Área de Contidos conta a través do Servizo de Extensión Audiovisual cun grupo de persoas organizado e especializado para a xestión web de todo o que está relacionado con esta área: tanto a páxina web como as contas de redes sociais a través das que se fai a difusión.

As liñas de traballo principais son:

- Mellorar a difusión e a adaptación ao mundo dixital do contido que sae en televisión a través da creación dunha estratexia dixital que teña en conta as audiencias que acadamos en cada unha das redes.
- Diversificar e, polo tanto, mellorar a promoción dos contidos televisivos dunha maneira menos tradicional, a través da creación de produtos típicos da Rede: creación de gifs, de memes, de stickers, de vídeos cunha edición que faciliten o consumo, crear contidos extra, sacar os momentos interesantes do programa para a súa posible viralización, etc.
- Darlle máis presenza ao apartado Á Carta de crtvg.gal. Subir máis contidos e máis rápido, mellorar o catálogo de arquivo e facilitar o acceso aos produtos máis reclamados pola audiencia.
- Establecer sinerxías entre os diferentes departamentos da CRTVG. Coordinación da estratexia das redes sociais.
- Mediante a edición e a redacción, adaptar os contidos feitos cunha linguaxe audiovisual tradicional á linguaxe dixital.
- Escrutar e analizar cada un dos contidos para saber adaptalos a cada unha das redes sociais, tendo en conta o público obxectivo de cada unha delas.
- Aproveitar o material de radio e televisión para crear contidos propios a través da edición. Afíanzase e súmase audiencia e aumenta a interacción cos usuarios.



- Crear contidos nativos dixitais tendo a liberdade de elixir cales son os temas e as linguaxes que atraen maior número de audiencia.
- Converter as redes sociais da CRTVG en canles propias a través das que consumir todo tipo de contido, aumentando a presenza de produtos audiovisuais nelas durante case 24 horas ao día. Isto provoca que os seguidores das redes sociais coñecen en todo momento o que está emitíndose, aínda sen seren consumidores directos do medio.
- Captar novas audiencias a través das redes sociais que consuman os contidos a través da páxina web, sumándose así á audiencia lineal.
- Xerar conversa social arredor dos contidos que compartimos.

4.6.3 Iniciativas máis innovadoras

Entre as iniciativas máis innovadoras desenvolvidas en 2021 pódense salientar: :

- **Inicio da emisión ininterrompida en YouTube do sinal internacional da TVG Europa. A CRTVG converteuse na primeira canle autonómica e unha das primeiras canles de televisión xeralista de España en facelo.** Desde maio de 2021 ofrécense contidos as 24 horas do día os 7 días da semana en directo a través desta plataforma.

Outras medidas de reforzo na canle YouTube foron:

- Reforzo dos contidos: aumento da oferta e mellor optimización dos recursos.
 - Emisión de contidos específicos infantís en Nadal de 2021 en directo. Emitiuse un directo diario de 'Os Bolechas' durante as vacacións dos cativos, como primeiro contido infantil nativo dixital feito para a CRTVG.
- **Apertura da canle de Twitch da CRTVG.** Isto supuxo un antes e un despois na forma de xerar contido por parte da Corporación ao tratarse doutra nova canle que precisa recursos similares á propia televisión. Ademais dos contidos do '#DígochoEu', durante os últimos meses de 2021 tivemos un contido semanal chamado 'En Xogo na rede' que mantíña sinerxías co programa 'En xogo' na propia emisión de televisión. Por primeira vez, cada semana a TVG saía no Twitch e a emisión de Twitch da CRTVG saía na TVG. Nesta canle experimentouse durante todo o ano, creando eventos concretos para ocasións especiais.
 - **Apertura do perfil de TikTok da @TVG Galicia.** Ademais da adaptación dos contidos xa creados para televisión ou para outras redes sociais, esta rede social supón un cambio nas narrativas á hora de contar historias. Desde Extensión Audiovisual fíxose un esforzo para crear contido desde cero, na propia plataforma, tendo en conta as tendencias e as esixencias desta Rede. A intención é chegar ao público máis novo, o que está máis presente nesta canle de comunicación.



- **Estrea de ficción no dixital antes que en lineal.** As series 'Método Criminal' e 'A lei de Santos' seguiron o camiño que se abriu no seu día con 'Miracle Tunes': os capítulos saíron ao aire en crtvg.gal e EnSerie.gal antes de emitirse no prime time da TVG.

4.6.4 Conversa en redes a partir de programas de televisión

Centrándonos na emisión de televisión, os programas que xeran maior conversa nas redes sociais continúan sendo o 'Land Rober Tunai show' e o 'Luar', aumentando neste último ano o apoio de ambos a través do Facebook. 'Land Rober Tunai show' continúa sendo referencia en Twitter, Instagram e agora tamén na nova canle aberta no 2021 en TikTok.

Por outra banda, 'Galicia bonita' segue a ser un dos programas máis seguidos pola audiencia a través de redes sociais, xerando as súas propias conversas sen que sexa precisa a presenza dos perfís propios da Corporación. O mesmo ocorreu, aínda que en menor medida, con 'Desmontando Galicia', 'A Liga dos Cantantes Extraordinarios', 'Casamos' ou 'Cos pés na terra'. Mentres, 'Fun polo aire', 'Quen anda aí', 'Malicia Noticias', 'Estache bo' e 'Atrápame se podes', sendo programas con maior presenza semanal, manteñen ben a súa audiencia en redes sociais, con contidos que se viralizan de cando en vez con facilidade.

4.7.3 4.6.5 Producción propia dixital

No que respecta aos contidos propios, ao longo do 2021 xeráronse varias seccións temporais que acadaron unha visibilidade destacable:

Videoselfie

Activa ata agosto de 2021. Vídeos dirixidos exclusivamente a redes sociais, adaptando as súas formas e linguaxes ás diferentes canles. Entrevista a través de vídeos "formato selfie" a diferentes artistas que cantan en lingua galega.

Detrás da carauta

Sección propia do Entroido, no 2020 creouse coa idea de dar a coñecer cada un dos entroidos galegos. No 2021 reformulouse a idea para crear vídeos nos que se falase de tradicións curiosas que se levan a cabo nesta época.

Desvestímonos

Nacida no 2021 e aínda activa. Vídeos dirixidos exclusivamente a redes sociais, adaptando as súas formas e linguaxes ás diferentes canles. Análise de cada



unha das pezas do traxe folclórico galego e os seus significados a nivel social e cultural.

Saúde mental

Verán-outono de 2021. Vídeos dirixidos exclusivamente a redes sociais, adaptando as súas formas e linguaxes ás diferentes canles. Sección destinada a informar sobre as diferentes enfermidades mentais a través de entrevistas a expertos.

Recunchos

Verán-outono de 2021. Vídeos dirixidos exclusivamente a redes sociais, adaptando as súas formas e linguaxes ás diferentes canles. Sección creada para amosar Galicia mediante a viralización de vídeos paseando por zonas naturais galegas cunha montaxe de vídeo dinámica acorde ao que se fai hoxe en día en Reels e TikTok.

Refraneiro

Verán-outono de 2021. Vídeos dirixidos exclusivamente a redes sociais, adaptando as súas formas e linguaxes ás diferentes canles. Sección mediante a que se fixo unha análise dos refráns galegos, explicando o significado cunha teatralización do contido cun ton humorístico.

Botando man do arquivo

Todo o ano, sen periodicidade definida. Posta en valor dos contidos audiovisuais históricos da CRTVG ao difundilos en redes sociais en días destacados ou efemérides.

Xabafío

Este espazo, consolidado desde 2020, seguiu en activo e aumentou a súa popularidade na primeira metade do ano 2021. Trátase da recuperación da historia dos videoclips e das cabeceiras do Xabarín Club contándoas en forma de historia a través do Twitter, despois dun proceso de produción de entrevistas e busca de material de arquivo.

Servíndose sempre da actualidade, tamén se produciron contidos arredor de días sinalados no calendario. Para o **Día Internacional da Muller**, compartíronse durante unha semana vídeos curtos nos que se daba a coñecer unha muller relevante no seu eido cada día dun xeito ameno e directo. Ademais, créanse contidos para explicar porque se elixiu a data do 8 de marzo e para explicar conceptos que se popularizan arredor da mesma. Como acontecemento relevante para o mundo da cultura galega, xeráronse contidos para promover a interacción e



espertar o interese dos usuarios arredor da celebración dos **XIX Mestre Mateo** da Academia Galega do Audiovisual.

Por outra banda, houbo unha ocasión especial que cabe destacar: **os 100 anos da morte de Emilia Pardo Bazán** o 11 de maio do 2021 tamén serviron como motivo para achegar máis datos sobre a biografía desta relevante figura a través da creación de vídeos divulgativos.

Para divulgar a celebración do **Día das Letras Galegas**, ademais dos vídeos sobre Xela Arias, creáronse pezas audiovisuais curtas lendo os seus poemas para achegar a súa literatura aos máis novos a través das redes sociais. Tamén para celebralo e seguindo as tendencias nas redes, fíxose un fanzine inspirado na obra da autora.

En canto ao **San Xoán**, botando man da cultura popular, fíxose un vídeo tutorial de como preparar o cacho e a explicación individual e en imaxes do que representan cada unha das herbas.

O **Día Internacional do Orgullo LGTBIQ+** publicouse un carrusel de imaxes nas que se plasmaban os datos oficiais -procedentes da ONU- da violencia exercida no mundo sobre o colectivo.

No **Samaiín** fixéronse pezas con imaxes antigas e de arquivo explicando de xeito divulgativo a historia e o significado de cada unha das tradicións destas datas.

Sen seren días ou temas tan sinalados, tamén se crearon desde cero contidos que falaban de exposicións presentes na Cidade da Cultura ou a orixe de festas e romarías importantes en Galicia que no ano 2021 non se celebraron.

É salientable o apoio na Rede ao servizo de Responsabilidade Social Corporativa da CRTVG que desenvolve ao longo do ano as súas #AcciónsG, especialmente no desenvolvemento da campaña arredor do Día Mundial da Creatividade e Innovación e da campaña 'As mans comunican', das que se informa noutro capítulo desta memoria.

Ademais de servir de altofalante de radio e televisión e da creación destas pezas e seccións, o traballo diario deste servizo inclúe a interacción cos usuarios e o trato próximo. A maiores da resolución de preguntas da audiencia tanto en público como en privado -traballo habitual do 'community manager'-, tamén se utilizan outras ferramentas para buscar a interacción con ela e saber así as súas preferencias en canto ao contido.

Nesta liña, no 2021 fixéronse sorteos que premiaban a fidelidade, soltáronse preguntas en redes sociais para coñecer as tendencias da audiencia e empregouse de xeito periódico o espazo de "historias" de Instagram para facer xogos e enquisas a través dos cales interactuar, formar e informar os usuarios ao mesmo tempo que se promocionaban contidos documentais, de películas ou de series de televisión.



O 2021 tamén serviu para consolidarse, tanto nos fluxos de traballo como entre a audiencia, gifs, stickers e memes por parte das contas de entretemento da TVG. Ademais, a adaptación dos formatos (sobre todo a verticalización de contido audiovisual para difundir nos Reels e no TikTok) está cada vez máis asumida por todas as partes. Todo isto acadou unha nova dimensión coa chegada da pandemia e continuou evolucionando ata o 2022.

4.6.6 Iniciativas en redes sociais pola covid-19

A campaña **#Coidémonos** continuou en activo durante o 2021, utilizando o cancelo para etiquetar todos os contidos informativos e divulgativos relacionados coa pandemia. A conversa social mantívose activa non só nas redes sociais abertas, senón tamén nas privadas.

Fluxos G. Ante á imposibilidade de asistir a eventos culturais e de ocio durante a pandemia, no 2020 naceu esta iniciativa na que se retransmitiron en directo todas aquelas celebracións que achegaban certo valor e interese para o público a través de streaming en crtvg.gal. No 2021 segue en activo.

Carteleira G. Logo de que nacesse esta iniciativa para achegarlle filmes galegos á poboación durante a pandemia, mantívose en activo o proxecto durante os primeiros meses de 2021. Desde os equipos de redes sociais da CRTVG mantívose a atención, o contacto estreito e aumentouse a interacción coa comunidade nun momento tan importante. Ademais, reforzouse a presenza das caras recoñecidas para dar azos á poboación.





5. RELACIÓN CO SECTOR AUDIOVISUAL

5.1 Apoio ao sector a través do 6%

Atendendo ao cumprimento da obriga do 6%, Televisión de Galicia mantivo o seu apoio ao talento audiovisual galego a través da participación activa en proxectos relevantes tanto pola súa creatividade, calidade, viabilidade e capacidade de repercusión nos distintos niveis, rexional, nacional ou internacional, como tamén nos medios tradicionais e nas redes sociais.

A CRTVG mantén, por tanto, a súa liña de impulso e participación nos proxectos máis significativos do sector audiovisual galego, potenciando a súa vinculación co tecido empresarial galego na busca de sinerxías e proxectos de interese común. Durante o pasado ano 2021, o equipo da Área de Contidos da CRTVG mantivo numerosas xuntanzas de traballo coas distintas produtoras galegas e participou en diversas actividades e foros do sector para facer un seguimento pormenorizado dos proxectos cinematográficos en curso:

- Pitching do Clúster do Audiovisual Galego, I+P ideas para producir.
- Presenza en xornadas organizadas por entidades do sector como a Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi) ou a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) ou o Clúster Audiovisual Galego.
- Asistencia a rodaxes de películas.
- Participación na presentación da serie ‘3 Camiños’ na Cidade da Cultura en Santiago en xaneiro de 2021, o primeiro título internacional de Ficción Producciones que se estrea en Amazon Prime Video.
- Presenza institucional na gala dos Premios Mestre Mateo 2020.

5.2 Proxectos aprobados no 2021

Durante o ano 2021, inscribíronse no rexistro de proxectos da TVG, accesible no Portal de Transparencia, un total de 204 propostas, entre elas 17 longametraxes, 18 documentais, 1 longametraxe de animación, 8 series documentais, 7 series, 1 mini serie, 1 TV movie e 151 propostas de programas. Tras un exhaustivo traballo de valoración e selección por parte da comisión directiva de programación, e atendendo ás disponibilidades orzamentarias, propúxose participar en 14 proxectos, a razón de 6 longametraxes cinematográficas, 7 longametraxes documentais e 1 TV movie.

- ‘Matria’, dirixida polo autor da premiada curtametraxe co mesmo título Matria, e premio de xurado en Sundance, que parece augurar un interesante percorrido polo circuíto de festivais internacionais.
- ‘O corno de centeo’, unha película de corte autoral que vén avalado pola residencia de proxectos “Ikusmira Berniak” do Festival de San Sebastián.
- ‘Live is life’, unha longametraxe con gran potencial comercial coa marca de distribución Warner e centrada na temática da aventura xuvenil.



- 'La parra', de Filmika Galaika. Trátase dun proxecto de autor, un filme noir con fondo autobiográfico.
- 'As neves', de Cósmica Producións, ofrece unha moderna historia de adolescentes acaecida no medio rural.
- 'Fatum', de Vaca Films, longametraxe rodada en Galicia arredor dun atraco que apela aos sentimentos máis universais.
- 'O meu ilustrísimo amigo', tv movie de Agallas Films, un proxecto concibido en coprodución con varias televisións autonómicas.
- 'A viaxe de Lucy', un proxecto documental de Somadrome Films que obtivo unha gran repercusión mundial tras ser o gañador de dous dos máis importantes pitchings internacionais: MIPDOC 2020 e The Sunny Side of the Docs 2020.
- 'Auto de ánimas', documental producido co apoio de Talento de AGADIC.
- 'Negro púrpura', unha produción documental de Illa Bufarda que indaga na Galicia do século XX a través dun fungo alucinóxico que agroma nos cereais e que abre as portas a unha historia sorprendente, clave no devir da economía dunha época.
- 'Julio Camba', de Arraianos Producións, un documental biográfico sobre un dos máis populares escritores e correspondentes da prensa da época que destaca pola súa dimensión universal.
- 'Entre pastores e lobos', de Ibis Audiovisual, un documental que sorprende por descubrir a realidade dos lobos na súa contorna natural achegándose aos últimos pastores da Serra da Queixa e ás mandas de lobos salvaxes destas montañas.
- 'Crías', unha película de Walkie Talkie Producións que conta co apoio do ICAA e que trae á luz dúcias de diarios adolescentes que falan da busca da identidade feminina.
- 'Dúas vellas, sete gatos e tres máquinas de coser', unha coprodución con Portugal de Agallas Films co apoio de desenvolvemento AGADIC. Este documental investiga a relación do colectivo transexual coa moda.

5.3 Relación global co sector audiovisual

O papel da Televisión de Galicia en relación co sector audiovisual transcende a promoción e apoio aos distintos contidos (cine, series de ficción, documentais, programas infantís e produtos de todo tipo) na pantalla convencional de TV, xa que cada vez se presta máis atención ao mundo dixital, ás súas redes e aos distintos soportes transmedia para atender a demanda cada vez máis crecente dos espectadores e os seus hábitos de consumo.

Son de destacar algúns contidos singularmente innovadores e concibidos principalmente como contidos dixitais que, dada a súa repercusión e popularidade, fixeron o camiño inverso saltando do mundo virtual á pantalla da televisión lineal, como é o caso do espazo '#DígochoEu' ou 'Apuntamento lusófono'. Outros exemplos da innovación tecnolóxica aplicada aos contidos serían as novas entregas de programas como 'Un país en 360º' ou 'Segredos. Desmontando Galicia'.



Hai outro tipo de achegas desde a CRTVG ao sector, alén da adquisición de contidos a través da prestación de servizos, que acadan volumes relevantes en termos de servizo e mesmo orzamentarios. Achegas en materias como os servizos de información, grafismos, alugueiros de estudos, traballos exteriores de apoio á produción e á circulación polas canles dixitais, ou colaboracións en diversos programas e proxectos de televisión, radio ou ámbito dixital.

5.4 Promoción e presenza exterior das producións galegas

No ano 2021, TVG continuou desenvolvendo iniciativas de promoción encamiñadas a establecer un contacto máis directo co público, realizando presentacións dos produtos audiovisuais en primicia e levando a alfombra vermella á rúa para o lanzamento dalgúns destes produtos premium con repercusión nacional e internacional, como foi o caso da presentación na Cidade da Cultura en Santiago da serie '3 Camiños' en xaneiro, a presentación en marzo en Lisboa da segunda temporada da coprodución internacional 'Auga seca' ou a presentación da serie 'Chegar á casa' no Centro Cultural de Belém en Lisboa.

Neste sentido continúaase a traballar na busca de proxectos que, sempre cun relevante grao de identidade cultural, teñan ademais potencial para traspasar o noso territorio e captar o interese do mercado nacional e internacional propiciando a presenza dos produtos e a marca de TVG en plataformas tan significativas como Netflix, Amazon ou HBO, ademais de nas tradicionais ventás de exhibición nas salas e nas propias televisións de todo o mundo.

5.4.1 Percorrido exterior de producións galegas

Os medios públicos galegos, a fin de potenciar as súas principais liñas estratéxicas, buscan activamente apoiar a distribución dos seus produtos audiovisuais e as alianzas e coproducións con socios europeos na busca de sinerxías e acordos que aumenten a competitividade e calidade dos produtos no mercado audiovisual.

Nesta liña, a televisión pública galega esfórzase para que os produtos feitos na nosa terra teñan visibilidade alén das nosas fronteiras e consigan pechar acordos de comercialización internacional. Así as diversas ficcións promovidas pola Televisión de Galicia continúan despertando interese no mercado internacional, como, por exemplo as que se detallan a continuación.

Seguindo a estela de series como 'O sabor das margaridas' ou 'Auga seca' realizadas xunto coas plataformas internacionais Netflix e HBO, respectivamente, TVG implicouse en novos e ambiciosos proxectos como 'Operación marea negra' xunto a Amazon ou 'Motel Walkirias' con HBO. Ademais, iniciáronse conversas coas



distintas plataformas dixitais para comercializar unha selección de contidos do catálogo de Televisión en Galicia.

Así pois, a Televisión de Galicia segue a facer esforzos por promover a lingua e a creatividade audiovisual máis aló das nosas fronteiras, poñendo o foco non só nos mercados internacionais, senón tamén nas novas formulas de coprodución e nas novas oportunidades de comercialización que ofrecen o mundo dixital e as OTT. Pola súa banda, '3 Camiños', produción internacional participada pola TVG, foi lanzada en Amazon Prime Video a primeiros do 2021 e en xullo do mesmo ano emitida na Televisión de Galicia.



6. O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO

6.1 Desenvolvemento e posta en marcha dun novo portal de Informativos na rede, g24.gal

Ademais das súas emisións de radio e televisión, hoxe en día a Corporación RTVG ten a súa web corporativa www.crtvg.gal, que é a base para a xeración de novos contidos e produtos destinados especificamente ás novas plataformas e tecnoloxías que incentivan a interacción co público.

A Corporación RTVG realizou nos últimos anos a transformación dixital do seu sistema de produción e da súa estrutura organizativa co obxecto de adaptarse con rapidez aos cambios que se producen no consumo audiovisual de información. Neste senso, ao incorporarse o novo sistema de produción dixital, todas as plataformas de Internet víronse afectadas e hai que readaptalas á nova realidade tecnolóxica.

Outras adaptacións veñen obrigadas por causas externas, como a obriga de implementar protocolos seguros, ou os cambios na normativa de privacidade, por exemplo.

O conxunto de prestacións deste portal é estratéxico para a Corporación RTVG, dado que contribúe a garantir a continuidade do servizo público, permitindo a súa proxección futura, ofrece unha mellora na experiencia e na rapidez de resposta que hoxe demandan os usuarios, e contribúe a incrementar a produción de contidos dixitais da Corporación RTVG.

No ano 2021 levouse a cabo o deseño, construción e posta en marcha do novo espazo web específico para Informativos, www.g24.gal, incluíndo a ferramenta de xestión de portal e contidos web, así como a infraestrutura de servidores necesaria para aloxar as contornas de desenvolvemento, preprodución e produción da páxina.

Na dimensión tecnolóxica, a nova plataforma achega uns niveis de seguridade que garanten as características técnicas principais que debe ter un portal de informativos: a dispoñibilidade e a integridade.

Por un lado, están as propias características de seguridade da plataforma, baseadas en protocolos seguros, que son clave para os elementos relacionados tales coma as plataformas de publicidade ou os propios navegadores do usuario final.

E, por outro lado, está o modelo de infraestrutura, con contornas distintas para produción e preprodución, que ofrece a posibilidade de que todas as probas, aplicación de parches de seguridade e incorporación doutros elementos se poida levar a cabo coas garantías necesarias para que a contorna de produción non se vexa afectada, e consecuentemente tampouco o usuario final.



6.2 Sistema de realización automática multicámara para un estudio da Radio Galega

A nivel global, a radio experimentou ao longo dos últimos anos un cambio de estratexia, dándolle cada vez máis peso á imaxe. A xeración dos contidos visuais asociados á emisión radiofónica é, polo tanto, cada vez máis esixente e os usuarios demandan cada vez máis calidade. Neste contexto, a Corporación RTVG remodelou un dos seus estudos de radio para adaptarse ás novas necesidades da cidadanía.

Unha característica diferencial entre os contidos visuais xerados para as canles de televisión e a produción típica da radio é que nesta última non se soe contar con recursos necesarios para a realización do sinal de vídeo.

Os sistemas coñecidos como sistemas de radio visual permiten xerar contidos visuais que acompañan a emisión típica de radio, mediante realización automatizada do sinal de vídeo.

No ano 2021 elaboráronse os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas para a adquisición dun sistema de realización automática multicámara para o novo estudio da radio. Esta prevista a súa posta en produción ao comezo do ano 2022.

6.3 Mesturadores de son dos estudos 1, 2 e 5

A necesidade de incrementar a capacidade de proceso de sinais de son, xunto co feito de que os mesturadores de son en uso nos estudos 1, 2 e 5 de San Marcos levan máis de 12 anos en funcionamento e presentaban desgaste, propiciou que no 2021 se iniciara o procedemento administrativo para acometer a súa renovación.

No ano 2021 elaboráronse os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas, publicando na plataforma de contratación da Xunta de Galicia a licitación correspondente.

A finais do ano 2021 realizouse a instalación do primeiro dos mesturadores no estudio 5, planificándose a instalación dos mesturadores dos estudos 1 e 2 para xaneiro e febreiro de 2022.



6.4 Mesturadores de vídeo dos estudos 1, 2 e 5 e equipamento auxiliar

No ano 2021 iniciouse a instalación dos mesturadores de vídeo licitados anteriormente para os estudos 1, 2 e 5, así como se adquiriu o equipamento auxiliar preciso para unha eficiente operación dos mesmos nos estudos en caso de continxencia.

Nesta liña, adquiríronse paneis auxiliares compatibles cos mesturadores para a súa instalación tanto na sala de control de cámaras coma nos estudos de control.

6.5 Matriz Platinum IP3

No ano 2021 realízase a instalación da matriz previamente licitada, para proceder á renovación da que está en uso no control central da TVG. A existente reutilizarase no estudio 5.

6.6 Modernización do parque de receptores profesionais de satélite

Como parte da infraestrutura de circuitos de contribución de sinais de Televisión de Galicia hai un conxunto de sistemas de recepción vía satélite composto por antenas e receptores. As tecnoloxías empregadas van mudando co paso do tempo, incorporando novos sistemas de codificación de vídeo e novas normas de modulación.

A modulación NS4 ofrece melloras na eficiencia espectral (porcentaxes máis altas de bits por megahercio). Adquiriuse un novo equipo receptor de satélite con esta característica.

6.7 Adquisición e Instalación dunha nova cámara web en Muxía

Un dos servizos que acada máis visitas no portal web da CRTVG é o das cámaras que proporcionan imaxes en directo de distintos puntos de interese de toda a xeografía galega. Na liña de ampliar este servizo, adquiríronse dúas novas cámaras. Unha delas instalouse no concello de Muxía (A Coruña). A segunda será instalada no vindeiro ano na praza da Quintana (Santiago de Compostela).



6.8 Salas de videoconferencia

Unha das modificacións máis notables que impulsou a pandemia da covid-19, nas relacións de traballo, foi a celebración de reunións a través de plataformas de videoconferencia.

A dotación de equipos deste tipo, para distintos axentes da CRTVG (sindicatos, Dirección, Seguridade e Saúde Laboral, etc.), afianzáronse durante o ano 2021 coa compra de equipos individuais ou de grupo que xa volvían a estar no mercado tras a escaseza durante o ano 2020, primeiro ano da pandemia.

A mellora da calidade nas videoconferencias pasaba, inexorablemente, pola mellora do equipamento. Tal como se fixera anteriormente coa sala do departamento de Contratación da CRTVG, para as mesas de contratación, dotouse de equipos de videoconferencia de sala as distintas salas de reunións da CRTVG.

Deste xeito, a CRTVG ía ofrecendo, a medida que se producía a desescalada do teletraballo, un xeito híbrido de manter as reunións, non só entre o propio persoal da Corporación, senón tamén cos axentes externos. Impulsábase, por tanto, unha volta á normalidade, pero aproveitando os beneficios que se obtiveron coas novas formas de traballo que se impulsaron tras a pandemia da covid-19. Con estes novos equipos de sala, integrados coa plataforma de videoconferencia que se implantou o ano anterior 2020, a CRTVG dálle a posibilidade de participar de xeito case presencial a empresas e organismos, e, sobre todo, escoitar con calidade suficiente todos os interlocutores da CRTVG, que, coas distancias de seguridade necesarias, participan nas reunións dun xeito 'clásico'.

6.9 Implantación novas redes sociais (Twitch)

Unha combinación de dispositivos habituais de videoconferencia coma os anteriormente referenciados, con outros elementos como son as redes sociais coma Twitch, implantouse no ano 2021 na CRTVG e permitiu a participación da cidadanía (público, colexios, etc.) en formatos da CRTVG coma o 'DigochoEu', mentres, simultaneamente ten lugar o streaming da rede mencionada.

Para satisfacer os requirimentos dos programas que usan para a emisión nesta plataforma Twitch, habilitouse outra zona segura de rede, que evita que os protocolos utilizados poñan en risco a outro equipamento da rede da Corporación.



6.10 Ampliación das cabinas de almacenamento

Ampliouse a capacidade de almacenamento, para proxectos como os escritorios virtuais e a chegada do novo portal de noticias G24.gal. Con esta ampliación, puido reorganizarse tamén o almacenamento antigo existente, pasando, entón, a tarefas con menos necesidades de rendemento, como son as copias de seguridade.

Os novos volumes de almacenamento xa se crearon pensando nas posibilidades de crecemento futuro. As cabinas EMC² Unity 400 permiten volumes de ata 256TB (cando o almacenamento anterior estaba limitado a 16TB), o que permite varios anos de almacenamento de media.





7. CANLES DIXITAIS

O ano 2021 consolidou o crecemento constante das canles dixitais da CRTVG e a continua adaptación aos novos xeitos de consumo dos usuarios galegos.

No ano de referencia, a estratexia da Corporación RTVG diversificouse en base aos consumos dos usuarios, e lanzáronse dous proxectos relacionados coa información e co consumo de audio. Así, a mediados de outubro naceron G24.gal e radiogalegapodcast.gal.

O portal G24.gal creouse para continuar cos valores de marca de aumentar a calidade informativa nas canles dixitais, establecendo unha estratexia conxunta de difusión de informacións de alcance cunha nova aposta pola inmediatez.

Pola súa parte, Radiogalegapodcast.gal naceu para achegarse a públicos máis novos, a través de contido nativo dixital. Desta forma, a Corporación RTVG segue as mesmas pautas que os medios de referencia mundiais.

Por outra banda, os usuarios, as sesións e as páxinas vistas ao sitio web crtvg.gal amosaron 4.191.459 usuarios, 12.511.162 sesións e 31.499.559 páxinas vistas.

No ano 2021 mantívo-se o crecemento dos directos en *streaming* de crtvg.gal con incrementos do 40% en TVG-Europa, respecto ao ano anterior, e tamén con incrementos destacables nos directos dos eventos deportivos do 37%, respecto a 2020.

A Corporación mantivo a súa aposta polos contidos nativos dixitais en redes sociais, liderados polo proxecto #DígochoEu, que acadou os mellores datos de audiencia media en TikTok. Hai que destacar que todos os vídeos superan as 10.000 visualización e se convierten en virais. Deste xeito, TikTok consolídase como a conta con máis seguidores de todas as redes sociais da Corporación RTVG, cumprindo, deste xeito, co obxectivo marcado de achegarse a audiencias máis novas.

Tamén hai que destacar o incremento xeral de seguidores e de interaccións en Twitter, amosando un incremento do 46% en G24, un 14% en TVG, un 13% en RG, un 22% en En Xogo e un 2% en CRTVG. Tamén cabe destacar os incrementos nas interaccións, cun 127% en CRTVG, un 93% en EnXogo, un 71% en TVG, un 45% en G24 e 35% en RG, con respecto ao ano anterior. En Facebook, tamén son salientables os incrementos de seguidores, especialmente en G24 cun 26% e de En Xogo cun 12%.

Instagram tamén se consolida, ao igual que TikTok, como a rede con incrementos elevados con respecto ao ano anterior. Deste xeito, TVG incrementa nun 60% o número de seguidores, un 111% no número de impresións, nun 87% no número de reproducións e nun 326% no número de interaccións. G24 incrementa nun 60% en seguidores, nun 114% en impresións, nun 103% nas reproducións e nun 190% nas interaccións. Tamén RG consegue cifras relevantes nesta rede, cun 68% de incremento dos seus seguidores e un 2.336% de incremento no número de reproducións.



A canle de Twitch da CRTVG tamén medra e consegue converterse na primeira comunidade en galego con máis seguidores.

O perfil de LinkedIn da CRTVG, de recente creación, conta con preto de 1.000 seguidores. A estratexia nesta canle é amosar aos profesionais que conforman esta rede os avances tecnolóxicos, a innovación e o posicionamento estratéxico da Corporación.


Polo tanto, a cobertura das redes sociais segue a medrar e cun perfil demográfico renovado. Desta forma, os rangos de idade de 18-24 xa forman parte do público ao que se achega coas redes sociais, así como os incrementos no rango de idade de 25-34, que incrementa nun 29% no Instagram e un 21% en Facebook de G24 e cun 24% e un 28% no FB e no Instagram de G24, respectivamente.

7.1 Datos estatísticos

O portal web da Corporación, www.crtvg.gal, rematou 2021 con 12.511.162 visitas, 4.191.459 usuarios e 31.499.559 páxinas vistas. A aposta polas redes sociais con contido nativo varían os resultados dos accesos á web, sendo maioritario o acceso a través de busca directa a través de buscadores, co 40% dos usuarios, seguido das redes sociais, cun 29%, e do tráfico directo, cun 28%.

Deste xeito, e por lóxica, hai unha diminución do acceso a través das RRSS do 25% e un incremento do 8% na busca a través de navegadores.


Gráfico 1. Evolución dos usuarios no sitio web crtvg.gal. Fonte: Google Analytics



7.2 Datos demográficos e xeográficos

A idade dos usuarios da web crtvg.gal está repartida como segue: o 8% no tramo xuvenil, 18-24 anos; un 12% entre os 25 e 34 anos; o 16% no tramo entre os 35 e os 44 anos; un 26% entre as persoas entre 45-54 anos; un 21% de 55 a 64 anos; e un 18% son usuarios maiores de 65 anos. Deste xeito, máis de 700.000 usuarios están dentro do rango de idade de 18-44 anos.


Gráfico 2. Perfil de usuarios no sitio web crtvg.gal. Fonte: Google Analytics



7.3 Acceso a través de dispositivos

O acceso máis habitual dos usuarios a crtvg.gal é a través do móbil, cun 74% dos mesmos, seguido polos usuarios que acceden a través de ordenador que amosan o 23%. O resto, un 3% accede a través de tabletas.

Gráfico 3. Dispositivos de acceso a crtvg.gal. Fonte: Google Analytics



7.4 Canles principais de conversión

O segundo acceso máis habitual dos usuarios a crtvg.gal é a través de redes sociais, especialmente de Facebook, cun 79% dos accesos, seguida de Twitter e de Instagram. Estes dous últimos experimentan un incremento do 48% e do 426%, respectivamente, respecto ao ano anterior.

A aposta polos contidos nativos nas redes sociais tamén se ve reflectida nestes valores, xa que a pesar de que o contido de Instagram está pensado para ser consumido na propia rede, a utilización de enlaces á web consegue un 4% de conversión, é dicir, que un 4% dos accesos á web se realizan a través desta rede social. Twitter tamén consegue esta conversión cun 16% dos usuarios.

Gráfico 4. Principais accesos a crtvg.gal dos usuarios e incrementos/diminución respecto ao ano anterior. Fonte: Google Analytics





Gráfico 5. Visitas a crtvg.gal desde as redes sociais. Fonte: Google Analytics



A aposta dixital da CRTVG pola captación de público máis novo está reflectida nos datos do 2021. Séguese a medrar nas plataformas de consumo dos máis novos, como Instagram, TikTok e Twitch.

Por outro lado, o público máis novo ten a característica de buscar información a través de Google, e a conversión a través de tráfico orgánico, ao igual que o ano anterior, volve a medrar nun 10% con respecto ao ano anterior e amosa o 40% do tráfico de crtvg.gal. O uso do móbil segue as pautas de consumo xeneralizado e amosa, en 2021, un 74% do consumo total. Polo tanto, a aposta de creación de contido nativo de calidade e coa garantía de servizo público vese recompensada pola achega de audiencias máis novas.





8. DOCUMENTACIÓN E ARQUIVO DA CRTVG

Durante o 2021, a situación sanitaria e a previsión de readaptación das instalacións do servizo de Documentación e Arquivo da Corporación, pertencente á Área de Información e Documentación, propuxeron un reto organizativo que implicou a reorganización dos recursos deste departamento, tanto humanos como técnicos.

A pesar disto, o departamento mantivo o ritmo de traballo necesario para prestar o seu servizo, os visionados diarios e o control de programas permaneceron estables e o proceso de dixitalización do Arquivo histórico seguiu progresando, aínda que as precaucións necesarias co CPD e as Robóticas non permitiron avanzar como se desexaba cara a un número maior de horas dixitalizadas.

8.1 Obxectivos prioritarios do Arquivo no 2021

Os obxectivos prioritarios foron os seguintes:

- Reforma e adecuación do departamento á nova contorna dixital.
- Definición do proxecto de dixitalización do Arquivo sonoro de gravacións musicais.
- Definición do proxecto de unificación dos distintos fondos do Arquivo da Radio Galega.
- Dixitalización do fondo histórico como obxectivo prioritario dentro das tarefas cotiás.
- Redacción do borrador do Guieiro de Tarifas de imaxes de Arquivo.

8.1.1 Reforma das instalacións

O cambio tecnolóxico que supuxo a implementación do novo sistema de produción e arquivo dixital ocasionou cambios na organización do traballo do departamento, así como novas responsabilidades para todo o seu persoal.

Tamén implicou unha reforma integral das instalacións co obxectivo de optimizar o espazo dispoñible, mellorar o confort dos traballadores e potenciar o traballo en equipo entre as distintas categorías participantes no proceso de arquivado (operadores, documentalistas, auxiliares, etc.).

Esta proximidade entre o persoal de Inxesta MAM e os documentalistas facilitou o avance nas definicións de fluxos de traballo e unha maior eficiencia nas tarefas cotiás de dixitalización. Xa no 2019, coincidindo co cambio tecnolóxico no marco da dixitalización dos sistemas de produción da TVG, se fixera unha primeira adecuación da antiga “sala de pedidos” para a súa conversión no Centro de Proceso de Datos de Documentación. Neste instalouse unha nova robótica do Arquivo dixital e dúas robóticas para a dixitalización de formatos DVCpro procedentes do Arquivo histórico.



Neste 2021, a reforma integral das instalacións supuxo unha mellor circulación entre as distintas áreas de traballo, a eliminación dos ruídos procedentes dos antigos magnetoscopios de visionado de cintas, agora instalados nunha zona independente na que tanto o persoal do servizo como os usuarios externos poden minutar e visionar as cintas do Arquivo histórico, e tamén un mellor aproveitamento da luz natural nun espazo máis diáfano. Esta intervención artellouse e desenvolveuse no segundo semestre do ano de xeito que, en decembro, o persoal puido estrear as novas instalacións e os seus renovados postos de traballo. O plan incluíu varias fases, algunhas desenvolvidas ao tempo:

- En primeiro lugar acometéronse as obras da sala de inxesta de Arquivo (Inxesta MAM), creándose unha zona estanca para permitir o traballo en parello dos operadores de Inxesta durante a obra de ampliación deste espazo. Ao tempo, baleirouse a Sala de Visionado do Servizo.
- En segundo lugar, trasladáronse todos os materiais de Arquivo necesarios para comezar esta reforma, posto que a ampliación se fixo á custa do espazo de Arquivo correspondente coas cintas con gravacións en bruto de deportes (serie DB). Trasladáronse ordenadamente 24.770 cintas.
- Neste punto, acondicionouse unha sala noutra zona da Corporación para o traballo do servizo, parte en modo presencial e parte en teletraballo.
- Por último, reformáronse os espazos dedicados ao traballo documental: a sala de visionado e documentación; a sala de consulta e visionado para persoal propio e alleo; a sala de almacenistas; e a sala da Xefatura do Servizo.

Rematado este proceso, na actualidade o servizo de Documentación e Arquivo conta con espazos de traballo adecuados ao novo sistema de produción dixital, quedando pendente para unha futura fase o reacondicionamento xeral do depósito de cintas do Arquivo histórico.

8.1.2 Dixitalización do Arquivo sonoro de gravacións musicais

O “Arquivo Sonoro da Radio Galega” está integrado por preto de 4.500 gravacións musicais efectuadas polos técnicos de son da Radio Galega. Baixo a supervisión dun produtor musical e técnico de son, as gravacións realizadas abranguen todos os xéneros, desde música clásica interpretadas por orquestras como a Sinfónica de Galicia ou a Real Filharmonía de Galicia, ata concertos de bandas ou música folk, entre moitos outros estilos. O contido ten un incuestionable valor, mantido e documentado polo seu responsable e polos técnicos da Radio Galega, cunha porcentaxe importante de gravacións das que a CRTVG posúe a totalidade dos dereitos.

Nos últimos meses do 2021 e co obxectivo de incorporalo a un fondo xa dixitalizado e á disposición inmediata da emisión e dos usuarios internos, definíronse os pasos necesarios para acometer esta tarefa. O primeiro é garantir a



salvagarda destas gravacións, dixitalizando ('ripear') todo este material actualmente soportado en formato CD.

A dixitalización das gravacións musicais permitirá a salvagarda dunha copia nun aloxamento dixital do Servizo de Informática, para evitar o risco que pode supoñer o deterioro dos CD ou copias de seguridade en discos duros externos. No 2021, o equipo de Informática definiu unha interface de inxesta para optimizar este proceso. A dixitalización das máis de 4.000 gravacións, xa catalogadas e clasificadas, comezaron no 2022 coas previsións establecidas no último trimestre de 2021, estando na actualidade -maio de 2022- rematado o traballo.

De cara ao futuro, os obxectivos son:

- Control de calidade das gravacións musicais.
- Revisión final da metadata da base de datos.
- Establecemento do fluxo definitivo de entrada de novos materiais.

8.1.3 Unificación e definición do Arquivo de programación da Radio Galega

Con seguridade, este é un dos proxectos máis complexos desde a incorporación do servizo á estratexia dixital da Corporación. As liñas xerais do camiño cara á súa posta en marcha son as seguintes:

1.- Identificación dos fondos dispersos que se atopan en repositorios variados asociados sempre a ferramentas de traballo distintas. Así, na actualidade localizáronse os seguintes fondos:

Fondo GDS Net: o actual sistema de gravación e xestión de audio dixital da Radio Galega posúe unha base de datos asociada moi sinxela con poucas posibilidades para o tratamento da información contida nos ficheiros que se gardan neste Arquivo. Aínda que a disposición dos usuarios, o certo é que facer recuperable esta información conta cos *hándicaps* de non posuír campos suficientes e necesarios para a identificación da información, así como unha información con tratamento moi dispar. Para este fondo estudárase un plan de recuperación destes contidos que adoitan ter información parcial e insuficiente.

TEBAS CMS: A inclusión neste sistema de xestión de arquivos foi a primeira experiencia levada a cabo polo Servizo de Documentación de cara á salvagarda e dixitalización de materiais do Arquivo da RG que se atopaban en formatos físicos coa información de recuperación contida en follas de cálculo. O reto deste primeiro proceso foi establecer o nexo que unía os datos e o audio. Este arquivo está integrado por 1.749 ficheiros de duracións variables que recollen unha selección de programas íntegros ou gravacións en bruto desde a propia inauguración da Casa da Radio ata o ano 2010. A metadata



recuperada é, igual que para o fondo en GDSNet, insuficiente, polo que precisa tamén dunha supervisión e control de contidos.

Fondo sen dixitalizar e sen catalogar sobre formatos físicos variados: hai que avaliar o seu contido en horas e número de ficheiros, así como proceder á súa dixitalización e catalogación.

2.- Unificación das escaletas de produción da Radio Galega para poder deseñar fluxos automáticos de envío ao Arquivo tras a emisión.

Faranse probas con informativos de fin de semana e con programas monográficos para ir vendo a utilidade dos deseños e sobre todo ver que ferramenta lanzará os fluxos. Abondarase na necesidade de rexistrar correctamente a metadata de orixe, a que procede dos propios produtores e redactores, para axilizar os traballos de documentación evitando ademais erros na identificación dos materiais.

3.- Deseño dun modelo de datos suficiente que permita a recuperación da información por todos os conceptos necesarios: programa; título; datas de gravación e emisión; descrición de contidos; identificación de personaxes e lugares de gravación, etc.

8.1.4 Dixitalización do fondo histórico en 2021

Outra das liñas de traballo do servizo de Documentación e Arquivo destes últimos anos foi a realización dun Inventario Xeral do Arquivo físico, o Arquivo histórico e unha avaliación de horas de gravación existentes pero non redundantes. Neste 2021, rematouse esa tarefa mediante comprobacións físicas e a realización de múltiples táboas de traballo, complexas pola súa extensión e manexo.

As conclusións deste reconto/inventario son que o Arquivo histórico da CRTVG posúe máis de 300.000 horas non redundantes e que a distribución por áreas é a seguinte:

Distribución horas Arquivo histórico	
<i>Programas Prod. Propia e Externa (BD. DOPO)</i>	63.655
<i>Programas Prod. Allea e Externa (BD.PAXE)</i>	43.834
<i>Informativos diarios (BD. INFO)</i>	37.292
<i>Compactados definitivos Arquivo (CINT)</i>	21.654
<i>Compactados definitivos Deportes (DEXE)</i>	27.272
<i>Brutos de Informativos e Programas (BRUT)</i>	95.593
<i>Brutos de Deportes (DEBR)</i>	16.467
<i>Axencias (INTE)</i>	4.836
TOTAL	310.603



En canto aos traballos de dixitalización deste Arquivo, podemos concluír que, a pesar do atraso causado pola pandemia da covid-19, os traballos de dixitalización seguiron a ritmos similares que nos anos anteriores. Os resultados obtidos nestes últimos tres anos son:

ASSETS / DEPARTAMENTOS					
	2018	2018	2019	2020	2021
BRUTOS (BRUT)	49.608	114	3.048	306	836
COMPACTADOS (CINT)	668	195	3.197	830	2.714
DEPORTES (DEXE)	8.338	3.969	2.992	6.398	1.125
INTERNACIONAL (INTE)	502	9.918	1.247	0	52
PEZAS DELEGACIÓNS (TEBAS)	19.766	11	594	0	55
PRODUCCIÓN ALLEA (PAXE)	259	916	4.955	3.330	2.852
PRODUCCIÓN PROPIA (DOPO)	219	453	12.865	13.690	12.677
PROGRAMAS INFORMATIVOS (completos)	1.111	161	902	145	137
PROGRAMAS INFORMATIVOS (pezas)					
MEDIA RELACIONADA HCO			232	523	296
FALSOS HISTÓRICOS				405	939
TOTAL ASSETS	87.884	15.654	29.164	27.647	21.683
HORAS / DEPARTAMENTOS					
	2018	2018	2019	2020	2021
BRUTOS (BRUT)		31	651	118	242
COMPACTADOS (CINT)		29	668	166	502
DEPORTES (DEXE)		173	422	3.032	647
INTERNACIONAL (INTE)			40	2	25
PEZAS DELEGACIÓNS (TEBAS)		1	13	0	1
PRODUCCIÓN ALLEA (PAXE)		376	2.853	2.411	2.274
PRODUCCIÓN PROPIA (DOPO)		296	6.625	9.951	11.280
PROGRAMAS INFORMATIVOS (completos)		154	460	115	68
PROGRAMAS INFORMATIVOS (pezas)					
MEDIA RELACIONADA HCO				240	169
FALSOS HISTÓRICOS				317	417
TOTAL HORAS		732	11.732	16.352	15.625



Como se deduce das táboas anteriores, experimentouse un descenso no número de horas relacionado coas precaucións tidas en conta durante as obras de remodelación no segundo semestre do ano 2021. O número de *assets* sufriu unha mingua maior posto que se programaron dixitalizacións de programas de produción propia de máis minutado e de compactados de gravacións “en bruto” (CINT) procedentes dos Servizos Informativos e Programas, xa seleccionados e visionados para Arquivo definitivo.

A dixitalización “baixo demanda” de programas de Producción Allea e Externa segue estable nos niveis de anos anteriores, aínda que cun lixeiro descenso.

8.1.5 Readaptación das tarifas de imaxes de arquivo (audio e vídeo) e guieiro de procedemento

As tarifas aplicadas á venda de imaxes de Arquivo permaneceron case estables durante unha década. Nestes anos, as condicións de contratación no mundo audiovisual foron cambiando ao tempo que o sector evolucionaba cara a unha dispersión de plataformas e usos nos que a produción *broadcast* parecía estar perdendo posicións. Ademais, as tarifas non estaban estratificadas por territorios; plataformas-difusión; tempo, etc. Así, a maioría das televisións en España contaban cun sistema de “tarifa plana” moi similar ao vixente en CRTVG. Ata hai pouco tempo, o Arquivo da empresa non posuía a antigüidade necesaria e a dependencia do Arquivo limitábase á reemisión e programas de coprodución ata que comezaron a crecer as peticións chegadas desde empresas audiovisuais externas para a produción de programas informativos e series.

Actualmente as solicitudes de vendas de fondos do Arquivo estanse incrementando de cara a producións totalmente externas, e crece tamén a dispersión de tipos de produción e comunicación das obras audiovisuais resultantes. Era, por tanto, preciso establecer un procedemento de traballo axeitado e unhas tarifas máis acordes con el, que serán aprobadas no 2022.

Para a distribución *broadcast* o tarifario establecerá prezos máis altos para o fondo correspondente ao período 1985-1990 fronte a tarifas máis baixas a partir de 1991. Ademais, contemplárase a cobertura de territorios e períodos de licenza.

No novo sistema de peticións, os peticionarios realizarán as súas solicitudes a través da web corporativa da CRTVG, o que facilitará o control de pedidos e axilizará todo o procedemento.




8.2 Atención externa

O Arquivo de CRTVG atendeu no 2021 un total de 800 peticións externas chegadas desde institucións e entidades públicas e privadas, distintos organismos, particulares, investigadores/as e empresas do sector audiovisual (produtoras, canles de televisións, etc.).

O dato amosa un lixeirísimo descenso dun 2,91% fronte ao ano 2020. Porén, é preciso aclarar que cada un destes expedientes contén unha serie variable de peticións de temática e cronoloxía diversa, polo que este número non ten correlación coas peticións e a carga de traballo real, que son superiores.

A distribución por sectores foi a seguinte:

Tipo	Número	%
<i>Empresas</i>	27	3%
<i>Institucións/Organismos</i>	71	9%
<i>Produtoras</i>	378	47%
<i>Particulares</i>	317	40%
<i>Televisións</i>	7	
TOTAL	800	



No que respecta ás colaboracións con institucións e ás cesións de servizo público no marco da responsabilidade social da CRTVG, pódense destacar algunhas peticións como as seguintes:

- Concello da Illa de Arousa (Centro de Interpretación das Conservas)
- Centro Oceanográfico de Vigo (reportaxes para dossieres informativos)
- Museo Etnográfico da Casa do Patrón de Lalín
- Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia.
- Real Academia Galega
- Academia Galega do Audiovisual
- Concello de Allariz
- Proxecto Home
- Consello Económico e Social
- Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia
- Axencia Galega de Calidade Agroalimentaria
- Museo de Belas Artes da Coruña
- Fundación Laxeiro
- Asociación de Bulimia e Anorexia de Galicia



9. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O labor principal do equipo de asesores lingüistas da CRTVG consiste en supervisar a corrección do uso da lingua galega nos diferentes medios da Corporación, tanto de informativos como de entretemento, así coma en todos os textos administrativos, xurídicos e corporativos. O servizo intégrase na Dirección de Proxección Social, dentro da Oficina do Director Xeral.

Desde o equipo de lingüistas -9 profesionais- garántese que os textos e locucións se axusten á normativa gramatical e lexicográfica emanadas da Real Academia Galega. Pero, ademais deste obxectivo, fundamental para a calidade dos produtos da CRTVG e para procurar a normalización da lingua galega desde os medios públicos, os lingüistas atenden a definición dun modelo de lingua comunicacional, considerando diferentes rexistros de lingua, como variedades diastráticas, e incluso diatópicas por dirixirnos á totalidade do territorio galego coas súas particularidades dialectais.

Os lingüistas da CRTVG deben intentar definir un modelo de lingua de comunicación en galego que, dentro da corrección, sexa recoñecida pola audiencia, amose a riqueza expresiva, saiba diferenciar rexistros de lingua adaptados aos diversos programas, adapte terminoloxía ou neoloxismos que se van introducindo na lingua e manteña coherencia neste modelo de lingua.

Dentro da corrección que se esixe como medios públicos, o modelo de lingua, cos criterios de elección de rexistros e de léxico, defínenos como medios de comunicación, para ben ou para mal, para uns destinatarios ou para outros, para uns espazos de rigor informativo ou para outros de entretemento.

O colectivo de profesionais lingüistas resolve diariamente cuestións de realidades novas e de tratamento de topónimos e xentilicios do mundo, non sempre tratados pola RAG ou ás veces máis tarde. Neste sentido, os lingüistas da CRTVG sempre resultaron ser, pola natureza do seu medio, os primeiros que se enfrontan a certos problemas terminolóxicos e de adaptación lingüística, o que supuxo sempre un plus de dificultade que non existe para outros equipos de lingüistas doutros ámbitos, que non teñen o problema da inmediatez.

O equipo tamén desenvolve iniciativas de investigación e divulgación da lingua, con propostas pedagóxicas e de participación dos cidadáns, asumindo así en plenitude o cometido de normalizadores da lingua. Neste sentido, os lingüistas da CRTVG levan desde o ano 1985 traballando en propostas lexicográficas a realidades novas. Moitas veces fixéronse propostas que finalmente se aceptan, como “seareiro” ou “cativeiro”.



Outras veces toca dar solucións a novas realidades que veñen con novas palabras, como as relacionadas coa pandemia da covid-19 ou os termos presentes en todos os medios de comunicación *okupa* ou *velutina*, que os nosos lingüistas deben resolver no momento de informar e antes de haber solución académica.

Este ano continuou a colaboración, a través dunha asesora lingüista, no espazo '#DígochoEu', nacido en xaneiro de 2020 e desenvolvido nas redes sociais, na web e en distintos espazos da TVG como os telexornais.

Ao longo de todo o ano '#DígochoEu' viviu unha traxectoria crecente de dedicación e un alto nivel de esixencia, que foi recoñecido cos positivos datos de seguimento e interese da cidadanía, especialmente da audiencia máis nova, e do eido escolar máis concretamente, ademais de varios galardóns e premios do eido da comunicación e a lingua.

9.1 Adaptación a novas necesidades da Corporación

Desde o ano 1985 o labor de corrección lingüística ampliouse como consecuencia da propia ampliación dos medios, e nestes últimos anos é xa unha realidade a atención que require a lingua dos contidos da CRTVG en redes sociais e, sobre todo, na web corporativa. Nesta liña, os asesores lingüistas asumiron novos roles na redacción da Radio Galega, na de Programas da TVG e na área de Producción Allea, dentro do departamento de Contidos.

E, coincidindo coa aposta determinante da Corporación por promover os contidos dixitais e servizos complementarios da emisión en TDT, o portal crtvg.gal require unha maior cantidade de contidos e asemade unha maior preocupación pola corrección lingüística das súas noticias, que ademais chegan con máis celeridade ao público, o que obriga a reforzar a revisión destas novas ventás informativas nun arco horario máis amplo. O equipo de lingüistas organizouse para cubrir máis franxas de corrección no portal web, ampliando o tempo de dedicación á súa supervisión. Así mesmo, os asesores asignados á redacción de Programas e na área de Producción Allea reorganizaron o seu traballo para adaptalo ás necesidades destas áreas, que afectan aos contidos de produción propia, programas en directo de produción externa, series de animación, cine e documentais.

9.2 Equipo de asesores/as lingüistas

Nove asesores lingüistas repártense nas distintas redaccións e departamentos da CRTVG, en distintas quendas horarias e de luns a domingo. A Radio Galega, as distintas redaccións da TVG e a área de Tempo Real, que cobre os contidos dixitais, contan con asesores que revisan a produción informativa e de entretemento, así como a documentación administrativa e corporativa.



9.3 Principais cometidos

Os principais cometidos do equipo de asesores lingüísticos son:

- Asegurar a corrección no uso da lingua das emisións e da documentación xerada de todo tipo.
- Coidar de que a lingua se axusta á doutrina gramatical e lexicográfica da Real Academia Galega. Dado que non existe unha gramática oficial como tal, e posto que o dicionario oficial está en fase de elaboración, os lingüistas da CRTVG encóntranse continuamente con dificultades que teñen que solventar con oficio lingüístico e sentido corporativo de medio público.
- Axudar a manter con coherencia un rexistro idiomático unha vez que se elixiu. As distintas propostas informativas e de entretemento poden presentar tamén distintas opcións diastráticas, dentro da corrección, que unha vez decididas se deben manter.
- Proporcionar recursos orais tradicionais e literarios como metaloxismos, figuras lóxicas, ironía, retransa ou riqueza de imaxes nas redaccións e descrições (aínda que haxa ilustración sonora e visual).
- Proporcionar material lexicográfico e fraseolóxico para conseguir un texto rico e afinado.
- Axudar no modelo entoativo e prosódico.

Ademais destes asuntos xenéricos, os asesores lingüísticos encárganse doutros aspectos extralingüísticos:

- Revisar e corrixir topónimos. Por defecto, revisan todas as entidades de poboación segundo o criterio do Nomenclátor de Galicia. Ademais de ser de obrigado cumprimento, como servizo público a CRTVG debe coidar de que ningún galego vexa o seu topónimo usado incorrectamente.
- Revisar e corrixir textos con criterios de edición. Podendo tratarse de temas convencionais e que en moitos casos presentan distintas solucións noutros medios de comunicación, estamos obrigados a ofrecer unha liña coherente.
- Corrixir erratas ou equívocos. A inmediatez e a habitual celeridade e prontitude propios das redaccións informativas fan inevitables este tipo de descoidos, que o asesor lingüista detecta e corrixe en numerosas ocasións, servindo neste sentido de filtro de calidade.

Tamén, o equipo de lingüistas mantén contactos coas autoridades institucionais e académicas en materia de lingua galega, co fin de aplicar as súas decisións, consultar dúbidas, recibir formación e manter, en xeral, unha comunicación enriquecedora. Dentro destas relacións, cabe mencionar:



- Coa Real Academia Galega, en desenvolvemento do convenio asinado con esta institución.
- Co Centro Ramón Piñeiro, para achega de material informativo para fins investigadores, particularmente para as investigacións do Corpus de referencia do galego actual (CORGA).
- Coa Facultade de Filoloxía da USC e o Instituto da Lingua Galega, para consultas e formación dos asesores lingüistas da CRTVG.

9.4 Colaboracións de normalización lingüística

Os lingüistas da CRTVG tamén desenvolven iniciativas de investigación e divulgación da lingua, que teñen lugar nos distintos medios e soportes da CRTVG, con maior presenza nestes últimos anos no contorno dixital. Concretamente este ano:

- '#DígochoEu', o espazo divulgativo da CRTVG arredor da lingua, que en ton desenfadado explica cun vídeo diario aspectos gramaticais ou léxicos e saltou tamén no 2021 a plataformas como Twitch. Como se apuntou, unha asesora lingüista forma parte estable do equipo de traballo, supervisando e colaborando na creación dos contidos.
- 'Apalabradas'. É unha colaboración no magazín da mañá dos sábados da Radio Galega do coordinador de lingüistas de CRTVG. Explícanse curiosidades lexicográficas, coméntanse correccións para un bo uso da lingua e recórdanse palabras que van estando en desuso.



10. A PROXECCIÓN SOCIAL DA CRTVG

A función principal deste departamento, dependente da Oficina do Director Xeral da Corporación, é xestionar a proxección social da CRTVG, para o cal desenvolve a relación dos medios públicos coa cidadanía galega desde o punto de vista institucional. A xestión diaria da comunicación institucional e da Responsabilidade Social Corporativa da Corporación marca a axenda de traballo do departamento, no que se enmarcan así mesmo as áreas de Coordinación Creativa, Relacións Públicas e Normalización Lingüística.

Ademais, Proxección Social tivo tamén un papel relevante na xestión da crise da covid-19, integrándose varios membros nos equipos de coordinación das medidas de prevención que garantiron a prestación do servizo de comunicación durante 2020 e 2021.

10.1 Responsabilidade Social Corporativa

#AcciónsG

No 2021, a CRTVG recuperou a súa planificación anual de accións de comunicación corporativa baixo o territorio de comunicación da 'Dixitalización de Galicia'. Dentro deste territorio, as campañas de RSC -coñecidas como #AcciónsG- están enmarcadas nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU. Todas as campañas están integramente realizadas con recursos propios da CRTVG, en ocasións, en alianza con diferentes asociacións, entidades ou institucións. Todas as accións están recollidas no seu propio espazo dentro do portal crtvg.gal.

No 2021, a estratexia incluíu as seguintes accións:

Abril / #Creatividade+Innovación

A CRTVG desenvolveu a súa primeira #AcciónG do ano 2021 arredor do Día Mundial da Creatividade e Innovación, celebrado o 21 de abril. Partindo da idea de animar os máis novos a liberar a súa creatividade e capacidade innovadora de cara á consecución dun futuro sostible, a campaña perseguía promover o pensamento creativo multidisciplinar. Contou cun espazo propio na web da CRTVG con vídeos divulgativos, información e entrevistas a protagonistas de distintos eidos da creación e a innovación aplicada a distintos sectores como: o deseño e a ilustración; a cociña; a biotecnoloxía; a investigación en tecnoloxías intelixentes; ou o eido rural. Tamén se levaron a cabo accións nas redes sociais coa publicación de pílulas informativas dos diferentes conceptos e espazos nos programas da TVG e a RG.



Maio / Día das Letras Galegas

Todos os medios da Corporación implicáronse na difusión do Día das Letras Galegas 2021 dedicado á autora Xela Arias. #AcciónsG dispuxo unha sección dedicada á autora, con catro vídeos específicos e todos os recursos dispoñibles. Esta acción enmárcase dentro do ODS número 4 que fai referencia a unha “Educación de Calidade”, co obxectivo de contribuír ao coñecemento desta escritora, poeta, profesora e tradutora galega, falecida en Vigo no 2003.

Setembro / #AsMansComunican

Arredor do Día Internacional das Linguas de Signos, o 23 de setembro, as #AcciónsG da CRTVG puxeron a ollada na sensibilización e divulgación da accesibilidade da comunidade xorda galega e o coñecemento da lingua de signos (LSE). A campaña estivo composta por vídeos e accións nas redes sociais, pímulas informativas e espazo en todos os medios da Corporación, e visibilizou o 10º Obxectivo de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU, referente á ‘Redución das desigualdades’. Coa colaboración de persoas xordas galegas, intérpretes de LSE e a Federación de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), os espectadores da TVG e as canles dixitais puideron aprender termos útiles nesta lingua e coñecer o día a día de persoas xordas de todas as idades. Vídeos e pezas didácticas están dispoñibles no espazo da campaña na web. O proxecto #DígochoEu sumouse cun capítulo especial, igual que distintos espazos da Radio Galega.

Novembro / Unicef - #PequenasSolucións

A CRTVG colabora coa “Semana da Infancia” de UNICEF, o Fondo de Nacións Unidas para a Infancia, cada mes de novembro. Neste 2021, grazas á solidariedade da audiencia dos medios públicos galegos que responderon ao chamamento do lema #PequenasSolucións, UNICEF puido vacinar 6.540 nenos e nenas contra o sarampelo.

Tanto TVG como a Radio Galega, o portal crtvg.gal e as redes sociais da Corporación axudaron a que se coñecese o labor de sensibilización de UNICEF relacionado co dereito á saúde -física e mental-, facendo especial fincapé na vacinación; o dereito a unha contorna dixital segura na loita contra o acoso escolar e o ciberacoso, e o dereito á participación real e efectiva que sitúe as necesidades da infancia na primeira liña.

Decembro / #BrillaNaEskuridade

En colaboración coa Dirección Xeral de Tráfico e a Garda Civil, a CRTVG lanzou a principios de decembro #BrillaNaEskuridade, unha iniciativa que busca mellorar a seguridade nas estradas e reducir os atropelos e as mortes pola pouca ou nula visibilidade dos peóns nestas vías.



No marco da súa Responsabilidade Social Corporativa, a CRTVG quixo contribuír cunha serie de accións nos seus programas de máis audiencia, como “Luar” programa líder no *prime time*, e nos que foi clave a complicidade do público para sensibilizar sobre a importancia de levar chalecos e elementos reflectores.

Ademais, os principais informativos da canle trataron tamén esta cuestión con entrevistas a mandos da Garda Civil para falar sobre a campaña de Tráfico de Nadal.

Decembro / #TodosNecesitamosDeTodos

A mediados de decembro, a CRTVG lanzou, en colaboración coa Axencia de Doazón de Órganos e Sangue de Galicia (ADOS), unha nova #AcciónG de Responsabilidade Social Corporativa: #TodosNecesitamosDeTodos.

O Nadal é unha das épocas críticas do ano para os servizos de transfusión e, no marco da súa RSC, a CRTVG propúxose contribuír á sensibilizar sobre a necesidade que os hospitais galegos teñen para cubrir esta demanda. #TodosNecesitamosDeTodos incide na idea de que o elemento común e imprescindible para a vida é o sangue, e todos dependemos da xenerosidade de todos para seguir salvando vidas. O spot fala dos motivos para facelo: “Faino polos teus, faino polos demais, faino tamén por ti... pero faino. Sube ao bus”. As persoas que aparecen no anuncio son doadores habituais de sangue e voluntarios de ADOS. A campaña contou cun spot de televisión, cuña na Radio Galega, accións nas redes sociais e espazo propio no portal web. O spot, como todos os materiais de #AcciónsG, foi gravado con recursos propios e tivo difusión durante unha semana por todas as canles da CRTVG.

Colaboración coa Fundación AdCor

No mes de decembro, a Fundación Adcor da Coruña, dedicada a mellorar a calidade de vida das persoas adultas con discapacidade intelectual, puxo á venda bolsas producidas a partir das lonas dos platós de “En xogo” e “Luar” da TVG, froito da doazón levada a cabo pola CRTVG, que deste xeito converteu os decorados de 'Luar' e 'En xogo' en bolsas solidarias. Esta ‘Acción G’ da CRTVG céntrase tanto no compromiso social da CRTVG como no ambiental, no marco da economía circular.

Campaña de sensibilización TODOS COA PALMA / FORTA

A CRTVG sumouse a finais de novembro á campaña impulsada pola televisión autonómica de Canarias, TVPC, para sensibilizar e recadar fondos destinados aos damnificados polo volcán da isla da Palma. Deste xeito, as canles reunidas colaboraron coa difusión dun spot e dunha cuña de radio de 30” dirixidos a toda a poboación durante o mes de decembro de 2021.

Ademais, despois da dureza do ano 2020, Televisión de Galicia quixo entrar no 2021 cunha mensaxe optimista e un divertido **vídeo musical** no que participaron boa parte dos seus profesionais máis coñecidos. Con el quíxose agradecerlles aos espectadores a súa fidelidade e á vez intentar comezar o ano 2021 cun sorriso. A versión en galego da canción ‘Que sorte de terte’ foi a elixida para esta acción e nela



participaron unha vintena de rostros populares da canle fóra da seriedade que require o seu labor profesional. Entre eles, coñecidos xornalistas de Informativos, Deportes e O Tempo, e presentadores e reporteiros de programas da Galega, como 'Estache bo!', 'Eventos G', 'Quen anda aí?', Fun polo aire, 'Que nos pille rebolando!', 'Land Rober Tunai Show', 'Bamboleo', 'Luar', 'Come a comarca' e 'Os cantos rolados', entre outros.

Informe de Progreso de Pacto Mundial de Nacións Unidas

Como cada ano, desde hai once, a CRTVG editou no 2021 unha nova edición da **memoria anual de RSC**, baixo a forma de Informe de Progreso do Pacto Mundial de Nacións Unidas Este informe, correspondente ao ano 2020, está accesible no Portal de Transparencia (<http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia/responsabilidade-social-corporativa/pacto-mundial>).

Este documento recolle cada ano os avances en materia de RSC na relación da Corporación cos seus públicos de interese divididos en audiencia, empregados/as, sociedade civil, comunidade autónoma galega como propietaria da CRTVG e provedores dos medios públicos. A CRTVG foi a primeira televisión en España que seguiu este modelo de rendición de contas con información sobre recursos humanos, a relación co sector audiovisual galego como principal provedor de contidos ou sobre a rendición de contas que se desenvolve diante dos mecanismos de control, como o Consello de Administración ou o Parlamento de Galicia. Pacto Mundial supervisa e revisa o documento para certificar se cumpre ou non os requisitos necesarios para facelo público e para poder incluílo no seu portal web, pactomundial.org, no que se publica unha versión en castelán.

Transparencia

O departamento de Proxección Social debe supervisar a actualización de contidos co Portal de Transparencia da CRTVG, que está organizado en catro grandes seccións: información institucional (organigrama, definición estratéxica, anuncios corporativos, referencias legais...); actividade corporativa (orzamentos, contratos, Plan de Actuación...); de responsabilidade social (sección #AcciónsG, informes de Pacto Mundial e contidos do eido da autorregulación); e a área de interacción cos usuarios, ligada tamén ao Portal de Transparencia da Comunidade Autónoma. O Portal é accesible en: <http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia>.

Responsabilidade social na publicidade

O uso da publicidade é igualmente un eido no que a CRTVG exerce a responsabilidade social, para que prevalezan uns principios éticos acordes coa súa misión e coa protección da infancia e do público en xeral.

No 2017 foran aprobadas polo Consello de Administración novas normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual da CRTVG, que contan cun capítulo específico sobre a imaxe da muller (Cap. 3). O documento é accesible en <http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia/interaccion-con-usuarios/comercial>



E os medios públicos están comprometidos cunha serie de acordos e regulacións:

- A Asociación para a Autorregulación da Comunicación Comercial, entidade da que CRTVG é membro e que vela polas boas prácticas da publicidade en España, seguindo un Código de Conduta.
- Normas internas de “product placement” para evitar a confusión da publicidade con outros contidos dos programas da CRTVG.
- En 2021, unha representante da CRTVG continuou a participar na Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista, creada no ámbito do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, constituído en 2014. A mesma representante participa como xurado no certame escolar anual de carteis do Día Internacional da Muller da Xunta de Galicia, e do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero.

10.2 Coordinación Creativa

A Coordinación Creativa presta soporte ao departamento de Proxección Social nas súas campañas e accións de comunicación externa e interna, así como a outras áreas da Corporación, ás que achega solucións de deseño e de produción de pezas de soporte, especialmente para as canles dixitais, e presta asesoría e apoio técnico.

Este servizo é o responsable, en coordinación coa dirección do departamento, da concepción e produción das campañas corporativas anuais de RSC, as #AcciónsG, descritas no epígrafe anterior, das que produce e elabora todos os materiais audiovisuais. Encárgase tamén do deseño, xestión e elaboración do espazo web creado ad hoc para aloxar as campañas no portal da CRTVG.

De todo o inxente material creado por esta coordinación no 2021, pódese salientar, entre outros, a identidade gráfica dos podcasts da nova plataforma RadioGalegaPodcasts.gal, así como o material promocional para a TVG, como as cortiniñas de primavera, outono, Samaín, inverno e Nadal emitidas neste 2021.

Tamén é preciso destacar neste informe a concepción e edición da campaña de arranque da programación de outono baixo o lema: "Sexas como sexas... esta é a túa", que se emitiu en todas as canles da CRTVG. Con este lema quíxose poñer de novo de relevo que a CRTVG é unha canle inclusiva, na que todo o mundo pode e debe sentirse indentificado e representado.

Así mesmo, o coordinador creativo desenvolveu a función de asesor na creación, xestión directa e posta en marcha da canle de Twitch da CRTVG e dos seus programas, en estreita colaboración coas áreas de Tempo Real e Extensión Audiovisual da Corporación.



No que respecta ao servizo de Extensión Audiovisual, desde esta área apóiase o proceso de gravación de pezas para as redes sociais e asesoramento técnico ao longo do ano, como foi a caso das series de vídeos divulgativos arredor da cultura popular e do traxe folclórico galego, ou sobre a saúde mental, entre outros. Tamén desde aquí coordínase o contido, actualización e funcionamento do mosaico de pantallas de benvida da entrada principal da corporación.

No eido da Radio Galega, ademais de desenvolver o traballo gráfico dos podcasts da plataforma RadioGalegaPodcasts.gal, elaboráronse tamén os vídeos promocionais da súa programación para a difusión na TVG e nas canles dixitais.

No marco da comunicación corporativa dos medios públicos, esta área é responsable das creatividadeas para a sección corporativa da web, e da conceptualización e produción dos vídeos promocionais destinados ás accións conxuntas de comunicación marcadas desde FORTA para as canles autonómicas englobadas nesta rede.

Os deseños do merchandising corporativo -paraugas para Informativos, camisolas, bolsas, cuncas...- así como a axenda anual da CRTVG, agasallo que os traballadores/as reciben cada inicio de ano, tamén foron executados por este departamento en 2021, así como o apoio fotográfico a actos institucionais ou de promoción da Corporación.

10.3 Comunicación e relación co público

O Buzón da Galega

A área de Prensa da CRTVG atende ao longo do ano outra vía de comunicación coa audiencia, a través do Buzón da Galega, no que se recibe cada día, vía correo electrónico, decenas de peticións e consultas. A través da dirección de correo info@crtvg.gal chegaron e respondéronse **2.419 mensaxes** neste 2021. Os contidos máis habituais destes correos son suxestións, queixas ou avisos de todo tipo, así como valoracións sobre a programación ou os distintos servizos da CRTVG.

Información sobre os produtos e servizos

Desde este departamento préstase atención a todas as consultas dos compañeiros doutros medios de prensa. Non queda ningunha consulta sen responder. A CRTVG pide, logo dun primeiro achegamento por calquera vía, unha comunicación por escrito para que quede constancia e transparencia de todas as interaccións cos diferentes medios de comunicación. Neste 2021, contestáronse preguntas de medios como La Voz de Galicia, El Progreso, El Correo Gallego, Cadena SER, El País, Público, Nós Diario, Praza Pública ou eldiario.es, entre outros.



O servizo de prensa traballa diariamente para informar sobre a programación diaria e a actividade corporativa a través de diversas canles propias, especialmente a páxina web e os medios de comunicación galegos e de fóra de Galicia. Tamén se encarga da subministración diaria de información sobre a programación de televisión ao sistema EPG de guía de pantalla do televisor conectado á rede dixital terrestre (TDT), onde se atopa tamén información de clasificación por idade ou control parental. Os comunicados da CRTVG -1.956 neste 2021- reflíctense tamén noutros soportes e canles, como as redes sociais corporativas. Nos últimos anos intensificouse a relación coa audiencia a través das redes sociais e canles dixitais, como xa foi detallado en anteriores capítulos desta memoria.

Visitas á CRTVG

Desde a área de Relacións Públicas da CRTVG, aténdese unha intensa actividade de xestión e asistencia aos convidados dos programas de entrevistas e faladoiros da TVG e a Radio Galega, que no 2021 viuse reducida por segundo ano consecutivo polos protocolos de prevención ante a covid-19.

Atendeuse un total de 4.634 persoas desgregadas en:

- Informativos e Programas TVG / 3.876 persoas.
- Programas especiais / 685 persoas.
- Radio Galega / 73 persoas.

10.4 Igualdade e inclusión

10.4.1 Igualdade e tratamento da violencia de xénero

As políticas de Igualdade na CRTVG son estruturais. Están concibidas desde a súa orixe de forma transversal, aplícanse a todos os departamentos e en todos os ámbitos, non só entre os xornalistas que editan as noticias. E isto faise os 365 días do ano, tanto na programación coma nas políticas de recursos humanos ou na comunicación corporativa, e o eido da RSC, xa que as #AcciónsG teñen a igualdade de xénero como un eixe transversal.

Neste 2021 seguiuase a atender no eido informativo as noticias relacionadas coa igualdade, coa promoción dunha imaxe igualitaria, visibilizando mulleres referentes nos seus eidos, e por suposto difundindo as noticias relacionadas cos días de maior visibilidade institucional, o 8M, Día Internacional da Muller, e o 25N, Día Internacional para a eliminación da Violencia de Xénero. Desde as redes sociais corporativas levouse a cabo unha acción en TikTok con vídeos sobre as figuras de galegas precursoras: unha gaitreira, unha aviadora, unha farmacéutica, unha condutora de bus urbano e a primeira académica de xurisprudencia. Cada perfil achegouno cada unha das profesionais do equipo dixital da CRTVG.



Ademais, TVG programou este ano o espazo semanal 'En feminino singular', estreado precisamente o 8 de marzo, co obxectivo global de concienciar a sociedade sobre a necesidade do apoderamento feminino para rachar coa desigualdade de xénero. Todos os capítulos están dispoñibles para consumo baixo demanda en: <http://www.crtvg.es/tvg/programas/en-feminino-singular>

8M, Día Internacional da Muller

Na semana do 8 de marzo, ademais da estrea de 'En feminino singular', potenciouse a imaxe da muller en distintos eidos, por exemplo no deporte coa emisión deste espazo en que mulleres galegas destacadas no eido deportivo tratan os temas como a igualdade salarial, a visibilidade do deporte feminino, a maternidade e o deporte de alto nivel. Emitiuse tamén a 'Gala Matria Galega', coa presenza de artistas dos máis variados xéneros e o testemuño de mulleres que destacan en diferentes ámbitos da sociedade.

Entre outros contidos, a Galega programou tamén a longametraxe 'Migas de pan', coprodución uruguaio-galega baseada en feitos reais, un drama inspirado no relato de Liliana Pereira, presa política da última ditadura do Uruguai. Na mesma xornada do 8M emitíuse 'Unha muller invisible'.

Na véspera do Día da Muller, 'Vivir Aquí' achegou un monográfico sobre o papel da muller desde distintos puntos de vista co testemuño de emprendedoras na pandemia, que malia a situación decidiron abrir un negocio. Tamén sobre o labor dunha recoñecida científica galega, e amosou unha ruta de mulleres galegas destacadas na Coruña, a primeira deste tipo que se desenvolve en España.

O Día da Muller tamén se reflectiu nos contidos da Radio Galega. O 'Galicia por diante' entrevistou a conselleira de Igualdade e a voceira do movemento 8M; e en 'A crónica', contouse coa participación da secretaria xeral de Igualdade. No espazo de 'A tarde' conversouse coa presidenta de Fademur-Galicia. E o 'Diario cultural' tratou tamén asuntos da axenda cultural relacionados coa muller.

O portal de cine galego en aberto da CRTVG, 'Carteleira G', ofreceu entre o 6 e o 15 de marzo catro películas participadas pola Galega e protagonizadas por mulleres, e a innovadora peza 'As mulleres do porvir', do Consello da Cultura Galega, unha obra escrita por unha pioneira do teatro galego como foi Dorotea Bárcena. As catro películas galegas son: 'O club da calceta', 'A mariñeira de Quilmás', 'María e os demais' e 'Sicixia'.

25N, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres

Arredor do 25N, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, os medios públicos galegos emitiron tamén contidos específicos nos informativos e programas, e coa estrea de producións arredor desta temática. No 'Bos días' entrevistouse o 25 de novembro a secretaria xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, e participaron tamén representantes doutras institucións públicas, así como de asociacións de vítimas. O 'Galicia noticias', 'Telexornal mediodía' e 'Telexornal



serán' ofreceron reportaxes sobre os pisos de acollida, testemuñas e os labores xudiciais. Mentres tanto, 'A revista' organizou unha mesa redonda con expertos, psicólogos e representantes de asociacións e entidades. Pola súa parte, o cultural 'ZigZag' achegouse ao certame 'Voces femininas' en Ourense, que acolleu o concerto de tres destacadas artistas internacionais.

'Quen anda aí?' e 'Fun polo aire', os *magazines* de entretemento da tarde da canle pública, visibilizaron esta realidade social desde distintos vértices. No 'Quen anda aí?', unha psicóloga deu as claves actuais na loita contra a violencia machista e falou dos retos para a súa erradicación nas xeracións máis novas. O espazo contou coa participación dun membro dunha unidade do sistema VIOGEN (Sistema de Seguimiento Integral nos casos de Violencia de Xénero, dependente do Ministerio do Interior).

Ao longo da semana, o 'Fun polo aire' deu voz ás vítimas da violencia machista e achegouse tamén aos orfos da violencia machista. Visitou unhas sesións de terapia con cans, coñeceu unhas rapazas ás que intentaron someter mediante o uso de drogas e asistiu a unhas charlas para concienciar os máis novos sobre o sexismo virtual, entre outros aspectos.

O propio 25N a G2 estreou 'ContraAluz', longametraxe documental que reflexiona sobre a autodefensa das mulleres para loitar contra a violencia de xénero. Ademais, o programa de cinema 'Clac' emitiu a premiada 'Sicixia', clasificada polo Ministerio de Cultura como especialmente recomendada para o fomento da igualdade de xénero, e un coloquio sobre ela.

A Radio Galega ofreceu toda esta semana contidos nesta liña nos seus magazines diarios principais, 'Galicia por diante' e 'A tarde'. Deu tamén cobertura en directo aos actos de concienciación e reivindicación nas distintas cidades galegas e contou cos testemuños de mulleres que sufriron maltrato.

A maiores, o 'Galicia por diante' desenvolveu un 'Miolo' sobre a violencia contra a muller no ámbito rural. Pola súa parte, o 'Convivir Deportivo' ofreceu o 25N unha edición especial sobre o deporte feminino desde A Coruña, en directo pola web e a aplicación móbil. E o 'Diario cultural' conversou sobre a violencia machista na época de María Soliña e na actual co director da cinta. E finalmente, as redes sociais e a web seguiron sendo altofalantes dos contidos da radio e a televisión públicas.

En canto á normativa:

- A CRTVG aplica as recomendacións sobre o tratamento informativo da violencia contra as mulleres, propostas polo seu Consello de Administración da CRTVG e accesibles no portal corporativo (<http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia/responsabilidade-social-corporativa/autoregulacion/recomendacions-do-consello-de-administracion-da-crtvg-sobre-o-tratamento-informativo-da-violencia-contra-as-mulleres>)
- As informacións relacionadas coa violencia de xénero son obxecto dun tratamento serio, delicado e rigoroso no que prima ante todo o respecto



extremo ás vítimas. Por outra banda, sempre se inclúe nas informacións o número de teléfono de atención aos casos de violencia machista: 016.

- A CRTVG ten unhas normas reguladoras de publicidade, tamén dispoñibles no Portal de Transparencia da Corporación, e que inclúen un capítulo específico sobre a imaxe da muller <http://www.crtvg.es/files/normasreguladorascomunicacincomercial24102017.pdf>.
- Desde 2021, e en cumprimento das recomendacións da Valeduría do Pobo, a CRTVG promove de forma extensa a igualdade nas empresas do sector audiovisual que traballan coa Corporación. As diferentes empresas produtoras do sector audiovisual con máis de 100 empregados deben de ter os seus propios Plans de Igualdade, pero, seguindo a devandita recomendación, a CRTVG inclúe tamén na relación contractual con terceiros, que por tamaño non teñen a obriga de ter un Plan de Igualdade, unha declaración responsable referida a diversos aspectos e entre eles a aplicación da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres. O texto da declaración di o seguinte:

"Que a entidade á que represento cumpre coa normativa vixente, especialmente o Estatuto dos Traballadores e o convenio colectivo que resulte de aplicación, así como coa Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes".

Outras accións encamiñadas a visibilizar o compromiso coa igualdade:

- A Comisión de Igualdade na CRTVG, constituída por representantes dos traballadores e por representantes da Corporación, segue a traballar na implantación dun Plan de Igualdade, de acordo coa definición dese principio que establece a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
1. A CRTVG forma parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero constituído no 2014 e que conta con representantes das administracións, da Xustiza, sindicatos, asociacións de mulleres e medios de comunicación.
 2. A CRTVG é membro da Comisión Asesora de Publicidade non sexista do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, no que participa activamente e no que se valoran as denuncias daqueles casos de publicidade que fan un posicionamento non axeitado do papel da muller na sociedade.
- A CRTVG está integrada na asociación Autocontrol de Publicidade, na que que participa todo o sector da publicidade de España.



Novo recoñecemento: a CRTVG “Empresa Igual en Xénero 2021”

A Corporación recibiu en outubro de 2021 a acreditación que a recoñece como Empresa Igual en Xénero 2021, mención que recibe por terceiro ano consecutivo. Trátase dun indicador dos informes publicados por ARDÁN, o servizo de información empresarial desenvolvido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo e que se publica anualmente. A entidade emisora salientou que a CRTVG se atopa entre o “5% das máis de 30.000 empresas analizadas en Galicia” que consegue superar os exixentes criterios para obter estes recoñecementos.

O indicador Empresa Igual en Xénero recoñece as empresas “que presentan altos valores de igualdade desde unha perspectiva de xénero no eido laboral medida en tres dimensións: igualdade de funcións, igualdade de retribucións e igualdade por actuacións”. A CRTVG repite en 2021 a distinción que xa acadara en 2020 e 2019 como Empresa Igual en Xénero.

A igualdade dentro da CRTVG

A Corporación é exemplo de igualdade na súa estrutura directiva. Máis concretamente, a 31 decembro de 2021, había no equipo directivo 18 mulleres e 20 homes. E o renovado Consello de Administración conta desde verán de 2021 con 3 conselleiras e 3 conselleiros.

As áreas de Soporte Tecnolóxico, que engloba toda a xestión dos departamentos técnicos de Producción, e a de Información e Documentación, a de maior peso na parte xornalística, están dirixidas por dúas mulleres.

En pantalla, a presenza de presentadoras e xornalistas é tamén maioritaria. Son mulleres, ademais, a adxunta ao director xeral, a directora do Departamento Operativo dos Servizos Informativos, a subdirectora de Contidos, a xefa de Programas da Radio Galega e unha redactora xefa de Informativos, xunto a outras once xefas de servizo e outras responsables de área.

A 31 de decembro de 2021, en total, son mulleres o 39,36% do total do persoal da CRTVG. Así mesmo, no que respecta á conciliación laboral, a CRTVG implementa distintas medidas para facilitar a compatibilización do traballo e da vida persoal para todos os seus empregados. A porcentaxe de traballadores que gozou no 2021 dalgún tipo de medidas de conciliación é do 22,41%, 6,29 puntos máis que no 2020.



10.4.2 Apoio ás persoas con discapacidade

A TVG emite dous informativos diarios en Lingua de Signos, os principais do día, o 'Telexornal mediodía' e o 'Telexornal Serán', de luns a venres. Ambos son accesibles pola G2, ás 15.30 h e ás 21.45 h, respectivamente. Deste xeito, a comunidade xorda e as persoas con problemas de audición poden acceder, de luns a venres, festivos incluídos, á información do que acontece en Galicia.

Os dous informativos están tamén dispoñibles na páxina web www.crtvg.gal, accesibles a calquera hora. A CRTVG conta con dúas sedes equipadas e operativas sobre as que emitir estes contidos informativos: a delegación da CRTVG na Coruña e a sede central de San Marcos. Ademais, e no que respecta ao subtítulado, do que se informa no capítulo 4 desta memoria, en 2021 emitíronse 3.531 horas de programación subtitulada, das que 1.811 foron na primeira canle e 1.720 na G2. É salientable o incremento de subtitulación na primeira canle, con case 200 horas máis que no 2020, xa que hai que ter en conta que a grella da TVG está deseñada con programación en directo practicamente desde as 08.00 ata as 22.00 h de luns a mércores. Estas lendas son accesibles a través da opción correspondente no menú da TDT.

Por outra parte, son varios os programas que prestan especial atención ao colectivo de persoas con discapacidade, entre eles o veterano 'Convivir' da Radio Galega e o espazo 'Convivir Deportivo', que abre unha fiestra ao deporte desde a mesma óptica que o programa de actualidade social 'Convivir', para dar acubillo ao deporte base e a historias de superación e voluntariado, entre outros contidos. De ambos se informa no capítulo 4 desta memoria.

Tamén o programa da RG 'Lambóns dixitais', que se emite os xoves pola noite, recolle contidos sobre tecnoloxía inclusiva, en que se fala de avances para a integración de persoas con discapacidade.

Por outra banda, o ano pasado aplicáronse os criterios de recoñecemento do tratamento da discapacidade establecidos na Resolución da Dirección Xeral do 28.06.2011. Amais, a CRTVG incluíu en todos os servizos que licitou a obriga do contratista de cumprir as disposicións vixentes en materia de integración social de persoas con discapacidade.

A contratación de persoal na Corporación pública e as súas sociedades fíxose a través dunhas listaxes de contratación, onde cada aspirante ten unha posición e unha puntuación en función da cualificación obtida no Proceso Selectivo Extraordinario de Consolidación de Emprego finalizado en 2012, en que se reservou o 7% das prazas a persoas con discapacidade.

Ademais, mantivéronse dous contratos con centros especiais de emprego sen ánimo de lucro, de acordo coa reserva establecida de entre o 3 e o 5% dos contratos da Administración da Xunta de Galicia aos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro.



10.5 Accións internacionais

A CRTVG desenvolve unha activa política de alianzas e colaboracións no eido internacional con outros medios para abordar proxectos tanto a nivel institucional como de contidos. Así, no 2021 representantes da Corporación participaron nos foros internacionais e actividades vinculados ao colectivo de medios integrado no Celtic Media, con presenza, amais da CRTVG, da BBC británica en Escocia, Gales e Irlanda do Norte, as irlandesas RTE e TG4 e France 3 Bretagne.

Así mesmo, a CRTVG ostenta desde 2015 a Secretaría Xeral de CIRCUM, a Asociación das Televisións Públicas Rexionais Europeas, o que supón o acceso a amplias fontes de coñecemento no eido audiovisual, así como a producións europeas de primeira calidade, como as emitidas nas Noites Temáticas da G2.

No mes de xuño, a Corporación adheriuse ao “The Public Service Media and Public Service Internet Manifesto”, documento promovido pola Asociación Europea de Comunicación, Investigación e Educación e que foi asinado por 1.000 profesionais e entidades de toda Europa para poñer en valor a misión dos servizos públicos de comunicación como garantes da democracia, especialmente no eido dixital, ante a crecente influencia das plataformas comerciais en Europa.

No caso de América Latina, as xestións levadas a cabo pola CRTVG atinxen tres vertentes: a cobertura informativa, o seguimento de proxectos audiovisuais, así como a distribución do sinal de Galicia TV Europa nese continente.

Aproximación á lusofonía e á cultura portuguesa

A relación da CRTVG con Portugal e cos seus medios públicos, a RTP, plásmase desde hai anos en proxectos comúns, información continuada nos medios galegos sobre a actualidade portuguesa ou producións de ficción conxunta xa descritos neste informe, así como emisións de espazos de entretemento para as audiencias galega e lusa simultaneamente.

A constante atención que Televisión de Galicia e a Radio Galega prestan á actualidade do outro lado da raia, unha zona na que se vive moi en contacto coas comarcas galegas fronteirizas, plásmase na existencia dunha corresponsalía no Porto, cun xornalista galego que atende a actualidade portuguesa e moi especialmente a que afecta a Galicia, así como coa inclusión dunha sección específica con noticias sobre Portugal no portal web G24.gal, creado neste 2021, que se inclúe na páxina central deste portal. E no que respecta aos contidos de entretemento, a relación con país veciño foi explicada no capítulo 4 deste informe anual. Ademais, o Servizo de Asesoramento Lingüístico da CRTVG segue as recomendacións da Academia Galega da Lingua Portuguesa para que os medios galegos coiden a fonética portuguesa á hora de pronunciar os nomes propios e topónimos lusos. Así mesmo, nas noticias sobre Portugal respéctanse as grafías dos nomes propios e topónimos, cos tiles que se usan en portugués e con marcas de nasalidade en vogais.



10.6 Convenios, colaboracións e relación coa FORTA

Desde o departamento de Proxección Social aténdense e canalízanse peticións de colaboración de numerosas organizacións sociais, culturais e académicas. Son tamén habituais as peticións de información que remiten profesores e alumnos universitarios de toda España, para a realización de estudos, enquisas ou traballos especializados arredor do audiovisual e formación, e que se atenden na medida das posibilidades desde os diferentes departamentos da Corporación. É tamén frecuente que se solicite a participación de representantes da Corporación en foros e debates dos eidos social, xornalístico ou de innovación, presentacións e actos institucionais de diversa índole aos que se intenta tamén atender.

No eido dos convenios, pódese destacar o celebrado entre a Corporación Radio e Televisión de Galicia e a Asociación Club Empresarial e Executivo de Galicia. Este acordo pretende facilitar o coñecemento persoal dos responsables directivos nas empresas do tecido empresarial galego e de fóra de Galicia. Desta forma, a CEEG pretende ser un centro independente de expansión e información en materias económicas para o empresariado galego e un espazo de conexión entre empresarios galegos e lusos así como con LATAM, ámbitos todos de cobertura nos que a CRTVG comparte intereses estratéxicos.

A lingua é tamén un eixo común de moitas das accións da CRTVG neste eido. Así, colaborouse co programa educativo '21 días co galego e +', da Secretaría Xeral de Política Lingüística para promover o uso do galego oral entre a xente nova, dentro e fóra dos centros de ensino.

O espazo da Radio Galega 'Galicia por diante' e o proxecto 'DígochoEu' da CRTVG foron aliados deste proxecto para favorecer o uso e perfeccionamento da lingua en todos os ámbitos e, mesmo dun xeito divertido, mellorar o coñecemento sobre o galego. Nesta iniciativa, en que participaron dez centros das catro provincias galegas da ESO, de bacharelato e de FP, o alumnado comprometeuse co seu profesorado a falar soamente en galego as 24 horas do día durante os 21 días de duración.

Son frecuentes tamén as peticións de colaboración de centros escolares, que ata antes da pandemia programaban visitas á TVG e a Radio Galega, actividade que no 2021 tivo que seguir suspendida por mor das medidas de prevención ante a covid-19. Neste 2021, algunhas destas peticións puideron ser atendidas con outro enfoque, como foi o caso do CEIP Plurilingüe A Fraga do Concello das Pontes de García Rodríguez, que celebrou a súa Semana da Prensa cunha videoconferencia na que o subdirector de informativos da CRTVG, desde San Marcos, explicou aos pequenos como se fai un telexornal e como traballan os xornalistas.



Así mesmo, no mes de maio, e tamén para celebrar o Día da Prensa, fíxose un vídeo especial sobre a CRTVG e os detalles da produción dos programas e informativos para os cativos doentes que conforman a aula hospitalaria do CHUS, o Hospital Clínico Universitario de Santiago.

A finais de ano, a CRTVG volveu participar na presentación da xira de Nadal dos coñecidos personaxes infantís Os Bolechas, habituais da programación de debuxos na G2. A Corporación apoia cada ano esta acción, dirixida aos máis pequenos, en que o ocio en galego é o protagonista. A xira está impulsada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, Gadisa e Editorial Bolanda, xunto coa TVG.

Tamén en decembro, a CRTVG fixo unha doazón, a través da Consellería de Política Social, dos libros que se reciben ao longo do ano na redacción de Cultura dos medios públicos e que foron remitidos a residencias de persoas maiores de Galicia.

Media partner e #FluxosG

No 2021, o regreso parcial da actividade social e cultural fixo posible que se retomara a edición de eventos que foron apoiados pola CRTVG a través da fórmula de 'medio amigo', 'medio colaborador' ou 'media partner', para axudar á difusión da cultura galega. Deste xeito, os medios públicos galegos dan cobertura especial aos eventos e festivais de cine, música e teatro de Galicia, ademais de colaborar co tecido social e oenegués con presenza en Galicia.

A finais de novembro, a Corporación volveu apoiar, como fixo desde os seus inicios (incluído o ano 2020, no máis duro da pandemia) o Culturgal, a Feira das Industrias Culturais de Galicia, que se celebrou en 2021 xa de novo en formato presencial. Baixo o lema 'A cultura que toca', o evento contou ademais cunha ampla cobertura dos medios públicos galegos que desprazaron ata Pontevedra o 'Diario cultural' da Radio Galega. Á marxe da cobertura do "ZigZag" e os informativos, a web corporativa da CRTVG a través dos #FluxosG emitiu en directo gran parte dos contidos da feira. No stand da CRTVG, a TVG instalou un estudio virtual que invitaba os visitantes a converterse por uns minutos en presentadores nun decorado característico dun informativo da TVG, nunha acción que conta sempre con moi boa acollida entre o público da feira.

A través dos #FluxosG, un proxecto de emisión en *streaming* de eventos nados durante a pandemia, a CRTVG conseguiu ampliar a súa cobertura de promoción e apoio ao sector cultural.

E así, no ano 2021, a Corporación retransmitiu a través das súas canles dixitais e coa máxima calidade eventos culturais e sociais como:

- O mencionado Culturgal, a Feira das Industrias Culturais de Galicia desde Pontevedra



- Concertos da Real Filharmonía de Galicia
- Concertos da Orquestra Sinfónica de Galicia
- O Concerto das Letras Galegas, do Consello da Cultura Galega
- A gala dos Premios da Comunicación e o Marketing de Galicia

Outros eventos e proxectos apoiados polos medios públicos no 2021 foron (S8), a Mostra Internacional de Cinema Periférico de Coruña, o Carballo Interplay ou o festival Novos Cinemas, o Festival Internacional de Cinema de Pontevedra.

Ademais, a Radio Galega participou o 26 de decembro nunha nova edición, a novena, de 'A Radio Conta', unha iniciativa solidaria e conxunta das emisoras da Coruña. Este certame radiofónico, único en Europa, é a suma do esforzo colectivo, solidario e altruísta das emisoras de Radio Galega, que achega a cobertura técnica, Radio Nacional de España, Radio Coruña-Cadena Ser, Radio Voz, Radio Marca, Onda Cero, Cope e Intercoruña Radio. O proxecto, creado no ano 2013, busca axudar e visibilizar as entidades sociais e reivindicar o traballo das radios e emisoras de carácter local. Nesta ocasión, o núcleo do programa, que implica máis de 30 xornalistas durante as tres horas de directo, foi o tratamento da saúde mental, colaborando desta volta coa Asociación Pro Enfermos Mentais da Coruña (APEM).

Traballadores e caras coñecidas da CRTVG participaron no proxecto "Aprende a cociñar na Coruña", convidados por Cáritas e a favor da Cociña Económica da cidade herculina. Unha acción que derivou en vídeos de YouTube de media hora de duración, a creación dun libro de receitas económicas e nun concerto solidario no Coliseo da Coruña.

10.7 Premios e recoñecementos á CRTVG

Entre os principais recoñecementos acadados polos contidos da CRTVG pódese sinalar en 2021 que, na gala dos **Premios Goya 2021**, dúas longametraxes participadas pola TVG lograron seis galardóns para o audiovisual galego: premio Goya á mellor película de animación para 'A galiña Turuleca' e 5 premios para a longametraxe 'Akelarre' nos apartados de Vestiario, Maquillaxe e Perruquería e Efectos Especiais, Dirección Artística e Música orixinal.

Ademais, estas dúas producións foron tamén recoñecidas cos galardóns á Mellor música orixinal e á Mellor película de animación, respectivamente, nos 'Premios Platino' de Cine Iberoamericano.

Segundo no plano internacional, a CRTVG tamén resultou gañadora nos premios Celtic Media Festival 2021, onde foron distinguidas co Torque a serie da Televisión de Galicia 'Auga seca' e a película 'A illa das mentiras', participada pola corporación pública, nas categorías de mellor serie e mellor película, respectivamente, competindo coa canle de Gales S4C e da BBC Escocia no primeiro caso, e coa BBC e a canle France TV no segundo.



A Radio Galega foi finalista nestes prestixiosos premios, competindo coas radios BBC de Reino Unido e RTÉ de Irlanda, nas categorías de mellor magazine - Radio Magazine Show- polo programa 'Pensando en ti' e o documental -Radio Documentary- co programa 'Convivir deportivo'.

En Galicia, nos XIX Premios Mestre Mateo, a TVG estivo presente en 58 candidaturas finalistas e obtivo 18 galardóns en producións ou participacións da televisión pública galega. As grandes triunfadoras foron a longametraxe 'Ons', que acadou nove premios, entre eles o de mellor longametraxe, e a longametraxe 'A illa das mentiras', que obtivo 5 galardóns, entre eles o de mellor dirección.

Outros premios foron para 'Nación', que logrou o premio de mellor documental, o de Mellor Comunicador ao presentador do programa 'Quen anda aí?', e o de Mellor Realización polo programa 'Cos pés na terra'.

A estes premios hai que sumar, entre outros, toda unha lista de novos recoñecementos para os profesionais e para os contidos da CRTVG:

- Premio Alegría de vivir para o presentador Xosé Manuel Piñeiro, que foi distinguido na categoría de Entretenemento e cultura, destacando o seu espírito optimista e bo facer profesional.
- As producións 'Entre pastores e lobos' e 'A poeta analfabeta', que recibiron o Premio do Público e o Premio CREA nos Premios MICE, respectivamente.
- Accésit do Premio de Xornalismo Científico Celia Brañas, concedido pola Real academia Galega de Ciencias (RAGC) ao xornalista de TVG Manuel Cruz pola peza xornalística 'Investigación fronte á praga da rata toupa', emitida no programa 'Labranza'.
- O Premio Ciencia en Acción na modalidade de divulgación científica foi outorgado ao programa 'Coma un allo' da TVG.
- O Premio Rebulir da Cultura Galega foi concedido ao espazo da TVG 'Xabarán Club' na categoría de Artes Escénicas.
- A CRTVG foi premiada pola Asociación do Día de Galicia en Asturias pola súa traxectoria, profesionalidade informativa e a súa excelente promoción da cultura.
- En decembro, a Federación Galega de Atletismo celebrou o 17 de decembro a gala conmemorativa do seu centenario, na que premiou o equipo de deportes da Radio Galega polo seu labor informativo e as retransmisións desenvolvidas durante o ano, nas categorías absolutas e nas de fomento da base.



Ademais, no 2021, **#DígochoEu** recibiu:

- Premio Paraugas de Comunicación e Marketing 2020, na categoría de Mellor Execución de Idea.
- Premio Mil Primaveras da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, na categoría de Mellor Comunicación e Impacto.
- Premio da Cultura Galega, galardón co que a Xunta de Galicia recoñece a excelencia creativa, a capacidade de intercambio, a experimentación e a proxección da construción cultural de Galicia. Entrégase o 7 de maio 2022.

Por último, e como xa foi mencionado neste informe, a Corporación acadou neste 2021 e por terceiro ano consecutivo, o Indicador como “Empresa Igual en Xénero 2021” do Informe Ardán, distintivo que en 2021 só acadaron o 5% das 30.000 empresas analizadas.



11. O CONTROL SOBRE A CORPORACIÓN RTVG

11.1 Consello de Administración da Corporación RTVG

É un dos órganos da empresa. Componse de sete membros (un deles a persoa titular da Dirección Xeral da Corporación RTVG) e correspóndelle a administración e o control da Corporación RTVG.

11.1.1 Competencias e funcións do Consello de Administración da CRTVG

Establécense nos artigos:

- 19.1.2., 36.3, 39.1.b) e 45.2 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
- 5.2, 16, 31 (segundo parágrafo), 32 (segundo parágrafo), 36.1 e 40.2 dos estatutos da Corporación RTVG.
- 18 e 34.2 do mandato marco.

As dúbidas que no transcurso da actividade da sociedade poidan xurdir en relación coa atribución dunha competencia ao Consello de Administración ou á persoa titular da Dirección Xeral da Corporación RTVG resolveranse sempre a prol desta última.

11.1.2 Elección e nomeamento das e dos membros do Consello de Administración da Corporación RTVG

- No Pleno do 03.08.2015, o Parlamento de Galicia elixiu como membros do Consello de Administración da Corporación RTVG a: Xosé Antón García Ferreiro, Luis Isidro de la Matta Cantó, Higinio Mejjide Gómez, Ana Isabel Peón Piñeiro, Beatriz Soler Vázquez-Guillén e Leticia Vilar Pumares. Acadaron a maioría de $\frac{2}{3}$ que se determina nos artigos 14.1 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.1 dos estatutos da empresa. O seu nomeamento por parte da xunta xeral de accionistas realizouse mediante acta de decisións do 31.12.2015, que asinou a secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia (de acordo co que se preceptúa nos artigos 14.4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.4 dos estatutos da empresa). Cumpriuse o establecido no artigo 14.2 dos estatutos da Corporación RTVG.

A aceptación do cargo por cada unha das persoas anteriormente mencionadas produciuse no pleno ordinario do 04.01.2016. Os acordos que se adoptaron nese pleno ordinario eleváronse a escritura pública que se outorgou perante José Manuel Amigo Vázquez, notario de Santiago de Compostela, o 07.01.2017 (núm. 4 do seu protocolo) e que se inscribiu no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela (tomo 212, libro 0, folio 205, folla SC-4608, inscrición 45 do



10.02.2016).

Por escrito do 15.05.2021 (registro de entrada núm. 11 do 28.05.2021, a conselleira Beatriz Soler Vázquez-Guillén renunciou ao cargo con efectos do 01.06.2021. A súa renuncia inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela no tomo 212, libro 0, folio 210, folla SC-4608, inscrición 65 do 07.07.2021.

- O 16.07.2021, o socio único da Corporación RTVG, a Administración xeral da CAG, representada polo secretario xeral técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública, exercendo as competencias que lle corresponden en función do que se especifica no artigo 15 da Lei de sociedades de capital:

En virtude do que se dispón nos artigos 17.1.a) da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 15.1.a) dos estatutos da sociedade, destituíu, con efectos do 21.07.2021, a Xosé Antón García Ferreiro e a Leticia Vilar Pumares. A súa destitución produciuse pola expiración do prazo do seu mandato.

Renovou o mandato de Luis I. de la Matta Cantó, Higinio Meijide Gómez e Ana I. Peón Piñeiro, ao abeiro do que se determina nos artigos 16.2 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 14.1 dos estatutos da sociedade.

- No Pleno do 13.07.2021, o Parlamento de Galicia elixiu como membros do Consello de Administración da Corporación RTVG a: Alfonso Cabaleiro Durán, Luis Isidro de la Matta Cantó, Higinio Meijide Gómez, Ana Isabel Peón Piñeiro, María Carmen Vidal Lage e Irene Viña Bravo. Acadaron a maioría de $\frac{2}{3}$ que se determina nos artigos 14.1 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.1 dos estatutos da empresa. O seu nomeamento por parte da xunta xeral de accionistas realizouse mediante acta de decisións do 16.07.2021, que asinou o secretario xeral técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia (de acordo co que se preceptúa nos artigos 14.4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.4 dos estatutos da empresa). Cumpriuse o establecido no artigo 14.2 dos estatutos da Corporación RTVG.

A aceptación do cargo por cada unha das persoas anteriormente mencionadas produciuse no pleno ordinario do 21.07.2021. Os acordos que se adoptaron nel eleváronse a escritura pública que se outorgou perante José Manuel Amigo Vázquez, notario de Santiago de Compostela, o 24.09.2021 (núm. 1.727 do seu protocolo) e que se inscribiu no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela (tomo 212, libro 0, folio 210, folla SC-4608, inscrición 66 do 15.10.2021; Borne núm. 205 do 25.10.2021).



11.1.3 Mandato

O mandato das persoas membros do Consello de Administración da Corporación RTVG é de cinco anos contados dende o seu nomeamento (renovable por unha soa vez). Esgotado o mandato, continúan no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión dos novos conselleiros e das novas conselleiras (artigos 16 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 14 dos estatutos da empresa).

11.1.4 Réxime das persoas membros do Consello de Administración da Corporación RTVG

As persoas membros do Consello de Administración da Corporación RTVG están vinculadas coa Corporación RTVG por unha relación mercantil, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 9/2011, do 9 de novembro.

11.1.5 Presidencia

A Presidencia é puramente funcional e exerceuse de forma rotatoria por un período de seis meses (excluída a persoa titular da Dirección Xeral da Corporación RTVG). As súas funcións determínanse nos artigos 20 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, 18 do estatutos da sociedade e 16 do Regulamento interno. Quen exerce a Presidencia non ten ningunha función de representación ou de dirección executiva da empresa, correspondéndolle á Dirección Xeral da Corporación RTVG. Ocuparon a Presidencia en 2021:

- García Ferreiro, elixido por unanimidade no pleno ordinario do 30.09.2020. Desempeñou o cargo entre o 30.09.2020 e o 27.04.2021. Nomeamento inscrito o 16.12.2020 no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela. Datos rexistrados: tomo 212, libro 0, folio 209, sección 8, folla SC-4608, inscrición ou anotación 61 (Borme núm. 246 do 24.12.2020).
- De la Matta Cantó, elixido por unanimidade no pleno ordinario do 27.04.2021. Desempeñou o cargo entre o 27.04.2021 e o 25.11.2021. Nomeamento inscrito o 04.06.2021 no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela. Datos rexistrados: tomo 212, libro 0, folio 209, sección 8, folla SC-4608, inscrición ou anotación 62 (Borme núm. 125 do 02.07.2021).
- Meijide Gómez, elixido por unanimidade no pleno ordinario do 25.11.2021. Desempeñou o cargo entre o 25.11.2021 e o 31.12.2021. Nomeamento inscrito o 24.12.2021 no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela. Datos rexistrados: tomo 212, libro 0, folio 211, sección 8, folla SC-4608, inscrición ou anotación 67 (Borme núm. 1 do 03.01.2022).



11.1.6 Secretaría

O Consello de Administración da Corporación RTVG nomeou a María García de la Concha Álvarez secretaria non conselleira. Elixiuna, por maioría, no pleno ordinario do 25.10.2016. Designouna novamente para o cargo, tamén por maioría, nos plenos ordinarios do 21.12.2017, 20.12.2018, 19.12.2019 e 22.12.2020 ata o 31 de decembro de 2018, de 2019, 2020 e 2021, respectivamente. Déuselle cumprimento ao que se establece nos artigos 21 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, 19 dos estatutos da sociedade e 17 do Regulamento interno, artigos nos que, así mesmo, se establecen as súas funcións. O seu nomeamento inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago o 31.01.2017. Datos rexistrais: tomo 212, libro 0, sección 8, folla SC-4.608, inscrición 50 (Borme núm. 27 do 08.02.2017).

11.1.7 Dirección Xeral da Corporación RTVG

Mediante a acta de decisións do 31.12.2015, a secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda (actuando como representante da accionista única da Corporación RTVG, a Administración xeral da CAG) designou a Alfonso Sánchez Izquierdo director xeral da Corporación RTVG. Aplicouse o disposto na disposición transitoria terceira da Lei 9/2011, do 9 de novembro, modificada pola disposición derradeira cuarta da Lei 13/2015, do 24 de febreiro, de medidas fiscais e administrativas. Alfonso Sánchez Izquierdo desenvolve as funcións de administración e de representación da empresa dende as 00:00 h do 01.01.2016 e foi nomeado director xeral da Corporación RTVG na primeira sesión do Consello de Administración da Corporación RTVG (04.01.2016). Presente no acto, aceptou o cargo.

11.2 Funcionamento do Consello de Administración da CRTVG

O Consello de Administración da Corporación RTVG réxese polo establecido na Lei 9/2011, do 9 de novembro, nos estatutos da sociedade e no Regulamento interno (aprobado por unanimidade no pleno ordinario do 19.07.2016).

11.2.1 Relación das 13 sesións plenarias que se realizaron en 2021 (todas elas ordinarias)

• 26 de xaneiro de 2021

Aprobación da acta do pleno ordinario do 22.12.2020

Informes do director xeral da Corporación RTVG

- Covid-19
- Taxa de absentismo



- Ingresos comerciais (exercicio 2020)
- Estratexia dixital da Corporación RTVG. 2020
- Cota de pantalla (exercicio 2020)

Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros e as conselleiras

1. Relación de contratos que se formalizaron con terceiros en 2020 e que non se publicaron no portal de transparencia (formulada no pleno ordinario do 22.12.2020)
2. Alternativas para completar o réxime de financiamento público que recibe a Corporación RTVG (formulada no pleno ordinario do 22.12.2020)
3. Estado das relacións entre a Corporación RTVG e as empresas de dobraxe (formulada no pleno ordinario do 22.12.2020)

Asuntos de trámite

Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, os rogos e as preguntas formuláronse a título individual)

1. Actuacións para coadjuvar na proxección da cultura galega no exterior ao abeiro da celebración do Xacobeo 2021 (contestada no pleno ordinario do 26.02.2020).
2. Deseño e difusión de campañas de concienciación sobre a covid-19, con accións especificamente dirixidas á mocidade (contestada no pleno ordinario do 26.02.2020).
3. Decisión sobre a obra audiovisual de carácter documental de Hernán Zin que se titula 2020 (contestada no mesmo pleno ordinario).
4. Incidente que se produciu o 21.01.2021 no acceso ás instalacións de San Marcos e do que foi protagonista o delegado do Goberno en Galicia (contestada no mesmo pleno ordinario).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

1. Rogo consistente en que se lle impidise o acceso ás instalacións da empresa a calquera persoa allea á organización que se negase a encher e a asinar o documento denominado Control para o acceso á CRTVG.

• [24 de febreiro de 2021](#)

Aprobación da acta do pleno ordinario do 26.01.2020



Informes do director xeral da Corporación RTVG

1 Covid-19

2 Evolución do sector publicitario español no exercicio 2020

3 Ultra alta definición

Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros e as conselleiras

Asuntos de trámite

1 A Dirección Xeral da Corporación RTVG deu conta da constitución da Oficina de Cumprimento que se establece no Modelo de prevención de delitos.

Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, os rogos e as preguntas formuláronse a título individual)

1 En relación coas producións sobre as que a empresa adquiriu determinados dereitos e que se estean primeiramente nas plataformas de ámbito internacional, posibilidade de que o público poida seguir a súa primeira emisión subtitulada en lingua galega (contestada no pleno ordinario do 25.03.2021).

2 Estilo visual da produción Na mente do asasino para documentar os crimes (contestada no pleno ordinario do 25.03.2021).

3 Tratamento informativo que se lle dispensou ao seguintes asuntos: caso Bárcenas, recente desencontro entre líderes do Partido Popular, polémica entre o presidente de Galicia e a presidenta da Comunidade Autónoma de Madrid, condena que se lle impuxo ao presidente da Real Federación Galega de Fútbol por parte do Xulgado do Penal núm. 3 de Pontevedra e polémicas polas vacinacións da conselleira delegada de Geriavi, S.A. e da alcaldesa de Boimorto (contestada no pleno ordinario do 25.03.2021).

4 Pedimento para que se incrementasen os recursos humanos e técnicos dos servizos de Extensión Audiovisual e de Innovación no Entorno Dixital (contestada no pleno ordinario do 25.03.2021).

5 Parabéns ao equipo do proxecto '#DígochoEu', recoñecido na V edición dos Premios Paraugas (creados polo Clúster da Comunicación de Galicia), categoría Mellor Execución de Idea (contestada no mesmo pleno ordinario).

· **25 de marzo de 2021**

Aprobación da acta do pleno ordinario do 24.02.2021



Formulación das contas anuais correspondentes ao exercicio 2020 (artigo 253.1 do Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital)

Formuláronse as contas anuais da Corporación RTVG correspondentes ao exercicio 2020 (comprendidas do balance, das contas de perdas e ganancias, dos estados de cambios no patrimonio neto, dos estados de fluxos de efectivo e da memoria), o informe de xestión (incluído o estado de información non financeira) e a proposta de aplicación do resultado. Os anteditos documentos asináronse por todos os conselleiros e por todas as conselleiras antes da súa elevación á Xunta Xeral para a súa aprobación.

Nomeamento polo Consello de Administración da Corporación RTVG de persoal directivo designado pola Dirección Xeral da Corporación RTVG

A Dirección Xeral da Corporación RTVG notificou o nomeamento do subdirector do Departamento de Medios (Área de Soporte Tecnolóxico e Medios). O Consello de Administración da Corporación RTVG deulle cumprimento ao que se dispón no artigo 19.1.b) da Lei 9/2011, do 9 de novembro.

Informes do director xeral da Corporación RTVG

- 1 Resolucións xudiciais
- 2 Oferta en liña das radios públicas autonómicas

Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros e as conselleiras

- 1 Condicións baixo as que profesionais da sección de deportes da TVG participan en campañas publicitarias (formulada no pleno ordinario do 22.12.2020).
- 2 Previsións para dotar as unidades móbiles do equipamento que lles permita emitir en alta definición (formulada no pleno ordinario do 22.12.2020).
- 3 Razóns polas que a entrevista concedida por un ex-alcalde coruñés á Radio Galega (que se emitiu o 05.12.2020 no espazo 'Galicia por diante fin de semana' se lle realizou en idioma castelán (formulada no pleno ordinario do 22.12.2020).
- 4 Motivos da extensión da entrevista que ofreceu o presidente da Xunta de Galicia e que se emitiu o 13.12.2020 no programa da Radio Galega 'Galicia por diante fin de semana' (formulada no pleno ordinario do 22.12.2020).
- 5 Dependencia laboral dos correspondentes que realizan crónicas para a TVG dende Roma e O Reino Unido e actuacións para corrixir os constantes problemas nos son que se aprecian nesas intervencións (formulada no pleno ordinario do 22.12.2020).



6Parabéns do conselleiro García Ferreiro e da conselleira Vilar Pumares aos profesionais da Radio Galega galardoados na XX edición do Premio Periodístico Albarello, outorgado polo Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña, por unha reportaxe sobre a problemática dos desabastecementos sanitarios que se incluíu no espazo da canle denominado Panorama. Lamentaron que ningún espazo informativo da Corporación RTVG se fixese eco da concesión do antedito recoñecemento (formulada no pleno ordinario do 22.12.2020).

7Aínda que fose a posteriori, solicitude de información completa sobre as persoas convidadas, colaboradoras e entrevistadas que toman parte nos diferentes programas da Radio Galega e da TVG, incluídas as que interveñen dende fóra dos estudos de gravación (formulada no pleno ordinario do 22.12.2020).

Asuntos de trámite

Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, os rogos e as preguntas formuláronse a título individual)

1Ao abeiro do que se especificou no EINF correspondente ao exercicio 2020, actuacións que se proxectaron para corrixir a desigualdade salarial en función do xénero. En relación co anterior, previsións no que atinxe á aprobación do plan de igualdade (contestada no pleno ordinario do 27.04.2021).

2Decisión da Corporación RTVG sobre a súa posible adhesión ao Pacto dixital para a protección das persoas da Axencia Española de Protección de Datos (contestada no pleno ordinario do 27.04.2021).

3Determinación da Área de Información e Documentación coas denominadas personalizacións, que se empregan como falsos directos (contestada no pleno ordinario do 27.04.2021).

4Disposicións para evitar a duplicidade de asignación de recursos humanos e técnicos á hora de facer determinadas coberturas por parte das e dos responsables dos programas informativos da TVG Telexornal mediodía e Galicia noticias (contestada no pleno ordinario do 27.04.2021).

5Razóns polas que se cancelou o proxecto de obra audiovisual baseada na vida de Amancio Ortega Gaona e no grupo de empresas do que é accionista maioritario (contestada no pleno ordinario do 27.04.2021).

6Evolución das negociacións sobre a pretendida oferta de emprego público (contestada no pleno ordinario do 27.04.2021).

7Consideracións arredor do Modelo de prevención de delitos (contestada no pleno ordinario do 27.04.2021).



8 Observancia por parte da Radio Galega e da TVG dos principios establecidos no artigo 4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e parecer da dirección sobre a entrevista que unha parlamentaria do Partido Popular lle concedeu a TVG e que se emitiu no `Bos días` do 22.03.2021 (contestada no pleno ordinario do 27.04.2021).

9 Contido da sentenza que ditou o 09.03.2021 a Sala do Social do Tribunal Supremo no recurso de casación núm. 73/2019, que derivou da sentenza núm. 278/2021 (contestada no pleno ordinario do 27.04.2021).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

1 Parabéns unánimes dirixidos a todo o equipo de `#DígochoEu` polo recoñecemento do que foi obxecto pola Coordinadora de Traballadores e Traballadoras pola Normalización Lingüística (CTNL) na segunda edición dos Premios Mil Primaveras (categoría de Mellor Comunicación e Impacto).

2 Utilización dos xornais dixitais como fontes das redaccións da TVG e da Radio Galega.

· [27 de abril de 2021](#)

Aprobación da acta do pleno ordinario do 25.03.2021

Elección do presidente ou da presidenta do Consello de Administración da Corporación RTVG

Elixido, por unanimidade, Luis I. de la Matta Cantó.

Destitución e formalización do cesamento de persoal directivo da Corporación RTVG. Nomeamento polo Consello de Administración da Corporación RTVG de persoal directivo designado pola Dirección Xeral da Corporación RTVG

· Área de Xestión Corporativa

Destitución, a petición propia (por xubilación), do director do Departamento Económico e de Contabilidade.

Destitución do xefe do Servizo de Coordinación e Control e designación como director do Departamento Económico e de Contabilidade.

Destitución da xefa do Servizo de Formación e Xestión de Persoal e designación como xefa do Servizo de Coordinación e Control da Xestión.

Designación da xefa do Servizo de Formación e Xestión de Persoal.



- Amortización do Servizo Comercial e de Márketing da Área de Innovación e Negocio e creación do Servizo de Xestión na Área de Contidos.
- Área de Contidos: creación dun novo servizo, que depende directamente da Dirección da Área de Contidos, denominado Servizo de Xestión. Designación do xefe do Servizo de Xestión e destitución do xefe do Servizo Comercial e de Márketing.
- Área de Soporte Tecnolóxico e Medios: destitución do director do Departamento de Enxeñería e Sistemas.

O Consello de Administración da Corporación RTVG deulle cumprimento ao que se establece no artigo 19.1.b) da Lei 9/2011, do 9 de novembro.

Informes do director xeral da Corporación RTVG

- 1Primeira onda do EXM de 2021
- 2Evolución dos ingresos comerciais no primeiro trimestre de 2021
- 3Programa Land Rober Tunai Show do 08.04.2021 (núm. 232)

Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros e as conselleiras

Asuntos de trámite

Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, os rogos e as preguntas formuláronse a título individual)

- 1Demanda que interpuxo un traballador da Corporación RTVG ante os xulgados do social de Santiago de Compostela na que denuncia que foi vítima de acoso, discriminación e LGTBIfobia (contestada no pleno ordinario do 21.05.2021).
- 2Razóns polas que nos últimos tempos a CRTVG recorreu máis do que era habitual a produtoras radicadas en Madrid e Barcelona para determinados programas e solicitude da relación de empresas do sector audiovisual de fóra de Galicia que realizaron traballos para a Corporación RTVG, con expresión dos cometidos que se lle contrataron e dos importes que se lles aboaron polos anteditos servizos (contestada no pleno ordinario do 21.05.2021).
- 3Situación de Produtora Faro, S.A. e repercusións na oferta futura da TVG en función das negociacións que se puideron establecer coa devandita empresa para a materialización de proxectos (contestada no pleno ordinario do 21.05.2021).
- 4Causas polas que na emisión de 'Bamboleo' se inclúen redifusións de contidos da mesma produción (contestada no pleno ordinario do 21.05.2021).



5 Apelación para que as partes que negocian a pretendida oferta de emprego público realicen os máximos esforzos para acelerar o proceso (contestada no pleno ordinario do 21.05.2021).

6 Criterios que seguiu a TVG para dar conta dos seguintes asuntos (Telexornal mediodía do 23.04.2021): as ameazas de morte anónimas que recibiron o candidato de Unidas Podemos (Podemos-IU) á Presidencia da Comunidade Autónoma de Madrid, o ministro do Interior e a directora xeral da Garda Civil, e o acontecido no debate que organizou a Cadena Ser e no que tomaron parte candidatos e candidatas á Presidencia da Comunidade Autónoma de Madrid (contestada no pleno ordinario do 21.05.2021).

7 Revisión da nova que se incluíu no Telexornal mediodía do 23.04.2021 e que se titulou O alcalde de Vigo xa anunciou o programa para o próximo Nadal e hai impresións para todos os gustos (contestada no pleno ordinario do 21.05.2021).

8 Motivos polos que non se informou na TVG da adxudicación do XVII Premio José Couso de Liberdade de Prensa, outorgado a Manuel Rico Prada (contestada no pleno ordinario do 21.05.2021).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

1 No que atinxe á salvagarda de dereitos que establece a Corporación RTVG en relación coa versión galega das producións que se inclúen nas plataformas dixitais de ámbito internacional, indicouse que Netflix, Inc. anunciara que o 30.04.2021 ía ofrecer por vez primeira unha longametraxe dobrada ao catalán (La familia Mitchell contra les màquines)

· 21 de maio de 2021

Aprobación da acta do pleno ordinario do 27.04.2021

Nomeamento polo Consello de Administración da Corporación RTVG de persoal directivo designado pola Dirección Xeral da Corporación RTVG

- Designación do director do Departamento Técnico e de Sistemas (Área de Soporte Tecnolóxico e Medios).
- Destitución do xefe de Proxecto (Área de Xestión Corporativa).
- Designación do xefe do Servizo de Coordinación e Apoio Xurídico (Área de Xestión Corporativa).

Modificacións que se produciron na estrutura directiva da Corporación RTVG ao



fío das anteditas notificacións e das que se realizaron no pleno ordinario do 27.04.2021:

· Estrutura e funcións

Na Área de Xestión Corporativa, o Departamento de Asesoría Xurídica ampliou as súas funcións para incluír a coordinación dos mecanismos activos de control de cumprimento de disposicións legais que se incorporaron ao funcionamento corporativo.

A Subdirección do Departamento de Contratación, Patrimonio e Servizos Comúns incorporou o Servizo de Instalacións, que ata ese momento dependía da Área de Soporte Tecnolóxico e Medios (estribando directamente dela).

Con implicacións funcionais, reorganizouse o Departamento de Recursos Humanos:

- Suprimíuse a Xerencia de Proxecto e as súas funcións encomendáronse a un novo servizo, denominado Servizo de Coordinación e Apoio Xurídico, que inclúe entre as súas funcións a de soporte directo á Dirección do Departamento de Recursos Humanos como dirección asociada.
- O Servizo de Seguridade Laboral e Relacións Laborais, sen modificación da súa denominación, ampliou as súas funcións para incluír a promoción de formas de traballo en colaboración e a ordenación do traballo a distancia.

Área de Xestión Corporativa: como se informou no pleno ordinario do 27.04.2021, creouse un novo servizo, que depende directamente da Dirección Xerencia da Área de Xestión Corporativa. Denomínase Servizo de Xestión e atende o soporte administrativo e de xestión da antedita área no seu conxunto.

Área de Soporte Tecnolóxico e Medios: transferíuse o Servizo de Instalacións á Área de Xestión Corporativa.

Área de Innovación e Negocio: como se notificou no pleno ordinario do 27.04.2021, suprimíuse o Servizo Comercial e de Márketing. As súas funcións asumíunas a Dirección da Área de Innovación e Negocio.

· Mudanzas nas denominacións:

O servizo de Responsabilidade Social e Asesoramento Lingüístico (Departamento de Proxección Social) -sen modificación ningunha de funcións- pasou a denominarse en diante Servizo de Comunicación Corporativa e Responsabilidade Social.

O Departamento de Enxeñería e Sistemas da Área de Soporte Tecnolóxico e Medios -sen modificación ningunha de funcións- pasou a denominarse en diante Departamento Técnico e de Sistemas.



O Consello de Administración da Corporación RTVG deulle cumprimento ao que se establece no artigo 19.1.b) da Lei 9/2011, do 9 de novembro.

Informes do director xeral da Corporación RTVG

1 Proposición non de lei que aprobou o Pleno do Parlamento de Galicia o 12.05.2021

Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros e as conselleiras

Asuntos de trámite

Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, os rogos e as preguntas formuláronse a título individual)

- 1 Parecer da dirección sobre o suposto tratamento frívolo da violencia machista no programa da TVG 'Quen anda aí?' do 28.04.2021 (contestada no pleno ordinario do 30.06.2021).
- 2 Decisión da dirección en relación co comunicado que a Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) lle dirixiu o 21.04.2021, no que lle expresou a necesidade de garantir a perspectiva de xénero nos medios públicos de comunicación galegos e lle ofreceu a súa colaboración neste eido (contestada no pleno ordinario do 30.06.2021).
- 3 Litixios en fase de tramitación e nos que recaera sentenza recentemente (contestada no pleno ordinario do 30.06.2021).
- 4 Trámites que se seguiron en relación coa comunicación que un particular lle dirixiu á dirección da empresa e aos e ás membros do Consello de Administración da Corporación RTVG e no que denunciou o tratamento informativo que se lle outorgou pola Corporación RTVG a un problema de accesibilidade a espazos públicos na Coruña (contestada no pleno ordinario do 30.06.2021).
- 5 Subscricións das redaccións da TVG e da Radio Galega a diarios dixitais (contestada no pleno ordinario do 30.06.2021).
- 6 Solicitud de información sobre o fallo crítico que se produciu no sistema de produción dixital e que orixinou a perda de material gravado (contestada no pleno ordinario do 30.06.2021).
- 7 Indemnizacións que percibiron os membros do equipo directivo recentemente destituídos (contestada no pleno ordinario do 30.06.2021).



- 8 Tratamento informativo que se lle dispensa á Deputación Provincial de Ourense e razóns polas que non se informou sobre os seguintes asuntos: a condena que se lle impuxo á secretaria-interventora do Concello de Barreiros por un delito de suborno por parte da Audiencia Provincial de Lugo e o estudo da Real Academia Galega do que se tira que o 35% do alumnado castelanfalante termina a ESO con escasa competencia en galego (contestada no pleno ordinario do 30.06.2021).
- 9 Motivos polos que a TVG non informou sobre o proceso que se seguía no Tribunal Superior de Xustiza de Madrid contra Rocío Monasterio San Martín pola suposta comisión dun delito de falsidade documental (falsificación dun visado do Colexio de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Madrid) (contestada no pleno ordinario do 30.06.2021).
- 10 Crítica referida á información que difundiu a TVG vinculada coa situación que provocou a covid-19 nas residencias de maiores e a atención que recibiu por parte da canle a actividade que despregou a Federación REDE, Familiares e Usuarías de Residencias e Dependencia (contestada no pleno ordinario do 30.06.2021).
- 11 Comunicación anticipada aos e ás membros deste órgano de todas as entrevistas que se realizan no espazo 'Bos días' (contestada no pleno ordinario do 30.06.2021).
- 12 Grao de desenvolvemento da OTT (contestada no pleno ordinario do 30.06.2021).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Incorporación das denominadas enquisas na rúa en determinadas informacións.
- 2 Proposición non de lei que o Pleno do Parlamento de Galicia aprobou o 12.05.2021 (incremento da oferta de programación da Corporación RTVG dirixida ao público infantil e xuvenil).
- 3 Omisión das declaracións que realizou Núñez Feijóo en Radio Euskadi o 19.05.2021 sobre o PP.
- 4 Desexáronselles os maiores éxitos a todas as persoas que se designaron e nomearon para formar parte da estrutura directiva da empresa nos plenos ordinarios do 27.04.2021 e do 21.05.2021, especialmente ao director do Departamento Técnico e de Sistemas polas peculiaridades do cargo.



30 de xuño de 2021

Aprobación da acta do pleno ordinario do 21.05.2021

Aprobación, se procede, do informe anual sobre a xestión da Corporación RTVG e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída (exercicio 2020)

Aprobado por maioría.

Aprobación, se procede, do plan anual de actividades e dos anteproxectos de orzamentos da Corporación RTVG para 2022

Aprobados por maioría.

Aprobación, se procede, da composición das comisións de Igualdade e Responsabilidade Social Corporativa, de Recursos Humanos e de Renovación Tecnolóxica e Novas Canles

Aprobada por unanimidade.

Informes do director xeral da Corporación RTVG

1 Cota de pantalla da TVG entre o 11.09.2020 e o 27.06.2021

2 O manifesto dos medios de comunicación de servizo público e o servizo público de internet

Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros e as conselleiras

Asuntos de trámite

1 En virtude do que se determinou no expediente denominado Aplicación do artigo 18.seis da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, en relación cos postos de nivel retributivo 1 e 2 da Corporación RTVG, tendo en conta o certificado que emitiu a Dirección do Departamento de Recursos Humanos, coa finalidade de darlle cumprimento á dita disposición legal, notificouse que a Dirección Xeral da Corporación RTVG, ao amparo do artigo 18.seis da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, no exercicio das funcións de administración e representación que posúe, adoptou a resolución seguinte:

Darlle efectividade ao contido do artigo 18.seis da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2021, no senso de que os postos directivos clasificados como niveis 1 e 2 non experimentaron incremento ningún no exercicio 2021 en relación coas



retribucións que se regulan no Decreto 119/2012, do 3 de maio, vixentes ao 31.12.2020.

Polo tanto, os postos directivos -niveis 1 e 2- afectados son os que se citan a continuación: director xeral, director xerente da Área de Xestión Corporativa e directora -de división- da Área de Soporte Tecnolóxico e Medios.

Rogos e preguntas

Realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Lamentouse o feito de que conclúise o mandato do Consello de Administración da Corporación RTVG sen que se aprobase o estatuto profesional.
- 2 Efectuouse un resumo do traballo que desenvolveu o Consello de Administración da Corporación RTVG dende o 04.01.2016.
- 3 Realizouse unha apelación para que as relacións laborais se leven a cabo nun clima normalizado, facendo así posible a pretendida oferta de emprego público.
- 4 Demandouse a aplicación dunha política decidida da mellora do idioma galego na organización, tanto nas emisións coma nos centros de traballo.
- 5 Aludíuse á implicación do persoal no proceso de dixitalización a través da preceptiva negociación.
- 6 Urxiuse a aprobación do Plan de Igualdade.
- 7 Reclamouse que todo o persoal puidese acceder aos datos que proporcionan Kantar Media, S.A. e a AIMC, ou polo menos o conxunto de profesionais que dirixen e editan espazos informativos ou programas.
- 8 Solicitouse a reformulación da vinculación co sector galego do audiovisual.
- 9 Instouse á normalización dos lazos coa Universidade de Santiago de Compostela e co Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG).
- 10 Pedíuse a creación da figura do defensor ou da defensora da audiencia.
- 11 Dende a diferenza, agradecéronse as boas formas que predominaron nas relacións de traballo no Consello de Administración da Corporación RTVG.
- 12 Desexáronselles os maiores éxitos aos e ás integrantes do próximo Consello de Administración da Corporación RTVG.
- 13 Fíxose un recoñecemento do espírito construtivo que imperou no seo da Comisión de Regulamento e Réxime Interior e realizouse un recordatorio sobre



o traballo pendente en relación co borrador do estatuto profesional.

14 A Dirección Xeral da Corporación RTVG agradeceu o labor de todas e de todos os membros do Consello de Administración da Corporación RTVG, mesmo nos momentos nos que se produciron maiores discrepancias. Subliñou que todo o traballo que se levou a cabo neste órgano se desenvolveu nunha contorna respectuosa, comprensiva e cordial. Estimou que as consideracións que se lle realizaron á dirección foron un acicate extraordinario á hora de revisar determinadas liñas de acción.

· **21 de xullo de 2021**

Aprobación da acta do pleno ordinario do 30.06.2021

Aceptación do seu nomeamento por parte das e dos membros do Consello de Administración da Corporación RTVG

Delegación de facultades para a elevación dos acordos que se adoptaron a públicos

· **27 de xullo de 2021**

Aprobación, se procede, da modificación do artigo 18.5 do Regulamento interno do Consello de Administración da Corporación RTVG

Por unanimidade, ao abeiro do que se establece no artigo 3.1 do Regulamento interno do Consello de Administración da Corporación RTVG, modificouse o seu artigo 18.5, que quedou redactado do seguinte teor literal:

Para os anteriores efectos, as comisións de carácter permanente son as seguintes:

- a) Comisión de Economía e Control
- b) Comisión de Igualdade
- c) Comisión de Programación
- d) Comisión de Recursos Humanos
- e) Comisión de Regulamento e Réxime Interior
- f) Comisión de Responsabilidade Social Corporativa

Aprobación, se procede, da composición das comisións de participación, asesoramento ou de control interno do Consello de Administración da Corporación RTVG

Aprobada por unanimidade.

Aprobación, se procede, da modificación do cadro de persoal da Corporación RTVG



Aprobada por maioría.

Destitución e formalización do cesamento de persoal directivo da Corporación RTVG. Nomeamento polo Consello de Administración da Corporación RTVG de persoal directivo designado pola Dirección Xeral da Corporación RTVG

Comunicouse a destitución da directora do Departamento de Recursos Humanos.

O Consello de Administración da Corporación RTVG deulle cumprimento ao que se establece no artigo 19.1.b) da Lei 9/2011, do 9 de novembro.

Asuntos de trámite

1A Dirección Xeral da Corporación RTVG notificou a inmediata modificación das denominacións de tres servizos que dependen da Dirección do Departamento de Recursos Humanos e avanzou as súas atribucións.

2O presidente deu conta dos correos electrónicos que a Presidencia do Comité Intercentros da Corporación RTVG enviou á Secretaría, do 22.07.2021 e do 23.07.2021.

3A Dirección Xeral da Corporación RTVG entregou unha fotocopia do convenio de colaboración que subscribiron o 19.07.2021 a Corporación de Radio y Televisión Española, S.A. e a Forta.

Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, os rogos e as preguntas formuláronse a título individual)

1Necesidade de convocar un concurso de traslados (contestada no pleno ordinario do 30.08.2021)

2Cota de pantalla que logrou a TVG coa programación especial que emitiu o 24 e o 25.07.2021 (contestada no mesmo pleno ordinario, dándose conta de determinados problemas que se advertiron na emisión dalgúns contidos).

3Retransmisión en directo da TVG do 23.07.2021 mediante tecnoloxía 5G, converténdose na primeira canle pública española en facelo (contestada no mesmo pleno ordinario).

4Convenio de colaboración que subscribiron o 19.07.2021 a Corporación de Radio y Televisión Española, S.A. e a FORTA (contestada no mesmo pleno ordinario).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

1Estado das relacións laborais na empresa.



2Parabéns dirixidos a todos os efectivos que participaron nos programas especiais que se difundiron os días 24 e 25.07.2021.

· [30 de agosto de 2021](#)

Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 27.07.2021

Destitución e formalización do cesamento de persoal directivo da Corporación RTVG. Nomeamento polo Consello de Administración da Corporación RTVG de persoal directivo designado pola Dirección Xeral da Corporación RTVG

- Designación do director do Departamento de Recursos Humanos (Área de Xestión Corporativa).
- Destitución do xefe do Servizo de Planificación Informativa da Radio Galega (Área de Información e Documentación).
- Supresión do Servizo de Planificación Informativa da Radio Galega (Área de Información e Documentación).
- Creación da Subdirección de Xestión dos Servizos Informativos (Área de Información e Documentación).
- Nomeamento do subdirector de Xestión dos Servizos Informativos (Área de Información e Documentación).

O Consello de Administración da Corporación RTVG deulle cumprimento ao que se establece no artigo 19.1.b) da Lei 9/2011, do 9 de novembro.

Informes do director xeral da Corporación RTVG

1 Situación actual e retos da Corporación RTVG

Contestación a rogos e preguntas que formularon as conselleiras e os conselleiros

Asuntos de trámite

1 Resumo do contido das sentenzas que recaeron, o 15.07.2021 e o 26.07.2021, nas demandas de conflito colectivo números 22/2019 e 3/2021, respectivamente.

Rogos e preguntas

1 Veiros que se estableceron no Consello de Administración da Corporación RTVG para que as súas e os seus integrantes poidan demandar determinada información das diferentes áreas, departamentos e servizos e posibilidade de



arbitrar unha primeira toma de contacto co equipo directivo da organización, incluída unha visita ás dependencias de San Marcos (contestada no mesmo pleno ordinario).

- 24 de setembro de 2021

Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 30.08.2021

Informes do director xeral da Corporación RTVG

- 1 Evolución da cota de pantalla das series de ficción no ámbito galego
- 2 Anteproxecto de lei xeral de comunicación audiovisual

Contestación a rogos e preguntas que formularon as conselleiras e os conselleiros

Asuntos de trámite

Rogos e preguntas

- 1 Listaxes completas de colaboradores e colaboradoras da Radio Galega e da TVG e de participantes nos seus faladoiros (contestada no pleno ordinario do 26.10.2021).
- 2 Referido aos dous últimos anos, relación de produtoras que subministraron contidos para a Corporación RTVG, con indicación da denominación das obras audiovisuais e do importe que se lles aboou por cada unha delas (contestada no pleno ordinario do 26.10.2021).
- 3 Detalle de procedementos xudiciais en todas as ordes nos que foi e é parte a Corporación RTVG e o seu alcance para a empresa en termos económicos (contestada no pleno ordinario do 26.10.2021).
- 4 Relación de contratos de alta dirección na Corporación RTVG (contestada no pleno ordinario do 26.10.2021).
- 5 Estado dos recursos contencioso-administrativos que interpuxeron Atresmedia Corporación de Medios de Comunicación, S.A., Atres Advertising, S.L., Mediaset España Comunicación, S.A. e Publiespaña, S.A. contra a resolución da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) no expediente S/DC/0617/17 (Sección Sexta da Audiencia Nacional, procedementos ordinarios 40/2020 e 45/2020) (contestada no pleno ordinario do 26.10.2021).
- 6 Ao abeiro do anuncio que se fixo no pleno ordinario do 30.08.2021, información sobre a tramitación dos correspondentes expedientes vinculados coa adquisición de tecnoloxía necesaria para que a empresa sexa competitiva na contorna dixital (contestada no pleno ordinario do 26.10.2021).



· [26 de outubro de 2021](#)

Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 24.09.2021

Informes do director xeral da Corporación RTVG

- 1 Estratexia dixital da Radio Galega (2021-2022)
- 2 Tributación do IVE (sentenza do 16.09.2021 da Sala Cuarta do Tribunal de Xustiza da Unión Europea)
- 3 Expedientes A.4.Q/6966/21, T.6.Q/6967/21, R.7.Q/6968/21, P.3.Q/6969/21, Q.3.Q/6970/21, T.6.Q/6971/21, T.6.Q/6972/21, Q.3.Q/6973/21 e S.7.Q/6974/21 da Valedoría do Pobo

Contestación a rogos e preguntas que formularon as conselleiras e os conselleiros

Asuntos de trámite

Rogos e preguntas

- 1 Prazos para a materialización da oferta de emprego público (contestada no mesmo pleno ordinario e completada a resposta no pleno ordinario do 17.12.2021).

· [25 de novembro de 2021](#)

Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 26.10.2021

Elección da presidenta ou do presidente do Consello de Administración da Corporación RTVG

Elixido, por unanimidade, Higinio Meijide Gómez.

Aprobación, se procede, do Plan xeral de actuación da Corporación RTVG para 2022-2023

Aprobado por unanimidade.

Destitución e formalización do cesamento de persoal directivo da Corporación RTVG. Nomeamento polo Consello de Administración da Corporación RTVG de persoal directivo designado pola Dirección Xeral da Corporación RTVG

Comunicouse a destitución da xefa do Servizo de Sistemas de Información de Recursos Humanos e Diálogo Social e a súa substitución.



O Consello de Administración da Corporación RTVG deulle cumprimento ao que se establece nos artigos 19.1.b) da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 16.1.b) dos estatutos da empresa.

Informes do director xeral da Corporación RTVG

- 1 Tributación do IVE
- 2 Plataforma FTA Venezuela
- 3 Múltiple dixital de cobertura autonómica
- 4 Sentenza da Sala do Social do TSXG (núm. 4614/2021)
- 5 Evolución da cota de pantalla da TVG

Contestación a rogos e preguntas que formularon as conselleiras e os conselleiros

Asuntos de trámite

Rogos e preguntas

- 1 Posible existencia de ditames ou informes internos sobre o texto do proxecto de lei para a redución da temporalidade no emprego público (contestada no mesmo pleno ordinario e completada a resposta no pleno ordinario do 17.12.2021).
- 2 Cuantificación do número de efectivos que se poderían ver afectados en función do que se dispón no proxecto de lei para a redución da temporalidade no emprego público (contestada no mesmo pleno ordinario e completada a resposta no pleno ordinario do 17.12.2021).

· 17 de decembro de 2021

Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 25.11.2021

Designación, se procede, de María García de la Concha Álvarez como secretaria non membro do Consello de Administración da Corporación RTVG por un prazo adicional dun ano contado a partir do 01.01.2022

Ao amparo do que se dispón no artigo 21.7 do Regulamento interno do Consello de Administración da Corporación RTVG, a Presidencia tomou a decisión de retirar este apartado da orde do día, á espera de que o Departamento de Asesoría Xurídica emitise un informe sobre o procedemento axeitado para a contratación do devandito servizo.

Destitución e formalización do cesamento de persoal directivo da Corporación RTVG



A Dirección Xeral da Corporación RTVG deu conta dos trámites que se seguiron para notificar a destitución da xefa do Servizo de Sistemas de Información de Recursos Humanos e Diálogo Social e a data na que tomou posesión do mesmo cargo a súa substituta.

Informe sobre a proposta de oferta de emprego público da Corporación RTVG correspondente a 2021

Informes do director xeral da Corporación RTVG

- 1 Covid-19
- 2 Proxecto de lei xeral de comunicación audiovisual
- 3 Evolución dos ingresos comerciais da Corporación RTVG
- 4 Terceira onda do EXM de 2021

Contestación a rogos e preguntas que formularon as conselleiras e os conselleiros

Asuntos de trámite

- 1 Escrito do 10.12.2021 (registro de entrada núm. 32 da mesma data) da conselleira Vidal Lage no que solicitou o posicionamento do pleno sobre a posibilidade de que a aludida puidese compatibilizar os cargos de membro do Consello de Administración da Corporación RTVG e do padroado da Fundación Galiza Sempre.

Rogos e preguntas

- 1 Razóns da destitución da xefa do Servizo de Sistemas de Información de Recursos Humanos e Diálogo Social e solicitude do diagnóstico, instrumento básico para configurar o plan de igualdade.
- 2 Solicitude dunha maior presenza da música galega na Radio Galega Música.
- 3 Pedimento da listaxe dos colaboradores e colaboradoras da Corporación RTVG e dos e das participantes nos seus faladoiros desagregada por programas.
- 4 Criterios que seguiu a Área de Información e Documentación na elaboración dunha peza que se incluíu no Telexornal mediodía do 05.11.2021, a priori centrada na XVII Asemblea Nacional do BNG prevista para o día seguinte, e na que unicamente se puido escoitar a voz do secretario xeral do PPdeG.

Razóns polas que nos seguintes espazos informativos da TVG se omitiron referencias sobre estas cuestións:

- No 'Telexornal mediodía' do 06.12.2021, o acto que organizou en Pontevedra o BNG para conmemorar o 90 aniversario do Partido Galeguista, tendo en



conta que no mesmo espazo do día seguinte se incluíu a nova titulada *Compromiso por Galicia asegura que o Bloque non é o partido galeguista do século XXI, como pretende Ana Pontón.*

- No 'Telexornal mediodía' do 28.11.2021, a manifestación que se realizou no Barco de Valdeorras e que convocou a plataforma sanitaria de Valdeorras para reclamar os servizos que se perderon no hospital comarcal e nos centros de saúde do distrito.

- A concesión dos Premios Xerais 2021.

5Posible repercusión para a Corporación RTVG do que se determinará en relación co catálogo de acontecementos deportivos de interese xeral para a sociedade (contestada no mesmo pleno ordinario).

6Eventualidade de contemplar o establecemento dun punto de acceso ás instalacións exclusivo para os e as membros deste órgano.

Resumo de asuntos que se trataron, tendo en conta o seguinte:

- Contabilízanse exclusivamente os informes que se facilitaron en función dos títulos que se lles atribuíron nas actas das sesións plenarias, é dicir, obviando que algúns deles abrangúan varios asuntos.
- Tampouco se computan as cuestións colaterais xurdidas a partir dos devanditos informes.
- Ademais, respostas a determinadas preguntas cualificáronse como informes en senso estrito.

PLENO	ASUNTOS TRATADOS NO APARTADO INFORMES DO DIRECTOR XERAL DA CORPORACIÓN RTVG	OUTROS INFORMES DA DIRECCIÓN XERAL DA CORPORACIÓN RTVG E DECISIÓNS SOBRE ASUNTOS DIVERSOS	CUESTIÓNS QUE SE ABORDARON NO APARTADO ASUNTOS DE TRÁMITE
26.01.2021	5	0	0
24.02.2021	3	0	1
25.03.2021	2	2	0
27.04.2021	3	2	0
21.05.2021	1	1	0
30.06.2021	2	3	1
21.07.2021	0	2	0
27.07.2021	0	4	3
30.08.2021	1	1	1



24.09.2021	2	0	0
26.10.2021	3	0	0
25.11.2021	5	3	0
17.12.2021	4	3	1
Total	31	21	7

Rogos e preguntas que se dirixiron á Dirección Xeral da Corporación RTVG e que atendeu na mesma sesión plenaria ou noutra posterior, en función dos seguintes factores:

- Non se enumeran as respostas que se ofreceron ao fío das intervencións posteriores dos conselleiros e das conselleiras en relación cos asuntos sobre os que informou a Dirección Xeral da Corporación RTVG en cada sesión plenaria.
- Igualmente, é necesario subliñar que algunhas cuestións concretas que se suscitaron en sesións plenarias foron respondidas e/ou completadas por representantes da Dirección Xeral da Corporación RTVG en xuntanzas das comisións de participación, así como que determinados rogos e preguntas que se efectuaron nun pleno concreto atendéronse na mesma reunión por parte da Dirección Xeral da Corporación RTVG, efectuando esta última precisións ou completando as súas respostas na sesión plenaria inmediatamente posterior.

PLENO	FORMULADOS	ATENDIDOS NO MESMO PLENO	ROGOS E PREGUNTAS ATENDIDOS DE ANTERIORES PLENOS	OUTROS ROGOS OU CONSIDERACIÓN S
26.01.2021	4	2	3	1
24.02.2021	5	1	2	0
25.03.2021	9	0	11	2
27.04.2021	8	0	9	1
21.05.2021	12	0	8	4
30.06.2021	0	0	12	14
21.07.2021	0	0	0	0
27.07.2021	4	3	0	2
30.08.2021	1	1	1	0
24.09.2021	6	0	0	0
26.10.2021	1	1	6	0
25.11.2021	2	2	0	0
17.12.2021	6	1	0	0
TOTAL	58	11	52	24



11.2.2 Decisións que adoptou o socio único da Corporación RTVG

Ao abeiro do que se dispón no artigo 15 da Lei de sociedades de capital (Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo), a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (representada polo secretario xeral técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia), na súa condición de socio único da Corporación RTVG, por ser titular do 100% do seu capital social, adoptou as decisións seguintes:

· 20.05.2021

Aprobou as contas anuais, o informe de xestión (que inclúe o estado de información non financeira) e a proposta de aplicación do resultado da Corporación RTVG correspondentes ao exercicio social pechado a 31.12.2020

Aprobou a xestión que desenvolveu o Consello de Administración da Corporación RTVG durante o exercicio social pechado a 31.12.2020.

Facultou expresamente á secretaria non conselleira para que puidese elevar a público as decisións que adoptou o socio único nesa data, habilitándoa, así mesmo, para realizar cantas actuacións fosen necesarias para a validez das devanditas decisións e a súa inscrición, total ou parcial, nos rexistros públicos correspondentes.

· 16.07.2021

Con efectos do 21.07.2021, en virtude do que se dispón nos artigos 17.1.a) da Lei 9/2011, do 9 de novembro, 15.1.a) dos estatutos da Corporación RTVG, destituíu a Xosé Antón García Ferreiro e a Leticia Vilar Pumares como membros do Consello de Administración da Corporación RTVG. O seu cesamento produciuse pola expiración do prazo do seu mandato.

En función do que se establece nos artigos 16.2 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 14.1 dos estatutos sociais da sociedade, renovou o mandato dos conselleiros e da conselleira seguintes: Luis I. de la Matta Cantó, Higinio Meijide Gómez e Ana I. Peón Piñeiro.

Ao abeiro do que se establece nos artigos 14.4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.4 dos estatutos da Corporación RTVG, nomeou conselleiras e conselleiros a: Alfonso Cabaleiro Durán, Luis I. de la Matta Cantó, Higinio Meijide Gómez, Ana I. Peón Piñeiro, María Carmen Vidal Lage e Irene Viña Bravo (elixidas e elixidos membros do Consello de Administración da Corporación RTVG polo Pleno do Parlamento de Galicia o 13.07.2021).

Facultou expresamente a tres xuristas da CRTVG para que puidesen elevar a



públicos os acordos que se adoptaron, facultándoo e facultándoas especialmente en todo o necesario e conveniente, para a súa execución, desenvolvemento e cumprimento, para asinar cantos documentos públicos ou privados, incluídos os de índole fiscal, fosen precisos ou pertinentes e para realizar cantas actuacións conviñesen para a súa mellor execución ata chegar á súa inscrición no rexistro mercantil, mesmo podendo outorgar escrituras de ratificación, emenda e/ou aclaración á vista das suxestións verbais e/ou da cualificación escrita do rexistrador ou da rexistradora mercantil.

· 30.11.2021

Nomeou a PricewaterhouseCoopers Auditores, S.L. para exercer a auditoría de contas da Corporación RTVG nos exercicios orzamentarios 2021, 2022 e 2023.

Facultou á xefa do Servizo de Administración e Facturación da Corporación RTVG para que puidese elevar a público a decisión que adoptou, habilitándoa para realizar cantas actuacións fosen necesarias para a validez da antedita decisión e a súa inscrición nos rexistros públicos correspondentes.

11.2.3 Órganos ou comisións de participación, asesoramento ou de control interno

O artigo 12.3 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, obriga a constituír no seo do Consello de Administración unha Comisión de Economía e Control (mandato reiterado no artigo 11.2 dos estatutos da sociedade).

Así mesmo, o artigo 19.1.e) da Lei 9/2011, do 9 de novembro, facúltao para aprobar a creación dos órganos ou das comisións de participación, asesoramento ou de control interno (potestade na que se reincide no artigo 11.2 dos estatutos da sociedade).

En virtude do exposto, creáronse as seguintes comisións:

- Economía e Control (pleno ordinario do 04.01.2016)
- Igualdade (pleno ordinario do 27.07.2021)
- Igualdade e Responsabilidade Social Corporativa (pleno ordinario do 26.02.2016)
- Programación (pleno ordinario do 26.02.2016)
- Recursos Humanos (pleno ordinario do 26.02.2016)
- Regulamento e Réxime Interior (pleno ordinario do 19.01.2016)
- Renovación Tecnolóxica e Novas Canles (pleno ordinario do 26.02.2016)
- Responsabilidade Social Corporativa (pleno ordinario do 26.07.2021)

No pleno ordinario do 27.07.2021, por unanimidade, modificouse o artigo 18.5 do Regulamento interno do Consello de Administración da Corporación RTVG, do que derivou:

- A supresión das comisións de:



- Igualdade e Responsabilidade Social Corporativa
- Renovación Tecnolóxica e Novas Canles

- A creación das comisións de:
 - Igualdade
 - Responsabilidade Social Corporativa

11.2.3.1 Comisión de Economía e Control

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, determina no seu artigo 28 que o número de membros e as normas de funcionamento da Comisión de Economía e Control se fixarán estatutariamente (ou, se é o caso, polas normas de funcionamento interno da entidade, que, de todos os xeitos, favorecerán a independencia do seu funcionamento).

Dándolle cumprimento a ese mandato, o artigo 20.1. dos estatutos da empresa dispón a creación dunha Comisión de Economía e Control, que se formará na primeira sesión do Consello de Administración da Corporación RTVG e que se comporá por tres membros. Engade que os seus integrantes desempeñarán o cargo por un período de tres anos e cesarán cando o fagan na súa condición de conselleiros ou conselleiras, cando así o acorde o Consello de Administración da Corporación RTVG ou polo transcurso do prazo que se estableceu para o desempeño do seu cargo.

Posúe as seguintes competencias:

- O seguimento do estado financeiro da Corporación RTVG, así como o estrito cumprimento do servizo público para o que se creou
- A supervisión das contas anuais de cada exercicio e a formulación das observacións que considere axeitadas
- A supervisión do plan anual de actividades, da memoria anual e dos anteproxectos de orzamentos
- A análise das liñas xerais de asignación orzamentaria de cada exercicio e dos criterios que se utilizan para a súa elaboración
- A supervisión dos plans financeiros plurianuais
- A realización dun seguimento e análise da xestión e evolución da execución orzamentaria
- O seguimento da evolución dos ingresos comerciais
- A supervisión, con carácter trimestral, da posición financeira da empresa



No artigo 20.4 dos estatutos da empresa especificase que o funcionamento da Comisión de Economía e Control cómpre fixalo no regulamento de funcionamento que aprobe o Consello de Administración da Corporación RTVG, debendo reunirse, en todo caso, con periodicidade, polo menos, trimestral, e cada vez que a convoque a súa Presidencia, que será elixida polo Consello de Administración da Corporación RTVG na súa primeira sesión.

Creación:	04.01.2016
------------------	------------

COMPOSICIÓN				
PERÍODO	INTEGRANTES	ELECCIÓN	PRESIDENCIA	ELECCIÓN
01.01.2021 AO 21.07.2021	García Ferreiro Meijide Gómez Peón Piñeiro	20.12.2018 (con efectos do 04.01.2019)	Meijide Gómez	20.12.2018 (con efectos do 04.01.2019)
21.07.2021 AO 27.07.2021 (*)	Meijide Gómez Peón Piñeiro			
27.07.2021 AO 31.12.2021	Meijide Gómez Peón Piñeiro Vidal Lage	27.07.2021	Meijide Gómez	27.07.2021

García Ferreiro destituído como membro do Consello de Administración da Corporación RTVG por acta de decisións do socio único do 16.07.2021 (con efectos do 21.07.2021).

Reunións que realizou en 2021:

- 12.01.2021
Comparecente: xefe do Servizo de Coordinación e Control da Xestión
Asunto: posición financeira ao 31.12.2020
- 20.01.2021
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (decembro de 2020 e acumulado do exercicio)
- 02.02.2021
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 30.11.2020
- 09.02.2021
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (xaneiro de 2021)
- 16.02.2021
Comparecente: xefe do Servizo de Coordinación e Control da Xestión
Asunto: plan de actuación relacionado co peche do exercicio contable 2020



- 24.02.2021
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.12.2020
- 10.03.2021
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asuntos: ingresos comerciais (febreiro de 2021 e acumulado do exercicio)
- 16.03.2021
Comparecente: director xerente da Área de Xestión Corporativa
Asunto: contas anuais (exercicio 2020)
- 23.03.2021
Comparecentes: director xerente da Área de Xestión Corporativa e director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: contas anuais (exercicio 2020)
- 07.04.2021
Comparecente: xefe do Servizo de Coordinación e Control da Xestión
Asunto: posición financeira ao 31.03.2021
- 14.04.2021
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (marzo de 2021 e acumulado do exercicio)
- 20.04.2021
Comparecente: xefe do Servizo de Coordinación e Control da Xestión
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.01.2021
- 05.05.2021
Comparecente: xefe do Servizo de Coordinación e Control da Xestión
Asunto: evolución orzamentaria ao 28.02.2021
- 12.05.2021
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (abril de 2021 e acumulado do exercicio)
- 21.05.2021
Comparecente: xefe do Servizo de Coordinación e Control da Xestión
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.03.2021
- 02.06.2021
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (maio de 2021 e acumulado do exercicio)
- 15.06.2021
Comparecente: director xerente da Área de Xestión Corporativa



Asunto: presentación dos anteproxectos de orzamentos e do plan anual de actividades para 2022

- 22.06.2021
Comparecente: director xerente da Área de Xestión Corporativa
Asunto: anteproxectos de orzamentos e plan anual de actividades para 2022
- 06.07.2021
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: posición financeira ao 30.06.2021
- 14.07.2021
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (xuño de 2021 e acumulado do exercicio)
- 07.09.2021
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 30.04.2021
- 15.09.2021
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (xullo e agosto de 2021 e acumulado do exercicio)
- 21.09.2021
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.05.2021
- 05.10.2021
Comparecente: xefa do Servizo de Coordinación e Control da Xestión
Asunto: posición financeira ao 30.09.2021
- 13.10.2021
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (setembro de 2021 e acumulado do exercicio)
- 19.10.2021
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 30.06.2021
- 26.10.2021
Comparecente: director xerente da Área de Xestión Corporativa
Asunto: proxectos de orzamentos para 2022
- 02.11.2021
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.07.2021



- 09.11.2021
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (outubro de 2021 e acumulado do exercicio)
- 16.11.2021
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.08.2021
- 02.12.2021
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 30.09.2021
- 09.12.2021
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (novembro de 2021 e acumulado do exercicio)
- 14.12.2021
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.10.2021

12.2.3.2 Comisión de Igualdade

Creación:	27.07.2021
------------------	------------

COMPOSICIÓN				
PERÍODO	INTEGRANTES	ELECCIÓN	PRESIDENCIA	ELECCIÓN
27.07.2021 AO 31.12.2021	De la Matta Cantó Peón Piñeiro Vidal Lage	27.07.2021	Vidal Lage	27.07.2021

Reunións que realizou en 2021:

- 24.09.2021
Comparecente: xefa do Servizo de Sistemas de Información de Recursos Humanos e Diálogo Social
Asuntos: negociacións para a sinatura do Plan de Igualdade e actuacións formativas en materia de igualdade.
- 16.11.2021
Comparecente: xefa do Servizo de Sistemas de Información de Recursos Humanos e Diálogo Social
Asunto: negociacións para a sinatura do Plan de Igualdade.



14.12.2021

Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación e xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega

Asuntos: actuacións que desenvolveron a TVG e a Radio Galega para conmemorar o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

11.2.3.3 Comisión de Igualdade e Responsabilidade Social Corporativa

Creación:	26.02.2016
Supresión	27.07.2021

COMPOSICIÓN				
PERÍODO	INTEGRANTES	ELECCIÓN	PRESIDENCIA	ELECCIÓN
01.01.2021 AO 01.06.2021	De la Matta Cantó Soler Vázquez-G. Vilar Pumares	26.02.2019, agás Peón Piñeiro (30.06.2021, con efectos do 01.06.2021)	Vilar Pumares	26.02.2019
01.06.2021 AO 21.07.2021 (*)	De la Matta Cantó Peón Piñeiro Vilar Pumares			
21.07.2021 AO 27.07.2021 (**)	De la Matta Cantó Peón Piñeiro		Vacante	

Soler Vázquez-Guillén renunciou ao cargo por escrito do 15.05.2021, con efectos do 01.06.2021.

Vilar Pumares destituída como membro do Consello de Administración da Corporación RTVG por acta de decisións do socio único do 16.07.2021 (con efectos do 21.07.2021).

Reunión que realizou en 2021:

10.03.2021

Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación e xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega

Asuntos: informes sobre as actuacións que desenvolveron a TVG e a Radio Galega para conmemorar o Día Internacional da Muller (8 de marzo)



11.2.3.4 Comisión de Programación

Creación:	26.02.2016
------------------	------------

COMPOSICIÓN				
PERÍODO	INTEGRANTES	ELECCIÓN	PRESIDENCIA	ELECCIÓN
01.01.2021 AO 21.07.2021	De la Matta Cantó Peón Piñeiro Vilar Pumares	26.02.2019	De la Matta Cantó	26.02.2019
21.07.2021 AO 27.07.2021 (*)	De la Matta Cantó Peón Piñeiro			
27.07.2021 AO 31.12.2021	Cabaleiro Durán De la Matta Cantó Vidal Lage	27.07.2021	De la Matta Cantó	27.07.2021

Vilar Pumares destituída como membro do Consello de Administración da Corporación RTVG por acta de decisións do socio único do 16.07.2021 (con efectos do 21.07.2021).

Reunións que realizou en 2021:

- 12.01.2021
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG (decembro de 2020)
- 21.01.2021
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: ciclo denominado Galicia emerxe e novos proxectos da TVG
- 02.02.2021
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: decisións do 14.01.2021 da Comisión Directiva de Avaliación de Proxectos
- 09.02.2021
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG (xaneiro de 2021)
- 16.02.2021
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: variacións no perfil da audiencia da Radio Galega (2020 vs 2021)



- 24.02.2021
Comparecente: xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega
Asuntos: actuacións da Radio Galega para conmemorar o Día Mundial da Radio (13.02.2021)
- 10.03.2021
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG (febreiro de 2021)
- 25.03.2021
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: programación da TVG para a Semana Santa
- 07.04.2021
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG (marzo de 2021)
- 20.04.2021
Comparecentes: xefes dos serv. de Xestión Operativa de Programas e de Planificación Informativa da RG
Asunto: audiencia das canles de radio da Corporación RTVG na primeira onda do EXM de 2021
- 05.05.2021
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG (abril de 2021)
- 12.05.2021
Comparecentes: dir. da Área de Contidos e xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da RG
Asuntos: Día das Letras Galegas (programacións especiais da TVG e da Radio Galega)
- 02.06.2021
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG (maio de 2021)
- 08.06.2021
Comparecente: xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega
Asunto: programación da Radio Galega para o verán
- 16.06.2021
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: programación da TVG para o verán



- 07.09.2021
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG en xullo e agosto de 2021
- 15.09.2021
Comparecente: xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega
Asunto: programación da Radio Galega para a temporada outono 2021-primavera 2022
- 21.09.2021
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: programación da TVG para a temporada outono 2021-primavera 2022
- 19.10.2021
Comparecente: representante da directora da Área de Información e Documentación
Asunto: programación deportiva da TVG na temporada outono 2021-primavera 2022
- 04.11.2021
Comparecente: subdirectora do Departamento de Programación e Emisións
Asunto: cota de pantalla da TVG en outubro de 2021
- 25.11.2021
Comparecente: xefa do Servizo de Contidos
Asunto: decisións que adoptou o 30.07.2021 a Comisión Directiva de Avaliación de Proxectos
- 02.12.2021
Comparecente: subdirectora do Departamento de Programación e Emisións
Asunto: cota de pantalla da TVG en novembro de 2021
- 14.12.2021
Comparecente: xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega
Asunto: audiencia das canles de radio da Corporación na 3ª onda do EXM de 2021

11.2.3.5 Comisión de Recursos Humanos

Creación:	26.02.2016
------------------	------------

COMPOSICIÓN				
PERÍODO	INTEGRANTES	ELECCIÓN	PRESIDENCIA	ELECCIÓN
01.01.2021 AO 01.06.2021	García Ferreiro Meijide Gómez Soler Vázquez-G.	26.02.2019, agás Peón Piñeiro (30.06.2021, con efectos do 01.06.2021)	Soler Vázquez- G.	26.02.2019
01.06.2021 AO 21.07.2021 (*)	García Ferreiro Meijide Gómez Peón Piñeiro		Peón Piñeiro	30.06.2021 (con efectos do 01.06.2021)
21.07.2021 AO 27.07.2021 (**)	Meijide Gómez Peón Piñeiro			
27.07.2021 AO 31.12.2022	Cabaleiro Durán Meijide Gómez Viña Bravo	27.07.2021	Cabaleiro Durán	27.07.2021

Soler Vázquez-Guillén renunciou ao cargo por escrito do 15.05.2021, con efectos do 01.06.2021.

García Ferreiro destituído como membro do Consello de Administración da Corporación RTVG por acta de decisións do socio único do 16.07.2021 (con efectos do 21.07.2021).

Reunións que realizou en 2021:

- 12.01.2021
Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: previsións de xubilacións (2021-2024)
- 02.02.2021
Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: situación do cadro de persoal ao 30.11.2020 e evolución orzamentaria
- 24.02.2021
Comparecente: xefa do Servizo de Formación e Xestión de Persoal
Asuntos: Plan de Formación (proposta para 2021)
- 10.03.2021
Comparecente: xefa do Servizo de Sistemas de Información de Recursos Humanos, Nóminas e S.S.
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.12.2020 e evolución orzamentaria
- 25.03.2021
Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos



Asunto: situación do cadro de persoal ao 31.01.2021 e evolución orzamentaria

- 14.04.2021
Comparecente: xefa do Servizo de Sistemas de Información de Recursos Humanos, Nóminas e S.S.
Asunto: igualdade retributiva (registro retributivo, Real decreto 902/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes)
- 27.04.2021
Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: situación do cadro de persoal ao 28.02.2021 e evolución orzamentaria
- 11.05.2021
Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: situación do cadro de persoal ao 31.03.2021 e evolución orzamentaria
- 21.05.2021
Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: situación do cadro de persoal ao 31.04.2021 e evolución orzamentaria
- 08.06.2021
Comparecente: directora do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: presentación da xefa do Servizo de Formación e Xestión de Persoal e situación do cadro de persoal ao 31.05.2021 e evolución orzamentaria
- 25.06.2021
Asunto: igualdade retributiva (registro retributivo, Real decreto 902/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes).
- 21.09.2021
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: presentación do director do Departamento de Recursos Humanos
- 05.10.2021
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: situación do cadro de persoal ao 30.06.2021 e evolución orzamentaria
- 19.10.2021
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.07.2021 (e evolución orzamentaria) e informe sobre a proposta de oferta de emprego público
- 02.11.2021
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: situación do cadro de persoal ao 31.08.2021 e evolución orzamentaria



- 16.11.2021
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: situación do cadro de persoal ao 30.09.2021 e evolución orzamentaria
- 02.12.2021
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: situación do cadro de persoal ao 31.10.2021 e evolución orzamentaria
- 13.12.2021
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: informe sobre a oferta de emprego público

11.2.3.6 Comisión de Regulamento e Réxime Interior

Creación:	19.01.2016
------------------	------------

COMPOSICIÓN				
PERÍODO	INTEGRANTES	ELECCIÓN	PRESIDENCIA	ELECCIÓN
01.01.2021 AO 21.07.2021	Meijide Gómez Peón Piñeiro Vilar Pumares	20.12.2018 (con efectos do 19.01.2019)	Peón Piñeiro	20.12.2018 (con efectos do 19.01.2019)
21.07.2021 AO 27.07.2021 (*)	Meijide Gómez Peón Piñeiro			
27.07.2021 AO 31.12.2021	Cabaleiro Durán Peón Piñeiro Viña Bravo	27.07.2021	Peón Piñeiro	27.07.2021

Vilar Pumares destituída como membro do Consello de Administración da Corporación RTVG por acta de decisións do socio único do 16.07.2021 (con efectos do 21.07.2021).

Reunións que realizou en 2021:

- 12.01.2021
Asuntos: estatuto profesional e establecemento do calendario de reunións.
- 21.01.2021
Asuntos: estatuto profesional, apartado referido ao Consello de Administración da CRTVG que se integrou no informe anual sobre a xestión da empresa e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída e establecemento do calendario de reunións.
- 02.02.2021
Asuntos: estatuto profesional e establecemento do calendario de reunións.
- 20.04.2021
Asuntos: Recomendacións do Consello de Administración da CRTVG sobre o



tratamento dos casos de violencia machista nos medios de comunicación públicos galegos e establecemento do calendario de reunións.

- 02.06.2021
Asuntos: estatuto profesional, tratamento da violencia machista nos medios de comunicación, tratamento informativo que se lle dispensou a unha rolda de prensa que ofreceu o 25.03.2021 un colectivo que demandou unha solución de accesibilidade a varios edificios radicados na coruñesa avenida Pedro Barrié de la Maza e renuncia de Soler Vázquez-Guillén.
- 15.09.2021
Asuntos: estatuto profesional, Recomendacións do Consello de Administración da CRTVG sobre o tratamento dos casos de violencia machista nos medios de comunicación públicos galegos, seguro de responsabilidade civil que amparou a actividade das e dos membros do Consello de Administración da Corporación RTVG como tales entre o 01.01.2016 e o 30.06.2021 e calendario de reunións.
- 09.11.2021
Comparecentes: director do Departamento de Proxección Social, director xerente da Área de Xestión Corporativa, directora do Departamento de Organización e Xestión do Cambio e director da Área de Contidos.
Asunto: Plan xeral de actuación da CRTVG para 2022/2023 e calendario de reunións.
- 16.11.2021
Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación, directora da Área de Soporte Tecnolóxico e Medios e director da Área de Innovación e Negocio.
Asunto: Plan xeral de actuación da CRTVG para 2022/2023 e calendario de reunións.

11.2.3.7 Comisión de Renovación Tecnolóxica e Novas Canles

Creación:	26.02.2016
Supresión	27.07.2021

COMPOSICIÓN				
PERÍODO	INTEGRANTES	ELECCIÓN	PRESIDENCIA	ELECCIÓN
01.01.2021 AO 01.06.2021	García Ferreiro De la Matta Cantó Soler Vázquez-G.	26.02.2019 (agás Peón Piñeiro, 30.06.2021, con efectos do 01.06.2021)	García Ferreiro	26.02.20219
01.06.2021 AO 21.07.2021 (*)	García Ferreiro De la Matta			



	Cantó Peón Piñeiro			
21.07.2021 AO 27.07.2021 (**)	De la Matta Cantó Peón Piñeiro		Vacante	
Soler Vázquez-Guillén renunciou ao cargo por escrito do 15.05.2021, con efectos do 01.06.2021.				
García Ferreiro destituído como membro do Consello de Administración da Corporación RTVG por acta de decisións do socio único do 16.07.2021 (con efectos do 21.07.2021).				

Reunións que realizou en 2021:

- 10.03.2021
Comparecente: directora da Área de Soporte Tecnolóxico e Medios
Asunto: informe de progreso do proxecto de implantación da plataforma de produción dixital
- 16.06.2021
Comparecente: directora da Área de Soporte Tecnolóxico e Medios
Asunto: informe de progreso do proxecto de implantación da plataforma de produción dixital

11.2.3.8 Comisión de Responsabilidade Social Corporativa

Creación:	27.07.2021
------------------	------------

COMPOSICIÓN				
PERÍODO	INTEGRANTES	ELECCIÓN	PRESIDENCIA	ELECCIÓN
27.07.2021 AO 31.12.2021	De la Matta Cantó Meijide Gómez Viña Bravo	27.07.2021	Viña Bravo	27.07.2021

Reunións que realizou en 2021:

- 21.09.2021
Comparecente: director do Departamento de Proxección Social
Asunto: liñas xerais de actuación do Departamento de Proxección Social
- 21.09.2021
Comparecente: xefa do Servizo de Comunicación Corporativa e Responsabilidade Social.
Asunto: consideracións sobre o contido do Informe de Progreso 2020 da CRTVG



Resumo das reunións das comisións de participación:

COMISIÓN	Nº DE REUNIÓN	Nº DE ASUNTOS ABORDADOS	COMPARECENT.
Economía e Control	33	33	34
Igualdade	3	5	4
Igualdade e Responsabilidade Social Corp.	1	2	2
Programación	23	25	25
Recursos Humanos	18	20	18
Regulamento e Réxime Interior	8	21	7
Renovación Tecnolóxica e Novas Canles	2	2	2
Responsabilidade Social Corporativa	2	2	2
TOTAL	90	110	94

11.3 Parlamento de Galicia

O control do Parlamento de Galicia sobre a Corporación plasmouse no ano 2021 na intervención do director xeral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control sobre a CRTVG para responder, en 11 comparecencias, a 33 preguntas parlamentarias formuladas polos grupos parlamentarios.

Comisión de Control (28/01/2021)

6865 POC sobre a previsión do Goberno galego respecto da emisión de novo do bloque de contidos educativos en horario de mañá na segunda canle da TVG .

6880 POC sobre as repercusións de novo modelo funcional da Corporación na cobertura da información de proximidade nos medios públicos e nos seus profesionais.

Comisión de Control (26/02/2021)

- 9556 POC sobre a difusión da creación cultural galega nos medios de comunicación públicos, especialmente na Radio Galega Música.
- 9591 POC sobre a cobertura informativa dada pola CRTVG á vacinación da alcaldesa de Boimorto contra a covid-19.
- 9699 POC sobre a situación na que se atopa a dobraxe en galego da



serie “3 Caminos”, ideada para promocionar o Camiño de Santiago no Ano Xacobeo 2021, e as razóns para demorar ata o verán a súa emisión en galego pola CRTVG.

- 9727 POC sobre as previsións da CRTVG referidas á realización dalgún cambio tecnolóxico para solucionar os problemas ocasionados ao persoal e as deficiencias detectadas na calidade das retransmisións, en especial das deportivas, a consecuencia da implantación do actual modelo tecnolóxico.
- 10707 POC sobre o balance da CRTVG dos proxectos participados no 2020 e dos novos proxectos cinematográficos en que vai participar.

Comisión de Control (30/03/2021)

- 7697 POC sobre a valoración da produción e difusión pola CRTVG sobre o patrimonio artístico e cultural de Galicia nos últimos tempos da CRTVG.
- 9694 POC sobre o uso pola TVG dos testemuños ofrecidos con fins informativos por varias persoas para encher contidos de programas de humor.
- 12479 POC sobre a información emitida o 9 de marzo de 2021 no “Telexornal mediodía” da TVG respecto da tramitación no Congreso dos Deputados do Proxecto de Lei de cambio climático e transición enerxética.

Comisión de Control (30/04/2021)

- 13552 POC sobre a entrevista realizada o 22 de marzo a unha deputada no Congreso dos Deputados do PP.
- 13701 POC sobre a entrevista realizada o 22 de marzo a unha deputada no Congreso dos Deputados do PP.
- 14024 POC sobre o programa “Land Rober Tunai Show” emitido pola TVG o día 8 de abril de 2021. (Procedemento de urxencia).
- 14077 POC sobre o programa “Land Rober Tunai Show” emitido o 8 de abril.
- 14262 POC sobre as medidas adoptadas pola CRTVG en materia de igualdade, así como as previstas para evitar os feitos producidos no programa “Land Rober Tunai Show” emitido o día 8 de abril.



Comisión de Control (28/05/2021)

- 8393 POC sobre os datos referidos ao perfil da audiencia da Corporación Radio e Televisión de Galicia nas súas diversas canles e soportes dixitais, así como a súa estratexia para se reposicionar no actual contexto audiovisual.
- 12936 POC sobre a oferta actual de contidos infantís e xuvenís da CRTVG e as melloras en que se está a traballar.
- 15624 POC sobre o tratamento que recibe a temática da violencia de xénero na Televisión de Galicia.

Comparecencia das persoas candidatas a membros do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia (29/06/2021)

Comisión de Control e Presentación das Contas Anuais (09/07/2021)

- 16949 Presentación do informe das Contas anuais da CRTVG correspondentes ao exercicio 2020 en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas.
- 17067 POC sobre a demanda por acoso laboral presentada por un traballador da Corporación Radio e Televisión de Galicia.
- 17304 POC sobre as previsións da Corporación Radio e Televisión de Galicia respecto do Departamento de Producción Propia da Radio Galega e do Estudo 5.

Comisión de Control e Presentación das Memoria de servizo público da Corporación RTVG S.A. correspondente ao exercicio 2020 (30/09/2021)

- 17680 Presentación da Memoria do Servizo Público da CRTVG do exercicio 2020.
- 21260 POC sobre as previsións por parte da CRTVG en relación coa supresión das desconexións locais da grella informativa da Televisión de Galicia.
- 21331 POC sobre a desaparición na Televisión de Galicia das desconexións territoriais que se realizaban a diario con información local.



Comisión de Control (29/10/2021)

- 20968 POC sobre a decisión da CRTVG de cambiar a grella televisiva sen previo aviso e non retransmitir a regata da Eusko Label Liga de traíñeiras.
- 22771 POC sobre a presenza do deporte feminino nos espazos informativos e na programación da Corporación Radio e Televisión de Galicia.
- 23112 POC sobre o deseño e distribución en franxas horarias da programación da Televisión de Galicia.
- 23799 POC sobre os principios de pluralidade, obxectividade e neutralidade dos informativos da Corporación de Radio Televisión de Galicia.

Comisión de Control (30/11/2021)

- 22770 POC sobre a redacción do Estatuto Profesional da Corporación Radio e Televisión de Galicia e a creación do Consello de Informativos.
- 22773 POC sobre a precariedade laboral e a contratación de persoal na Corporación Radio e Televisión de Galicia.
- 24610 POC sobre a eliminación da lingua galega da serie “Chegar á casa” producida para a Televisión de Galicia e a Rádio Televisão de Portugal.
- 24693 POC sobre a cobertura da XVII Asemblea Nacional do Bloque Nacionalista Galego feita pola Televisión de Galicia.

Comisión de Control (28/12/2021)

- 25396 POC sobre a precarización da retransmisión en directo por mor da desactualización dos medios técnicos da Televisión de Galicia.
- 25783 POC sobre a difusión da creación musical galega e en galego nos medios públicos.
- 26083 POC sobre a valoración dos datos de audiencia da Corporación Radio e Televisión de Galicia no ano 2021.

Xunto ás referidas preguntas orais, outras 7 preguntas parlamentarias foron contestadas por escrito neste ano 2021.

E, ademais, o director xeral da CRTVG compareceu o 3 de novembro de 2021 na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento de Galicia para presentar os Orzamentos da CRTVG para o ano 2022.



11.4 Outros organismos de control

Ao longo de 2021, a CRTVG atendeu seis expedientes abertos pola Valeduría do Pobo, cuestións ás que deu cumprida resposta e que foron resoltos como se detalla a continuación.

_Expediente R.7.Q/279/21. Cuestión formulada por un particular, sobre os servizos e xeitos de contacto coa CRTVG. A CRTVG respondeu achegando todas as canles e xeitos de facer chegar unha consulta aos medios públicos. Este expediente foi concluído sen que se requirira á CRTVG ningunha acción ou recomendación ao respecto.

_Expediente P.3.Q/233/21. Cuestión formulada por un representante da Mesa pola Normalización Lingüística, arredor do emprego na CRTVG do topónimo do concello de Ribeira (A Coruña). A Corporación respondeu achegando probas do uso correcto de dito topónimo de forma xeral. Este expediente foi concluído sen que se requirira á CRTVG ningunha acción ou recomendación ao respecto.

_Expediente S.7.Q/1248/21. Cuestión formulada por un particular, referente ao tratamento da violencia de xénero nun programa de entretemento da TVG ('Land Rober Tunai Show') e a unha situación sucedida no seu plató durante a emisión en directo. A CRTVG achegou de forma extensa todas as súas medidas sobre igualdade e datos sobre o acontecido no devandito programa.

A Valeduría emitiu recomendacións neste eido cara á CRTVG. Como extracto do documento achéganse os seguintes parágrafos da ANÁLISE da Valeduría do Pobo:

“É un feito indiscutible, por contrastado, o compromiso da CRTVG coas políticas de igualdade. Partindo disto, o problema é outro: a contratación pública e as condicións establecidas nos que a administración celebre”

Recomendacións:

“Que se valore e considere a posibilidade de recoller nos sucesivos Pregos de contratación que dende agora sexan elaborados polo ente CRTVG, a esixencia de que as empresas que opten aos mesmos cumpran co establecido nos artigos 45 e 46 da Lei Orgánica para a igualdade efectiva entre mulleres e homes y/o áchense en posesión de marcas ou distintivos de excelencia en materia de igualdade, acreditando documentalmente mediante marcas ou distintivos de excelencia”.

“Que se continúe e potencien os traballos coas contratas, tal e como se sinala no informe remitido, para incluír na relación contractual con terceiros unha declaración responsable referida a aplicación da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a igualdade efectiva de homes e mulleres”.



A CRTVG recolleu as recomendacións da Valeduría do Pobo e a partir de 2021, na súa relación contractual con empresas que por tamaño non teñen a obriga de ter un Plan de Igualdade, a CRTVG exige unha declaración responsable referida a diversos aspectos e entre eles a aplicación da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres.

_Expedientes: A.4 Q/6966/21; T6Q/6967/21; Q/6968/21;P.3. Q/6969/21; Q3/6970/21; T.6./6971/21; T.6. Q/6972/21; Q.3/6973/21 e S.7. Q/6974/21. Cuestións formuladas por dous particulares, en representación do colectivo de traballadores e traballadoras da CRTVG “Defende a Galega”.

Expóñense a continuación de forma resumida as cuestións e as análises da Valeduría do Pobo. O documento íntegro pode consultarse baixo a referencia Expedientes: A.4 Q/6966/21; T6Q/6967/21; R.7 Q/6968/21;P.3. Q/6969/21; Q3/6970/21; T.6./6971/21; T.6. Q/6972/21; Q.3/6973/21 e S.7. Q/6974/21 do texto do 5 de outubro de 2021 con rexistro de saída 15365/21.

Como extracto do documento achéganse os seguintes parágrafos da ANÁLISE da Valeduría do Pobo:

1) A.4 Q/6966/21 “Nomeamento da Dirección Xeral, Estatuto profesional e Consello de informativos da CRTVG”

Análise: “A reforma legal á que se refiren os interesados na súa queixa, introducida na Lei de Acompañamento dos Orzamentos Xerais do ano 2015, habilita para a designación da persoa que ocupe a Dirección Xeral. En tanto que esa reforma legal contou co aval da maioría parlamentaria non cabe debate sobre a súa lexitimidade, malia que sempre son desexables amplos consensos, tal e como -de novo- coinciden ambos escritos.”

2) T6Q/6967/21 “Control político, manipulación e falta de pluralismo ideolóxico nos medios públicos da CRTVG”.

Análise: “Nin da queixa nin da resposta pode colixirse que non se publicaran diferentes puntos de vista sobre os feitos. O desacordo da queixa móstrase co tratamento (extensión, momento, contido), o que debe relacionarse co exercicio da liberdade de expresión para expor ese lexitimo desacordo coa liña dos informativos. Pero son os profesionais responsables dos mesmos os que teñen atribuída a función de decidir sobre os criterios a aplicar, sen que despois da análise do alegado aparecen evidencias de que os tratamentos vulneran de xeito flagrante os principios reitores do funcionamento dos medios públicos”.

3) R.7.Q/6968/21 “Supresión das delegacións territoriais e información local da CRTVG”.



Análise: *“Corresponde aos órganos directivos da Corporación adoptar as medidas que de forma xustificada consideren adecuadas para a xestión dos diferentes servizos públicos que prestan.(....) Non se aprecia que se achegaran datos que permitan afirmar que se está producindo un desmantelamento dos medios e por tanto dos servizos atribuídos legalmente á Corporación.”*

4) P.3.Q/6969/21 “Uso excesivo do castelán nas entrevistas da TVG”

Análise: *“Do informe resulta evidente que a Corporación Radio Televisión de Galicia é consciente de que a primeira razón de existir da CRTVG é a promoción da lingua galega, e que desde a súa Dirección Xeral están certos de que así será e comunican que se aplicará unha adecuada praxe no futuro como a que manteñen acotío todos os profesionais da CRTVG”.*

5) Q.3.Q/6970/21 “Programación cultural da TVG”

Análise: *“A programación da radio e da televisión de Galicia é unha competencia propia da Dirección Xeral da corporación e dos equipos técnicos responsables. (...) Ao contar cun órgano parlamentario que controla o cumprimento dos fins estatutarios do ente audiovisual público no que atinxe á súa programación, entendemos que a cuestión foi xa obxecto de valoración tanto no relativo aos programas culturais como a determinadas retransmisións, como se deriva con claridade da resposta dada en sede parlamentaria ás cuestións promovidas na queixa, en particular, sobre o Diario Cultural”.*

6) T.6.Q/6971/21 “Desmantelamento dos medios públicos galegos a prol da produción allea”

Análise: *“Non se aprecia que se achegaran datos que permitan afirmar que se está producindo un desmantelamento dos medios e por tanto dos servizos atribuídos legalmente á Corporación. Os datos achegados no informe fan ver que algunhas das medidas aludidas na queixa resultan axustadas á capacidade de autoorganización e a autonomía que corresponde á Corporación, e foron adoptadas polos órganos competentes”.*

7) T.6.Q/6972/21 “Suposta censura, ameazas de medidas disciplinarias e limitacións da liberdade de expresión pola aprobación dun modelo de prevención de delitos”

Análise: *“Á Valedora do Pobo pónselle de relevo esa discrepancia sobre os feitos, pero non pode pronunciarse sobre unha suposta proba dos mesmos. (...) Por outra banda, o desacordo con determinadas medidas, como a implantación dun modelo de prevención de delitos, relaciónase co exercicio da liberdade de expresión para expoñer ese lexítimo desacordo. Pero corresponde á dirección da Corporación a promoción e aprobación de iniciativas desa natureza”.*

8) P.3.Q/6373/21 “Falta de programación infantil na TVG”:

Análise: *“A exposición deses datos de audiencias infantís, a comparativa co impacto desta programación noutras canles autonómicas e a análise das estratexias de comunicación nos contornos dixitais son aspectos estritamente técnicos que quedan amplamente documentados nesa resposta. En calquera caso, a dirección do ente expresa o claro compromiso da canle pública co público infantil e xuvenil na promoción do galego a través da creación de contidos accesibles nas redes sociais*



e nas plataformas de contidos que definen neste intre o consumo audiovisual nestas franxas de idade.”

9) S.7.Q/6974/21 “Incumprimento das normas básicas para promover a igualdade na CRTVG”.


Análise: “É un feito indiscutible, por contrastado, o compromiso da CRTVG coas políticas de Igualdade. Partindo disto, o problema é outro: a contratación pública e as condicións establecidas que a administración celebre”.

Este expediente foi concluído sen que se requirira á CRTVG ningunha acción ou recomendación ao respecto. (páxina 62 do citado documento).

_Expediente R.7.Q/9418/21. Cuestión formulada por un particular pola suposta censura que os medios públicos aplicaron á edición dun libro. A CRTVG achegou a resposta correspondente alegando a liberdade e autonomía dos profesionais dos medios públicos para fixar os contidos destes, independentemente dos distintos intereses comerciais lícitos de cada persoa ou empresa. Este expediente foi concluído sen que se requirira á CRTVG ningunha acción ou recomendación ao respecto.

_ Expediente R.7.Q/10623/21. Cuestión formulada por un particular coa súa queixa polo horario de emisión de dúas series de ficción na TVG, programadas no coñecido como *prime time*. A CRTVG respondeu en xaneiro de 2022 achegando as razóns para axustar os produtos en emisión á audiencia potencial e aos seus hábitos de consumo, así como á existencia de canles adaptadas ao consumo “á carta”, nomeadamente o seu portal web. Ao peche deste informe, non existe ningunha resolución por parte da Valeduría do Pobo.





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

